Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas

María Álvarez de la Granja
Instituto da Lingua Galega. USC

As unidades fraseolóxicas[1] poden clasificarse de acordo con criterios moi diversos: atendendo a aspectos estritamente semánticos[2], ós graos de fixación[3], ás funcións discursivas[4], a outros aspectos pragmáticos (tipo de textos nos que aparecen as unidades, avaliacións sociolingüísticas que implican...)[5], ou a algunha combinación dos distintos criterios[6].

Con todo, neste traballo centrareime noutro tipo de clasificación, de carácter semántico e funcional (sintáctico-funcional e pragmático-funcional), que ten en conta, en consecuencia, o funcionamento das unidades no discurso e o tipo de significado a elas asociado. Unha clasificación de tales características foi presentada por primeira vez en 1950 por Julio Casares na súa *Introducción a la lexicografía moderna* e foi retomada máis tarde por outros moitos autores con máis ou menos modificacións (Zuluaga 1980, Carneado Moré 1986, Corpas Pastor 1996, Moon 1998...).

---

[1] Non me deterei agora na caracterización do concepto *unidade fraseolóxica*. Con todo, debo sinalar que entendo por tal toda combinación de dúas ou máis palabras que posúe as seguintes características:

1. Presenta fixación de compoñentes.
2. Non segue un proceso de formación regular e productivo.
3. Posúe unidade conceptual e/ou funcional (gramatical ou pragmática).
4. É unha unidade lingüística que se *emprega* para crear textos e se *vincula* cunha situación dada.

[2] *Vid.*, por exemplo, Baránov / Dobrovol'skij 1998, onde as expresións se clasifican tendo en conta as relacións existentes entre o significado literal e o figurado (idiomático).

[3] Fraser 1970 elaborou unha escala de fixación, "Frozenness Hierarchy", co obxecto de clasifica-los "idioms" (unidades fraseolóxicas) de acordo co seu grao de "conxelación" sintáctica.

[4] *Vid.* Fernando 1996 e Moon 1998, que toman como punto de partida para a súa clasificación os compoñentes semánticos de Halliday.

[5] *Vid.* Lattey 1986 para unha clasificación das unidades fraseolóxicas tendo en conta o distinto foco pragmático ou "pragmatic viewpoint" que as caracteriza.

[6] *Vid.* Zuluaga (1980: 136-138). En Gréciano 1986 ofrécese unha presentación das diversas tendencias clasificatorias existentes.

Na maioría das clasificacións deste tipo, adoita establecerse unha primeira gran división entre dous grupos que aquí e para o galego denomino, con Zuluaga 1980 e Corpas Pastor 1996, *locucións* e *enunciados fraseolóxicos*[7]. Chamo *locucións* a aqueles fraseoloxismos que funcionan como elementos oracionais, isto é, que non constitúen de seu actos de fala, senón que *se insiren dentro* de actos de fala. Fronte ás locucións, os *enunciados fraseolóxicos*, como é deducible da súa transparente etiqueta, son actos de fala, unidades comunicativas fixadas. Son, precisamente, enunciados e como tales posúen, de acordo con Gutiérrez Ordóñez (1989: 83-85), signo enunciativo e esquema sintagmático de seu: teñen contorno melódico propio (unha entoación xa dada), sentido completo e autonomía sintáctica, e sempre con independencia do esquema sintagmático a través do que se realizan (unha frase adverbial, unha oración simple...). Sobre a distinción entre locucións e enunciados fraseolóxicos volverei en § *5.1* ó discutir unha serie de expresións polémicas canto á súa adscrición a un ou outro grupo. Vexamos agora os distintos tipos de locucións e enunciados fraseolóxicos existentes no galego.

1. As locucións

As locucións clasifícanse tendo en conta o seu funcionamento no discurso e o tipo de significado que lles é propio. No galego distínguense sete tipos:

1.1. Locucións substantivas

Realizan a función propia dos substantivos (Núcleo de frases nominais en función de Suxeito, Obxecto Directo...) e portan o tipo de significado característico destes (designan seres ou entidades do mundo extralingüístico: seres vivos, obxectos, conceptos abstractos): *cara de can* ('mal cariz'[8]), *sangue frío* ('serenidade para se desenvolver con normalidade en situacións perigosas, complicadas ou desagradables'), *cara lavada* ('atrevido, desvergonzado'[9])...

1.2. Locucións adxectivas

Desempeñan as funcións propias dos adxectivos (Modificadores dos Núcleos de frases nominais, Atributos e Predicativos) e son portadoras do tipo de significado propio destes (calidades e propiedades das entidades designadas polos substantivos): *feito e dereito* ('totalmente desenvolvido'), *sen branca* ('sen ningún diñeiro'), *a bravo* ('sen cultivar')...

1.3. Locucións adverbiais

Desempeñan as funcións propias dos adverbios (Complementos Circunstanciais, Modificadores dos Núcleos de frases adxectivas e de frases adverbiais e marcadores de

[7] Con algunhas diferenzas, pódese establecer un paralelismo entre as locucións e as "nominations" de A. M. Gläser e os enunciados e as "propositions" da mesma autora. As "nominations" (centro do "phrasicon") son "word-like phraseological units" e as "propositions" (periferia do "phrasicon") son "sentence-like phraseological units" (1998: 126). Entre as "nominations" e as "propositions" habería unha área de transición onde se incluirían binomios irreversibles (*vid.* Malkiel 1959), comparacións estereotipadas, ditos proverbiais, fragmentos de proverbios, e alusións e fragmentos de citas. Por outra banda, xa antes Makkai 1969, 1972 distinguiu entre "lexemic idioms" (locucións, "phrasal verbs"...) e "sememic idioms" (refráns e fórmulas de saúdo, agradecemento...).

[8] Se non se indica o contrario, a definición foi tirada do *Diccionario da Real Academia Galega* (*DRAG*).

[9] Expresión erroneamente sublematizada no *DRAG* como *ser un cara lavada*.

modalidade) e son portadoras do tipo de significado característico destes (circunstancias de lugar, tempo, modo, cantidade...): *ós catro pés* ('correndo moito'), *de vez* ('de maneira terminante, decisiva'[10]), *ó parecer* ('segundo as aparencias')...

1.4. Locucións verbais

Desempeñan a función propia dos verbos (Núcleo de frase verbal) e portan o tipo de significado característico destes (accións, estados, procesos): *estira-la pata* ('morrer'), *levar en andas* ('tratar con moito tino, coidado ou cariño'), *botar unha man* ('axudar')...

1.5. Locucións preposicionais

Desempeñan a función propia das preposicións (Núcleo de frase preposicional) e portan o tipo de significado propio destas (lugar, tempo, causa, modo...): *a poder de* ('polo feito –realizado intensa e repetidamente– de'), *gracias a* ('por causa ou intervención de'), *cara a* ('pode indicar dirección, tendencia, inclinación ou localización imprecisa no tempo ou no espazo')...

1.6. Locucións conxuntivas

Desempeñan a función propia das conxuncións (Nexos) e portan o tipo de significado propio destas (conectan distintos tipos de unidades sintácticas, sobre todo oracións, establecendo relacións diversas: de finalidade, de consecuencia, temporais, causais, de simple adición...): *de maneira que* ('introduce unha consecuencia'), *así como* ('e tamén, e igualmente'[11]), *tan pronto como* ('no mesmo momento en que')...

1.7. Locucións pronominais[12]

Desempeñan as funcións propias dos pronomes (ben son Determinantes, ben ocupan o lugar dos substantivos nas funcións propias destes) e son portadoras do tipo de significado característico daqueles (sobre todo cuantificación): *a embute* ('en gran cantidade, con moita abundancia'), *de máis* ('en exceso, de sobra'[13]), *cada un / unha (de)* ('designa separadamente tódalas persoas ou cousas que forman parte dunha colectividade ou dun conxunto'[14])...

---

[10] Acepción 2 do *DRAG*.

[11] Definición tirada do *Diccionario da Lingua Galega* (*DLG*).

[12] Casares 1992[3][1950] contemplou a existencia deste grupo, que desapareceu das clasificacións de Zuluaga 1980 e de Corpas Pastor 1996. Zuluaga (1980: 57) sinala que as locucións que Casares cualifica como pronominais deben ser incluídas noutro subtipo dependendo do seu valor categorial. Así, *cada quisque* é considerada polo autor colombiano unha locución substantiva (1980: 152). Na miña opinión, esta afirmación levaría a interpretar *todos* ou *cadaquén* no galego como substantivos e non como cuantificadores. A diferenza cos substantivos vén dada polo seu distinto semantismo: os substantivos teñen significado léxico, mentres que os pronomes son unidades gramaticais, cun significado ocasional que se recupera do contexto lingüístico ou extralingüístico. Pero esta diferenza tamén a encontramos entre locucións como *cada quisque* e, por exemplo, *sangue frío*. A primeira é, pois, unha locución pronominal e a segunda unha locución substantiva.

[13] Reproduzo a primeira acepción da entrada do *DRAG máis*[2].

[14] Definición de *cada* no *DRAG*.

2. Algúns casos problemáticos

2.1. ¿Locucións clausais?

Corpas Pastor (1998: 47) engade un novo grupo de locucións para o español: o grupo das locucións clausais. Este tipo de expresións xa fora diferenciado por Carneado Moré (1986: 16), que emprega o termo *fraseoloxismos propositivos*. Segundo Corpas sinala, as locucións clausais:

> *caracterízanse por estaren estructuradas en varios sintagmas, dos cales un, polo menos, é verbal. Están provistas de suxeito e predicado, pero non forman oracións completas porque necesitan actualizar algún actante no discurso.*

Pertencerían a este grupo locucións do castelán do tipo de *hacérsele a alguien la boca agua*[15] ('pensar con delectación nunha cousa, especialmente de comer'), *salirle a alguien el tiro por la culata* ('recibir un dano cando pensaba causalo ou obter un beneficio') ou *írsele a alguien el santo al cielo* ('esquece-lo que ía dicir ou o que tiña que facer'), as cales necesitan actualiza-lo actante de función Obxecto Indirecto para aparecer no discurso. Na miña clasificación, tal tipo de expresións –*irse a forza pola boca* [a alguén] ('non demostrar [algo do que presume]'[16]), *pari-la cocha cadelos* [a alguén] ('levar unha decepción, saír [u. c. a alguén] mal'[17])– sen carácter de enunciado, pero integradas por un Suxeito e un Predicado fixados, considéranse locucións verbais e non constitúen un grupo á parte. A clasificación das locucións presentada en § **1** está feita en todo momento con independencia absoluta da forma concreta das expresións, do carácter dos seus constituíntes; construíuse tendo en conta exclusivamente o tipo de función desempeñado pola unidade no seu conxunto, así como o tipo de significado que a caracteriza. Pois ben, coido que expresións como as sinaladas son equivalentes, desde o punto de vista funcional e semántico, ós verbos[18]. Non atopo razóns para encadrar en grupos distintos a locución *quedar sen sangue* [alguén] 'horrorizarse, quedar horrorizado'[19] e a locución do mesmo significado *callarse o sangue* [a alguén]. Compárese:

(1) Cando vin aquilo, *quedei sen sangue*.

(2) Cando vin aquilo, *callóuseme o sangue*.

Por unha banda, a paráfrase de (1) e (2) é a mesma: 'cando vin aquilo, quedei horrorizado'. Por outra banda, en (1) a locución combínase cun Suxeito do discurso libre

---

[15] Os exemplos están tirados de Corpas Pastor (1996: 109) e enuncieinos tal e como os presenta a autora (as definicións son traducción das ofrecidas na obra e foron extraídas de diccionarios de español). Neste traballo, Corpas Pastor inclúe no grupo de locucións clausais (como un segundo subgrupo) expresións do tipo de *como Dios manda* ou *como quien dice*, caracterizadas tamén por presentar un suxeito e un predicado fixados. Con todo, en Corpas Pastor (1998: 46), e aceptando a proposta de Castillo Carballo (1997: 96), tal tipo de fraseoloxismos é englobado, na miña opinión acertadamente, no grupo de locucións adverbiais ou adxectivo-adverbiais. Sobre este último tipo de locucións, *vid.* § *2.2*.

[16] Definición tirada do *Diccionario de Fraseoloxía Galega* (*DFG*).

[17] *DFG*.

[18] Desta opinión é tamén Castillo Carballo (1997: 93), que as agrupa coas locucións verbais.

[19] Definición miña.

e en (2) cun Obxecto Indirecto e nunca cun Suxeito, pois esta casa xa está ocupada por *o sangue*. Pero o feito de que verbos como *chover*, *nevar* ou como *ir* nun dos seus usos ("¿como lle foi a Ana na voda?"), no que precisamente require un argumento en función Obxecto Indirecto, nunca se combinen cun Suxeito non lles nega a súa condición de verbos. O tipo de locucións chamado locución clausal ten a xustificación da súa existencia na análise da forma interna do fraseoloxismo e non na análise da súa función nin do seu significado, de xeito que coido que non ten cabida nunha clasificación de tipo semántico-funcional como a ofrecida. De por parte, e desde un punto de vista intuitivo, non parece ter sentido que dúas expresións directamente relacionadas como *poñe-los pelos de punta* [a alguén] ('provocar moito medo ou desagrado') e *poñerse os pelos de punta* [a alguén] ('sentir moito medo ou desagrado'[20]) pertenzan a tipos fraseolóxicos distintos.

2.2. ¿Locucións adxectivo-adverbiais?

Existe un numeroso grupo de locucións con dupla capacidade funcional, pois tanto poden equivaler a adverbios como a adxectivos: *a porta cerrada* ('de maneira secreta'[21]), *a sangue frío* ('de maneira calculada, sen deixarse levar pola ira ou por algunha emoción'[22]), ou *a brazo partido* ('con gran empeño'[23]) son só tres mostras da gran cantidade de locucións con este trazo:

(3) Hoxe hai reunión *a porta pechada*.

(4) Témonos que reunir *a porta pechada*.

(5) Matou o coello *a sangue frío*.

(6) Foi un asasinato *a sangue frío*.

(7) Os nenos loitaron *a brazo partido*.

(8) Houbo unha loita *a brazo partido*.

Debido á frecuencia (neste caso no castelán) de tal tipo de unidades, Castillo Carballo (1997: 96) establece un novo subgrupo de locucións: as locucións adxectivo-adverbiais. Pero, na miña opinión, a abundancia de tal tipo de fraseoloxismos non xustifica a creación dun novo grupo, na mesma medida en que a frecuencia de palabras que poden funcionar como substantivos e adxectivos (*amigo*, *vello*, *mozo*, *moreno*...) non nos leva a crear unha nova categoría de substantivo-adxectivos. Falarei, pois, de locucións adxectivas ou de locucións adverbiais dependendo do seu significado e funcionamento no contexto no que son empregadas.

[20] *DFG*. A definición de *poñe-los pelos de punta* foi construída a partir desta.
[21] A definición corresponde ó seu funcionamento como locución adverbial.
[22] A definición corresponde ó seu funcionamento como locución adverbial.
[23] Definición miña.

2.3. ¿Locucións elativas?

Zuluaga (1980: 146-149), seguindo a Casares (1992[3][1950]: 171), que fala de "locuciones conexivas" e "locuciones significantes", distingue entre locucións equivalentes a unidades gramaticais e locucións equivalentes a unidades léxicas. Nas primeiras, onda as locucións prepositivas e conxuntivas, xa sinaladas por Casares, sitúa un novo grupo de expresións: as locucións elativas. Serían locucións elativas do castelán *que da gusto*, *como loco*, *la mar de* ou *como él solo* e serían locucións elativas do galego *a embute* ou *de vez*. Zuluaga afirma que se trata de instrumentos relacionais parafraseables por 'moi' ou por 'moito' que intensifican ou elativizan lexemas (verbos para os dous primeiros exemplos do castelán, substantivos e adxectivos, respectivamente, para o terceiro e o cuarto; substantivos e verbos para *a embute* e verbos e adxectivos para *de vez*)[24]. Na miña opinión, tales locucións elativas teñen cabida nos subgrupos anteriores ó coincidiren funcional e semanticamente con unidades monoverbais. Velaquí os exemplos citados por Zuluaga e dous exemplos máis de locucións galegas (13a-14a):

(9a) La gente aquí comadrea *que da gusto*.

(10a) Come *como un bendito*.

(11a) Tenía *la mar de* cosas por hacer.

(12a) Tacaño *como él solo*.

(13a) Na festa había comida *a embute*.

(14a) Ese mozo é malo *de vez*.

A función e o significado das locucións que estou a comentar é coincidente coa función e significado de tipos de unidades que xa coñecemos: a dos adverbios en (9), (10), (12) e (14) e a dos pronomes cuantificadores en (11) e (13). Compárense as frases anteriores coas seguintes:

(9b) La gente aquí comadrea *mucho*.

(10b) Come *mucho* / *muy bien*.

(11b) Tenía *muchas* cosas por hacer.

(12b) *Muy* tacaño.

(13b) Na festa había *moitísima* comida.

(14b) Ese mozo é *moi* malo.

Deste xeito, considero inaxeitada a identificación dun subgrupo de locucións elativas, dado que as que así son cualificadas por Zuluaga deben integrarse, desde o punto de

[24] En García-Page 1990 preséntanse diferentes tipos de frases elativas do castelán.

vista funcional e semántico, ben no grupo das locucións adverbiais, ben no das pronominais[25].

2.4. Locucións con casas baleiras[26]

Existen unhas cantas locucións, pertencentes a unha ou outra das subclases mencionadas, caracterizadas por teren no seu interior un oco que cómpre encher para que a expresión funcione no discurso. Os elementos que recobren esa casa baleira contribúen co seu significado literal á semántica global da expresión e deben obedecer a unha serie de trazos semántico-gramaticais impostos pola mesma locución. A restricción semántico-gramatical (non léxica) pode ser máis ou menos forte, de xeito que o número de posibles ocupantes das casas baleiras difire considerablemente dunhas expresións a outras. Na locución adverbial *a [tipo de golpe–substantivo] limpo* o corchete debe ser ocupado por substantivos que designen golpes: *a patada limpa*, *a golpe limpo*... Na locución adverbial *os sete [verbo intensificado en infinitivo] + es*, o oco pode encherse en principio por calquera verbo susceptible de ser directamente intensificado, verbo que ademais debe repetirse antes da locución adverbial, aínda cando para moitos falantes a construcción está fixada lexicamente. Así, a carón de [chover] *os sete choveres* ou [chorar] *os sete chorares* non todo o mundo admitiría, por exemplo, [porfiar] *os sete porfiares*[27].

Non deben confundirse as casas baleiras cos ocos funcionais que moitas locucións posúen e que tamén deben ser ocupados para que poidan ser integradas no discurso. Os elementos que enchen tales ocos deben respectar determinadas restriccións sintáctico-semánticas, restriccións idénticas ás impostas polas unidades monoverbais funcionalmente equivalentes. Así, da mesma maneira que *morrer* esixe a combinación cun afectado que teña o trazo semántico [ser vivo] ou do mesmo xeito que *falecer* require un afectado [humano], *estira-la pata* require un afectado que posúa os trazos [humano] ou [animal]. As casas baleiras, contrariamente, non teñen parangón nas unidades monoverbais. Son ocos internos, que se xeran dentro da propia expresión e que se enchen dentro da propia expresión. *Os sete chorares* ou *a patada limpa* son locucións adverbiais ou, mellor, realizacións concretas de esquemas de locucións adverbiais: o conxunto, e isto é o que interesa, segue comportándose coma un adverbio unha vez ocupada a casa baleira. "O can estirou a pata" ou "entrou a patada limpa" son oracións que conteñen no seu interior locucións. Pero non diriamos que a primeira é unha locución verbal, ou que se comporta coma un verbo, nin que a segunda é unha locución adverbial, ou que se comporta coma un adverbio. Desta volta, a saturación do oco funcional dá lugar a unha unidade distinta, dá lugar a algo máis cá mesma locución. Esta diferenza é a consecuencia de estarmos ante ocos, ante casas baleiras de moi distinto tipo.

---

[25] Zuluaga (1992: 129) corrixe a súa anterior clasificación e sinala que as locucións elativas deben agruparse, ben coas adnominais, ben coas adverbiais.

[26] Zuluaga (1980: 108) fala de "unidades fraseológicas con casillas vacías".

[27] Recollín estes exemplos en diversos textos: *chove-los sete choveres*, *frega-los sete fregares*, *goza-los sete gozares*, *pondera-los sete ponderares*, *porfia-los sete porfiares* e *revolve-los sete revolveres*.

3. Os enunciados fraseolóxicos

Como xa sinalei, os enunciados son actos de fala, unidades comunicativas fixadas e, como tales, posúen contorno melódico propio (unha entoación xa dada), sentido completo e independencia sintáctica. A clasificación dos enunciados fraseolóxicos adoita facerse de acordo con criterios semánticos e pragmáticos. Distínguese adoito entre refráns, frases proverbiais, fórmulas, dialoxismos..., aínda que resulta difícil atopar criterios de clasificación sistemáticos e de doada aplicación. A tipoloxía que propoño tírase en boa parte da que ofrece Arnaud 1991 para o francés, fundamentalmente no relativo á distinción entre refráns ("proverbes") e outros enunciados fraseolóxicos.

3.1. Refráns[28]

Entendo por refrán un enunciado fraseolóxico que encerra un valor de verdade xeral, isto é, unha verdade (unha idea completa concibida e presentada como verdade) válida en calquera tempo[29]. De acordo con Arnaud (1991: 16-18), os refráns teñen tres tipos de significado:

Descritivo[30]: a verdade xeral.

Situacional: o tipo de situación no que se enuncia o refrán.

Pragmático: a intención coa que se enuncia o refrán, o seu valor comunicativo, funcional.

Un exemplo concreto axudará a descubri-las tres dimensións significativas do refrán. Tomémo-lo enunciado fraseolóxico *o falar non ten cancelas*:

Significado descritivo: 'o falar é libre, falando pódese chegar a dici-lo que se queira, mesmo o máis desatinado, inxusto ou errado'.

Significado situacional: 'dise tras oír algo desatinado, inxusto ou errado'.

Significado pragmático: 'serve para reprender a alguén, presente ou non no momento da enunciación'[31].

---

[28] A caracterización que aquí presento é moi breve. Para completala consúltese, entre outros, Casares 1992[3][1950], Greimas 1970, Cram 1983, Conde Tarrío 2000, Vilela 2000, *Langages* 139 (número correspondente ó ano 2000 e dedicado a *La parole proverbiale*) ou os diversos traballos que se publican na revista *Paremia*. Sobre a terminoloxía paremiolóxica en Galicia, *vid.* Conde Tarrío 1999.

[29] Isto non quere dicir, por suposto, que os refráns non poidan referirse a un tempo concreto (*marzo chegar, tempo de enxertar*), senón que as verdades relativas a eses tempos concretos son verdades sempre, en todo momento (sempre é verdade que cando chega marzo hai que enxertar).

[30] Arnaud 1991 fala de significado proposicional e de significado referencial para os que eu chamo, respectivamente, significado descritivo e situacional. Para o primeiro prefiro o termo de Lyons 1977, dado que este tipo de significado tamén se encontra en expresións que non son proposicións. Con respecto ó segundo, e posto que o termo significado referencial se emprega en certos casos como sinónimo de significado descritivo (ou proposicional, ideacional ou lóxico), substitúoo por un menos ambiguo.

[31] As tres definicións son miñas. Repárese en que todo enunciado, polo feito de selo, isto é, polo feito de ser unha unidade comunicativa, posúe significado pragmático (informar, preguntar, ameazar...) e significado situacional (o tipo de situación no que se enuncia). Agora ben, un enunciado como "teño fríó" carece de *fixación pragmática e situacional*: pode ser meramente informativo, pode ser comisivo (e enunciarse para que

3.2. Fórmulas[32]

A carón dos refráns sitúanse as fórmulas. As fórmulas son, na miña clasificación, enunciados fraseolóxicos con significado pragmático e situacional, pero carentes dun significado descritivo con valor de verdade xeral e, en boa parte dos casos, carentes de calquera significado descritivo. Así, por exemplo, cando unha persoa critica un defecto que ela mesma posúe (significado situacional) e coa intención de censurar suavemente esa acción (significado pragmático), alguén poderá utiliza-la fórmula *¡saltou Pedro do valado!*; cando unha persoa acerta por casualidade (significado situacional) e coa intención de negar xocosamente os seus méritos (significado pragmático), outra poderá usa-la fórmula *o meu can pillou unha mosca*; cando polas mañás se ve a alguén por primeira vez no día (significado situacional) e coa intención de saudar a esa persoa (significado pragmático), dirase *¡bos días!*... Estes enunciados posúen, como vemos, significado situacional e pragmático, pero non son verdades xerais. Aplicando a proba que propón Arnaud (1991: 10) para verifica-la existencia de valor de verdade xeral, observamos que as unidades que acabo de presentar carecen de tal tipo de significado. Os refráns pódense facer preceder do introductor "Isto é verdade en por si". Así, por exemplo:

(15) *Isto é verdade en por si*: O falar non ten cancelas.

(16) *Isto é verdade en por si*: Marzo chegar, tempo de enxertar.

Pero as fórmulas, se son tales, en ningún caso poden ir precedidas do introductor citado:

(17) **Isto é verdade en por si*: ¡Saltou Pedro do valado!

(18) **Isto é verdade en por si*: O meu can pillou unha mosca.

(19) **Isto é verdade en por si*: ¡Bos días!

En realidade, cando menos no que respecta ás expresións contidas en (17) e (18), pódese afirmar que non só carecen de valor de verdade xeral, senón de calquera significado descritivo.

Imaxinemos unha situación na que alguén senta na terraza dun café e desexa tomar un refresco. Un enunciado probable nese contexto comunicativo será o seguinte:

(20) ¡Camareiro!

Este enunciado posúe significado pragmático ('serve para capta-la atención do camareiro'), significado situacional ('enúnciao unha persoa que desexa consumir algo

---

alguén abra a ventá), pode ser irónico e enunciarse para enfatiza-la calor reinante; pode enunciarse cando alguén sente realmente frío ou cando ten ganas dun abrazo... Pero moitos refráns posúen un significado pragmático e/ou un significado situacional estable, fixado ou, cando menos, privilexiado. De aí que en ocasións encontremos nos diccionarios algúns refráns caracterizados mediante o seu significado pragmático e/ou situacional, mesmo prescindindo do seu significado descritivo: *tralo maio vén San Xoán* ('*dise cando* se está a pasar un momento apurado mais espérase que as cousas melloren', *DFG*). O destacado é meu.

[32] Sobre as fórmulas *vid.*, entre outros, Corpas Pastor 1996 e a obra editada por Coulmas *Conversational Routine. Explorations in Standardized Communication Situations and Prepatterned Speech*, vol. II. Nos dous traballos pode atoparse abundante bibliografía sobre as unidades que estamos estudando.

nun café') e o seu compoñente posúe ademais significado descritivo ('persoa que atende os clientes en bares, cafés, restaurantes, etc.'). Non obstante, á hora de caracterizar un enunciado como *o meu can pillou unha mosca* ou *¡saltou Pedro do valado!* somos incapaces de encontrar un significado descritivo equiparable ó citado para "¡camareiro!". O diccionario só poderá informar do tipo de situacións no que se enuncia e do seu valor pragmático, pero non existen trazos proposicionais que caractericen os compoñentes ou a unidade no seu conxunto (si existen, por suposto, se considerámo-las expresións no seu significado literal, pero nese caso xa non estariamos ante unidades fraseolóxicas). No caso de *¡bos días!* tratamos probablemente cunha expresión fronteiriza. O uso continuo e repetido tende a facer que se esqueza a vinculación co significado dos compoñentes e que pase a converterse nun mero instrumento de interacción social con valor pragmático e situacional, antes que nunha verdadeira expresión de desexo de que alguén teña un bo día. Noutras expresións como *¡ata mañá!* a presenza de significado descritivo parece indiscutible. Pero en tódalas unidades sinaladas está ausente o valor de verdade xeral. Este é o trazo que permite diferenciar este tipo de enunciados, as fórmulas, dos refráns.

4. Algúns casos problemáticos

4.1. ¿Fórmulas vs. enunciados lexicalizados con valor específico?

Boa parte dos autores que establecen unha tipoloxía de enunciados fraseolóxicos agrupa baixo distintas etiquetas as expresións que acabo de reunir nun único grupo, de xeito que enunciados como *con perdón* ('fórmula de desculpa que se emprega cando alguén considera que vai causar algunha molestia ou que vai dicir algo pouco conveniente'[33]), *bos días* ou *miña beizón* ('expresión de agradecemento'[34]) formarían parte dun tipo de expresións diferente ó que agruparía unidades como *¡a lúa está no couce!* ('dise cando alguén está esaxerando'[35]), *¡saltou Pedro do valado!* ou *o meu can pillou unha mosca*. Así, por exemplo, Arnaud englobaría as primeiras no grupo das "formules conversationnelles" e as segundas na clase dos "énoncés phrastiques lexicalixés à valeur spécifique". As fórmulas conversacionais diferenciaríanse destes últimos, así como dos refráns, por non seren textualmente autónomas: a súa aparición no discurso require a existencia dunha situación de intercambio oral diádico. Pola súa parte, Corpas Pastor 1996 fala respectivamente de "fórmulas rutinarias" e, adaptando o termo citado de Arnaud, de "enunciados de valor específico". O trazo que distingue ámbolos dous conceptos é tamén a autonomía textual, aínda que desta volta o significado do concepto é lixeiramente distinto. As fórmulas rutineiras carecen de autonomía textual "ya que su aparición viene determinada, en mayor o menor medida, por situaciones comunicativas precisas" (1996: 70). Unha idea semellante pode encontrarse en Coulmas (1979: 240):

> *R[outine] F[ormula]s are expressions whose occurrence is closely bound to specific situations and which are, on the basis of an evaluation of such situations, highly predictable in a communicative course of events.*

[33] Definición miña.
[34] *DFG*.
[35] Definición tirada de *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*.

Para Corpas Pastor, tal tipo de situacións implica, *as máis das veces*, un intercambio conversacional, pero tal implicación non ten que existir sempre. As excepcións presentadas pola autora son aquelas fórmulas que se recollen en textos escritos, ben sexa porque son propias de tal clase de textos, ben sexa porque estes tentan reproduci-la lingua oral.

Outro trazo caracterizador das fórmulas sería a súa funcionalidade pragmática, de xeito que a clasificación de tal tipo de enunciados adoita facerse con criterios pragmáticos. Agrúpanse en subtipos aquelas fórmulas cun mesmo valor comunicativo. Así, Corpas Pastor fala de "fórmulas discursivas" ("de apertura y cierre" e "de transición"), as cales serven para organiza-lo discurso, e de "fórmulas psico-sociales" ("expresivas", "comisivas", "directivas", "asertivas" e "rituales"), as cales serven para facilita-lo desenvolvemento normal da interacción social e/ou para dar conta dos sentimentos e do estado mental do emisor. Ó pé dos dous grandes subtipos indicados, a autora sinala a existencia dun terceiro subgrupo, "Miscelánea", que engloba expresións non encadrables en ningún dos grupos anteriores.

Se retomámo-lo trazo que, segundo os autores citados, permite diferencia-las fórmulas dos outros tipos de enunciados, isto é, a carencia de autonomía textual, aparecen algúns problemas que comezan xa no propio significado do termo. Se autonomía textual implica "conversación", como se deduce da interpretación de Arnaud, non poderían agruparse baixo a etiqueta "fórmula" expresións que habitualmente si se engloban nese subtipo de enunciados, como a expresión do español citada por Corpas Pastor *Dios guarde a Ud. / V.E. / V.I. muchos años*, propia da lingua escrita. De por parte, enunciados do español como *¡feliz cumpleaños!* ou *¡feliz Navidad!*, considerados fórmulas habitualmente (así o fai, por exemplo, Corpas Pastor), ou enunciados do galego como *¡bo Nadal!* ou *¡moitas felicidades!* terían que ser entendidos como tales só en certos usos (os conversacionais), pero non, por exemplo, cando son empregados en letreiros luminosos ou en tarxetas de felicitación. Finalmente, aínda que é certo que as fórmulas emocionais (subtipo das fórmulas expresivas) serven maioritariamente para expresar un estado de ánimo e para que os falantes fagan partícipes dos seus sentimentos ós interlocutores (Corpas Pastor 1996: 207), non é menos certo que o emprego de tales fórmulas non require a presenza de conversa e de interlocutores: fórmulas do español citadas pola mesma autora como *¡me cago en la puta (leche)!* ou fórmulas do galego como *¡meu Deus!* poden ser enunciadas por un falante sen interlocutores. Deste xeito, ou ben a autonomía textual, tal e como foi interpretada nestas últimas liñas, non é un trazo adecuado para establecer límites dentro do grupo dos enunciados, ou ben cómpre xebrar aqueles enunciados que implican conversación (fórmulas) dos que non o fan (enunciados lexicalizados de valor específico). Pero isto implicaría, como vimos, que unha mesma expresión (*¡bo Nadal!* ou *¡meu Deus!*) puidese ser considerada dun ou outro tipo segundo os usos, o que, evidentemente, non é desexable.

Recorramos pois á segunda caracterización do termo autonomía textual, presentada máis arriba. As unidades carentes de autonomía textual asócianse a situacións comunicativas precisas e, por esta mesma asociación, son altamente predicibles en tales situacións. Agora ben, precisamente expresións como *¡a lúa está no couce!*, *¡saltou Pedro do valado!* ou *o meu can pillou unha mosca* caracterízanse por estar asociadas a situacións

concretas (situación na que alguén esaxera; situación na que alguén critica un defecto que el mesmo ten; situación na que alguén acerta por casualidade), de igual xeito que o están unidades como *con perdón* ou *¡bos días!* (situación na que alguén considera que vai molestar ou que vai dicir algo non conveniente; situación na que alguén encontra por primeira vez no día e pola mañá a outra persoa).

Deixando a un lado as diferenzas atribuíbles ó diverso grao de coñecemento e de interiorización por parte dos falantes das expresións sinaladas, o distinto grao de frecuencia de utilización dunhas e outras explícase polo diferente grao de recorrencia das situacións ás que se asocian e tamén, en certos casos, pola "obrigatoriedade" inherente a algunhas das tradicionalmente consideradas fórmulas. Así, o feito de non empregar determinadas expresións como as de saúdo ou as de agradecemento implica en moitas ocasións a ruptura ou violación das regras de funcionamento da sociedade, das regras de harmonía social. Agora ben, non parece moi axeitado marcar unha fronteira divisoria entre enunciados lexicalizados con valor específico e fórmulas se a diferenza entre uns e outras é exclusivamente un distinto grao de frecuencia (ou de tipificación e estandarización) das situacións ás que están asociados. Tal fronteira sería absolutamente arbitraria e non daría conta de diferenzas funcionais nin semánticas.

Así pois, parece que o establecemento dos dous grupos de enunciados tradicionalmente diferenciados non pode facerse a partir do criterio da autonomía textual, sexa este entendido de calquera das dúas formas sinaladas. Réstanos internarnos no outro trazo presentado como característico das fórmulas, a súa funcionalidade prágmatica, para determinar se realmente serve para establecer un límite entre estas e os enunciados lexicalizados con valor específico.

Como sinalei, a distinta funcionalidade pragmática das fórmulas é a que dá pé ás súas clases e subclases. Unha boa parte das fórmulas agrúpanse baixo unhas poucas etiquetas (as indicadas arriba e subclases destas), de modo que pode atoparse certa sistematicidade na organización dos valores pragmáticos e consecuentemente, das fórmulas vinculados con eles. Con todo, existen outros enunciados, considerados tamén fórmulas nos estudos a eles dedicados, que non poden situarse baixo ningún deses rótulos dado que se asocian con funcións pragmáticas idiosincrásicas, dificilmente sistematizables. Así, por exemplo, Corpas agrupa baixo a etiqueta "Miscelánea" unidades do español como *al agua, patos* ('invita a meterse na auga'), *más claro, agua* ('o emisor enfatiza que unha cousa non pode estar máis clara e ser máis doada de comprender') ou *pelillos a la mar* ('invita a esquecer algún asunto desagradable, enfrontamento ou altercado e a restablece-lo trato amistoso'), para as cales, segundo Corpas Pastor (1996: 212) "no existe verbo performativo que traduzca su fuerza ilocucionaria".

¿En que medida a funcionalidade pragmática permite distingui-las fórmulas dos enunciados lexicalizados con valor específico? O certo é que baixo esta última etiqueta encontramos en ocasións enunciados cun valor pragmático en principio difícil de establecer. Trátase en boa parte dos casos de expresións humorísticas nas que a primeira finalidade é a de caracterizar e identifica-las circunstancias concretas ás que se asocian, vinculándoas cun tipo establecido de situacións que adoita estar connotado negativamente. Deste xeito, o significado que caracteriza estas expresións e o que

habitualmente se recolle nos diccionarios é o situacional. Enunciados como os xa citados *¡a lúa está no couce!* ('dise cando alguén está esaxerando') ou *¡saltou Pedro do valado!* ('dise cando fala a persoa menos apropiada para facelo, por te-lo mesmo defecto que critica') formarían parte deste tipo de expresións. Outras veces o valor pragmático das expresións é simplemente humorístico: a resposta *¡a hora cento tres!* ante a pregunta "¿que hora é?" non ten máis funcionalidade cá propiamente lúdica. Así e todo, outros moitos enunciados considerados como enunciados lexicalizados con valor específico teñen un claro valor pragmático. Así, volvendo á obra de Corpas Pastor, podemos encontrar nela numerosos exemplos deste tipo: *las paredes oyen, dentro de cien años todos calvos* ou *el diablo las carga*. A primeira expresión agruparíase dentro das fórmulas comisivas (enunciaríase co obxecto de que o interlocutor baixase a voz ou calase); a segunda, cando menos en certos usos, englobaríase dentro das expresivas como fórmula de solidariedade (enunciaríase como expresión de consolo para dar a entender que todos acabaremos igual); finalmente, a terceira sería unha fórmula asertiva do subtipo das fórmulas emocionais, a cal expresaría temor ante o feito de que algo, aparentemente inocente, resultase perigoso. De igual modo, o "énoncé phrastique lexicalisé à valeur spécifique" de Arnaud *un ange passe* ten un evidente valor pragmático: úsase para palia-la incomodidade provocada polo silencio xurdido nunha conversa.

De acordo co exposto ata o de agora, caben varias posibilidades: considerar só fórmulas aquelas expresións con valores pragmáticos sistematizables, considerar só fórmulas aquelas expresións con valores pragmáticos ben definidos e estables ou ben non establecer unha división entre fórmulas e enunciados lexicalizados con valor específico e entender que todas estas unidades pertencen a un mesmo grupo, tal e como fixen ó presentar estes enunciados.

A primeira solución non parece desexable: por un lado, encontrariamos de novo o problema da arbitrariedade da fronteira; por outro lado esta fronteira daría conta de diferenzas organizativas pero non funcionais. Ninguén establece no léxico unha división entre aquelas unidades sistematizables en campos semánticos, cunha perfecta organización en distintos niveis e aqueloutras unidades máis dificilmente estruturables. A segunda solución resulta tamén ben problemática. O certo é que, aínda que os enunciados arriba citados (*¡a lúa está no couce!*, *¡saltou Pedro do valado!*) son caracterizados a través do seu significado situacional, non carecen en absoluto dun valor pragmático estable e ben definido. Precisamente este radica na mesma asociación cunha situación tipificada e na censura (xocosa) implícita nesa asociación. Outras veces, como vimos, o que se pretende é simplemente introducir un toque de humor na conversa e o que cumpriría, na miña opinión, sería incluír un novo grupo ou subgrupo de fórmulas que compartisen ese valor funcional sistémico. Deste xeito, creo necesario considerar nun único grupo (e así xustifico o meu tratamento inicial) expresións como *¡bos días!* ou *¡bo Nadal!* e expresións como *¡saltou Pedro do valado!* ou *¡a lúa está no couce!*, con independencia, por suposto, de que se poidan establecer no interior dese conxunto subdivisións que manteñan illadas unhas e outras por diferenzas na súa funcionalidade pragmática.

4.2. Refráns, citas e slogans

Arnaud (1991: 11) engade ós trazos sinalados como caracterizadores dos refráns, así como das fórmulas conversacionais e dos enunciados lexicalizados con valor específico, un novo criterio que lle permite distingui-los enunciados anteriores das "citations", "aphorismes" e "slogans": o anonimato. Os aforismos serían equivalentes ós proverbios ou refráns en tódolos aspectos salvo no seu carácter de non anónimos, mentres que as citas serían os correlatos non anónimos dos enunciados lexicalizados con valor específico. Os slogans, de súa vez, caracterizaríanse pola súa finalidade publicitaria ou didáctica e tampouco serían anónimos, dado que son concibidos como propios dun grupo concreto, con independencia de que se coñeza ou non o seu autor individual[36]. Con todo, na miña clasificación, o (non)-anonimato non pode ser un criterio de distinción entre tipos de enunciados se non implica diferenzas de funcionamento. Isto é, coido que un enunciado fixo debe ser considerado refrán se funciona como tal, cun significado descritivo con valor de verdade xeral, independentemente de que o emisor saiba ou non quén é o autor da expresión, e así mesmo entendo que un enunciado fixo, con significado situacional e pragmático, debe ser considerado fórmula se carece de valor de verdade xeral, con independencia de que se coñeza ou non a orixe da expresión. Pola contra, se un enunciado non anónimo carece das características arriba sinaladas (en tódolos seus usos ou só nalgúns), non poderemos afirmar que estamos tratando, cando menos nese uso concreto, con refráns ou con fórmulas. Isto é, cando *citamos* a frase dun autor con referencia implícita ou explícita a ese autor, sen pretender con ela caracterizar un tipo de situacións ou presentar unha verdade xeral cun determinado propósito pragmático, non podemos afirmar que estamos empregando unha fórmula ou un refrán. Deste xeito, retomando un exemplo de Arnaud 1991, se alguén rodeado de pícaros exclama, con intención humorística, *laissez venir à moi les petits enfants*, está empregando unha fórmula, sexa consciente ou non da orixe bíblica da expresión. Pola contra, se esa mesma persoa afirma, por exemplo nun sermón, "Jésus dit: laissez venir à moi les petits enfants" é evidente que non está *empregando* unha fórmula, senón introducindo no seu discurso unha cita[37] (os refráns e as fórmulas empréganse, as citas, valla a redundancia, cítanse). Repárese en que, para Arnaud, no primeiro dos exemplos, a expresión debería ser considerada unha "citation" se o emisor fose consciente da súa autoría, mentres que cumpriría agrupala no conxunto dos "énoncés lexicalisés à valeur spécifique" se non ocorrese así. Mesmo así, en calquera destas dúas circunstancias, o funcionamento da expresión sería o mesmo.

Así pois, coido que o carácter de cita ou de refrán/fórmula dunha expresión fixa non depende do falante, senón do uso: non depende de se o emisor sabe ou non quén é o seu autor, senón de se a expresión se emprega (como fórmula ou refrán, segundo o caso) ou se cita[38].

---

[36] Refírome, por suposto, só a unidades que posúen fixación de compoñentes, isto é, a unidades memorizadas polos falantes dunha lingua.

[37] Englobo no termo *cita* as "citations" e "aphorismes" de Arnaud.

[38] Se cadra, sería conveniente substituí-la etiqueta *refrán* por outra diferente, na medida en que o dito termo adoita asociarse co anonimato. Pero, independentemente do rótulo empregado, o que me interesa destacar é

Os slogans son equiparables ás citas no que se refire á súa diferenza cos refráns e as fórmulas. Como sinalei, o seu carácter de enunciados non anónimos vén dado, non pola súa asociación cun autor individual, descoñecido na maior parte das ocasións, senón pola súa vinculación cun grupo concreto que ten fins publicitarios ou didácticos. Se a expresión se emprega mantendo implícita ou explicitamente esa asociación estamos ante un slogan. Se, pola contra, esa vinculación se perde no uso concreto, estamos ante un refrán ou unha fórmula, segundo os casos. Así, o enunciado mencionado máis arriba *¡a hora cento tres!*, que apareceu por primeira vez nun anuncio de reloxos, debe ser considerado unha fórmula naqueles casos nos que se usa cun valor pragmático humorístico como resposta á pregunta "¿que hora é?"[39]. Aínda que o emisor da resposta sexa consciente da vinculación entre a expresión e o anuncio publicitario, esta vinculación non é a que move o emprego da expresión nese uso concreto.

5. ¿Locucións ou enunciados fraseolóxicos?[40]

Unha vez caracterizados os dous grandes grupos de unidades fraseolóxicas, as locucións e os enunciados fraseolóxicos, cómpre examinar unha serie de expresións que, cando menos aparentemente, presentan certos problemas á hora da súa clasificación nun ou noutro tipo. Trátase das locucións verbais de valencia cero e dos enunciados con casas baleiras.

5.1. Locucións verbais de valencia cero

Segundo as caracterizacións tradicionais, son enunciados aquelas unidades directamente dispoñibles para o seu uso no acto comunicativo, as cales non necesitan combinarse con elementos do discurso libre, e son locucións aquelas expresións que precisan integrarse en cadeas máis amplas para constituír un acto de discurso. Así, Zuluaga (1980: 139) sinala:

> *Vamos a considerar dos grandes grupos de unidades fraseológicas: (1) Las que pueden constituir por sí mismas enunciados completos, es decir, no requieren un contexto verbal inmediato para constituir una expresión de sentido completo en el habla, y (2) las que requieren contexto verbal inmediato (...), es decir, se combinan con otros elementos en el interior de la frase. A las primeras las vamos a llamar enunciados fraseológicos y a las segundas las llamamos (con Casares) locuciones.*

Deste xeito, a unidade fraseolóxica *mete-lo zoco* sería unha locución, dado que precisa combinarse con elementos do discurso libre (concretamente cun Suxeito) para constituír un acto de fala: "Ana meteu o zoco". Pola súa banda, a expresión *as desgracias nunca veñen soas* está directamente dispoñible para o seu uso no discurso e non necesita combinarse con outros elementos, senón que pode ser enunciada independentemente: é un enunciado fraseolóxico.

---

que, desde o punto de vista semántico-funcional, non se pode establecer unha diferenciación entre tipos de enunciados fraseolóxicos a partir do criterio do anonimato.

[39] Tratábase dun anuncio e, por tanto, dunha frase en castelán.

[40] Unha versión previa do comentado neste epígrafe foi publicada no número 8 de *Paremia*.

Manteñamos polo momento a distinción entre enunciados e locucións tal e como a formula Zuluaga. De acordo con esta visión, as expresións *haber zocas alleas debaixo da cama* ('non estar en familia'[41]), *haber gato encerrado* ('haber algo oculto ou sospeitoso'[42]), *chover sobre mollado* ('suceder algo desagradable ou negativo que agrava unha situación xa negativa'[43]) ou *non chega-lo sangue ó río* ('non haber consecuencias moi graves [tras un altercado, disputa...]'[44]) son enunciados. Así son interpretadas nos traballos que sosteñen tal visión: Corpas Pastor (1996: 140) considera enunciados expresións como *juntarse el hambre con las ganas de comer* ('frase que se usa para indicar que coinciden as faltas, necesidades ou hobbies de dúas persoas'), *haber gato encerrado* ou *llover sobre mojado* e Zuluaga (1980: 163) considera que a expresión *llover a cántaros* ('chover moi intensamente') é un enunciado fraseolóxico. Non obstante, as unidades citadas, as do castelán e as do galego, diferéncianse claramente das expresións coas que ata o de agora exemplifiquei os diferentes tipos de enunciados fraseolóxicos. Estas expresións non son usadas directamente no discurso, senón que necesitan adaptarse a el mediante a conxugación do verbo e mediante a adopción da pauta entoativa que corresponda ó significado modal escollido. Así, debemos decidir en qué tempo debe aparece-lo verbo *chover* da expresión *chover sobre mollado* ("chove / chovía sobre mollado") e debemos escoller, por exemplo, entre o modo afirmativo ou interrogativo ("¿chove sobre mollado?", "chove sobre mollado"). Se non consideramos este último aspecto podería afirmarse que unha locución adverbial como *a modo* (ou unha locución substantiva ou adxectiva) é, en realidade, un enunciado fraseolóxico, dado que, o mesmo cás expresións anteriores, non precisa combinarse con outras unidades para constituír un acto de fala ("¡a modo!").

Fronte a estas expresións, os enunciados fraseolóxicos caracterízanse, cando están constituídos por un verbo, pola súa fixación modo-temporal –*o meu can pillou unha mosca, ¿cando pillará outra?*[45] (**o meu can pillaba unha mosca, ¿cando pillará outra?*); *¡a lúa está no couce!* (**¡a lúa estará no couce!*); *o falar non ten cancelas* (**o falar non tivo cancelas*)– e así mesmo, como pode comprobarse nos exemplos, por teren asignada unha entoación característica asociada cun dado significado modal[46] (**¿o meu can pillou unha mosca?, ¿cando pillará outra?*; **¿a lúa está no couce?*; **¿o falar non ten cancelas?*)[47].

Por outra banda, se consideramos que tales unidades son enunciados, ¿en que subtipos de enunciados os debemos englobar? Corpas Pastor inclúeas dentro do grupo dos enunciados de valor específico, pero ¿presentan realmente as características destes?

---

[41] Definición tirada do *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (*GDXL*), con modificacións.
[42] Definición miña.
[43] *DFG*.
[44] Definición miña.
[45] A expresión ten dúas variantes, con interrogación e sen ela. O funcionamento e significado non varía.
[46] Repárese en que se trata dun significado modal só literal. En *o meu can pillou unha mosca, ¿cando pillará outra?* non hai en realidade ningunha pregunta que espere por unha resposta.
[47] Non pode confundirse a variación verbal dos verbos das locucións verbais e das unidades que estamos analizando coa sufrida polos enunciados ó seren introducidos por un verbo de lingua ou similar ("díxome que *o falar non* ***tiña*** *cancelas*"). Ó suprimi-lo verbo introductor, a formulación ten que realizarse necesariamente en presente, fronte ó que ocorre coas unidades arriba citadas (*chover sobre mollado*, *haber gato encerrado*...).

Desde logo, non son refráns, posto que carecen de valor de verdade xeral: *chover sobre mollado* ou *haber gato encerrado* non son verdades xerais nin son, máis globalmente, ideas completas. ¿Cal é o significado que caracteriza estas expresións? A resposta é, sen dúbida ningunha, o significado descritivo. As unidades arriba mencionadas deben ser definidas exactamente igual cós verbos e cás locucións verbais, isto é, a través de verbos en infinitivo cos seus correspondentes actantes e/ou circunstantes, e non a través de expresións con introductores do tipo de "emprégase / úsase para" (significado pragmático) ou "dise de / cando" (significado situacional). *Non chega-lo sangue ó río* significa 'non haber consecuencias moi graves [tras un altercado, disputa...]' e *chover sobre mollado* significa 'suceder algo desagradable ou negativo que agrava unha situación xa negativa'. Repárese en que a substitución da definición polo definido é posible (prescindindo da estrañeza resultante, frecuente, por outra parte, neste tipo de probas):

(21a) Neste tema *chove sobre mollado*, porque é a terceira vez que pasa algo similar.

(21b) Neste tema *sucede algo desagradable ou negativo que agrava unha situación xa negativa*, porque é a terceira vez que pasa algo similar.

O significado arriba mencionado para a expresión do castelán *juntarse el hambre con las ganas de comer* ('frase que se usa para indicar que coinciden as faltas, necesidades ou hobbies de dúas persoas'[48]) ten unha presentación tan inapropiada como sería a seguinte para o verbo *chover*: 'verbo que se usa para indicar que cae a auga das nubes en forma de pingas'[49]. De igual xeito que a definición de *chover* é 'caer auga das nubes en forma de pingas', a de *juntarse el hambre con las ganas de comer* é 'coincidi-las faltas, necesidades ou hobbies de dúas persoas'.

Pero se estas expresións non son nin refráns nin fórmulas, ¿que tipo de unidades son?, ¿constitúen un novo tipo de enunciados?, ¿son locucións?, ¿ou conforman un novo grupo de unidades fraseolóxicas do mesmo nivel xerárquico cás locucións e cós enunciados? O certo é que, de acordo coas características expostas, nada hai que as diferencie das locucións, salvo, en principio, o feito de non necesitaren combinarse con outras unidades para constituír un acto de fala. Pero vimos antes que unha locución adverbial como *a modo*, de igual xeito que as substantivas ou as adxectivas, pode constituír por si soa un acto de fala sen que isto lle negue a súa condición de locución. Por outro lado, as expresións que estamos estudando, como o resto de locucións, poden facerse acompañar, no mesmo acto de fala no que aparecen, de elementos do discurso libre, posibilidade moito máis restrinxida para os enunciados fraseolóxicos:

(22) *Outra vez* chove sobre mollado.

(23) *Hoxe* non chegará o sangue ó río.

(24) *O meu can pillou *unha vez* máis unha mosca, ¿cando pillará outra?

(25) *¡*Hoxe* a lúa está no couce!

---

[48] Traducción do significado proporcionado por Gregorio Doval (1995: 404) e reproducido por Corpas.
[49] Adaptación da definición do *DRAG*.

Así, pois, e desde o punto de vista da súa combinabilidade con elementos do discurso libre, unha expresión como *chover sobre mollado* funciona igual ca unha locución como *a modo*: pode aparecer soa constituíndo unha unidade comunicativa, pero tamén admite a libre combinación (respectando as regras combinatorias que correspondan) con elementos do discurso libre. Por outra banda, non pode ser mellor mostra de que as expresións que estamos estudando son locucións, o feito de que existan verbos (unidades monoverbais) coas mesmas características combinatorias: *chover* ou *diluviar* non necesitan combinarse con outras unidades para constituíren actos de fala, pero esta particularidade non lles nega a súa condición de verbos.

Así pois, non considero axeitadas as caracterizacións das locucións e dos enunciados que establecen a diferenciación entre ámbolos tipos de unidades baseándose na necesidade que posúen as primeiras de combinarse con novos elementos para aparecer no discurso, necesidade que estaría ausente nos segundos. Como xa indiquei, os enunciados fraseolóxicos son *actos de fala* fixados, reproducidos, e como tales actos de fala, como tales enunciados, están asociados a un determinado significado modal e a unha determinada entoación, así como, en certos casos, a un determinado tempo e modo verbal. As locucións, pola contra (e é neste sentido no que entendo tal termo) non son actos de fala fixados e reproducidos, non son unidades comunicativas: son elementos cos que se constrúen esas unidades comunicativas, de igual xeito que o son as unidades monoverbais (verbos, adverbios...). E da mesma maneira que *chover* (como representante dun conxunto de palabras morfosintácticas e formas de palabra, do seu paradigma de conxugación) non é un enunciado, senón que está dispoñible para construír un enunciado, *chover sobre mollado* ou *non chega-lo sangue ó río* tampouco son enunciados fraseolóxicos, senón locucións verbais que conforman o acervo do que botan man os falantes de galego á hora de construí-los seus enunciados.

5.2. Enunciados fraseolóxicos con casas baleiras[50]

Da caracterización precedente poderiamos concluír que os enunciados, fronte ás locucións, non admiten a súa combinación con elementos do discurso libre. Mentres que estas últimas poden aparecer soas ou en combinación con tales elementos, os enunciados só admiten a primeira destas opcións. Este distinto comportamento permitiría diferenciar ámbolos tipos de fraseoloxismos sen posibilidade de confusión. Repárese, con todo, en expresións como *Deus cho [llo, volo...] pague* ('fórmula de agradecemento'[51]) ou *¡(seica / parece que) viches [vistes, viron...] o lobo!* ('díselle a quen vai cos pelos de punta'[52]). A primeira unidade necesita adaptarse ó discurso mediante a súa combinación cun clítico de Obxecto Indirecto e a segunda require a combinación cun Suxeito a través da conxugación do verbo nunha persoa concreta. ¿Estamos ante enunciados ou ante locucións? O certo é que ámbalas expresións veñen acompañadas dun determinado

[50] En *Paremia* 8 empregaba a etiqueta locución-fórmula para designa-los enunciados fraseolóxicos con casas baleiras. Dado que, na miña opinión, estamos ante enunciados e non ante locucións, considero moito máis axeitado o novo rótulo.
[51] Definición que propón o *DFG* para *Deus o pague.*
[52] *DFG*.

contorno melódico e significado modal, posúen un verbo fixado nun modo e tempo concretos e carecen de significado descritivo. Non son, pois, locucións.

Como sabemos, algunhas locucións requiren a presenza de determinados argumentos, precisos para a conformación do enunciado no que van figurar. Pero ademais da locución e dos seus argumentos, no enunciado poden aparecer outros elementos non esixidos por ela. O enunciado non se estrutura, ou non se estrutura unicamente, en volta da locución: esta insírese nel adoptando a entoación que cumpra e, no seu caso, o tempo e modo verbais que cumpran:

(26) *Luís*, metíche-lo zoco *onte no partido*.

(27) ¿*Por que pensas que Ana* vai mete-lo zoco *outra vez*?

(28) *Camiña máis* a modo, *que o chan está esvaradío*.

(29) ¿*Teño que ir tan* a modo *coma ti*?

No caso de unidades fraseolóxicas como *Deus cho [llo, volo...] pague* ou *¡(seica / parece que) viches [vistes, viron...] o lobo!* as expresións impoñen a súa combinatoria desde dentro: impoñen a necesidade de combinarse con determinadas unidades e esas unidades insírense no enunciado xa construído. Non cabe a posibilidade de que aparezan outros elementos non rexidos pola expresión: esta non se integra dentro dun enunciado que se pode construír cun certo grao de liberdade, como en (26-29). O enunciado xa está feito e impón a súa propia entoación, o seu propio significado modal e, no seu caso, os seus propios tempo e modo verbais. Só falta a súa adaptación ó contexto mediante a variación persoal do verbo, a combinación con clíticos...:

(30) *¡Víche-lo lobo *onte á tarde*, *cando volvías da escola*!

(31) *Deus cho pague *agora mesmo*.

Os elementos esixidos polo enunciado fraseolóxico poden ter significado léxico: *¡Deus queira que* [oración con verbo en subxuntivo]*!*, *¡maldito [maldita...] sexa* [frase nominal]*!*, *¡ata* [expresión con dimensión temporal]*!*...

En todos estes casos estamos ante casas baleiras do mesmo tipo que atopabamos nas locucións (§ *2.4*), casas baleiras que cómpre encher para realiza-la expresión no discurso, respectando as restriccións sintáctico-semánticas impostas desde dentro do esquema fixado.

6. Expresións ponderativas fixas

Onda enunciados e locucións creo necesario considera-la existencia dun terceiro grupo de combinacións para dar cabida a unha serie de expresións que cumpren tódalas características das unidades fraseolóxicas, pero que nin son equiparables a unidades monoverbais nin constitúen en por si actos de fala. Chamarei a estas combinacións *expresións ponderativas fixas*.

En primeiro lugar agrupo unha serie de unidades fraseolóxicas que teñen en común o feito de seren, no seu valor literal, consecuencias hiperbólicas dun feito ou circunstancia

que pode aparecer ou non verbalizado. Así, *gaña-lo ceo* é a consecuencia das boas accións de alguén, *non terse en pé* é a do cansazo ou os excesos etílicos de alguén, *(poder) contarse as costelas* é a consecuencia de que alguén estea moi delgado, *non cabe-lo corazón no peito* a de que alguén estea moi feliz (e se lle encha o corazón de ledicia)... Por unha banda, ningunha desas expresións ten carácter de enunciado: insírense doadamente en actos de fala máis amplos, admiten variación persoal e modo-temporal do verbo e non están asociadas a unha determinada entoación xa dada. Pero coido que tampouco son axeitadas as caracterizacións desas unidades que lles asignan, respectivamente, como se fosen locucións verbais, os significados 'obrar ben'[53], 'estar moi canso' / 'estar bébedo'[54], 'estar moi fraco'[55] e 'estar moi feliz'[56]. En frases como as que seguen as expresións poderían substituírse polas súas supostas paráfrases:

(32) Esa mulleriña *gañou o ceo*.

(33) Voume sentar porque *non me teño en pé*.

(34) Coitado rapaz, *poden contárselle as costelas*.

(35) Ó home víaselle que *non lle cabía o corazón no peito*.

Pero existen outros moitos exemplos en que tal substitución non pode ter lugar:

(36a) Esa mulleriña obrou tan ben ó longo da súa vida que *ten o ceo gañado*.

(37a) Estou tan canso que *non me teño en pé*.

(38a) Coitado rapaz, está tan fraco que *se lle poden conta-las costelas*.

(39a) O home estaba tan feliz que *non lle cabía o corazón no peito*.

Ó substituírmo-las expresións polas súas supostas definicións, obtemos tautoloxías coma estas:

(36b) *Obrou tan ben ó longo da súa vida que obrou moi ben.

(37b) *Estou tan canso que estou moi canso.

(38b) *Coitado rapaz, está tan fraco que está moi fraco.

(39b) *O home estaba tan feliz que estaba moi feliz.

Nótese que cando aparecen verbalizados os feitos ou circunstancias de que son consecuencia hiperbólica os fraseoloxismos no seu sentido literal, a substitución non pode ter lugar.

Antes de afondar algo máis nos problemas que se presentan á hora de caracterizar tal tipo de combinacións, interésame mostrar un segundo tipo de expresións ponderativas. As unidades fraseolóxicas que constitúen este novo grupo teñen en común o feito de

[53] *GDXL*.
[54] Definicións miñas.
[55] *GDXL*.
[56] Definición miña.

poder ser usadas en construcción comparativa: *buscar unha agulla nun palleiro*, *poñerlle portas ó campo*, *coller auga nun cesto*, *botar auga no mar*... Serven para caracterizar, a través dunha comparación hiperbólica, unha situación, que pode ou non aparecer verbalizada. Igual que sucedía coas expresións do primeiro subtipo, e polos mesmos motivos, estas combinacións non poden considerarse enunciados. Tampouco concordo cos que pensan que os significados desas unidades son, respectivamente, 'buscar algo moi difícil de atopar'[57], 'intentar gardar algo que non se pode gardar'[58] / 'coarta-la liberdade de alguén'[59], 'traballar inutilmente'[60] e 'proporcionar algo do que xa hai en abundancia'[61], isto é, non concordo cos que as tratan coma locucións verbais. Nas seguintes frases, os definidos poden ser substituídos polas súas supostas definicións:

(40) *Estás buscando unha agulla nun palleiro*.

(41) Non pretendas *poñerlle portas ó campo*.

(42) *Estás collendo auga nun cesto*.

(43) Non fas máis ca *botar auga no mar*.

Pero tal substitución non pode ter lugar nos seguintes exemplos:

(44a) Buscar ese pendente aí é coma *buscar unha agulla nun palleiro*.

(45a) Non deixalo marchar é coma *poñer portas ó campo*.

(46a) Pretender que aprobe o exame é coma *coller auga nun cesto*.

(47a) Darlles cómics a eses nenos é coma *botar auga no mar*.

Repárese no resultado de substituí-las expresións polas súas supostas paráfrases:

(44b) ?Buscar ese pendente aí é coma buscar algo moi difícil de encontrar.

(45b) ?Non deixalo marchar é coma coarta-la súa liberdade.

(46b) ?Pretender que aprobe o exame é coma traballar inutilmente.

(47b) ?Darlles cómics a eses nenos é coma proporcionar algo do que xa hai en abundancia.

Tanto nestas expresións como nas presentadas máis arriba enfrontámonos co mesmo problema. As definicións propostas (propias de locucións verbais) só parecen axeitadas para certos usos, dado que noutras moitas construccións non poden substituí-los elementos definidos. ¿Debemos entón considerar que estamos tratando con tipos de expresións distintas nun e noutro caso, isto é, con locucións verbais en (32-35; 40-43) e con outra clase de unidades fraseolóxicas nos exemplos restantes? Creo que non é esta a mellor solución ó problema que se presenta, dado que esquece a evidente conexión

[57] Definición miña.
[58] *GDXL*.
[59] Definición miña.
[60] *GDXL*.
[61] Definición miña.

existente entre ámbolos grupos de enunciados. Obsérvense as seguintes construccións nas que creo unha hipérbole con valor ponderativo, intensificador:

(48) Aquel home era tan guapo que *nubraba a vista*.

(49) Aquel home *nubraba a vista*.

O que temos nestes dous exemplos é unha mesma expresión de sentido figurado, que pode aparecer acompañada –(48)– ou non –(49)– do elemento que pondera (a beleza do home). Pero repárese en que, en ningún caso, nin sequera en (49), diriamos que "nubra-la vista" significa 'ser moi guapo', senón que esa hipérbole se emprega para enfatizar e intensifica-la beleza da persoa da que se fala. O mesmo sucede, na miña opinión, con expresións como *non terse en pé*, *gaña-lo ceo*, *(poder) contarse as costelas*... Trátase de expresións hiperbólicas ponderativas que aínda se perciben como tales, a pesar de estar fixadas sintáctica e lexicamente. Son aínda *figuras* (iso si, estereotipadas) e, consecuentemente, seguen a funcionar como tales. Compárese o seu comportamento co que encontramos nunha locución verbal como *non deixar respirar* ('non deixar tranquilo, importunar, abafar'[62]):

(50) ?Luís importúname de tal maneira que *non me deixa respirar*.

Aínda que *non deixar respirar*, no seu sentido literal, debe entenderse como unha consecuencia hiperbólica do feito de que alguén importune continuamente a outra persoa, no uso actual e habitual da expresión perdeuse esa relación, perdeuse a conciencia desa consecuencia e desa hipérbole (aínda que se poida recuperar tras unha breve reflexión), de xeito que a unidade fraseolóxica se apropiou do significado daquilo que, cando menos nun primeiro uso, pretendía ponderar. Por este motivo, (50) resulta unha construcción estraña: ou ben se concibe como unha tautoloxía ("Luís importúname de tal maneira que me importuna") ou ben obriga a recupera-la figura, a hipérbole subxacente, durmida. Esta estrañeza non xorde en construccións como (36a-39a) polo mesmo motivo polo que non xorde en (48), polo feito de que as hipérboles que nelas aparecen están "espertas". *Non deixar respirar* é unha locución verbal, con significado descritivo, funcional e semanticamente equivalente a un verbo. Expresións como *non terse en pé* ou *(poder) contarse as costelas* carecen de significado descritivo; *serven para* ponderar determinadas circunstancias. Son *expresións ponderativas fixas*.

Un razoamento similar é aplicable a combinacións como *buscar unha agulla nun palleiro* ou *botar auga no mar*. Compárese o comportamento desas dúas expresións co da locución verbal *buscarlle os tres pés ó gato* ('buscar ou ver complicación ou dificultade onde non a hai'):

(51a) ?Pretender ver nesa obra unha ofensa ó país é coma *buscarlle os tres pés ó gato*[63].

Esta expresión dificilmente admite a súa presentación nunha estrutura comparativa. (52), pola contra, si é posible:

[62] Definición miña.
[63] Nótese que a construcción sería perfectamente normal se se suprime a conxunción comparativa.

(52) Pretender ver nesa obra unha ofensa ó país é coma *buscar códigos secretos nos anuncios por palabras*.

E tamén, por suposto, (53), onde entendemos que a expresión ten sentido figurado:

(53) *Andas a buscar códigos secretos nos anuncios por palabras*.

Igual que sucedía en (48) e (49), en (52) e (53) temos unha figura plena, con dúas caras de significado, dado que a creei eu *ad hoc*. Isto non sucede en (51): *buscarlle os tres pés ó gato* é unha metáfora "durmida". No uso normal da expresión o dominio fonte, o significado literal, non se fai presente, cando menos de modo consciente: non hai ningunha comparación con "pés" nin con "gatos". Desde o punto de vista semántico, o único significado que se procesa é o figurado: *buscarlle os tres pés ó gato* é 'buscar ou ver complicación ou dificultade onde non a hai'[64]. Por esta razón, ó transformar en (51a) a metáfora nun símil (facendo explícito o dominio meta, o significado figurado), o enunciado resulta estraño, anómalo, o mesmo ca (51b):

(51b) ?Pretender ver nesa obra unha ofensa ó país é coma buscar complicacións onde non as hai.

A estrañeza non xorde en (44a-47a), que conteñen expresións que, o mesmo ca *buscar códigos secretos...*, son figuras con dúas caras (iso si, estereotipadas), cun dominio meta ou figurado (implícito ou explícito) e un dominio fonte ou literal, postos en relación no uso da expresión. *Buscarlle os tres pés ó gato* é unha locución verbal, con significado descritivo, funcional e semanticamente equivalente a un verbo. Expresións como *buscar unha agulla nun palleiro* ou *botar auga no mar* carecen de significado descritivo; *serven para* ponderar determinadas circunstancias. Así pois, considéroas tamén *expresións ponderativas fixas*.

Aínda que os dous grupos presentados son, se cadra, os máis relevantes cuantitativamente, non tódalas expresións ponderativas responden ós esquemas sinalados: así, *ter música* ou *traga-la terra* son tamén expresións ponderativas fixas (serven, respectivamente, para pondera-la carestía dun producto e unha ausencia prolongada ou inexplicable), pero non son consecuencias nin metáforas hiperbólicas, senón causas (ficticias, por suposto). Con todo, estamos ante figuras de dúas caras, o cal explica que sexan posibles construccións como estas:

(54) Aquel xersei era carísimo; debía de *ter música*.

(55) Hai moitísimo que non vexo a Ana. É como se a *tragara a terra*.

En principio, non parece haber restriccións canto ó tipo de relación existente entre o significado literal e o figurado das expresións ponderativas fixas (relación metafórica ou relación metonímica de causa, consecuencia, medio...).

Debe terse en conta que as expresións ponderativas fixas poden acabar converténdose en locucións verbais. A frecuencia de uso, a perda da vinculación lóxica entre o real e o imaxinario e, en xeral, o automatismo no emprego das expresións desembocará

[64] Esta afirmación debe ser lixeiramente matizada. Con todo, pode manterse para o que aquí interesa.

probablemente nesa transformación. Nótese que a maior parte das locucións teñen a súa orixe en figuras (metáforas, metonimias...) que acabaron por "durmirse". Acabamos de ver dous exemplos deste proceso. A fronteira entre locucións verbais e expresións ponderativas fixas é, pois, unha fronteira aberta, o cal non implica que a distinción teórica entre ambas sexa clara e necesaria.

7. Unidades fraseolóxicas

I. LOCUCIÓNS

Substantivas: *can grande*, *pelo de ovo*, *catro gatos*.

Adxectivas: *de pouco pelo*, *de segunda man*, *feito en boa lúa*.

Adverbiais: *a carreira aberta*, *a modo*, *de socate*.

Verbais: *botar pelo novo*, *darlles sebo ós pés*, *unta-las mans*.

Preposicionais: *a por de*, *fronte a*, *canto a*.

Conxuntivas: *así que*, *en canto*, *con tal que*.

Pronominais: *a fartar*, *cada un*, *a embute*.

II. ENUNCIADOS

Refráns: *herba ruín non perece*, *fillo de porco marrán seguro*, *o que non garda non ten*.

Fórmulas: *pouca la e polas silveiras*, *¡mi madriña!, ¡quen me [che, lle...] dera!*

III. EXPRESIÓNS PONDERATIVAS FIXAS:

ve-las estrelas, buscarlle a corte ó boi vello, non caber en si.

8. Bibliografía

Diccionarios citados

CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord.) (2000): *Gran Diccionario Xerais da Lingua*. Xerais, Vigo.

DOVAL, G. (1995): *Del hecho al dicho*. Ediciones del Prado, Madrid.

GARCÍA, C. e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Gale ga*. Real Academia Galega, A Coruña.

LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, M. R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica.* Galinova, A Coruña.

MARTÍNEZ SEIXO, R. A. (dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego*. A Nosa Terra, Vigo.

XOVE FERREIRO, X. (coord.) (1995): *Diccionario da lingua galega*. Obradoiro, Vigo.

Monografías e artigos citados

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (1999): "Locucións e enunciados fraseolóxicos. Un límite difuso" en *Paremia* 8,19-24.

ARNAUD, P. J. L. (1991): "Réflexions sur le proverbe" en *Cahiers de Lexicologie* 59,5-27.

BARÁNOV, A. N. e DOBROVOL'SKIJ, D. O. (1998): "Idiomaticidad e idiomatismos", en LUQUE DURÁN, J. de D. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds.): *Léxico y fraseología*. Método, Granada, 19-42.

CARNEADO MORÉ, Z. (1986): "Algunas consideraciones sobre el caudal fraseológico del español hablado en Cuba" en CARNEADO MORÉ, Z. e TRISTÁ, A. M.: *Estudios de Fraseología*. Academia, La Habana, 7-38.

CASARES, J. (1992[3][1950]): *Introducción a la lexicografía moderna*. C.S.I.C, Madrid (a edición de 1950 como Anexo LII á *Revista de Filología Española*. Madrid).

CASTILLO CARBALLO, M. A. (1997): *Unidades pluriverbales en un corpus del español contemporáneo* [Microficha]. Universidad, Málaga.

CONDE TARRÍO, G. (1999): "O problema da terminoloxía paremiolóxica en Galicia" en *Madrygal* 2,53-66.

CONDE TARRÍO, G. (2000): "Hacia la verificación práctica de una teoría del refrán: Galicia un ejemplo de estudio" en CORPAS PASTOR, G. (ed.): *Las lenguas de Europa: Estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Comares, Granada, 165-184.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.

CORPAS PASTOR, G. (1998): "Expresións fraseolóxicas e colocacións: clasificación" en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago, 31-61.

COULMAS, F. (1979): "On the Sociolinguistic Relevance of Routine Formulae" en *Journal of Pragmatics* 3,239-266.

COULMAS, F. (ed.) (1981): *Conversational Routine. Explorations in Standardized Communication Situations and Prepatterned Speech*, vol. II. Mouton, The Hague.

CRAM, D. (1983): "The linguistic status of the proverb" en *Cahiers de Lexicologie* 43,53-71.

FERNANDO, C. (1996): *Idioms and Idiomaticity*. Oxford University Press, Oxford.

FRASER, B. (1970): "Idioms within a transformational grammar" en *Foundations of Language* 6/1,22-42.

GARCÍA-PAGE, M. (1990): "Frases elativas" en ÁLVAREZ MARTÍNEZ, M. A. (ed.): *Actas del Congreso de la Sociedad Española de Lingüística. XX Aniversario*. Gredos, Madrid, 485-496.

GLÄSER, R. (1998): "The Stylistic Potential of Phraseological Units in the Light of Genre Analysis" en COWIE, A. P. (ed.): *Phraseology. Theory, Analysis and Applications*. Oxford Clarendon Press, Oxford, 125-143.

GRÉCIANO, G. (1986): "Actualités phraséologiques" en *Verbum* IX/103,319-340.

GREIMAS, A. J. (1970): "Les proverbes et les dictons" en *Du sens. Essais sémiotiques*. Éditions du Seuil, Paris, 309-314.

GUTIÉRREZ ORDÓÑEZ, S. (1989): *Introducción a la Semántica Funcional*. Síntesis, Madrid.

LATTEY, E. (1986): "Pragmatic classification of idioms as an aid for the language learner" en *International Review of Applied Linguistics* XXIV (3),217-233.

LYONS, J. (1977): *Semantics*. Cambridge University Press, Cambridge.

MAKKAI, A. (1969): "The two idiomaticity areas in English and their membership: a stratificational view" en *Linguistics* 50,44-58.
MAKKAI, A. (1972): *Idiom Structure in English*. Mouton, The Hague / Paris.
MALKIEL, Y. (1959): "Studies in Irreversible Binomials" en *Lingua* 21,113-160.
MOON, R. (1998): *Fixed Expressions and Idioms in English. A Corpus-Based Approach.* Clarendom Press, Oxford.
VILELA, M. (2000): "Estereótipo e os estereótipos na língua portuguesa" en *Revista galega de filoloxía* 1,11-33.
ZULUAGA, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas.* P. D. Lang, Frankfurt.
ZULUAGA, A. (1992): "Spanisch: Phraseologie" en HOLTUS, G., METZELTIN, M. e SCHMITT, C. (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik* VI/1,125-131.

Cadernos de Fraseoloxía Galega 4,2002,35-58

Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega

Xesús Ferro Ruibal
Ana Vidal Castiñeira
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Coa idea de sermos útiles ó progreso dos estudos fraseolóxicos galegos, ofrecemos estas notas nas que o lector pode encontra-la referencia tanto de recadádivas de refráns de distintos autores e épocas, publicadas ou inéditas, coma de traballos de paremioloxía comparada, de traballos lingüísticos e etnográficos nos que se aducen refráns, de estudos teóricos ou analíticos que teñen como base as paremias galegas e mesmo algunha referencia a paremias de autor. Incluímo-la noticia duns poucos traballos dos que nos consta que neste momento xa están no prelo. Para maior claridade distinguiremos, logo, seis grupos.

Por máis que nos traballos fraseolóxicos deste Centro exploramos tamén outro tipo de obras, xa que nelas encontrámo-la primeira -cando non a única - documentación de moitos refráns, excluímos deste elenco os escritos non lingüísticos do P. Sarmiento (1694-1772) [1] e tamén obras literarias que conteñen refráns por manteren a estrutura do relato de tradición oral que condensa a forza nun refrán final[2].

Este elenco bibliográfico non contén, de momento, unha descripción do contido coma a que é habitual na Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA), base de datos que o Centro Ramón Piñeiro ten na rede:

http: //airas.cirp.es/WXN/wxn/frames/bilega.html

---

[1] (1995a) *Epistolario.* (FILGUEIRA VALVERDE, X. e FORTES ALÉN, M. eds.). Consello da Cultura Galega, Santiago 1995.
(1995b) *Coloquio de vintecatro galegos rústicos / Fr. Martín Sarmiento. Edición crítica e estudio introductorio de Ramón Mariño Paz.* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela MCMXCV.

[2] Tal é o caso dos escritos xornalísticos de Valentín Lamas Carvajal, (1876-1919) entre moitos outros escritores do século XIX e algúns dos comezos do XX.

e na que se ofrece en tódolos casos unha descrición de tódalas entradas, mesmo de numerosas entradas desta nosa achega bibliográfica.

Agradecemos anticipadamente tódalas observacións que nos axuden a mellorar e completar esta bibliografía e pedimos desculpas polas omisións que, de seguro, detectará o atento lector. En próximos números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* aparecerán as correccións e mailas novidades.

1. Recadádivas paremiolóxicas e traballos léxicos ou etnolingüísticos nos que a recolleita de refráns é asunto principal ou importante ou que, ende non, teñen unha sección específica de refráns

ACEVEDO y HUELVES, Bernardo e FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ, Marcelino (1932): *Vocabulario del bable de occidente,* Madrid, 1932.

ALDEGUNDE DORREGO, Luís: *Refranero gallego recogido de viva voz*. Inédito [3].

ALONSO, Eliseo (1967): "Refranero del mar" en *Bajo Miño y Costa Sur.* Industrias Gráficas Noroeste, Vigo, 1967, 26-30.

(1967): "Refranero" en *Bajo Miño y Costa Sur.* Industrias Gráficas Noroeste, Vigo, 1967, 58-62.

A(LONSO) M(ONTERO), X(esús). Ver ALUMNOS DO INSTITUTO DE LUGO (1972)

ALONSO PIMENTEL, Emilio, Xesús e Sara (Equipo A.P.) (1975): *O clero na literatura popular galega.* Akal Editor, Madrid, 49-63.

ALUMNOS DE 4º B DO INSTITUTO DE LUGO (1972): *Refrás da nosa xente.* A(LONSO) M(ONTERO), X(esús) (coord.). Celta, Lugo.

ALUMNOS DO REAL SEMINARIO SANTA CATALINA DE MONDOÑEDO (1999): *A carón do lume*. RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Ana Isabel (ed.). Citania publicacións, Lugo.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (1968): "Os refráns e as frases proverbiás" en *O libro do marisco.* Castrelos, Vigo, 1968, 9-12.

(1968): "Do pulpo, o calamar, a lura e demais familia" en *O libro do marisco.* Castrelos, Vigo, 1968, 19-21.

(1969): "Refráns, cantigas e romances de cetrería" en *O libro da caza.* Castrelos, Vigo, 1969, 26-27.

(1969): "Ditos e refráns da caza" en *O libro da caza.* Castrelos, Vigo, 1969, 31-40.

(1972): *O libro do porco.* Castrelos, Vigo, 34-42.

ÁLVAREZ GIMÉNEZ, Emilio (1897): "Refranes gallegos, explicados en Castellano" en *Galicia Moderna* Año 1, n. 2,1897,26; Año 1, n. 7,1897,28.

(1904): *Refranero agrícola y metereológico gallego*. Antonio del Río y Micó, Pontevedra.

[3] Mons. Francisco Aldegunde Dorrego declara o seguinte: "Entretengo mi ocio de jubilado en ... ver la posibilidad de recuperar el original completo de un refranero gallego recogido de viva voz y ordenado por mi hermano Luís (q.e.p.d.), y que prestó a un amigo que murió sin devolverlo" (SOTELO BLANCO, Olegario (1983): *88 gallegos. Una tierra a través de sus gentes*. II, Ediciones Sotelo Blanco, Santiago; 122-123).

(1920): "Refranes gallegos recogidos en la provincia de Pontevedra" en *Ultreya* 20,1920,320; 21,1920,336; 22,1920,352.

ANÓNIMO (1876-1884): "Refráns" en *O Tio Marcos d'a Portela* 22/04/1876, 07/08/1876, 22/09/1876, 20/01/1884, 23/03/1884.

ANÓNIMO (1884-1885): "Refrás Gallegos" en *O Tio Marcos d'a Portela* 2ª época, parrafeo 12,1884,6-7; 13,1884,6-7; 14,1884,7; 16,1884,4; 17,1884,3-4; 18,1884,4-6; 19,1884,3-4; 21,1884,5-6; 110,1885,4. Edic. facs., Edman, A Coruña, 1989.

ANÓNIMO (1886): "Refrás gallegos" en *A Gaita Gallega*, I/7, 1886: 7-8 (A); I/9, 1886: 7 (B-C); I/10, 1886: 8 (D); I/11, 1886: 7 (E-G); I/12, 1886: 7-8 (H-N); I/13, 1886: 6-7 (N-O); I/17, 1887: 7 (O). | [Ed. facs. ALONSO GIRGADO, Luís (dir.): *A Gaita Gallega: Repinica muiñeiras, alboradas e fandangos, unha vez ó mes: A Habana (1885-1889).* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

ANÓNIMO (1897): "Refrás" en *Follas Novas*, 1, 1897, s. p.; 3 a 7, 1897, s. p.; 9, 1897, s. p.; 11 a 14, 1897, s. p.; 16 a 31, 1897, s. p.; 33 a 34, 1898, s. p.; 36 a 47, 1898, s. p.; 49 a 52, 1898, s. p.; 54 a 60, 1898, s. p.; 64 a 70, 1898, s. p.; 72 a 75, 1898, s. p.; 77, 1898, s. p.

ANÓNIMO (1911-1914): "Refranes gallegos" en *Vida Gallega* 30,1911; 41,1913; 42,1913; 45,1913; 47,1913; 51,1914; 54,1914; 55,1914; 56,1914.

ANÓNIMO (1917-1919): "Refrás Gallegos" en *O Tio Marcos d'a Portela* 3ª época, parrafeo 15,1917,5-6; 16,1917,6; 19,1917,5; 25,1918,6-7; 34,1918,6-7; 50,1919,7; 51,1919,7; 52,1919,6-7. Edic. facs., Edman, A Coruña, 1989.

ANÓNIMO: (1927): "Ditos e refráns. Introito" en *Calendario Gallego* I, 1927, s. p.

ANÓNIMO (1928): "Ditos e refráns populares" en *Calendario Gallego*, II, 1928, s. p.

ANÓNIMO (1937): "Refrás galegos" en *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* XXVI/290,1937,22.

ANÓNIMO (1944): "Preceptos populares" en *Sonata Gallega.* Invierno, 1,1944,s.p.
"Refranes gallegos" en *Sonata Gallega.* Invierno, 1,1944,s.p.
"Refranero de mareantes" en *Sonata Gallega*. Primavera, 2,1944,s.p.

ANÓNIMO (1951): *Por si ou por non. Posible escolia a una paremiología gallega* [4].

ANÓNIMO (1954-1958): "Refraneiro" en *Galicia Emigrante* 1,1954,33; 3,1954,32; 4,1954,34; 6,1954,27; 7,1954,26; 8,1955,26; 10,1955,27; 12,1955,25; 13,1955,25; 14,1955,25; 15,1955,26; 10,1955,27; 12,1955,25; 13,1955,25; 14,1955,25; 15,1955,28; 16,1955,26; 17,1956,26; 18,1956,30; 19,1956,29; 20,1956,32; 21,1956,29; 22,1956,29; 23,1956,26; 24,1956,26; 25,1956,30; 26,1957,28; 29,1957,29; 30,1957,32; 31,1957,32; 32,1958,27; 33,1958,26; 35,1958,30; 42,1958,30. Edic. facs. da revista: Ediciós do Castro, Sada, 1994.

ANÓNIMO (1970): *O mintireiro verdadeiro para o ano 1971*.

ANÓNIMO (1968): *Refraneiro do viño.* Castrelos, Vigo. Col. *O Moucho, 3.* (1971[3]).

ANÓNIMO (1987): *O mintireiro verdadeiro pro ano 1987*, 1987, 41-42.

ANÓNIMO (1999): "Refraneiro popular" en *Feiraco* 27,1999,24.

[4] Folla anónima aparecida no mes de abril de 1951 en Mondoñedo. Consérvase unha copia manuscrita no arquivo da R.A.G.

APARICIO CASADO, Buenaventura (1992): *A tradición oral en Poio.* Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 119, 149-166.

ARES VÁZQUEZ, Mª Carme e outros (1986): *Diccionario Xerais Castelán Galego de uso, frases e sinónimos.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1990; passim.

ARES VÁZQUEZ, Mª Carme (1993[4]): *Diccionario Xerais da lingua*. Edicións Xerais de Galicia; passim.

AULA DA TERCEIRA IDADE (VIGO) (1993): *Lembranzas de vellos.* Dirección Xeral de Servicios Sociais, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 239-305.

BARREIRO TRONCOSO, Héctor (1973): "Refráns, ditos e motes baioneses recollidos do pobo por Héctor Barreiro Troncoso" en NIETO GONZÁLEZ, Remigio (1973): *Contribución a una bibliografía de Bayona La Real.* Biblioteca Pública Municipal, Bayona la Real, 71-72.

BEN-CHO-SHEY (1927): "Ditos referentes a xentes e pobos" en *Nós* 42,1927,14.

(1935): "Ditos referentes a pobos" en *Nós* 42,1927,14; 137-138,1935,112.

Ver RAMÓN e FERNÁNDEZ OXEA, Xosé; RAMÓN Y FERNÁNDEZ OXEA, José

BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego da vaca.* Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

BOUZA BREY, Fermín (1946): "Paremiología jurídica de Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* II,1946,240-245.

Ver NUÑEZ (1955).

Materiais paremiolóxicos inéditos. Arquivo da Real Academia Galega.

CABANA, Darío Xohán (1974): *O libro do amor.* Castrelos, Vigo, 35-49.

CAJARAVILLE, Manuel (1983): "Refráns" en *Debullando folclore.* La Voz de Galicia, La Coruña, 1983, 83-96.

CARRÉ ALDAO, Uxío (1908): "Refranero gallego" en *A Nosa Terra* 22,1908,4; 23,1908,4-5; 24,1908,4; 25,1908,3; 26,1908,3-4; 27,1908,2-3; 28,1908,4-5; 29,1908,2; 30,1908,3-4; 32,1908,4-5; 33,1908,7; 34,1908,6; 35,1908,5; 36,1908,4-5; 37,1908,3-4; 38,1908,3-4; 38,1908,4-5; 39,1908,4-5; 41,1908,3-4; 42,1908,4-5; 43,1908,4-5; 44,1908,4-5; 45,1908,5-6; 46,1908,5-6; 47,1908,5-6; 49,1908,3-4; 51,1908,4. Edic. facs. Boreal, A Coruña, 1992.

(1926): "Coleición de refráns de almanaque" en *Nós* 35,1926,6-8; 36,1926,13-18.

CARRÉ ALDAO, Eugenio (1918): "Algúns refráns gallegos do Pronóstico" en *Almanaque gallego para 1918*;106-110.

CARRÉ, Lois (2003): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,129-141 (ed. PAZ, M.C.).

C(ARUNCHO), R(icardo) (1888): "Cantares y refranes gallegos (recogidos directamente del pueblo por R.C.)" en *Diario de Avisos de La Coruña* n. 9230-9299, Año XVII-XVIII, 25/10/1888-03/01/1889.

CASARES, Carlos (1997): *Refráns para predicir o tempo.* Galaxia, Vigo (Col. Os minilibros de Galaxia).

CASAS, Alvaro das: *Refraneiro galego.* Nós, Pubricacións Galegas e Imprenta, Santiago s.d. [193?]

CASTELAO (1927): “Ditos referentes a xentes e pobos” en *Nós* 38,1927,14-15.

CASTELAO DIÑEIRO, Santiago (1991): *Refranero berciano.* Ediciones Lancia, León.

(1995): "O Refraneiro berciano e o calendario tradicional" en *II Xornada da Cultura e da Lingua Galegas no Bierzo, Vilafranca do Bierzo, 21 de Agosto*. *O Calendario tradicional: memoria* Asociación Cultural "Escola de Gaitas", Vilafranca do Bierzo, 1995, 11-12.

CASTRO MACÍA, Luís (1995): *Diccionario Xerais de sinónimos, termos afíns e contrarios*. Edicións Xerais de Galicia; passim.

CORTIZO AMARO, José Luís (1998)*: O ghallegho dos sete lughares.* Edición do autor, Vigo; passim.

COTARELO, Armando (1931): “Cancioneiro da agulla, enxergado con doas do pobo” en *Nós* 85,1931,18. Reedición en Colección Nós, XXXVIII, Santiago, 1931. Segunda reedición *Cancioneiro da agulla.* Galaxia, Vigo, 1984, 138-139.

COLEXIO P(ÚBLICO) I. ANTONIO ORZA (2001): *Refráns, cantigas, adiviñas... de Boqueixón*. C.P.I. Antonio Orza Couto, Boqueixón.

C(OLEXIO) P(ÚBLICO) ESPARÍS – VICESO (1995): *O liño*. C.P. ESPARÍS – VICESO. Brión; 32.

COLEXIO P(ÚBLICO). MOSTEIRO DE CAAVEIRO (1989): *Refraneiro do ano.* GARCÍA MERA, Secundino (coord.). Dirección Xeral de Cultura, As Neves (A Capela).

CRESPO POZO, José Santiago (1963): *Contribución a un vocabulario castellano-gallego.* Estudios, XIX, 1963: 407-1059. [Reed. moi aum. en 4 v.].

(1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario (galaico- portugués).* La Región, Orense (1972, I: A-E); Ediciós do Castro, Sada (1979, II: F-J); (1982, III: L-P); (1985, IV: Q-Z). Passim.

CUVEIRO PIÑOL, Juan (1876): *Diccionario gallego*, Barcelona.

DAPORTA PADÍN, Xosé Ramón (1995): *O medio mariño. O home e o mar.* Candea, Cambados, 82-86.

DÍAZ LÓPEZ, Jacinto (1993): *Ditos, refrais y outras cousas na fala d'a Roda*. Conseyería d’Educación, Cultura, Deportes y Xuventú de Principado d'Asturies, Uviéu, 13-29.

ENRÍQUEZ SALIDO, Mª del Carmen (1974): "Léxico de O Grove" en *Verba* Anejo 3,1974; passim.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA-C.P. Froebel (1994): *Literatura de Tradición Oral. Recolleita.* Colexio Público Froebel, Pontevedra, 47-57.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA-C.P. Veleiro do Campo, Castro Ribeiras do Lea (curso 95/96-96/97) (2000): *Anacos da nosa cultura.* Citania Publicacións, Lugo, 15-36.

ESMORÍS RECAMÁN, Francisco (1959): “Refranero fisterrán” en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XIV,1959,107-129.

FABEIRO GÓMEZ, Manuel (1968): “Cancionero de Muros” en *Boletín de la Real Academia Gallega* XXX,345-350,1968,61-64.

FÁBREGAS CASAL, Jaime: *Gran Enciclopedia Gallega* sub vocibus 'ameixa' (2,38); 'calamar' (4,147); 'camarón' (4,182); 'cangrexo' (4,251).

FEIXÓ CID, X.G. e outros (1986): *Diccionario da lingua galega.* Ir Indo, Vigo.
FERNANDES DO PALHEIRO, Bieito: Manuscrito inédito.
FERNÁNDEZ COSTAS, Manuel (1952): "Juegos infantiles en la comarca de Tuy" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VIII,1952, 632-676.
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J. R. (1978): "Etnografía del valle de Ancares" en *Verba* Anejo 10,1978.
(1985): "Dichos y refranes del valle de Ancares (León)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XL,1985,191-217.
FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro Galego Básico*[5], Galaxia, Vigo.
(1991): "O moucho na tradición oral" en *Animal*, 18.
(1992): "Falando con xeito". Sección fixa no semanario *Irimia*. Publicáronse 102 entregas dende 1992 a 1996 (nº 487).
(1995): *Refráns da xustiza.* Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, A Coruña.
(1997a): "Deus e mailo demo no refraneiro galego" en *Paremia* 6,1997,207-222.
(1997b): "Centenario de Vicente Luís Llópiz Méndez (Olavarría, Buenos Aires 19.4.1896 – Barcelona 22.7.1965). O máis importante e inédito paremiólogo galego" en *Paremia* 6,1997,205-206.
(2002): *Refraneiro galego máis frecuente.* La Voz de Galicia, A Coruña.
Ver tamén BENAVENTE JAREÑO, Pedro.
FERRO RUIBAL Xesús (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*[6], Ir Indo, Vigo; passim.
FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (s.d.): en *Gran Enciclopedia Gallega* sub vocibus 'aboa' (1,64); 'abó' (1,64); 'amigo' (2,52-53); 'antroido'(2,124); 'año' (2,132); 'almorzo' (1,264); 'augardente' (3,15); 'bautizo' (3,154); 'caldo' (4,158-159); 'casamento' (5,158-160); 'cociña' (6,230); 'comidas' (7,18-20); 'contos populares' (7,102); 'febreiro' (11,197); 'feiras' (11,242); 'inferno' (18,12); 'inverno' (18,42); 'lavandeira' (18,239); 'liño' (19,85); 'lume' (20,3); 'maio' (20,52); 'martes' (20,134); 'marzo' (20,165-166); 'outono' (23,188); 'refrán' (26,122); 'seitura' (28,110); 'setembro' (28,164); 'xaneiro' (30,185); 'xuño' (30,233).
FRANCO GRANDE, X.L. (1972[2]): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego.* Editorial Galaxia, Vigo; passim.
Ver tamén LEIRAS (1913).
GARCÍA, Constantino (1983): "Creatividad en el habla popular (Refranes gallegos del mes de agosto)" en *Verba* 10,1983,281-287.
(1983): *Recantos da lingua.* Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, La Coruña; passim.
(1987): *Follas da lingua.* Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, La Coruña; passim.
(1988): *Retrincos da Lingua.* Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, La Coruña; passim.

[5] É unha ordenación ideolóxica dos 11.300 refráns que contén o diccionario de Rodríguez González.
[6] Contén refráns nos que aparecen antropónimos.

(1990a): *Cousas da lingua.* Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, La Coruña; passim.
(1990b): *Cartafol da lingua.* Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, La Coruña; passim.
(1991): *Peneirando palabras.* Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, La Coruña; passim.
(1993): *Tesouros da lingua.* Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, La Coruña; passim.

GARCÍA ALÉN, Alfredo (1980): "Refráns" en *A alfarería na literatura popular galega.* Galaxia, Vigo, 81-92.

GARCÍA MARTÍNEZ, Manuel Carlos: *Gran Enciclopedia Gallega* s.v. 'amilladoiro' (2,58).

GIPPINI ESCODA, Enrique (1991): *Refraneiro galego (Escolma)*, Ediciós do Castro, Sada. (1994[3]).

GOLPE, Salvador: Ver MERILLE, Pedro de.

GONDAR PORTASANY, Marcial, PINTOS, Xoán Luís e SAN MARTÍN SALA, Javier: *Gran Enciclopedia Gallega* s.v. 'familia' (11, 79-83).

GONZÁLEZ ALÉN, Daniel: *Gran Enciclopedia Gallega* s.v. 'Camba, Terra de' (4,187).

GONZÁLEZ PEREZ, Clodio (1987): *O refraneiro do mar*. Deputación Provincial de Pontevedra, 1987. Segunda edición mellorada e correxida Ediciós do Castro, Sada. 1993.

GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel: *Gran Enciclopedia Gallega* s.v. 'fada' (11,68).

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel e LOUREIRO LAMAS, Celso (1997): "Refráns e ditos" en GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (coord.): *Galicia, XXVIII: Antropoloxía: Imaxinario. Literatura popular.* Hércules de Ediciones, A Coruña, 474-511.

GRUPO ORNITOLÓXICO GALEGO: *Gran Enciclopedia Gallega* sub vocibus 'carrizo' (5,113); 'corvo' (7,235); 'falcón' (11,77); 'galiñola' (15,87); 'gavilán' (15,227); 'pega' (24,130); 'perdiz' (24,168).

GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ, Eduardo (1974): Ver LANZA.

GUTIÉRREZ MARGARIDE, Ana María (1993): "Refrais, ditos e canciois da terra de Santiso de Abres" en *A Freita* 3,1993,25-29.

HARGUINDEY, Henrique (1999): *A saquetiña da lingua.* Xerais, Vigo; passim.

IBÁÑEZ FERNÁNDEZ, José (1950): *Diccionario galego da rima e galego-castelán,* Marsiega, Madrid, XXVII-XXX.

IGLESIA, Antonio de la (1886): *El idioma gallego, su antigüedad y vida* vol. III, Latorre y Martínez, La Coruña, 202-227.

LANZA, Francisco (1933): "Falan os de Ribadeo (notas folklóricas e leisicográficas recollidas n-ista vila)" en *Nós* 114,1933,146-154; 116,1933,169-172; 118,1933,207-211. Ed. facsim.: Xuntanza, A Coruña, 1991. Nova edición: *Falan os de Ribadeo / O ensino en Ribadeo dende o século XVI ó XIX / Ribadeo baixo o señorío dos seus condes, limiar e notas de Eduardo Gutiérrez Fernández*, Ediciós do Castro, Sada, 1974, 11-85; 2ª edición 2001,11-85 .

LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1893): "Refranes gallegos no comprendidos en la colección del señor Saco y Arce, ni en la publicada en la revista *"Galicia"* por

el señor Valladares" en *Galicia. Revista Regional* 9 y 10, 2ª época,1893,565-569,636-640.

(1913): "De folklore. Adagios populares" en *Boletín de la Real Academia Gallega* VI, 69,1913,227-228; 70,1913,255; 71,1913,275-276; 72,1913,290-293. Reedición *Obra completa.* (FRANCO GRANDE, X.L. ed.), Galaxia, Vigo, 1970, 376-399.

LEIRO LOIS, Adela (dir.) (1986): *Cambados: a tradición oral.* Alumnos de 8º nivel do Colexio Púbrico de Castrelo, recopiladores. Colexio Público Castrelo, Cambados 1986.

LEMA BOUZAS, Lino (1933): *Ditos e cantigas mariñeiras.* Museo do Pobo Galego e outras entidades, Santiago de Compostela, 1-9.

LIS QUIBÉN, Víctor (1957): "Cancionero y Refranero de los canteros de Galicia" en *Boletín de la Real Academia Gallega* XXVIII,321-326,1957,151-164.

LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1955): "La abeja en la paremiología"[7] en *Boletín de la Real Academia Gallega* XXVI, 301-308,1955,107-130.

(1956): "Paremiografía gallega" en *Alborada*, 1956,20.

Refraneiro galego. Manuscrito inédito da editorial Bibliófilos Gallegos que se conserva no Museo de Pontevedra. Ver FERRO (1997b).

LÓPEZ M. ESPERANTE, V. (1955). Véxase LLÓPIZ (1955).

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1983): *Refraneiro galego.* Castrelos, Vigo. Col. *O Moucho,* 63.

Ver LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino.

LOUREIRO, Santiago (1936): *Refraneiro do mar.* Coleic. Renacencia, Imprenta Loroño, Noia.

LUGRÍS FREIRE, M. (1931[2]): *Gramática do idioma galego.* Moret, A Cruña, 113-114.

MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (1884): "Calendario popular gallego" en *Biblioteca de tradiciones populares españolas* IV,1884,15-23.

MACIÑEIRA PARDO DE LAMA, Federico (1971): "Literatura popular das terras da Capelada e da Faladora" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVI,1971,95-116.

MARTÍNEZ MURGUÍA, Manuel (1865): *Historia de Galicia.* Soto Freire, Lugo, I, 541-577.

Ver MURGUÍA, M.

MARTÍNEZ-RISCO Y MACÍAS, Sebastián: *Gran Enciclopedia Gallega* sub vocibus 'afillado' (1,126); 'alcalde' (1,211).

MARTÍNEZ SEIXO, Ramón Anxo (dir.) (2000): *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo.* Edicións A Nosa Terra, Vigo.

Ver tamén MARTÍNS SEIXO (2003).

MARTÍNEZ SUEIRO, M. (1918): "Vocablos gallegos del dialecto salmantino" en *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* V,118,1918,377-385.

[7] Figura por errata histórica como LÓPEZ M. ESPERANTE, V.

MERILLE[8], Pedro de (1906): *Refraneiro agrícola-meteorolóxico.* Tip. "Tierra Gallega", La Coruña. Reedición en *Anuario Brigantino* 4,1981,188-199. Segunda reedición Asociación Cultural Eira Vella, Betanzos, 1994.

MILÁ Y FONTANALS, Manuel (1877): "De la poesía popular gallega" en *Romania* VI,1877,47-75. Reproducido en MILÁ Y FONTANALS (1893): *Obras completas* V, Barcelona, 363-399.

MOREIRAS SANTISO, Xosé (1973): *Os mil e un refráns galegos da muller.* Alvarellos, Lugo.

(1977): *Os mil e un refráns galegos do home*. Ed. do autor, Lugo.

MURGUÍA, M. (1916): "Nuestro folk-lore" en *Almanaque gallego para el año 1916*, 10-12.

(2003): "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,117-128 (ed. VIDAL, A.). Ver MARTÍNEZ M. (1865).

NORIEGA VARELA, Antón (1920): "Repertorio de refrás para todol-os meses do ano" en *Nós* 3,1920,16-18.

(1928): *Cómo falan os brañegos* I, Nós, A Cruña.

(1935-1936): "Sabiduría popular"[9] en *Galicia en Madrid* 37,1935,9; 38,1935,10; 39,1935,3; 40,1935,12; 42,1936,13.

(1993): "A segunda serie de 'Como falan os brañegos' de Antonio Noriega Varela" (edición de Armando Requeijo) en *Cadernos de Lingua* 7,1993,93-98.

OS ESTRALOXOS (1999): *Cantigas e refráns da Ribeira Sacra.* Concello de Pantón / Adegas San José, Pantón. 1999.

OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1953-1964): "Contribución al léxico gallego y asturiano" en *Archivum* I,1953,113-134; II,1953,339-417; III,1955,382-399; V,1958,173-191; VI,1959,72-90; VII,1960,341-357; X,1964,233-249.

(1967): *Contribución al diccionario gallego*. Galaxia, Vigo

(1968): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXIII,1968,70-88.

(1969): "Algunas adiciones al léxico hispánico" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXIV/72- 73-74, 1969,154-171.

(1977): "Vocabulario de San Jorge de Piquín" en *Verba.* Anejo 8, Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 1977.

PARGA SANJURJO, José Antonio (1911): "Refranes gallegos" en *Boletín de la Real Academia Gallega* IV,46,1911,253-255.

PENA, Xosé Antonio (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Edicións do Cumio, Vigo; passim.

---

[8] Seudónimo de Salvador Golpe.

"pra chufar vales o carto, / naide che pon o pé diante; / pero si *o grilo non grila*, / de nada as chufas che valen" (Leiras, Cangal, 1911, 202)

¡VALES O CARTO!: Eres una buena pieza. (NV).

A XAN NON LLE GRILA O GRILO: A Juan se le acabó la bolsa. (NV)

"pidinche casa cuberta, / e ti con Dios me mandache; /¡que nunca outro mal che fagan! /¡que sempre con Dios te manden!" (Leiras, Cangal, 1911, 190)

PIDEUME CASIÑA CUBERTA: Me pidió que le hospedase por caridad. (NV)

"¡sempre fuches un badúa! /¡Sempre andas tocando a choca! / Mentras non che anden cos dentes / non has saber calar a boca!" (Leiras, Cangal, 1911, 199)

ANDAR TOCANDO A CHOCA: Echar la lengua al aire. (NV)

"Deuma unha rapaza, e calo, / que no-han salir todas boas; / tamén ao raposo ás veces, / lle sal a galiña choca" (Leiras, Cangal, 1911, 169)

DEUMA (unha rapaza): Me chasqueó. (NV)

"sempre estou dálle que dálle, / e nunca sallo do día; / non sei cómo fan algunhos / pra facer sega en seguida" (Leiras, Cangal, 1911, 195)

Sempre ESTOU DÁLLE QUE DÁLLE: Trabajo continuamente. (NV)

"hai unha nena na chaira, / que me ten tolo de todo. /¡Seique ma cangou o demo! /¡Seique me veu un mal ollo!" (Leiras, Cangal, 1911, 196)

¡CANGOUMA O DEMO! (unha muller): Me la deparó el diablo. (NV)

"dirían que non sabe, / ni-esquencelo, nin sufrilo, / e que, por eso, a coitada / se vai volvendo un esguilfo" (Leiras, 1930, 360)

VAISE VOLVENDO UN ESGUILFO: Está tísico. (NV)

"déixate de panxoliñas, / que non che son tempos vellos; / déixate de panxoliñas, / que, abofé, pérde-lo tempo" (Leiras, Cangal, 1911, 179)

---

[7] Noriega viviu na Graña de Vilarente, no Concello de Abadín, de 1926 a 1930, e froito das súas conversas coa xente desa terra publicou en 1928 *Como falan os labregos*, libro importante na bibliografía lingüística galega.

[8] Os textos pertencentes á obra de Leiras están tirados da edición de Alonso Montero. Ás veces fago pequenas adaptacións ortográficas ou corrección de erratas. As datas dos poemas son as que figuran no mesmo libro como as da primeira edición.

DÉIXATE DE PANXOLIÑAS: No me vengas con paños calientes) (NV)

Os exemplos anteriores son aqueles en que máis evidente parece o influxo de Leiras e, como se pode apreciar, proceden case todos do único libro publicado en vida polo médico republicano federal, *Cantares gallegos*. É de supor que Noriega tivese á man este libro nalgún dos momentos da elaboración do seu interesante traballo.

Por outra parte, ademais, de entre as expresións que figuran en *Como falan os brañegos*, hai 62 que xa estaban en FLP. Se comparamos as expresións que están en ambas as recollas comprobamos o seguinte:

a) Canto á forma, as diferenzas son moi pequenas. Eis as máis notábeis:

FLP	**NV**
crebar os aires	apagáronselle os aires
no meu carro non vai, agás que seña no bico dos fungueiros	non vai no meu carro á misa, agás que seña no bico dos fungueiros
achaiar os cotos	achavar os cotos
ibas dreito nas cuñas!	¡vas alta na cuña!
mea sin coda	mea sin conda
estar a un pan i-on coitelo	estamos a un pan i a un cuitelo

b) Canto ao significado, xa son algo maiores:

pecar de acexo	curiosear, ter celos (FLP) ter envexa (NV)
campa de la	fanfurriñeiro, dado a espaventos (FLP) persoa moi boa, "bonazo" (VL)
alumar aos cegos	estar adiantada no embarazo (FLP) "saltar a los ojos" (NV)
achaiar os cotos	enderezar ou desfacer "entuertos" (FLP) pretender imposíbeis (NV)
ir dereito nas cuñas	ir erguido, estirado (FLP) (ir) engreído (NV)
caerlle o forno	(á muller) parir (FLP) (ao home) parirlle a muller (NV)
agardar a mau	deixarse querer (FLP) deixarse manosear (NV)
facer os nabos	desmerecer (FLP) perder carnes (NV)
ter de ollo	vixiar, observar, esperar (FLP)

Crer que ha de suceder algunha cousa,
especialmente se é favorábel (NV)

Como se ve, ás veces trátase de simples matices ou dunha explicación demasiado breve.

3.1.3. Importancia do traballo.

A importancia do traballo de fraseógrafo de Leiras (FLP) coidamos que é grande por diversos motivos que iremos expondo. En primeiro lugar, é un dos primeiros traballos deste estilo para o galego. Efectivamente, se excluímos os traballos de Sarmiento ou Sobreira no século XVIII, e os fraseoloxismos que aparecen nos dicionarios, especialmente no de Valladares, son escasas as colecciónes de frases. Vexamos as obras anteriores a 1912, ano da morte de Leiras, que conteñen algunhas:

- Gramática de Mirás (1864): sobre 13
- Gramática de Saco (1868): sobre 180
- El idioma gallego (1886): sobre 475[9]
- Elementos de Gramática gallega (1892)[10]: 35

Polo que respecta á cantidade de expresións recollidas contabilizamos 346. Destas, e despois do seu estudo, desde unha perspectiva actual, podemos contabilizar 302 unidades fraseolóxicas[11]. De todas as maneiras, sobre este particular, non debemos esquecer que en ningún lugar se nos explica cal é o criterio do que as recolleu, polo que desde un punto de vista do coñecemento do idioma todas esas expresións e xiros son importantes e, por tanto, é válido e necesario recollelos.

Desde o punto de vista cualitativo, o traballo de Leiras é o primeiro en importancia antes da publicación de *Como falan os brañegos* de Noriega Varela. Isto é así pola variedade de expresións recollidas, pola corrección, en xeral, con que as explica e polo esforzo de facer fraseografía contrastiva. Non temos tempo, a esta hora, de analizarmos polo miúdo as posíbeis eivas e os acertos do traballo de Manuel Leiras. Digamos que incorre, en xeral nos "erros" en que aínda hoxe incorren os nosos dicionaristas actuais (Álvarez de la Granja, 1997). Mais vexamos algunhas características deste traballo. (Ver ANEXO 3).

a) As expresións non aparecen ordenadas de acordo con ningún criterio.

b) Recóllense maioritariamente locucións e fórmulas rutineiras, mais tamén aparecen colocacións e paremias. Noutro epígrafe veremos exemplos dos tipos de fraseoloxismos que se recollen.

---

[9] Esta cantidade collémola de Ferro (1998). A pesar do importante número, a recolla de El Idiona Gallego é na súa maioría de locucións adxectivas e de colocacións, e non dá significados.

[10] Inédito ata 1970.

[11] Só contabilizamos aquí como fraseoloxismos aquelas expresións que poderían figurar nun dicionario fraseolóxico galego. Así, os escasos castelanismos, as formas que se grafan actualmente como unha soa palabra, ou o que consideramos construcións libres non se contan como tales. Tampouco nestes números se inclúen colocacións nin refráns, a pesar de que si se fai nos estudos de fraseoloxía máis recentes.

c) Aparecen, aínda que poucas veces, "expresións" que constan dunha soa palabra.

d) Recóllense algunhas construcións libres.

e) Ás veces hai expresións mal formuladas.

f) Explícanse en castelán ou dáse o equivalente en forma de frase feita.

g) En xeral, carece de exemplos.

3.1.4. Tipos de expresións.

Verbo dos tipos de expresión recollidas, e seguindo unha das máis completas clasificacións, a de Gloria Corpas (MDFE), achamos en FLP[12] o seguinte:

I. COLOCACIÓNS.

estarruñar os dentes: rinchar os dentes.

estarular os ollos: abrir moito os ollos [por admiración ou sorpresa].

II. LOCUCIÓNS.

1. Loc. nominais:

boca rota: persoa bocalana, que di grosarías.

campa de la: persoa fanfurriñeira, moi dada a espaventos.

cu de galiña: punto mal cosido dunha media ou tea.

funga na cinza: persoa apoucada, covarde, tímida.

sol dos sapos: a lúa.

2. Loc. adxectivas:

como os chitos: desvergoñado, cínico.

de correlobos: corrente, fácil.

levantado de mau: propenso a bater a outros.

picado do allo: susceptíbel, irritábel.

torto como un fouciño: contrariado, enfadado, de mal humor.

3. Loc. adverbiais:

ás apalpadelas: axudándose do tacto.

en pés de la: sen facer ruído, con cautela, con moito segredo e coidado.

pola vella: en cantidade, con abundancia.

---

[12] Nos casos en que non achamos exemplos en FLP, recorremos a outros tirados da obra poética do autor e indicámolo cun P; se tampouco os houbese, ponse entre parénteses para distinguilos. As definicións son nosas.

sin xeito nin dreito: sen orde, sen razón aparente, de calquera maneira.

troque a troque: sen ter que pagar máis nada [ao trocar ou permutar unha cousa por outra].

4. Loc. verbais:

bebelas como o boi a auga: finxir que non entendeu ou non ten coñecemento de algo que o atinxe.

botar por ela: presumir, alardear, fachendear.

mollar a palleta: beber un pouco de viño ou doutra bebida.

saber con que bois ara: coñecer ben algo ou alguén.

saír dun souto e meterse noutro: piorar nunha situación ou seguir igualmente mal.

5. Loc. prepositivas:

a lor de: respecto de, a teor de.

6. Loc. conxuntivas:

antes (de) que (P).

7. Loc. clausais:

caerlle a calleira a alguén: deixar de ter familia ou fillos.

cagarlle o demo no camiño a alguén: malograrse algo que estaba a punto de conseguirse.

non lle caer (aínda) a casca do cu a alguén: ser inmadura ou falta de experiencia.

non lle folgar o dente a alguén: comer ben.

non temperar o demo alguén: ser insoportábel.

III. ENUNCIADOS FRASEOLÓXICOS.

Paremias:

1. Enunciados de valor específico:

astra as tres vai a loita: [expresa que ao terceiro intento se acadará o fin desexado].

¡bótalle un can ao rabo!: [expresa que unha cousa xa non ten remedio].

de vello/a gaiteiro/a: [utilízase para expresar que unha persoa maior fai cousas que non son propias da súa idade].

dese pau teño eu unha gaita: [utilízase para expresar a coincidencia con algo que lle sucede a alguén. Equivale a "a min tamén me pasa o mesmo"].

este pito asado vai: [frase con que se expresa a perda de algo no que se tiña esperanza].

2. Citas:

(*o home é un lobo para o home*) (Plauto)

3. Refráns:

ao brazo colo e á perna cama: [aconsella que para cada mal se procure o remedio apropiado].

canta máis prisa máis vagar: [desaconsella facer as cousas con présas, xa que xorden problemas e acábase máis tarde].

máis vale algo que nada: [lémbranos que non se deben desprezar as cousas, índa que sexan pequenas].

onde hai lume hai fume: [lémbranos que as cousas que se fan ou que suceden sempre deixan indicios ou sinais].

Fórmulas rutineiras:

Fórmulas discursivas:

1. Fórmulas de apertura e cerramento:

(*¿como está?*).

(*ata logo*).

2. Fórmulas de transición:

meu dito, meu feito.

¡morra o conto!

Fórmulas psicosociais:

1. Fórm. expresivas.

de desculpa:

(*con perdón*).

de consentimento:

¡lástima fora!

¡madia leva!

¡non que logo!

de recusación:

¡fúngate Xan que es bon mozo!

¡lástima fora!

de agradecemento:

¡diante Dios te/o vexa!

de desexar sorte:

¡Dios te críe pra boa fada!

en boa hora o diga e o demo seña sordo.

de solidariedade:

¡son cousas!

de insolidariedade:

bravo se me/che... dá.

2. Fórm. comisivas: (de promesa e ameaza):

(*¡heite/heivos afeitar!*)

3. Fórmulas directivas:

de exhortación:

¡déixame de muiñeiras!

¡us! largo de aí

¡vai/ide... a arrolo!

¡zas, que lostrega!

de información:

díxomo un paxariño.

de ánimo:

(*non é para tanto*).

4: Fórmulas asertivas:

de aseveración:

así eu medre (e luza)

¡cegue eu!

ou a romana non ha dar o seu.

ou as cabras n'han dar leite.

pola luz divina.

emocionais:

¡hai landeira!

¡mau, marela!

¡na miña vida!

¡ou, madre que me pareu!

¡vaia o demo/diabro!

5. Fórmulas rituais:

de saúdo:

¡bos días! (P)

¡Dios te/o... garde! (P)

de despedida:

non hai que morrer.

non morra.

Como se ve, o instinto lingüístico do Leiras fraseógrafo lévao a recoller practicamente todos os tipos de unidades fraseolóxicas que son o obxecto da disciplina hoxe denominada fraseoloxía. Repárese en que non recolle locucións conxuntivas e só unha locución prepositiva, ou sexa, céntrase nas chamadas locucións significantes e se recolle unha locución conexiva é, se callar, por non ser esta moi corrente. Canto ás paremias, recolle poucos refráns posto que a intención del neste traballo non parece ter ese obxectivo, e, que saibamos, non recolle cita ningunha. Polo que di respecto ás fórmulas rutineiras, hai algúns tipos delas, moi poucos, que non os achamos no traballo de Leiras.

3.1.5. Fraseoloxismos en VLP e na poesía de Leiras Pulpeiro.

Outro lugar onde aparecen fraseoloxismos recollidos por Manuel Leiras é no xa comentado VLP. Nese traballo contabilizamos 36 unidades fraseolóxicas, das cales 11 aparecen tamén en FLP.

Tocante á presenza de fraseoloxismos na obra literaria de Manuel Leiras, achamos 330, dato que demostra o coñecemento do autor desta parte do idioma e o gusto polo seu uso, mesmo ata o punto de que, ás veces, hai poemas de *Cantares gallegos* constituídos case na totalidade por este tipo de expresións:

"garda o pradiño que levas, / e gárdao ben, noite e día; / que, si unha volta che furtan, / hanche pacer a outonía" (Leiras, Cangal, 1911, 171)

"coma unha rosa eres, Rosa, / e es boa como o bon pan; / pro, como eso non fai pote, / todos deixándote van" (Leiras, Cangal, 1911, 177)

"púidenche ve-las orellas / antes de que me adentaras... / ¡Xa podes toca-lo zoco...! /¡Quen te pareu que te lamba!" (Leiras, Cangal, 1911, 185)

3.1.6. Fraseografía contrastiva.

Un último aspecto que nos parece necesario destacar é o esforzo de Leiras Pulpeiro por encontrar equivalentes casteláns dos fraseoloxismos galegos. Aínda que anteriores autores xa o fixeran (Saco, Valladares), é Leiras o que pon as verdadeiras bases do que hoxe chamariamos fraseografía contrastiva. Con posterioridade a el, ha ser Antonio Noriega, como acontece noutros aspectos, o mellor continuador do médico de Mondoñedo.

Como mostra da importancia deste traballo, vexamos un exemplo que corresponde ao que sería a letra C de ordenarmos os fraseoloxismos galegos de FLP á maneira dun dicionario[13]. Inclúense tamén na parte galega as expresións sinónimas aínda que non correspondan á letra C. A orde que lle damos ás expresións castelás é a alfabética. Son en total 30 casos.

a borbollón [hervir]	a cachón / a callón [ferver]
a cántaros [llover]	ás cuncas [chover]
a fe mía	así eu así eu teña o ceo así Deus me... (, amén) así eu medre e luza así eu sexa de Deus
a tuntún	ao chou chou a feixe
andar a la que salta	andar de cuesta / andar á cuesta
¡así es la vida!	¡son cousas!
(ser una) buena pieza	valer o carto
¡ciego te vea!	¡mala cegueira te cegue!
costar Dios y ayuda	custalas todas
cubrir el corazón	raer a alma raer a vida trastallar a alma trastallar o corazón
culo de pollo	cu de galiña

[13] Desta feita adaptamos ao galego normativo os fraseoloxismos.

de la piel del diablo	da casta do demo
de sopetón	de cachete
¡échale un galgo!	¡bótalle un can ao rabo!
el pelo de la dehesa (traer aún)	vir (inda) cego da corte
en abundancia	a barullo a pote a varrer a Deus dar ás cheas
hacer mangas y capirotes	facer cachizas
irse con la música a otra parte	levantar de cargumes
llegar y besar el santo	chegar e encher
¡mira con lo que me sale!	¡cata o outro!
¡mira que ocurrencia tuvo!	¡cata o outro!
montes y morenas	as casas da Coruña
no salir (aún) del cascarón	non lle caer (aínda) a casca do cu
no se hable más	morra o conto
por mi vida	así eu así eu teña o ceo así Deus me... (, amén) así eu medre e luza así eu sexa de Deus
quedar zapatero	quedar na correa
revestirse de paciencia	apertar as caguñas
salir del cascarón	saír do cosco
tascar el freno	roer o chito
¡tiene que le digan!	¡é moito conto!

3.2.1. O refraneiro de Leiras Pulpeiro.

En relación co segundo dos aspectos a que arriba aludiamos, o refraneiro, Manuel Leiras publicara en 1893 nos números 9, 10 e 12 da revista *Galicia* (2ª época) unha recolla de

203 refráns baixo o título de "Refranes gallegos no comprendidos en la colección del señor Saco y Arce, ni en la publicada en la revista *Galicia* por el señor Valladares".

Así mesmo, pouco despois do falecemento de Manuel Leiras, en 1913, a RAG, no seu boletín[14] publicou, nunha sección titulada *De folk-lore*, á parte de cantares populares e adiviñas, un conxunto de "adaxios populares" que recollera o xeneroso médico mindoniense.

A *Obra Completa* de Leiras Pulpeiro, publicada en 1970 por Franco Grande, inclúe outra colección de "adagios" dividida en dúas partes. Na primeira, reúnense os refráns arriba citados, publicados na revista *Galicia*. Na segunda, outros 322 no epígrafe de "Consejas y refranes no publicados". Mais non se trata de refráns inéditos, senón que a maioría foran publicados xa no boletín da RAG en 1913, dos cales agora non aparecen 27 que alí se recollían.

Son, daquela, en total, 552 refráns ou proverbios[15]. Trátase, por tanto, dunha importante achega ao refraneiro galego. Polo demais, como acontece coa case totalidade dos refraneiros galegos ata hoxe, non leva comentario ningún, co que, ás veces, se o lector descoñece algún dos refráns, fica sen saber o seu sentido.

3.2.2. Os refráns na poesía de Leiras Pulpeiro.

Á parte do labor de colector, temos que mencionar tamén a presenza de refráns ou de alusións a refráns na súa obra literaria. Son os seguintes:

a) Alusións a refráns:

besta vella non entra en paso: [ensínanos que os defectos moi arraigados son difíciles de corrixir].

> "-¿E por que os cala? -¿Por que? / porque non quero abatalos / con vosté que é besta vella, / e das que no-entran en paso. / conque, deixémo-lo conto" (Leiras, 1930, 372)

o lume a carón da estopa, vén o diaño e sopra: [advírtenos que é máis fácil que as cousas pasen se non evitamos os riscos].

> "Ben sabía que eu son lume, / e tamén que tu es estopa..., / pero tiña tantas ganas / de decirche tantas cousas, / que .. " (Leiras, 1930, 365)

pedra solta non ten volta: [recórdanos que as cousas que se fan ou se din non se poden cambiar, non teñen posíbel rectificación].

> "*non volve o rego prá fonte*, / *nin prá mau a pedra solta*; / nin a ser como Dios manda / volve a que perde a vergonza" (Leiras, Cangal, 1911, 175)

(Poida que Leiras Pulpeiro estea facendo, no segundo verso deste poema, unha alusión ao refrán que comentamos. Tamén é posíbel que se trate doutro parecido,

[14] Trátase dos números 69, 70, 71 e 72.

[15] En realidade son algúns menos, xa que non todos se poden considerar refráns.

como pode ser *a pedra e a palabra non se recolle dispois de botada* (DEGC), ou *palabra e pedra solta non ten volta*)

todo vai ben se a morte non vén.

> "matouse por ter xugada, / carro, e chouza, e bes de seu; / e así que a tivo lograda, / deulle a da morte... e morreu. / ¡Naide sabe o que val o traballo... / si a Gadaña non vén polo atallo!" (Leiras, 1930, 357)

(Non estamos certos de que se trate dunha alusión a ese refrán que, por outra parte, recolleu o propio Leiras e foi publicado despois do seu pasamento no boletín da RAG)

b) Refráns:

o que fai unha fai un cento: [lémbranos que a persoa que fixo unha má acción é capaz de facer máis, e non debemos fiarnos dela].

> "anque cen cruces me poñas, / nunca máis fe che hei de dar; / que, o que unha fai, fai un cento / si se lle certa a cadrar" (Leiras, Cangal, 1911, 187)

(Pode tratarse do refrán completo ou dunha parte. Entre outros parecidos, temos o seguinte, que recolle Eladio Rodríguez, *Quen fai un cesto, fai un cento, se lle dan vimbios e tempo* (DEGC). Pola nosa parte coñecemos, recollidos hai pouco, os dous seguintes: *O que fai unha, fai un cento, se lle dan lugar e tempo*, e *Quen fai un cesto fai un cento*)

pau que Deus non engorda nunca sae de carabullo: [ensina que sen sorte ou sen a axuda de Deus non vale de nada o esforzo].

> "traballar, algo traballo; / pro moito non che me apuro; / que pau que Dios non engorda / nunca sal de carabullo" (Leiras, Cangal, 1911, 181)

o que valeu e non vale, como se nunca valera: [lémbranos que o que conta é o presente, non as glorias pasadas].

> "ni-estrobas / lle deixano; e só lle queda / ir podrecendo, arrumbada, / no areal, ao pé das penas, / sin amarras i esquencida...; / astra que unha vaga lle veña. / I a esbandalle, e co ela arrample / sabe Dios pra qué ribeira...O que valeu e non vale, / coma si nunca valera!" (Leiras, 29-X-1921, 352)

Anexo 1. Manuscrito (da man de Leiras Pulpeiro) en forma de rascuño.



Anexo 2. Manuscrito en limpo.



Frases.

Partil-as peras – Reñir, dejarse dos novios.
Nin mel nin fel – Ni bueno ni malo, ~~ni chicha ni limonada~~
hace ni padece, ni va ni viene.
Dar c'o ún n-o ferrado – Arrimarse.
Mazar a cotena.
Dar unhas fregas } Dar una paliza.
Correl-as xuntas
Medil-as costas
Sin xeito nin dreito – Sin ton ni son, ~~sin juicio.~~
Mea sin couda – Morcilla sin atadero, que no guarda
ni concierto en lo que dice.
Ter d'ollo – Vigilar, observar, esperar.
Facer d'ollo – Tener dispuesto, tener pensado, contar con
cosa
Poñel-a denteira – Dar dentera, repugnar.
Facer refugo – Despreciar.

Anexo 3. Primeira páxina de FLP na edición de Franco Grande (1970)

Partir as peras = Reñir, dejarse dos novios.
Nin mel nin fel = Ni bueno ni malo, ni hace ni padece, ni
ni viene.
Dar co cú no ferrado = Arruinarse.
Mazar a cotena
Dar unhas fregas
Correlas xuntas = Dar una paliza.
Medir as costas
Sin xeito nin dreito = Sin ton y sin son.
Mea sin coda = Morcilla sin atadero, que no guarda orden
i concierto en lo que dice.
Ter de ollo = Vigilar, observar, esperar.
Facer de ollo = Tener dispuesto, tener pensado, contar
on una cosa.
Poñer a denteira = Dar dentera, repugnar.
Facer refugo = Despreciar.
Á Marica *caeulle o forno*
Á Marica *esfondouselle o forno* = María parió.
Un tira pra a canga e outro pra a molida = No se entien-
den, no congenian.
Pepa *aluma aos cegos* = Pepa está adelantada en el em-
barazo.
Ben deito de eso, ben deitou de eso = Eso me vale, eso le
valió.
Non ser feixe de naide = No pesar sobre nadie, no ser gra-
voso a nadie.
Non ter arela = No hacer caso = *Non tes arela* de min =
[illegible] caso de mí

4. Referencias bibliográfícas.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (1997): "As expresións fixas nos diccionarios galegos" en *Cadernos de lingua 15*.

CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1981[6]): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*. Barcelona.

CORPAS PASTOR, Gloria (1986): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.

FERRO RUIBAL, Xesús (1998): "Diccionario de Fraseoloxía Galega. Estado actual dos fondos e dos traballos" en *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Xunta de Galicia, Santiago.

IGLESIA GONZÁLEZ, Antonio de la (1977) [1886]: *El idioma gallego. Su antigüedad y su vida* III. La Voz de Galicia, A Coruña.

FLP: LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1970): "Frases" en LEIRAS PULPEIRO, Manuel: *Obra completa*. Galaxia/Fundación Penzol, Vigo, 403-415.

RLP: LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1970): "Frases, adivinanzas, adagios y cantares", en LEIRAS PULPEIRO, Manuel: *Obra completa*. Galaxia/Fundación Penzol, Vigo, 373-399.

LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1983): *Obras completas. Estudio, edición e notas por Xesús Alonso Montero*. Sálvora, Santiago.

MIRÁS, Francisco (1978) [1864]: *Compendio de Gramática gallega-castellana*. Imp. M. Mirás, Santiago. Ed. facsimilar. Akal, Madrid.

NV: NORIEGA VARELA, Antonio (1994) [1928]: "Como falan os brañegos" en FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: *Antonio, Noriega Varela. Estudio e edición da obra completa* Vol. II. Servicio de Publicacións da Deputación provincial, Lugo.

VLP: PÉREZ PASCUAL, Ignacio e TATO GARCÍA, Cleofé (1986): "O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)" en *Verba* 13. Universidade, Santiago.

REIMUNDE NOREÑA, Ramón (1984): *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía galega completa*. Sotelo Blanco, Barcelona.

DEGC: RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Galaxia, Vigo.

SACO ARCE, Juan Antonio (1868): *Gramática Gallega*. Imp. de Soto y Freire, Lugo.

VALLADARES NUÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario Gallego-castellano*. Imprenta del Seminario Conciliar Central, Santiago.

VALLADARES NUÑEZ, Marcial (1970): *Elementos de Gramática gallega*. Galaxia, Vigo.

Aproximación ó 'mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica[1]

Ana Vidal Castiñeira
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

1. Metodoloxía

A paremioloxía é unha disciplina complexa e interesante para o estudo dunha lingua e para o ensino da tradución. Non obstante, isto non levou a que se fixesen estudos sistemáticos sobre tódolos aspectos que pode abranguer. Con este traballo tentaremos facer unha pequena achega ós estudos da paremioloxía galega centrándonos nun aspecto moi concreto como é a elaboración dun "mínimo paremiolóxico".

Dentro do amplo campo da paremioloxía, chamounos especialmente a atención o concepto de mínimo paremiolóxico dunha lingua que, segundo os estudos de Mieder (1995), se pode definir como o conxunto mínimo de paremias coñecidas e usadas polos falantes desa lingua. Decidimos, entón, elaborar unha proposta do que sería un mínimo paremiolóxico do galego na zona de Viana do Bolo (Ourense) utilizando os métodos empregados polos paremiólogos en estudos deste tipo e limitando o noso campo de traballo ós refráns.

Para analiza-lo coñecemento e uso dos refráns na zona de Viana do Bolo decidimos usar métodos estatísticos, isto sería o que Ferro Ruibal (1997: 212) chama paremioloxía contemporánea en contraposición á paremioloxía histórica, que traballa con refráns recollidos en medios escritos.

Un dos primeiros investigadores da paremioloxía en utilizar estes novos métodos estatísticos foi o sociólogo estadounidense William Albig (Mieder, 1995: 2) que en 1931

[1] Este artigo é un resumo do traballo de fin de carreira dirixido polo profesor Xosé Mª Gómez Clemente e presentado na Facultade de Humanidades (agora F. de Filoloxía e Traducción) da Universidade de Vigo no ano 2000 baixo o título *Proposta de aplicación dun 'mínimo paremiolóxico' á aprendizaxe da lingua galega en Traducción*.

realizou unha enquisa con 68 estudantes universitarios na que lles pedía que citasen tódolos refráns que puidesen en media hora. Pola nosa parte, decidimos facer un experimento similar, pasando unha enquisa deste tipo entre os falantes máis novos (75 rapaces de secundaria de entre 14 e 20 anos). Nesta enquisa os informantes debían citar tódolos refráns que se lles ocorresen, en galego ou castelán, nun período de 15 minutos.

Debemos sinala-los inconvenientes de traballar con este método: en primeiro lugar, é difícil para os falantes recordar refráns fóra de contexto e sen ningún tipo de referente; e, en segundo lugar, ó se realiza-lo exercicio nunha aula existía a posibilidade de que os rapaces comentasen os refráns entre eles e citasen os mesmos. Ademais, hai que contar tamén co feito de que os informantes eran moi novos e ás veces as súas respostas non foran suficientemente meditadas.

Ademais, tamén realizamos unha recollida de refráns na aldea de Punxeiro, do concello de Viana do Bolo. Para este exercicio escollemos tres informantes de 64 , 85 e 87 anos cunha boa competencia fraseolóxica, tanto pola súa idade como por ter vivido a maior parte da súa vida na aldea. Neste caso tamén contamos co inconveniente de teren que recordar refráns fóra de contexto pero, para intentar contrarrestalo, lémoslles ás informantes unha lista de refráns recollidos no concello veciño da Gudiña (material inédito cedido por X. Rodríguez Cruz). A partir dos datos obtidos con estes dous exercicios elaboramos unha lista de 348 refráns, dos que escollemos os 50 máis repetidos para realiza-lo seguinte exercicio.

Para a elaboración da segunda enquisa tomamos como referencia a realizada por G. L. Permiakov, que foi un pioneiro no campo da paremioloxía ó realizar análises sistemáticas de frecuencia para establecer un mínimo paremiolóxico do ruso (Mieder, 1995: 3). Permiakov presentoulles unha longa lista de ditos, refráns e frases feitas a 300 universitarios moscovitas e pediulles que marcasen os que coñecían. Ademais, tamén tomamos como modelo o estudo realizado pola empresa alemana Intermarket a principios dos anos 80 (Mieder, 1995: 6). Esta empresa elaborou un cuestionario de 27 preguntas sobre o uso e a valoración social dos refráns, e presentóullelo a persoas de tódalas idades e profesións. Da mesma maneira, nós decidimos elaborar unha enquisa na que lles preguntamos a 50 informantes de tódalas idades sobre o seu nivel de coñecemento, comprensión e uso dos 50 refráns que nós lles propuxemos, así como sobre forma en que os aprenderon. Como punto final incluímos unha pregunta sobre a utilidade dos refráns na súa vida cotiá.

Esta segunda enquisa realizámola con 50 persoas de entre 16 e 87 anos dos concellos de Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Veiga, A Gudiña e Riós. Destas 50 persoas 33 tiñan menos de 30 anos (66%), 7 entre 30 e 60 anos (14%) e 10 tiñan máis de 60 anos (20%). O 86% dos informantes tiñan o galego como lingua familiar e habitual, o 8% o castelán como lingua familiar e habitual, o 4% o galego como lingua familiar e o castelán como lingua habitual e o 2% o castelán como lingua familiar e falaban galego habitualmente. E canto ó nivel de estudos o 48% dos informantes tiñan estudos secundarios, o 44% estudos primarios e o 8% estudos universitarios.

Finalmente, cos resultados destes tres exercicios elaboramos un exemplo de mínimo paremiolóxico do galego na zona de Viana do Bolo e propuxemos, como posibles traducións para os refráns que compoñen o mínimo, algúns refráns que poderían considerarse equivalentes en castelán e inglés, sen pretender presentar estes como o "mínimo" desas linguas.

Non podo deixar pasa-la oportunidade de agradecer a colaboración de tódolos informantes que contribuíron á elaboración deste traballo, especialmente a Manuela Rodríguez, Pastora Rodríguez e Elisa Murias da aldea de Punxeiro, que achegaron a meirande parte dos refráns recollidos, así como a Xosé Rodríguez Cruz quen ofreceu desinteresadamente o seu traballo *Ditos e refráns do concello da Gudiña* que constituíu unha grande axuda como material de apoio.

2. Análise dos datos obtidos nas enquisas

2. 1. Enquisa I

A continuación presentámo-los resultados que obtivemos nesta primeira enquisa, elaborada coa intención de analiza-lo uso que os falantes máis novos fan dos refráns galegos e casteláns. Empezamos cos galegos, que están ordenados segundo o número de veces que foron citados, dato que aparece entre parénteses. Aparecen escritos tal e como foron recollidos nas enquisas, con dialectalismos, castelanismos e vulgarismos.

1. En maio inda queima a vella o tallo (e o vello o escano/arado). (25)
2. A quen madruga Dios o axuda. (25)
3. Hasta o 40 de maio non quíte-lo saio. (21)
4. Marzo ventoso e abril chuvioso sacan a maio florido e fermoso. (17)
5. Dime con quen andas e direiche quen eres. (14)
6. En febreiro sete capas e un sombreiro. (12)
7. Setiembre ou seca fontes ou leva pontes. (8)
8. A cabalo regalado non lle míre-lo dente. (6)
9. A tódolos porcos lle chega o seu San Martiño. (5)
10. Mala herba nunca morre. (5)
11. Costureira sin dedal, cose pouco e cose mal. (5)
12. Cuando o río sona, auga leva. (5)
13. O que de novo non traballa, de vello dorme na palla. (4)
14. Comer e rascar/falar todo é empezar. (4)
15. Gato con guantes non caza ratos. (3)
16. Vacas da Mezquita e mulleres de Punxeiro, quita, quita. (3)
17. Se o cuco non canta entre marzo e abril, ou o cuco é morto ou quere vi-la fin. (3)
18. Non hai sábado sin sol nin domingo sin amor. (3)
19. No San Martiño bebe o viño e come o touciño. (3)
20. Máis vale malo conocido que bon por conocer. (3)
21. Entre marzo e abril sale o cuco do cubil, entre maio e a sega marcha o cuco para súa terra. (3)
22. Viño na cuba, borracheira segura. (2)
23. Vaca agabada, leite nos cornos. (2)
24. Marzo, marzal pola mañá cariña de rosas e pola tarde cara de can. (2)

25. Máis sabe o demo por vello que por demo. (2)
26. Home traballador, pouco namorador. (2)
27. Fuma, come e bebe que a vida é breve. * (2)
28. En xaneiro a carne ó pucheiro. (2)
29. En noviembre fai a matanza e enche a panza. * (2)
30. En setembro aumenta a familia un novo membro. (2)
31. En abril cata a loba no cubil. (2)
32. Cuando pica o cu, ano de fabas. (2)
33. Auga en San Juan tolle o viño e non dá pan. (2)
34. Auga en maio, pan para todo o ano. (2)
35. Abril, se por mal quere vir, nin as portas deixa abrir. (2)
36. A muller e a sardiña cuanto máis pequeniña máis xeitosiña. (2)
37. A can flaco todo son pulgas. (2)
38. Xente nova e leña verde todo se volve fumo. (1)
39. Marzo espigarzo, abril penduril, maio granado, en San Juan curado e na Santa Mariña metido na arquiña. (1)
40. Vale máis pouco e ben que muto e mal. (1)
41. Muto e ben non hai quen. (1)
42. Asegún María, asegún filla cría. (1)
43. Se queres ter diñeiro quédate sempre solteiro. (1)
44. Sardiña que leva o gato tarde ou nunca volve ó plato. (1)
45. Roubar a un ladrón son cen anos de perdón. (1)
46. Río revolto, ganancia de pescadores. (1)
47. Ovella que berra, bocado que perde. (1)
48. Os animais no mes de febreiro inda non enchen o peteiro. (1)
49. O traballo do rapaz é pouco pero o que non o aproveita é louco. (1)
50. O saber non ocupa lugar. (1)
51. O que tropeza e non cai adianta a mitai. (1)
52. O que regala vende se o que recibe entende. (1)
53. O que queira peixes que molle o cu. (1)
54. O que de novo traballou, de vello descansou. (1)
55. O que chega tarde nin oe misa nin come carne. (1)
56. O pan polo olor, o viño polo color e todo polo sabor. (1)
57. En martes nin te cases nin te embarques. (1)
58. O amigo e o viño cuanto máis vello millor. (1)
59. Non lle falta máis a mai ó fillo que a xeada ó granizo. * (1)
60. Noite estrellada, mañá soleada. (1)
61. No mes de xaneiro xa o lacón está no pucheiro. (1)
62. No mes de febreiro faise o lardeiro. (1)
63. No mes de maio inda cae o raio. (1)
64. Natal e xaneiro, inverno enteiro. (1)
65. Muller rincheira, ou puta ou peideira. (1)
66. Muller que silba e mexa de pé, mala cousa é. (1)
67. Mentres a grande se agacha, a pequena varre a casa. (1)
68. Máis vale calar que despois rifar. (1)
69. Maio me molla, maio me enxuga, maio me dá a súa sacudidura, pero éche de fame que non de fartura. (1)
70. Home malvado, castigo asegurado. (1)
71. Gasta en festas e en viño o que has de deixar ós sobriños. (1)
72. Galo que non canta, algo ten na garganta. * (1)

73. Febreiro ferverexar, raíñas de sol, chover e nevar. (1)
74. Entre San Juan e San Pedro recolle o centeo. (1)
75. En julio arder e patatas coller. (1)
76. En xaneiro entra o sol en cualquer rigueiro, pero é no último que non no primeiro. (1)
77. En xaneiro disminúe o palleiro. (1)
78. En San Juan a sardiña molla o pan. (1)
79. En febreiro xea a auga no pucheiro. (1)
80. En diciembre o sol quenta con tardura e pouco dura. (1)
81. De cada cen anos, mil, volve o carro ó seu carril. (1)
82. Dá e ten e farás ben. (1)
83. Chovendo, chovendo o río vai enchendo. (1)
84. Cría corvos e sacaranche os ollos. (1)
85. Cuando marzo maiea, maio marcea. (1)
86. Burro grande, ande ou non ande. (1)
87. Vodas con foguetes acaban a cachetes. (1)
88. Burra morta, burra farta. (1)
89. Beber con medida alarga a vida. (1)
90. Aprendiz de muto, maestro de nada. (1)
91. Antes de compra-lo becerro faille o cortello. (1)
92. Ano de mutas abelás, malas mañás. (1)
93. Ano de herba, ano de merda. (1)
94. Amigo que pide muto viño, dálle coa porta no fuciño. (1)
95. Almorzar como un rei, xantar como un noble e cenar como un mendigo. (1)
96. Agosto ardenteiro, herba no palleiro. (1)
97. Niebla na montaña, ¡cazador para a cabaña!* (1)
98. Niebla na montaña, ¡ pescador encarta a caña!* (1)
99. No mes das Navidades chéganlle ós cochos as maldades. * (1)

* Os refráns marcados cun asterisco son sospeitosos de ser casteláns xa que non aparecen no *Refraneiro galego básico* (Ferro Ruibal, 1987), que tomamos como referente por se-la maior colección de refráns galegos que se ten publicado, e conteñen léxico castelán sen o cal desaparecería a rima.

E a continuación presentamos os refráns casteláns referidos polos informantes, que tamén están escritos tal e como aparecen nas enquisas, unhas veces citados en castelán e outras en galego como falsos refráns galegos; neste último caso, chegamos á conclusión de se trata de paremias castelás porque non aparecen non *Refraneiro galego básico* (Ferro Ruibal, 1987) e en cambio aparecen noutros diccionarios como refráns casteláns. Aparece tamén entre parénteses o número de veces que foi citado cada refrán:

1. En abril augas mil. (58)
2. Can ladrador pouco mordedor. (30)
3. Máis vale páxaro en mao que cento voando. (13)
4. Ano de neves, ano de bens. (10)
5. Quen mal anda mal acaba. (9)
6. Ó mal tempo boa cara. (8)
7. Máis vale só que mal acompañado. (8)
8. Por San Blas hora e media máis. (6)
9. A primavera a sangre altera. (5)
10. A bon entendedor poucas palabras bastan . (5)
11. De tal pao tal astilla. (5)

12. No deixes para mañá o que podas facer hoxe. (4)
13. Mentres ande eu quente que se ría a xente. (3)
14. Auga que non has de beber, déixaa correr. (3)
15. Amores reñidos, os máis queridos. (3)
16. En casa do ferreiro cuchillo de pao. (3)
17. En boca cerrada non entran moscas. (2)
18. De grandes cenas están as sepulturas cheas. (2)
19. No por muto madrugar amañece máis temprano. (2)
20. Si veis as barbas do teu veciño pelar pon as túas a remollar. (1)
21. Quen se pica allos come. (1)
22. Quen non chora non mama. (1)
23. Por San Blas a neve verás. (1)
24. Por San Blas la cigüeña verás, y si no la vieres, año de nieves. (1)
25. Para torear y casarse hay que arrimarse. (1)
26. Onde hai confianza dá asco. (1)
27. Ollos que non ven, corazón que non sente. (1)
28. El hombre y el oso, cuanto más feo más hermoso. (1)
29. De la mujer y el dinero no te burles compañero. (1)
30. Antes cabe un camello no buraco dunha agulla que un rico no ceio. (1)
31. Abriles y caballeros hay pocos buenos. (1)
32. Más vale prevenir que lamentar. (1)
33. Vive como si fueras a morir mañana. (1)
34. Lo bueno, si breve, dos veces bueno. (1)

2. 1. 1. Análise

Os informantes escribiron un total de 590 unidades que eles consideraron refráns; pero só 465 destas son verdadeiros refráns, xa que o resto son ditos populares, cantigas, frases feitas e incluso desautomatizacións de refráns (ex. *Non fagas hoxe o que podas deixar pa mañá*). Destes 465 refráns 271 son galegos e 194 casteláns. Polo tanto, cada informante referiu unha media de 8. 1 supostos refráns, dos que só 6. 2 o eran realmente, e destes 3. 6 eran galegos e 2. 6 casteláns.

Estes resultados son extremadamente baixos se os comparamos cos do citado experimento de Albig en 1931, no que recollera un total de 1443 refráns, cunha media de 21. 2 refráns por informante, media que Mieder considera baixa (Mieder, 1995: 3). Aínda tendo en conta que a enquisa se realizou na metade de tempo (o experimento de Albig durou media hora e o noso 15 minutos) e que os informantes son máis novos e con menos estudos (Albig realizou a enquisa con estudantes universitarios mentres que nós a fixemos con estudantes de secundaria), os resultados seguen sendo baixos. Estes datos reflicten a carencia que teñen os falantes máis novos dunha boa competencia paremiolóxica, sobre todo en galego, tendo en conta que esta é a lingua materna da maioría deles.

Volvendo cos datos anteriores, debemos sinalar que os 271 refráns galegos son en realidade 99 refráns repetidos unha media de 2. 7 veces, e os 194 casteláns son 34 refráns repetidos unha media de 5. 7 veces. Así, os refráns que se repiten máis veces son casteláns: *En Abril aguas mil*, citado por 58 dos 75 informantes, e *Perro ladrador poco*

mordedor, repetido 30 veces; mentres que os refráns galegos máis repetidos foron citados 25 veces (*En maio inda queima a vella o tallo (e o vello o escano/arado*) e *A quen madruga Deus o axuda*).

Ademais, debemos prestar atención ó feito de que o 34% dos refráns galegos citados teñen equivalentes exactos en castelán (coa mesma metáfora, a mesma estrutura e o mesmo léxico). Pero os datos son aínda máis alarmantes se temos en conta que o 75% dos refráns galegos máis citados (entre 5 e 25 veces) son exactamente iguais en castelán, mentres que dos repetidos menos de 5 veces só coinciden co castelán o 28%. Podemos, polo tanto, apreciar a gran influencia que a fraseoloxía castelá exerce sobre o uso que os informantes máis novos fan dos refráns.

2. 2. Enquisa II

Nesta segunda enquisa formulámoslles ós informantes preguntas sobre o seu nivel de coñecemento, comprensión e uso, así como sobre o proceso de aprendizaxe de cada un dos 50 refráns que lles propuxemos. Imos agora analizá-los resultados.

A continuación podemos ve-la lista dos refráns, ordenados dos máis ós menos coñecidos, xunto coas correspondentes porcentaxes de coñecemento (**coñec.)**, comprensión (**comp.)** e uso, así como a forma en que a maioría dos informantes aprenderon os refráns (**aprend.)**. Hai que ter en conta que, aínda que sendo datos reais, son matizables por seren valoracións feitas polos propios informantes.

Refrán	**coñec.**	**comp.**	**uso**	**aprend.**
Sarna con gusto non pica.	96%	98%	74%	na casa
O que non ten cabeza escusa sombreiro.	94%	98%	72%	na casa
O que con nenos se deita cagado se levanta.	92%	100%	74%	na casa
Ó can fraco todo se lle volven pulgas.	90%	90%	62%	na casa
Costureira sin dedal cose pouco e cose mal.	90%	96%	44%	na casa
O que chega tarde nin oe misa nin come carne.	88%	98%	56%	dos vellos
O que teña tenda que a atenda e se non que a venda.	88%	98%	64%	na casa
Xente nova e leña verde todo se volve fumo.	88%	96%	62%	na casa
Ó gato escaldado ata a auga fría lle fai dano.	88%	98%	48%	dos vellos
Ó catarro dálle co xarro.	86%	96%	60%	na casa
O que ten burro e vai a pé máis burro el é.	84%	98%	46%	dos vellos
Setembro ou seca fontes ou leva pontes.	84%	98%	36%	dos vellos
Ovella que berra, bocado que perde.	84%	96%	52%	dos vellos
Non hai luar coma o de xaneiro nin amor coma o primeiro.	78%	88%	20%	dos vellos
O home e o can van onde llo dan.	76%	90%	28%	dos vellos
O que parte e comparte, se é persoa de arte, deixa pra si a millor parte.	72%	84%	54%	na casa
Máis vale pequeno e agudo que grande e burro.	70%	94%	44%	dos vellos
Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu.	68%	90%	38%	dos vellos
Chova en abril e maio inda que non chova en todo o ano.	64%	84%	30%	dos vellos

Na terra dos lobos hai que oulear/ouvear coma todos.	62%	86%	30%	dos vellos
Auga na Santa Mariña na meda fai fariña.	62%	74%	30%	dos vellos
O traballo do neno é pouco e quen o perde é louco	62%	86%	44%	dos vellos
Cando marzo maiea, maio marcea.	62%	68%	26%	na casa
Auga en maio, pan pa todo o ano.	58%	78%	28%	dos vellos
No mes de San Xoán as nove con día dan.	58%	82%	18%	dos vellos
A quen Deus non lle dá fillos o demo lle dá sobriños.	58%	86%	28%	dos vellos
Auga en San Xoán tolle viño e non dá pan.	56%	76%	26%	dos vellos
Fillo es, pai serás; como fixeres, así o terás.	56%	84%	28%	dos vellos
Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, entre maio e a sega marcha o cuco pá súa terra.	56%	80%	38%	dos vellos
O que regala ben vende, se o que recibe entende.	54%	72%	38%	na casa
Abril, se por mal quere vir, nin as portas deixa abrir.	54%	76%	20%	na casa
¡Miniñas ó San Brais que festas non hai máis!	52%	86%	34%	dos vellos
En abril cata a loba no cubil.	52%	60%	22%	dos vellos
En febreiro sete capas e un sombreiro.	48%	72%	18%	dos vellos
De miniño rei, de mozo galán, de casado burro e de vello can.	48%	74%	22%	dos vellos
Se o cuco non canta entre marzo e abril ou o cuco é morto ou quere vi-la fin.	48%	76%	28%	dos vellos
Maio me molla, maio me enxuga, maio me dá a súa sacudidura, pero éche de fame que non de fartura.	46%	72%	22%	dos vellos
Mal lle vai ó raposo cando anda ós grilos.	44%	70%	26%	dos vellos
Maio pardo e San Xoán claro valen máis cós bois e o carro.	44%	66%	26%	dos vellos
En cada terra seu uso e en cada roca seu fuso.	42%	74%	24%	dos vellos
Se te pica o alacrán busca cura e sancristán que mañá te enterrarán.	42%	72%	18%	dos vellos
Boi solto de seu se lambe.	40%	54%	24%	dos vellos
A criado mal mandado pórlle a mesa e mandalo ó recado.	38%	74%	24%	dos vellos
O que bebe pola bota non se lle saben os tragos que bota.	36%	68%	16%	dos vellos
Xeonllo de home, cu de muller e fuciño de can nunca quentes están.	36%	78%	18%	dos vellos
Cando a Candeloria chora medio inverno vai fóra; que chore que deixe de chorar medio inverno está por pasar.	36%	70%	24%	dos vellos
Quen de noite vai e vén, de noite come o que ten.	34%	74%	22%	dos vellos
Ara en maio e bima en San Xoán, esterca ben e collerás pan.	30%	72%	18%	dos vellos
Marzo espigarzo, abril penduril, maio granado, en San Xoán curado e na Santa Mariña metido na arquiña.	26%	58%	12%	dos vellos
A boi tolo corda longa.	24%	62%	20%	dos vellos

2. 2. 1. Análise

Imos analizar agora individualmente os datos de coñecemento, comprensión, uso e aprendizaxe.

Coñecemento

Destes datos hai que destacar que 33 dos 50 refráns (66%) son coñecidos por máis da metade dos informantes, chegando algúns a ser recoñecidos polo 96% dos informantes; ademais, ningún dos refráns foi recoñecido por menos do 20%. Segundo estes datos, os informantes teñen unha boa competencia paremiolóxica pasiva (coñecemento), xa que a maioría deles teñen oído os refráns as suficientes veces como para recoñecelos.

Agora imos analiza-los resultados por franxas de idade:

Os menores de 30 anos coñecen unha media de 25. 5 dos 50 refráns, é dicir, pouco máis da metade; o 58% dos informantes coñece a metade ou máis da metade dos refráns propostos. Os informantes que teñen entre 30 e 60 anos coñecen unha media de 35. 7 dos 50 refráns, é dicir, o 71. 4%; nesta franxa de idade só hai unha persoa que declarou coñecer menos da metade dos refráns que lle propuxemos. E finalmente os maiores de 60 anos son os que coñecen máis paremias, unha media de 43. 1, é dicir, o 86. 2% dos refráns propostos.

Á vista dos datos, podemos afirmar que canto máis vella é a persoa que responde, maior coñecemento declara ter dos refráns propostos. Esta tendencia acentúase nos refráns referentes ó mundo rural en xeral; dos 24 refráns referentes ó campo que presentamos na enquisa, 10 son case descoñecidos para os menores de 30 anos, pero ben coñecidos e usados polos máis vellos. Da mesma maneira seguen esta tendencia tamén os refráns que falan de obxectos e costumes en desuso (por exemplo o refrán *O que bebe pola bota non se lle saben os tragos que bota* coñecido só por un 36% dos informantes). Podemos, polo tanto, apreciar a progresiva perda dos refráns que describen a sociedade galega máis tradicional.

Comprensión

Hai que sinalar que tódolos informantes en xeral declararon entender perfectamente o significado da maioría dos refráns propostos. Imos analiza-los datos por bloques de idade:

Os menores de 30 anos declararon entender unha media do 80% dos refráns. Practicamente tódolos informantes entenden a maioría dos refráns (quedando só dous dos enquisados por debaixo do 50%). Os datos entre 30 e 60 anos son moi semellantes ós da franxa anterior, entenden unha media de 40 dos 50 refráns, o 80%. E finalmente os maiores de 60 anos entenden unha media de 44. 4 dos 50 refráns, case o 89%.

Destes datos podemos saca-la conclusión de que a os informantes declararon entender perfectamente a maioría dos refráns propostos. Isto quizais se deba a que moitas destas paremias teñen unha única interpretación. É este o caso de *O que con nenos se deita*

cagado se levanta que tódolos informantes declararon entender. Así e todo, é curioso que os refráns referentes á climatoloxía e ós labores do campo, que non teñen un sentido metafórico, senón que se poden interpretar literalmente, son comprendidos por unha porcentaxe relativamente baixa dos informantes (ex. *Maio pardo e San Xoán claro valen máis cós bois e o carro*, entendido polo 66%). Isto pode deberse a que moitos dos informantes, sobre todo os máis novos, non comprenden o vocabulario propio da labranza nin están afeitos á observación da climatoloxía que practican os labregos.

Uso

Como podemos observar, as porcentaxes de uso dos refráns propostos son baixas con respecto ás de coñecemento e comprensión. Os refráns *O que con nenos se deita cagado se levanta* e *Sarna con gusto non pica*, que o 74% dos enquisados afirmou usar, obtiveron os datos máis altos; e os máis baixos foron para *Marzo espigarzo, abril penduril, maio granado, en San Xoán curado e na Santa Mariña metido na arquiña* usado polo 12%.

Imos agora analiza-los datos por franxas de idade:

Os menores de 30 anos usan unha media de 10. 3 dos 50 refráns, é dicir, un 20. 6%. Dos informantes máis novos, só dúas persoas usan máis da metade (52% e 60%) e as porcentaxes máis baixas descenden ata o 0% (hai dúas persoas que non usan ningún dos refráns propostos). Os informantes entre 30 e 60 anos usan unha media de case 23 dos 50 refráns (45. 4%), chegando algúns a usar o 100% e outros só o 6%. Os maiores de 60 anos usan unha media de 36 dos 50 refráns (72%), oscilando esta porcentaxe entre o 98% e o 8%.

Segundo estes datos, podemos afirmar que, aínda que os informantes coñecen e entenden os refráns propostos, non os usan tanto como cabería esperar. Respecto a isto Díaz Pérez (1997: 189) sinala:

> *Potencialmente, si poseemos una competencia pasiva amplia, su correspondiente actualización debería ser asimismo vasta, pero, en realidad, la producción de refranes está limitada, en casos normales, a su inserción en un contexto determinado, apropiado para la correcta aplicación de su carga sentenciosa, y, además, factores como la diferente estimación social del empleo de refranes o la extrañeza que su uso puede producir en el interlocutor reducen su aparición, y recurrir a ellos no parece ser tan frecuente como un análisis del conocimiento pasivo nos podría hacer pensar.*

O uso dos refráns é especialmente baixo entre os informantes máis novos; ademais, esta tendencia afecta sobre todo ós refráns que se refiren ó campo e ó mundo rural en xeral. Así, as paremias referentes á climatoloxía, ós animais e á agricultura son usadas por unha porcentaxe entre o 38% e o 18% dos informantes de menos de 30 anos, mentres que outros refráns alcanzan taxas de máis do 70%. Esto pode deberse a que a sociedade galega se está a volver cada vez máis urbana e iso fai que o contexto lingüístico e social no que antes se inserían os refráns relativos ó campo tenda a desaparecer e diminúa cada vez máis o seu uso.

Agora ben, a perspectiva non é tan negativa se temos en conta que a competencia paremiolóxica se adquire co paso do tempo. Polo tanto, a medida que os falantes máis novos vaian envellecendo, irán adquirindo unha maior competencia paremiolóxica, tanto pasiva coma activa.

Aprendizaxe

Pasamos agora a analiza-los datos sobre a aprendizaxe dos refráns. As posibles respostas á pregunta "¿onde aprendeu o refrán?" eran tres: aprendéronos ou ben "nos libros", é dicir, na escola ou lendo; ou ben "na casa" ou "dos vellos". Estas dúas últimas posibilidades son similares xa que un refrán aprendido na casa tamén puido ser ensinado polos avós pero, a opción "[aprendino] dos vellos" concédelles unha maior importancia ós anciáns no proceso de transmisión e dálle cabida ademais á posibilidade de que o refrán non fose aprendido dos propios avós senón "dos vellos" da aldea.

A porcentaxe de refráns que os informantes declararon aprender dos vellos é moi alta. O refrán *Setembro ou seca fontes ou leva pontes*, que ten o tanto por cento máis alto, foi aprendido dos vellos polo 52% dos informantes. Os datos máis baixos son para o refrán *A boi tolo corda longa* que foi aprendido dos vellos só polo 14%.

Tamén houbo moitos informantes que declararon aprender os refráns na casa. A porcentaxe máis alta é para o refrán *O que non ten cabeza escusa sombreiro* cun 58% e a máis baixa para *Marzo espigarzo, abril penduril, maio granado, en San Xoán curado e na Santa Mariña metido na arquiña* cun 4%.

En cambio, moi poucos declararon aprender os refráns nos libros. A porcentaxe máis alta, do 12%, é para *Non hai luar como o de xaneiro nin amor como o primeiro* e a máis baixa foi do 0%, 31 dos 50 refráns non foron aprendidos nos libros por ningún dos informantes. Estes datos evidencian que a transmisión dos refráns nesta zona segue a producirse dunha forma oral, no seo da familia e da aldea.

Agora imos analiza-los datos obtidos sobre o medio de transmisión dos refráns tendo en conta o nivel de estudos dos informantes:

En primeiro lugar, aqueles que só cursaron estudos primarios afirmaron aprender dos vellos o 56% dos refráns, case un 30% na casa e só o 0. 9% dos libros ou na escola. Os que cursaron ou están a cursar estudos secundarios aprenderon dos vellos o 27. 5% dos refráns propostos, o 27. 8% na casa e o 2. 9% nos libros. E finalmente, os que cursaron ou están a cursar estudos universitarios aprenderon dos vellos o 33% dos refráns, o 35. 5% na casa e o 5% dos libros.

Destes datos hai que destacar que ó ir aumentando o nivel educativo prodúcese unha perda progresiva da transmisión a través dos máis vellos a favor da transmisión na casa e sobre todo da transmisión a través dos libros, aínda que esta última segue a ser mínima. Parece evidente que canto maior sexa o nivel educativo dos informantes maior será a probabilidade de que aprendan os refráns na escola ou nos libros.

Utilidade dos refráns

Como punto final da enquisa formulamos unha pregunta sobre a función que desempeñan os refráns na nosa sociedade. Aínda que non houbo unanimidade, as respostas foron bastante semellantes. A maioría dos informantes opina que os refráns serven para ensinar e aconsellar sobre diversos aspectos da vida, sobre todo para guiar ós labregos nas tarefas do campo, e ademais transmiten a sabedoría e as tradicións dos nosos antepasados. Tamén se afirma que é unha forma divertida de aprender cousas da vida cotiá, ou simplemente un pasatempo. Segundo estes datos, parece que os informantes consideran os refráns útiles e importantes para a vida cotiá; pero esta opinión non se reflicte no uso que fan deles.

3. Mínimo paremiolóxico

Finalmente, cos refráns máis repetidos nas dúas enquisas elaboramos unha proposta de mínimo paremiolóxico, é dicir, unha lista dos refráns xeralmente coñecidos na zona de Viana do Bolo. Das 42 paremias que forman este mínimo, 6 proceden da primeira enquisa e 36 da segunda. Na primeira enquisa eliximos os refráns galegos repetidos máis de 10 veces, e na segunda escollemos os recoñecidos por máis do 50% dos informantes ou ben aqueles que máis do 75% declarou entender, sempre que fosen coñecidos por unha alta porcentaxe dos informantes. E este é o que, segundo o noso estudo, se podería considerar mínimo paremiolóxico do galego na zona de Viana do Bolo, clasificado por temas e explicado o significado de cada un dos refráns.

AMOR

Non hai luar como o de xaneiro nin amor como o primeiro.

Esta é unha comparación do primeiro amor, que se considera o mellor, coa lúa de xaneiro que é a máis brillante.

ANIMAIS

En abril cata a loba no cubil.

En abril a loba está no cubil porque é a época de cría.

Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, entre maio e a sega marcha o cuco pá súa terra.

O cuco aparece polos nosos montes en primavera e desaparece no verán.

Se o cuco non canta entre marzo e abril ou o cuco é morto ou quere vi-la fin.

O cuco sempre se oe nos montes nesta época e polo tanto tería que pasar algo moi grave para que isto cambiase.

BEBIDA

Ó catarro dálle co xarro.

A bebida é unha boa menciña contra o catarro. Hai menciñas tradicionais para o catarro que conteñen algún tipo de alcohol, por exemplo o leite con coñac ou o viño quente con mel.

CLIMA

Abril, se por mal quere vir, nin as portas deixa abrir.

Refírese ó frío e ó mal tempo que vai no mes de abril.

Auga en maio, pan pa todo o ano.

A chuvia no mes de maio favorece a colleita do centeo, ó que nesta zona se lle chama *pan*.

Auga en San Xoán tolle viño e non dá pan.

A chuvia en xuño non é boa para as colleitas.

Auga na Santa Mariña na meda fai fariña.

A chuvia no mes de xullo é moi beneficiosa para o centeo. A Santa Mariña celébrase o 18 de xullo.

Cando marzo maiea, maio marcea.

Cando en marzo vai calor, temperaturas típicas do mes de maio, en maio irá frío e choverá, que é o propio de marzo.

Chova en abril e maio inda que non chova en todo o ano.

A chuvia nos meses de abril e maio é a clave dunha boa colleita.

En maio inda queima a vella o tallo.

No mes de maio aínda vai frío, aínda non é verán.

En maio non quíte-lo saio.

En maio aínda pode ir frío e non é conveniente poñer aínda a roupa de verán.

En febreiro sete capas e un sombreiro.

No mes de febreiro vai moito frío.

Maio pardo e San Xoán claro valen máis cós bois e o carro.

A chuvia en maio e o sol en xuño favorecen as colleitas.

Marzo ventoso e abril chuvioso sacan a maio florido e fermoso.

Se chove e vai mal tempo en marzo e abril, en maio florecen os campos.

Setembro ou seca fontes ou leva pontes.

En setembro soe chover moito ou ir moita calor.

COMPAÑÍAS

Dime con quen andas e direiche quen es.

A xente coa que alguén se relaciona inflúe moito no seu comportamento.

COSTUMES

En cada terra seu uso e en cada roca seu fuso.

Cada zona, aldea ou familia ten os seus propios costumes, que deben ser respectados.

Na terra dos lobos hai que oulear / ouvear coma todos.

Para ser aceptado polos demais hai que comportarse coma eles.

DESGRAZAS

Ó can fraco todo se lle volven pulgas.

Dise cando unha desgraza cae sobre alguén que xa ten problemas.

Sarna con gusto non pica.

Dise cando un fai algo malo para si mesmo aínda sendo consciente das consecuencias.

ESCARMENTAR

Ó gato escaldado ata a auga fría lle fai dano.

Quen unha vez sufriu un contratempo, a próxima vez estará alerta.

FALAR

Ovella que berra, bocado que perde.

Falar demasiado non dá proveito.

FAMILIA

Fillo es, pai serás; como fixeres, así o terás.

Trata ós teus pais como queres que os teus fillos te traten a ti.

A quen Deus non lle dá fillos o demo lle dá sobriños.

Refírese ós problemas e preocupacións que conleva o ter fillos, así coma os problemas coas herdanzas, cando os fillos ou os sobriños loitan entre si polos bens dos anciáns.

FESTAS

¡Miniñas ó San Brais que festas non hai máis!

San Brais celébrase o día 3 de febreiro e é a última festa da temporada na zona de Viana: non hai máis festas ata o mes de abril.

INTERESE

O que parte e comparte, se é persoa de arte, deixa pra si a millor parte.

Quen ten poder de decisión sobre algo normalmente sácalle algún proveito adicional.

O que regala ben vende se o que recibe entende.

Os regalos non son desinteresados, un regalo ou un favor supón outro a cambio.

ORGULLO

Mal lle vai ó raposo cando anda ós grilos.

Dise cando alguén moi orgulloso se rebaixa con respecto á súa actitude habitual.

Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu.

Quen unha vez foi pobre, cando ten cartos non adoita ser xeneroso cos demais, senón todo o contrario.

SEXO

O home e o can van onde llo dan.

Compara o home, que segundo a opinión tradicional se deixa guiar polos seus instintos sexuais, co can que busca comida.

SISO

O que non ten cabeza escusa sombreiro.

Refírese as persoas con pouco sentido.

O que ten burro e vai a pé máis burro el é.

O que ten algo útil e non o aproveita é parvo.

TAMAÑO

Máis vale pequeno e agudo ca grande e burro.

Ás veces non conta tanto a estatura coma as capacidades das persoas ou cousas.

TARDANZA

A quen madruga Deus o axuda.

Levantarse cedo sempre trae algún proveito.

O que chega tarde nin oe misa nin come carne.

Quen se levanta ou chega cedo recolle algún beneficio e quen se levanta ou chega tarde non.

TRABALLO

Costureira sin dedal cose pouco e cose mal.

Á xente que non lle pon interese ó traballo todo lle sae mal. O dedal neste caso é un elemento que, como punto de apoio que é, facilita moito o traballo da costura.

O que teña tenda que a atenda e se non que a venda.

Quen ten algún negocio debe atendelo ben.

O traballo do neno é pouco e quen o perde é louco.

Refírese ó aproveitamento do traballo dos nenos. Na sociedade galega tradicional os nenos realizaban traballos como levar as vacas ós pastos e coidar delas, levar comida, bebida e todo tipo de recados ós familiares, etc.

XENTE NOVA

O que con nenos se deita cagado se levanta.

Non se pode esperar que os mozos actúen coma adultos.

Xente nova e leña verde todo se volve fumo.

Os mozos alardean moito da súa valentía pero logo non fan nada.

Como podemos observar, os refráns que forman a nosa proposta de mínimo paremiolóxico teñen unha temática variada. Mesmo así, é de destacar que a climatoloxía é o campo que conta cunha maior cantidade de refráns xeralmente coñecidos e usados polos falantes da zona. A pesar de que, como vimos, este tipo de refráns non son moi coñecidos entre os falantes máis novos, seguen a ser os máis usados polos vellos. Estas paremias serven, en xeral, de guía para os labregos nos labores do campo e, como vimos, grande parte dos informantes opina que é precisamente esta a función primordial dos refráns.

4. Utilidade do mínimo paremiolóxico para a tradución.

A paremioloxía é unha parte importante de cada lingua e cada cultura e, como tal, debería estar incluída no programa de formación dun traductor. Como todos sabemos, un bo traductor debería ser quen de identificar un refrán, para así tratalo como unha unidade independente dentro do texto e buscar un equivalente na lingua de chegada. Verbo disto Blanco e Moreno (1997: 121) din:

> *(...) el locutor nativo posee un conocimiento activo de cierto número de proverbios y un conocimiento pasivo de un número aún más elevado. Es, por otra parte, capaz de identificarlos incluso a pesar de que éstos hayan sido sometidos a importantes modificaciones formales. El recurso al proverbio en la prensa, la literatura y la publicidad es usual.*

Polo tanto, o traductor debería ter unha competencia paremiolóxica na lingua de partida que lle permita identifica-los refráns que aparezan no texto orixinal. Así mesmo, tamén debería ter unha boa competencia paremiolóxica na lingua de chegada para poder dar cun refrán equivalente.

Actualmente os diccionarios paremiolóxicos que un traductor ten á súa disposición, tanto monolingües coma bilingües e multilingües, son moi escasos, sobre todo en galego. Ademais, como sinala Ferro Ruibal (1997: 208), preséntasenos outro problema xa que estes repertorios inclúen refráns arcaicos xunto con outros actuais, algúns recollidos oralmente xunto con outros procedentes de medios escritos e incluso traducións literais doutras linguas ou invencións dos propios autores, todo isto sen ningún tipo de marca que os diferencie.

Tamén Sevilla Muñoz (1999: 4-5) apunta estas deficiencias referíndose ós repertorios e diccionarios de expresións idiomáticas:

> *(...) los que existen suelen agruparlas por palabras clave y las acompañan del significado, sinónimos, un ejemplo y la correspondencia en las otras lenguas [...] Sin embargo, no se incluyen indicaciones acerca de su frecuencia, el nivel de lengua, el registro al que pertenecen, ni tampoco del uso; datos, a nuestro juicio, indispensables para lograr unha buena traducción. [...] Se ha de buscar obviamente una correspondencia no sólo de significado, sino también de registro, de nivel de lengua y de uso.*

A maioría destas coleccións foron elaboradas recollendo refráns en medios escritos non sempre actuais, sen ter en conta que o refraneiro, ademais de ser unha forma de expresión principalmente oral, non é un corpus estable, senón que cambia constantemente. Un refrán moi usado nun determinado momento pode caer en desuso ou un refrán pouco usado pode pasar a ser moi usado; créanse e desaparecen refráns constantemente.

Así, de se levaren a cabo estudos estatísticos para establece-los mínimos paremiolóxicos das distintas linguas, os datos que se obtivesen poderían ser incluídos nos diccionarios e repertorios fraseolóxicos. Isto facilitaría moito a tarefa dos traductores, que xa non terían que buscar pola súa conta un refrán de significado equivalente e contarían ademais con datos de frecuencia de uso, rexistro, etc. , tanto do refrán orixinal coma dos posibles equivalentes.

Ademais dos aspectos lingüísticos, hai que sinalar tamén que o refraneiro é unha parte importante dunha cultura, xa que moitas veces contén a sabedoría popular e describe os costumes e a forma de vida tradicional dun pobo. Polo tanto, deberíase incluír o estudo dos mínimos paremiolóxicos das distintas linguas como parte da formación lingüística e cultural dos futuros traductores, tal e como afirman autores coma Mieder (1995: 4):

> *As Permiakov would have argued, no speaker of a foreign language can hope to gain cultural literacy in the target language without the knowledge of its paremiological minimum.*

ou Blanco e Moreno (1997: 117):

> *(...) todo parece indicar que el locutor nativo de una lengua dada posee, como parte integrante de su competencia lingüística, el conocimiento activo de un determinado número de paremias. En este aspecto, la introducción del proverbio tendría como objeto el aprendizaje, por parte del alumno, de un mínimo paremiológico [...] en lengua extranjera, que constutuiría una más de las facetas de su formación lingüística y cultural en el idioma.*

Como vemos, diversos estudos apoian a idea de incluí-lo mínimo paremiolóxico na formación dos estudantes dun idioma estranxeiro, pero supoñen que o falante nativo non precisa desa formación. Non obstante, os datos que obtivemos nas enquisas mostran a carencia que teñen as novas xeracións de galegos dunha boa competencia paremiolóxica na súa lingua e, polo tanto, cremos que se debería incluí-lo estudo dun mínimo paremiolóxico como parte da formación dos nosos traductores.

Seguramente teña algo que ver con este deficiente coñecemento do refraneiro a especial situación en que se atopa o galego, que ten que competir con outro idioma na súa zona lingüística. Ademais, a transformación da nosa sociedade, antes case completamente rural, nunha sociedade cada vez máis urbana favorece a desaparición dos refráns tradicionais relativos ó campo. Por todo isto, cremos que cómpre incluír na formación dos nosos traductores o estudo dun mínimo paremiolóxico, como parte do estudo da lingua e da cultura galegas.

Así mesmo, a aprendizaxe dos refráns tradicionais, propiamente galegos, máis comúns entre os nosos anciáns daríalles ós máis novos, cando menos, unha boa competencia paremiolóxica pasiva (coñecemento) que podería evolucionar cara a un maior uso da fraseoloxía tradicional. Fortaleceríase así o patrimonio paremiolóxico galego e empeceríase a influencia que sobre el exerce a paremioloxía castelá. E, con isto, poderíase quizais "revitaliza-los procesos de creación e circulación paremiolóxica para contrarresta-lo avance da fala plana e esquelética das modernas cidades. " (Ferro Ruibal, 1997: 212).

4. 1. Tradución do "mínimo"

E xa que elaboramos unha proposta de mínimo paremiolóxico do galego, imos darlle unha aplicación práctica en tradución. A continuación propoñemos equivalentes en castelán e inglés para os refráns que compoñen o mínimo.

Como xa apuntamos anteriormente, para traducir correctamente un refrán habería que buscar outro na lingua de chegada que fose equivalente non só en significado, senón tamén no rexistro e no nivel de uso. Ende mal, nos dicionarios paremiolóxicos dispoñibles non aparecen estes datos, así que recollemos tódolos refráns que consideramos equivalentes en significado, ou a falta destes, refráns que tratasen o mesmo tema. Debemos sinalar así mesmo, que non pretendemos presentar os equivalentes en castelán e inglés como "mínimo paremiolóxico" destas linguas, xa que para elaborar un "mínimo" habería que realizar un estudo similar ó presente; por tanto, presentamos estes refráns únicamente como posibles equivalentes á hora de traducir o "mínimo" galego que elaboramos.

Segundo a clasificación que de Fernández e Montero (1996: 156-7), podemos establecer distintos graos de equivalencia dos refráns casteláns e ingleses que propoñemos con respecto ós orixinais galegos:

- Aqueles nos que a imaxe é idéntica e está expresada cos mesmos elementos có orixinal, ás veces con lixeiras variacións. Nestes casos adoitan te-la mesma orixe. É este o caso do equivalente castelán *A quien madruga Dios le ayuda* que propoñemos como tradución para o refrán galego *A quen madruga Deus o axuda*. Da mesma maneira, o refrán inglés *He who has no head needs no hat* ten unha correspondencia completa co galego *O que non ten cabeza escusa sombreiro*. Ás veces, incluso se produce unha correspondencia total nas tres linguas, como é o caso de *Ó can fraco todo se lle volven pulgas*, *A perro flaco todo son pulgas* e *A lean dog gets nothing but fleas*.

- Aqueles casos nos que hai unha equivalencia parcial, o pensamento ou ensinanza é a mesma, pero a imaxe, aínda que garda certa similitude coa orixinal, está expresada con elementos distintos ou só coincide en parte. É este o caso do refrán castelán *El que no tiene cabeza tiene que tener pies*, proposto como tradución do galego *O que non ten cabeza escusa sombreiro*, así coma do equivalente inglés *Cast not clout till May is out* para o refrán galego *En maio non quíte-lo saio*.

- Os que expresan o mesmo pensamento cunha imaxe totalmente distinta. Este é o caso do refrán galego *Non hai luar como o de xaneiro nin amor como o primeiro* para o que

propoñemos o equivalente castelán *Frutos y amores, los primeros son los mejores* e o inglés *Of soup and love, the first is the best*.

- Pode haber casos en que non se atope ningún equivalente axeitado. Montero Küpper propón as seguintes solucións: Traducilo por outro refrán que translade parte ou algún aspecto do significado. Esta foi a solución que adoptamos por exemplo para traducir o refrán *En febreiro sete capas e un sombreiro*, para o que propuxemos como equivalentes parciais o castelán *Febreros y abriles, los más viles* e o inglés *If in February there be no rain, 'tis neither good for hay nor grain*.

Como o noso cometido non era traducir un texto, senón propoñer equivalentes, non botamos man das dúas últimas solucións que propoñen Fernández e Montero: Traducir literalmente o refrán orixinal, se se quere, mantendo a forma sentenciosa de refrán; ou ben trasladar só a idea do refrán mediante outra unidade fixa (citas, locucións, modismos) ou unha paráfrase. E, se se cre necesario, comentar nunha nota a pé de páxina que no orixinal aparece un refrán intraducible.

Non obstante, nos casos en que non demos cun equivalente, nin sequera parcial, buscamos un refrán que tratase o mesmo tema, aínda que propuxese unha máxima distinta. É este o caso do refrán inglés *Feed a cold and starve a fever* que propón unha solución para o catarro diferente da que dá o refrán galego *Ó catarro dálle co xarro*.

Debemos sinalar, ademais, que ás veces propoñemos varios equivalentes distintos, sempre ordenados de maior a menor grao de equivalencia.

4. 1. 1. Glosario galego-castelán-inglés

1. En maio inda a vella queima o tallo.
(es) *Hasta el 40 de mayo no te quites el sayo.*
(en) *Never cast a clout till May is out.*

2. A quen madruga Deus o axuda.
(es) *A quien madruga Dios le ayuda.*
(en) *The early bird catches the worm.*
(en) *Early to bed and early to rise makes a man healthy, wealthy and wise.*
(en) *An hour in the morning is worh two in the evening.*

3. En maio non quíte-lo saio.
(es) *Hasta el 40 de mayo no te quites el sayo.*
(en) *Cast not clout till May is out.*
(en) *Stick to your flannels until your flannels stick to you.*

4. Marzo ventoso e abril chuvioso sacan a maio florido e fermoso.
(es) *Marzo airoso y abril lluvioso sacan a mayo florido y hermoso.*
(en) *March winds and April showers bring forth May flowers.*

5. Dime con quen andas e direiche quen es.
(es) *Dime con quien andas y te diré quien eres.*
(en) *Tell me with whom thou goest and I'll tell thee what thou doest.*
(en) *A man is known by the company he keeps.*
(en) *A man is known by his friends.*

6. En febreiro sete capas e un sombreiro.
(es) *Febreros y abriles, los más viles.*

(es) *En febrero un día malo y otro bueno.*
(es) *En invierno no hay mejor amigo que la capa.*
(en) *If in February there be no rain, 'tis neither good for hay nor grain.*

O refrán inglés que propoñemos non sería exactamente un equivalente, aínda tamén se refire ó mes de febreiro.

7. Sarna con gusto non pica.

(es) *Sarna con gusto no pica.*
(es) *Carga que agrada no es pesada.*
(en) *What is borne willingly is borne easily.*
(en) *A voluntary burden is no burden.*
(en) *All things are easy that are done willingly.*
(en) *A burthen of one's own choice is not felt.*

8. O que non ten cabeza escusa sombreiro.

(es) *El que no tiene cabeza tiene que tener pies.*
(en) *He who has no head needs no hat.*
(en) *A forgetful head makes a weary pair of heels .*
(en) *A witless head makes weary feet.*

9. O que con nenos se deita cagado se levanta.

(es) *Quien con niños se acuesta cagado se levanta.*
(en) *If you lie down with dogs you'll get up with fleas.*

10. Ó can fraco todo se lle volven pulgas.

(es) *A perro flaco todo son pulgas.*
(es) *En casa vieja todo se vuelven goteras.*
(es) *Las desgracias nunca vienen solas.*
(es) *La desgracia tiene hijas aunque no tiene madre.*
(en) *A lean dog gets nothing but fleas.*
(en) *Flies are busiest about lean horses.*
(en) *Misfortunes come by forties.*
(en) *Misfortunes never come singly.*
(en) *Poverty on an old man's back is a heavy burden.*
(en) *It never rains but it pours.*

11. Costureira sin dedal cose pouco e cose mal.

(es) *Alfayate sin dedal cose poco y cose mal.*
(es) *A la mala hilandera la rueca le hace dentera.*
(es) *Lavandera mala no encuentra jamás buena piedra.*
(en) *A bad workman blames his tools.*
(en) *Never had ill workman good tools.*

12. O que chega tarde nin oe misa nin come carne.

(es) *El que llega tarde ni oye misa ni come carne.*
(es) *Camarón que se duerme se lo lleva la corriente.*
(en) *The early bird catches the worm.*
(en) *An hour in the morning is worth two in the evening.*
(en) *Early to bed and early to rise makes a man healthy, wealthy and wise.*

13. O que teña tenda que a atenda e se non que a venda.

(es) *Quien tenga tienda que la atienda y si no que la venda.*
(en) *The master's eye makes the horse fat.*
(en) *'Tis the farmer's care that makes the field bear.*
(en) *A good farmer makes a good farm.*

14. Xente nova e leña verde todo se volve fumo.

(es) *Guárdate del mozo cuando le nace el bozo.*

(es) *A poca barba poca vergüenza.*

(es) *Juventud no conoce virtud.*

(es) *Locura tras locura la mocedad madura.*

(en) *There is no putting an old head on young shoulders.*

(en) *Young blood doth not obey an old decree.*

(en) *Boys will be boys.*

15. Ó gato escaldado ata a auga fría lle fai dano.

(es) *El gato escaldado del agua fría huye.*

(es) *Al espantado la sombra le espanta.*

(es) *La experiencia es la madre de la ciencia.*

(en) *A scalded cat fears cold water.*

(en) *Dogs once scalded are afraid even of cold water.*

(en) *A burnt child dreads / fears fire.*

(en) *Once bitten, twice shy.*

(en) *Adversity is the school of wisdom.*

É curioso que o primeiro dos refráns casteláns e os dous primeiros en inglés usan o mesmo termo có galego: *escaldado*, *escaldado* e *scalded*, seguramente os tres proveñen dun mesmo refrán latino que xa usaría este termo.

16. Ó catarro dálle co xarro.

(es) *Al catarro con el jarro, pero nota que el jarro no es bota.*

(en) *Feed a cold and starve a fever.*

En inglés non encontramos ningún refrán equivalente, pero recollemos este que propón un remedio distinto para o catarro.

17. O que ten burro e vai a pé máis burro el é.

(es) *El que tiene un burro y lo vende él se entiende.*

En inglés non encontramos ningún refrán nin sequera parecido, e o refrán castelán que propoñemos non estamos seguros de que exprese o mesmo significado có galego.

18. Setembro ou seca fontes ou leva pontes.

(es) *Septiembre o lleva las puentes o seca las fuentes.*

En inglés non atopamos ningún refrán que trate este tema.

19. Ovella que berra, bocado que perde.

(es) *Oveja que bala, bocado que pierde.*

(es) *En boca cerrada no entran moscas.*

(es) *En boca cerrada ni moscas ni nada.*

(en) *A bleating sheep loses a bite.*

(en) *A sut mouth catches no flies.*

(en) *Into a shut mouth flies fly not.*

(en) *A wise head keeps a closed mouth.*

(en) *Least said, soonest mended.*

20. Non hai luar coma o de xaneiro nin amor como o primeiro.

(es) *Frutos y amores, los primeros son los mejores.*

(es) *Las sopas y los amores, los primeros son los mejores.*

(en) *Of soup and love, the first is the best.*

21. O home e o can van onde llo dan.

Para este refrán non encontramos ningún equivalente nin en inglés nin en castelán, nin sequera algún que tratase un tema relacionado.

22. O que parte e comparte, se é persoa de arte, deixa pa si a millor parte.

(es) El que parte y reparte toma la mejor parte.
(en) Share and share alike.

O refrán inglés trata o mesmo tema, repartir e compartir, pero establece unha máxima distinta, compartir a partes iguais.

23. Máis vale pequeno e agudo ca grande e burro.

(es) *Más vale mano de juez y dedo de escribano que brazo de abogado.*
(es) *Más vale maña que fuerza.*
(es) *El mejor perfume se guarda en frasco pequeño.*
(es) *La esencia fina se vende en frasco pequeño.*
(en) *A little body often harbours a great soul.*
(en) *A little bush may hold a great hare, a little body a great heart.*
(en) *A little pot is soon hot.*

24. Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu.

(es) *Ni sirvas a quien sirvió, ni pidas a quien pidió, ni mandes a quien mandó.*
(en) *Neither beg of him who has been a beggar, nor serve him who has been a servant.*

Neste caso, tanto o en castelán coma en inglés demos cun refrán que usa a mesma metáfora, a mesma estrutura e o mesmo léxico.

25. Chova en abril e maio inda que non chova en todo o ano.

(es) *Llueva para mí abril y mayo y para ti todo el año.*
(es) *Abril y mayo, las llaves de todo el año.*
(en) *April rains for men, May for beasts.*
(en) *April and May are the keys of the year.*
(en) *Betwixt April and May if there be rain, 'tis worth more than oxen and wain.*

26. Na terra dos lobos hai que oulear/ouvear coma todos.

(es) *Donde fueres haz lo que vieres.*
(es) *Donde veas a todos cojear debes a lo menos renquear.*
(es) *Cuando pases por la tierra de los tuertos, cierra un ojo.*
(es) *Si entre burros te ves, rebuzna alguna vez.*
(en) *When in Rome, do as Romans do.*

27. Auga na Santa Mariña na meda fai fariña.

(es) *Agua en julio hace madera.*

Neste caso non encontramos ningún refrán inglés que tratese este tema, e o que propoñemos en castelán non sería un equivalente pero expresa, igual có galego, o benenficiosa que é a chuvia no mes de xullo.

28. O traballo do neno é pouco e o que o perde é louco.

Non encontramos nigún refrán castelán ou inglés sobre o traballo dos nenos, quizais por ser este un tema moi concreto.

29. Cando marzo maiea, maio marcea.

(es) *Cuando marzo mayea, mayo marcea.*
(es) *Cuando el verano es invierno y el invierno verano nunca buen año.*
(en) *A green Christmas brings a white Easter.*

30. Auga en maio, pan pa todo o ano.

(es) *Agua de mayo, pan para todo el año.*
(es) *En mayo lodo, espigas en Agosto.*
(en) *A bushel of March dust and a shower in May makes the corn green and the field gay.*

31. A quen Deus non lle dá fillos o demo lle dá sobriños.

(es) *Al que Dios no le da hijos el diablo le da sobrinos.*

(es) *Parientes y trastos viejos, pocos y lejos.*

(en) *Many kinsmen, few friends.*

32. Auga en San Xoán tolle viño e non dá pan.

(es) *Agua por San Juan quita vino y no da pan.*

En ingés non demos con ningún refrán sobre a chuvia no mes de xuño.

33. En cada terra seu uso e en cada roca seu fuso.

(es) *Donde fueres haz lo que vieres.*

(es) *Donde veas a todos cojear debes a lo menos renquear.*

(es) *Cuando pases por la tierra de los tuertos, cierra un ojo.*

(es) *Si entre burros te ves, rebuzna alguna vez.*

(en) *Different strokes for different folks.*

(en) *So many countries, so many customs.*

(en) *When in Rome, do as the Romans do.*

34. Fillo es, pai serás; como fixeres, así o terás.

(es) *Hijo eres y padre serás, conforme hicieres contigo harán.*

(es) *De tu hijo solo esperes lo que con tu padre hicieres.*

(en) *You reap what you sow.*

(en) *Do as you would be done by.*

(en) *Like abbot, like monk.*

(en) *Like master, like man.*

(en) *Jack is as good as his master.*

35. Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, entre maio e a sega marcha o cuco pá súa terra.

Para este refrán non encontramos ningún equivalente, parece ser que o cuco non é un animal do que se ocupen os refraneiros castelán e inglés.

36. O que regala ben vende, se o que recibe entende.

(es) *Quien regala bien vende si quien recibe lo entiende.*

(en) *Bound is he that gifts taketh.*

(en) *To accept a favour is to sell one's liberty.*

(en) *One good turn deserves another.*

(en) *Ask and have is sometimes dear buying.*

(en) *Better buy than beg.*

37. Abril, se por mal quere vir, nin as portas deixa abrir.

(es) *Abril sonriente de frío mata a la gente.*

(es) *Abriles y caballeros hay pocos buenos.*

(es) *Febreros y abriles, los más viles.*

(en) *March winds and April showers bring forth May flowers.*

38. ¡Miniñas ó San Brais que festas non hai máis!

39. En abril cata a loba no cubil.

40. Se o cuco non canta entre marzo e abril ou o cuco é morto ou quere vila fin.

Para estes tres refráns non encontramos ningún equivalente nin en castelán nin en inglés. No caso do primeiro probablemente porque se refire a unhas circunstancias moi concretas da área de Viana do Bolo.

41. Mal lle vai ó raposo cando anda ós grilos.

(es) *Cuando la zorra anda a la caza de grillos no hay para ella ni para sus hijos.*

(es) *Cuando el diablo reza, cerca viene el fin.*

(en) *The devil can cite Scripture for his own purpose.*

42. Maio pardo e San Xoán claro valen máis cós bois e o carro.
(en) *A dry March, wet April and cool May fill barn and cellar and bring much hay .*
(en) *Betwixt April and May if there be rain, 'tis worth more than oxen and wain.*

É curioso que o último dos refráns ingleses, aínda que a primeira parte é diferente, a segunda parte é exactamente igual: *valen máis cós bois e o carro / tis worth more than oxen and wain*, probablemente proveñen do mesmo refrán latino. En cambio, en castelán non encontramos ningún refrán que tratase este tema.

Neste pequeno listado podemos observar que ás veces existe nas tres linguas o mesmo refrán, coa mesma metáfora, a mesma estrutura e o mesmo léxico. Neses casos o máis probable é que proveñan dunha base común. Esta coincidencia é máis frecuente entre o galego e o castelán, xa que son linguas romances e moitos dos refráns proveñen de paremias latinas.

Pero tamén é interesante sinalar as diferenzas entre os distintos refraneiros. Nunha pequena lista como é a nosa, xa se observa que algúns refráns galegos non teñen equivalentes en castelán, e destes a maioría refírense a temas relacionados co campo (labores agrarios, animais, climatoloxía, etc.). Pero esta tendencia é aínda máis evidente nos refráns ingleses, dos 12 refráns galegos que se refiren ós animais e ós labores do campo, só atopamos equivalentes en inglés para 5 deles. Todo isto evidencia as diferenzas entre a sociedade galega, aínda maioritariamente rural, e as sociedades castelá e británica, máis industrializadas, sobre todo a británica. Pola súa banda, Santos Suárez (1996: 57) no seu traballo de fin de carreira chega a conclusións parecidas:

> *[...]Logo en moitos casos (a maioría das veces en realidade), o galego posúe refráns vinculados ó mundo rural agrícola, mentres que o castelán e o inglés non; ou ben o número de refráns deste tipo é moito máis elevado no galego ca nas outras linguas.*

5. Glosario de refráns galegos

A continuación presentamos a lista de tódolos refráns que recollemos. Aparecen ordenados alfabéticamente pola primeira palabra e explicados aqueles que consideramos que podían presentar algún problema na interpretación. Están transcritos tal e como foron recollidos, é dicir, que conservan tódolos riscos dialectais e incluso os castelanismos (marcados cun *).

1. A aira non é miña, que malle nela quen queira.
Denota desinterese polos asuntos alleos.

2. A boa pita pola Concepción.

3. A boi tolo / bravo corda *larga.
As persoas tolas ou con mal carácter é mellor deixalas en paz.

4. A cabalo regalado non lle míre-lo dente / dentado.

5. A cabra viciosa pega cos cornos no cu.
O que quere ter demasiado ó final queda sen nada.

6. A criado mal mandado pórlle a mesa e mandalo ó recado.
Para que alguén faga as cousas ben débeselle dar unha mostra da recompensa que pode conseguir.

7. A dar naide se puxo rico.

8. A muller i-a ovella con día á cortella.
Tradicionalmente non estaba ben visto que as mulleres saíran da casa pola noite.

9. A muller i-a sardiña *cuanto máis pequena máis xeitosiña.

10. A muller que lle pega ó home fai ben se pode.

11. A muller que non come *cuando o home, ou antes ou despois come.
Este é un refrán que evidencia a visión misóxina da sociedade galega tradicional. Di das mulleres que comen cando o home non está para comer o mellor e deixar para eles as sobras.

12. A neve febreiriña tarde vén e logo camiña.

13. A ovella que vai pola viña, tan honrada é a mai como a filla.
Os fillos herdan os costumes dos pais.

14. Á porta do rezador non poña-lo trigo ó sol, pero onde o que non reza nin trigo nin cebada.

15. A primeira *escoba i-a segunda señora.
O home trata mal á primeira muller e ben á segunda.

16. A quen *Dios non lle dá fillos o demo lle dá sobriños.
Refírese ós problemas e preocupacións que conleva o ter fillos, así coma os problemas coas herdanzas, cando os fillos ou os sobriños loitan entre si polos bens dos anciáns.

17. A quen madruga *Dios o axuda.

18. A San Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo.

19. A tódolos porcos lle chega o seu San Martiño.

20. A unhos abórtanlle as vacas i-a outros párenlle os bois.
A vida é inxusta, uns teñen moi boa sorte e outros moi mala.

21. A vaca da veciña *siempre dá máis leite cá miña.
Refírese á envexa da boa fortuna dos demais.

22. A vaca que non come *cuando os bois ou comeu antes ou comerá despois.
Ver refrán nº 11.

23. A vello chegarás e de aí non pasarás.

24. A *zorra perde o rabo pero non as mañas.
Quen adquire un vicio ou unha manía nunca os perde.

25. Abril frío e mollado enche o celeiro e farta o *ganado.

26. Abril, se por mal quere vir, nin as portas deixa abrir.

27. Agosto ardenteiro, herba no palleiro.

28. Inda non chegou a alcalde e xa quere xantar de balde.

29. Almorzar como un rei, xantar como un *noble e *cenar como un mendigo.

Aconséllase comer moito á mañá, algo menos ó mediodía e pouco á noite.

30. Amigo que pide muto viño dálle ca porta no fuciño.

31. Ano de herba, ano de merda.

Cando chove moito no inverno hai boa colleita de herba pero as outras colleitas son malas.

32. Ano de mutas abelás, malas mañás.

33. Ano de muto orizo non fagas canizo.

Cando os castiñeiros teñen moitos ourizos dan poucas castañas e pequenas, por iso non se precisa canizo para secalas. As castañas que sobran da colleita (as que non comeu a xente nin os porcos) póñense non faiado a secar para que non se derramen e cómense máis tarde.

34. Antes de compra-lo becerro faille o cortello.

Hai que ser previsor e non deixalo todo para o último momento.

35. Aprendiz de muto, *maestro de nada.

36. Ara en maio e bima en San *Juan, esterca ben e collerás pan.

Bimar: arar ou cava-la terra por segunda vez.

37. Arde a casa, quentarse a ela.

Cando non podes evita-los danos producidos por algo, sácalle algún proveito se podes.

38. Arrieiros somos e no camiño nos atoparemos.

Cando alguén che fai algún dano xa virá máis tarde a ocasión para vingarse.

39. As penas con pan son menos.

40. Auga *corriente non mata a xente.

41. Auga de agosto, nin nabos nin magosto.

42. Auga en maio, pan pa todo o ano.

43. Auga en San *Juan tolle viño e non dá pan.

44. Auga na Santa Mariña fai meda e dá fariña / na meda fai fariña.

45. Baguiño a baguiño fixo unha vella unha pipa de viño.

Pouco a pouco xuntase moito.

46. Beber con medida *alarga a vida.

47. Ben rapado, mal rapado, ós oito días igualado.

Non hai que preocuparse demasiado polas cousas porque ó fin todo se arregla.

48. Bocado comido non *gana amigo.

Quen nada dá, nada recibe.

49. Boi solto de seu se lambe.

Vívese mellor solteiro ca casado xa que non hai tantas responsabilidades nin hai que darlle conta a ninguén dos propios actos.

50. Burra morta, burra farta.

Cando se acaba o asunto, acábase o problema.

51. Burro de mutos cómeno os lobos.

Nas cousas a medias ou entre moitos uns polos outros ninguén fai nada.

52. Burro grande ande ou non ande.

53. Burro morto, cebada ó rabo.
Ver nº 50.

54. Cada ovella ca súa *parexa.

55. Cada pardal co seu igual.

56. Cada un fala da festa según lle foi nela.

57. Can morto, acabouse a rabia.
Ver nº 50.

58. *Cuando a Candeloria chora medio inverno vai fóra; que chore que deixe de chorar medio inverno está por pasar.
A Candelaria ou Candeloria celébrase o 2 de febreiro e marca a metade do inverno.

59. *Cuando marcha a anduriña trae a leña prá cociña.
A andoriña marcha no mes de outubro, cando xa empeza a ir frío.

60. *Cuando marzo maiea, maio marcea.
Se en marzo vai calor en maio fará mal tempo.

61. *Cuando morre un *fraile *dicen os demais: un amigo menos i-unha ración máis.
Os intereses económicos e materiais son os que moven o mundo.

62. *Cuando o ano vai de piollos non vale cambia-la camisa.
Unha desgraza trae outras consigo.

63. *Cuando o arrieiro vende a bota, ou sabe ó pez ou está rota.
Nun negocio tan bo ten que haber algún truco.

64. *Cuando o río *sona, auga leva.

65. *Cuando un mes media a outro se asomella.

66. Casa con dúas portas mala é de *guardar.

67. Casamento e *mortaxa do ceio baixan.
A fortuna de cada un no matrimonio e á hora da morte dependen só de Deus.

68. Cazador e truteiro non fai palleiro.
Quen se dedica a moitos oficios non lle saca proveito a ningún.

69. Comer e rascar / falar todo é empezar.

70. Con auga pasada non moen os muíños.
O pasado xa pasou e hai que deixalo atrás.

71. Con pan e viño ándase o camiño.

72. Costureira sin dedal cose pouco e cose mal.
Á xente que non pon interese no traballo todo lle sae mal.

73. Cría corvos e sacaranche os ollos.

74. Cría fama e déitate a *dormir.

75. Chova en abril e maio inda que non chova en todo o ano.

76. Chovendo, chovendo, o río vai enchendo.
Pouco a pouco conséguese o que se pretende.

77. Da Cuaresma á Ascención *cuarenta días son.

78. Dá e ten e farás ben.

79. Da panza *sale a danza.
Se non se come ben non hai diversión.

80. Das aves a perdiz, e millor a codorniz; e *dice o *gallego sabio: se o cocho voara non había ave que lle *ganara.

81. De cada cen anos, mil, volve o carro ó seu carril.
Ó final todo volve ser como foi sempre.

82. De miniño rei, de mozo galán, de casado burro e de vello can.

Refírese á evolución do home e o diferente trato que recibe nas distintas idades da vida, especialmente por parte das mulleres.

83. De solteira sete brazos i-unha *lengua e de casada sete *lenguas i-un brazo, i-aquel tullido.

As mulleres traballan moito cando están solteiras para que os mozos se fixen nelas, e cando xa casaron, non traballan e o único que fan é falar coas veciñas.

84. Detrás virá quen bon me fará.

Non se sabe o que se ten ata que se perde.

85. *Dios dálle pan a quen non ten dentes.

86. Día de muto, *víspera de nada.

Cando se malgasta moito queda un sen nada.

87. Días de *chuvia e vento non vaias ó río que perde-lo tempo.

Os peixes non pican cando chove e vai vento.

88. Días de maio, días de amargura, inda non se pon o sol e xa é noite escura.

É curioso este comentario sobre o día solar en maio, cando xa é longo, supoñemos que é irónico.

89. Dime con quen andas e direiche quen *eres.

90. *Dios castiga sin pau nin pedra.

Quen fai algo mal, tarde ou cedo págao.

91. Dos *cuarenta pa arriba non mólle-la barriga.

Chega unha idade na que xa hai que coidarse e deixar certas costumes coma a de bañarse nos ríos.

92. Dous non pelexan se un non quere.

93. Dura máis a mala veciña cá neve marcelina.

94. En abril cata a loba no cubil.

95. En agosto xa enfría o rostro.

96. En cada terra seu uso e en cada roca seu fuso.

97. En *diciembre o sol quenta con tardura e pouco dura.

98. En febreiro busca o can ó pé do palleiro.

No mes de febreiro vai moito frío e os cans resgárdanse ó lado do palleiro.

99. En febreiro sete capas i-un sombreiro.

100. En febreiro xea a auga no pucheiro.

101. En maio inda queima a vella o tallo (i-o vello o escano / arado).

102. En maio non *te quíte-lo saio.

103. En martes nin *te cases nin *te embarques, nin o teu cochiño mates.

104. En marzo nin o rabo do gato mollado.

No mes de marzo a chuvia non é boa para as colleitas.

105. En muíño vello todo son ratos.

Dise cando unha desgraza vén seguida de outras.

106. En Natal chover e nevar.

107. En San *Juan a sardiña molla o pan.

O mes de xuño é a época do ano na que mellor saben as sardiñas.

108. En setembro aumenta a familia un novo membro.

No mes de setembro faise o viño, que na casa ten moita importancia.

109. En xaneiro carne ó pucheiro.

Despois das matanzas hai carne abundante para comer.

110. En xaneiro *disminúe o palleiro.
No mes de xaneiro xa queda pouca palla.

111. En xaneiro entra o sol en *cualquera rigueiro, pero é no último que non no primeiro.
No mes de xaneiro soe ir mal tempo e só a finais de mes é probable que quente o sol.

112. En xaneiro si veis verdega-los prados, bótate a chorar; se os veis negrexar, ponte a cantar.
Se no mes de xaneiro xea e vai moito frío, que queima a herba e pon os prados negros, é bo para o campo; en cambio se vai sol, co que verdearían os prados, non é bo para as colleitas.

113. En *julio arder e *patatas coller.
En xullo debe ir moita calor para que acaben de madura-las patacas.

114. Entre marzo i-abril *sale o cuco do cubil, entre maio i-a sega marcha o cuco pá súa terra.

115. Entre pais e irmaos non méta-las maos.
A familia sempre segue unida aínda que teñan discusións, polo tanto os alleos non deben entremeterse nelas.

116. Entre San *Juan e San Pedro, apreta mancebo.
No mes de xuño hai moito traballo coa colleita da herba, e nalgunhas zonas tamén do centeo como vemos no refrán seguinte.

117. Entre San *Juan e San Pedro recolle o centeo.

118. Fai ben e non mires a quen.

119. Fai máis o que quere que o que pode.
A vontade é o máis importante á hora de enfronta-las dificultades.

120. Febreiriño louco cos seus días vinteoito, se tuvera máis *cuatro, non deixaba nin can nin gato.
Refírese ó frío que vai en febreiro.

121. Febreiro enxuto come máis que *cuantas *bestias hai no mundo.
É bo para as colleitas que chova en febreiro.

122. Febreiro ferverexar, raíñas de sol, chover e nevar.
O tempo no mes de febreiro é moi inestable.

123. Fillo *eres, pai serás; como fixeres, así o terás.

124. Fillos casados, traballos *dobla-dos.
Os fillos desde que casados dan aínda máis problemas ca antes.

125. Fillos da miña filla, netos do meu corazón; fillos da miña nora ou o serán ou non.
Refírese á desconfianza que senten as sogras polas noras.

126. Fuma, come e bebe que a vida é breve.

127. Gasta en festas e viño o que has de deixar ós sobriños.

128. Gato berrador nunca foi cazador.
Quen alardea moito pouco fai.

129. Gato con guantes non caza ratos.
Para conseguir algo hai que esforzarse.

130. Gato farto non é berrador.
O que está contento e satisfeito non protesta.

131. *Guarda que comer e non *guardes que facer.

132. Herba mala nunca morre / non perece.

133. Home casado, burro estropeado.

O home perde o pouco bo que tiña ó casar.

134. Home malvado, castigo asegurado.

135. Home pequeno e boi remelo fuxe del coma do demo.

Refírese a tradicional opinión de que os homes pequenos son perigosos. Un boi remelo ou remelón é aquel que mira de esguello.

136. Home pequeno, fol de *veneno.

137. Home traballador pouco namorador.

O home que ocupa o seu tempo en traballar non ten tempo para andar detrás das mozas.

138. Labrador sin horta, fame á porta.

Os legumes son moi importantes para a mantenza da familia.

139. Levanta na Santa Mariña e collerás fariña.

Para ter unha boa colleita de centeo débese ara-la terra por primeira vez a finais de xullo; a Santa Mariña celébrase o 18 de xullo.

140. Lonxe dos ollos, lonxe do corazón.

Polo que non ves ou non sabes non padeces.

141. Lume no vento, máis me afumo que me quento.

O lume ó aire libre non quenta moito.

142. Maio me molla, maio me enxuga, maio me dá a súa sacudidura, pero éche de fame que non de fartura.

No mes de maio aínda non vai bo tempo nin se colleita ningún froito.

143. Maio pardo e *San Juan claro valen máis cós bois i-o carro.

144. Máis sabe o demo por vello que por demo.

145. Máis vale calar que despois rifar.

146. Máis vale malo *conocido que bon por *conocer.

147. Máis vale pequeno e agudo ca grande e burro.

148. Mal de mulleres e coxeira de cais son tres días namais.

As dores da menstruación e as coxeiras dos cans considéranse males leves e de pronta curación.

149. Mal lle anda á *zorra *cuando anda ós grilos / *huevos.

Dise cando alguén moi orgulloso se rebaixa con respecto á súa actitude habitual.

150. Mal prolongado, morte no cabo.

151. Malla feita, palleiro cerrado, fóra criado.

152. Mañá de *niebla, tarde de paseo.

153. Marzo ventoso i-abril chuvioso sacan a maio florido i *hermoso.

154. Marzo espigarzo, abril penduril, maio *granado, en San *Juan curado e na Santa Mariña metido na arquiña.

Este refrán explica as distintas etapas polas que pasa o centeo: en marzo sáenlle as espigas, en abril o peso das espigas fai que estas colguen cara ó chan, en maio xa ten o gran, en xuño xa está o gran maduro e no mes de xullo recóllese e gárdase.

155. Marzo, marzal pola mañá cara de rosas e pola tarde cara de can.

156. ¡Miniñas ó San *Blas que festas non hai máis!

O San Brais celébrase o día 3 de febreiro e é a última festa da temporada na zona de Viana, non hai máis festas ata o mes de abril.

157. Mentres a grande se agacha a pequena varre a casa.

Para as mulleres, ó contrario que para os homes, o ser pequena considérase unha virtude.

158. Mentres hai vida hai esperanza.

159. Morra Marta, morra farta.
Dise cando alguén come moito áinda que lle faga dano.

160. Morte dunhos, esterco pra outros.
Incluso as cousas malas teñen unha parte boa.

161. Mozos morren mutos pero vellos non queda ningún.

162. Muíño parado non *gana maquía.
Este refrán úsase para facer que o interlocutor continúe realizando as tarefas que se lles encomendan cando xa leva demasiado tempo descansando.

163. Muller enferma, muller eterna.
As mulleres quéixanse moito e sen ter ningún mal.

164. Muller morta sete á porta.
Cando a un home lle morre a muller, pronto hai outras que queren casar con el.

165. Muller peluda, muller forzuda.

166. Muller que *silba e mexa de pé, mala cousa é.
Considérase algo malo que unha muller teña características ou desempeñe tarefas tradicionalmente masculinas.

167. Muller rincheira, ou puta ou peideira.
A alegría da muller sempre vén de algo malo. Como vemos, case tódolos refráns referidos ás mulleres reflicten a visión misóxina e machista da sociedade galega tradicional.

168. Muta auga no agosto tolle o pan e non dá magosto.

169. Muto e ben hai pouco quen / non hai quen.

170. Na Cruz de maio queima a vella o tallo i-o vello o arado.
A Santa Cruz celébrase o 3 de maio.

171. Na Santa Mariña a auga fría fai meciña.
A Santa Mariña celébrase o 18 de xullo.

172. Na Santa Mariña, carreixiña.
No mes de xullo recóllese o centeo. Á labor de recoller e levar o centeo para a casa chámaselle *carreixa*.

173. Na terra dos lobos hai que ouvear / oulear coma todos.

174. Natal e xaneiro, inverno enteiro.

175. Natal mollado e xaneiro ben xeado.

176. *Niebla na montaña, ¡cazador pá *cabaña!

177. *Niebla na montaña, ¡pescador encarta a *caña!

178. Nin de moza nin de vella non *te sentes na pedra.
Sentar nas pedras frías causa enfermidades, sobre todo ás mulleres.

179. Nino feito, páxaro morto.
Dise cando un se esforza moito por conseguir algo e, cando por fin o consegue, pasa algo que o bota todo a perder.

180. No ano *bisiesto cabe a cría debaixo dun cesto.
Refírese á crenza de que os anos bisestos son fatídicos e só traen desgrazas.

181. No mes de febreiro faise o lardeiro.
No entroido fanse en Viana bonecos con palla e vístense coa roupa que os mozos e mozas se rouban mutuamente e que reciben o nome de *lardeiro* e *lardeira*.

182. No mes de maio inda cae o raio.

183.No mes de San *Juan as nove con día dan.

184.No mes de San *Juan *cualquera burro *gana o pan.
Xuño é un mes de moito traballo no que calquera pode gaña-lo sustento traballando ó xornal.

185.No mes de xaneiro xa o lacón está no pucheiro.
As matanza fanse en decembro e no mes de xaneiro xa se pode come-lo lacón.

186.No San Martiño bebe o viño e come o touciño.
O San Martiño celébrase o 11 de novembro e é un bo momento para proba-lo viño novo e tamén apetece nesta época o touciño asado nas brasas.

187.No Santiago pinta o bago.
A finais de xullo xa empezan a coller cor as uvas.

188.Noite *estrellada, mañá soleada.

189.Non estíre-la pata máis do que dá a manta.
Non se pode gastar máis do que se ten.

190.Non hai atallo sin traballo.
Todo o bo custa un certo esforzo.

191.Non hai luar como o de xaneiro nin amor como o primeiro.

192.Non hai maior *desprecio que non dar aprecio.

193.Non hai mal que cen anos dure.

194.Non hai mal que por ben non veña.

195.Non hai millor criado có que manda e fai.

196.Non hai millor lotería có traballo i-a economía.

197.Non hai pega sin mancha negra.
Non hai nada nin ninguén sen defectos.

198.Non hai peor xordo có que non quere oír.

199.Non hai sábado sin sol nin domingo sin amor.

200.Non lle falta máis a mai ó fillo cá xeada ó *granizo.

201.Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu.

202.Non se fai palleiro sin palla.
O que está gordo é porque come moito.

203.Nora, sogra e doutor *cuanto máis lonxe millor.
Estes tres personaxes son moi temidos.

204.Ó boi valente nunca lle falta unha cornada.
Quen se mete en liortas, antes ou despois leva algunha malleira.

205.Ó can *flaco todo se lle volven pulgas.

206.Ó catarro dálle co *xarro.

207.Ó feito, feito , *decía o muíño e iba botando o pan ó río.
Non se pode evita-las culpas escudándose no feito de que o pasado non se pode cambiar.

208.Ó gato escaldado *hasta a auga fría lle fai *daño.

209.O aire de marzo queima á dama no pazo.
O vento no mes de marzo é moi frío.

210.O amigo i-o viño *cuanto máis vello millor.

211.O ben feito ben parece.

212.O can i-o gato nunca no *mismo *plato.

213.O can i-o miniño onde lle dan cariño.

214.O casado casa quere, se non é del é da mullere.

Os matrimonios é mellor que vivan separados do resto da familia para evitar problemas.

215.O home é lume i-a muller estopa e vén o demo i-asopla.

Segundo este refrán, é conveniente evitar demasiado contacto entre homes e mulleres por que son débiles no que se refire ós instintos sexuais.

216.O home i-o can van onde llo dan.

Compara o home, que segundo a opinión tradicional se deixa guiar polos seus instintos sexuais, co can que busca comida.

217.O home i-o oso *cuanto máis feo máis *hermoso.

A valía do home non se mide pola súa beleza, ó contrario cá da muller.

218.O liño por San Marcos nin nacido nin no saco.

O liño débese sementar antes de finais de abril pero tampouco moito antes. O San Marcos celébrase o 25 de abril.

219.O louco i-o borracho falan o que teñen debaixo do papo.

220.O mal i-o ben á cara se vein.

221.O medo *guarda a viña.

É mellor se demasiado precavido que demasiado confiado.

222.O ouro acude ó tesouro.

223.O pan polo olor, o viño polo *color e todo polo sabor.

224.O portugués se non che caga no cima da escaleira, cágache no fondo.

Refírese a tradicional desconfianza que os galegos senten polos portugueses en xeral.

225.O primeiro ano cara con cara, o segundo cu con cu, e o terceiro ¿tu que teis? ¿e que trouxeche tu?

No matrimonio todo vai moi ben ó principio pero logo empezan os problemas e as discusións.

226.O que bebe pola bota non se lle saben os tragos que bota.

227.O que bota mala semente na *cosecha o sente.

228.Ó que cochos lle faltan, touzas lle roncan.

Quen está preocupado por algo cre velo ou oílo en todas partes.

229.O que con nenos se deita cagado / mexado se levanta.

230.O que chega tarde nin oe misa nin come carne.

231.O que dá o que ten, a pedir vén.

Débese ser xeneroso pero non tanto como para quedar sen nada.

232.O que de amigos carece, *señal (de) que non os merece.

233.O que de novo bailaba ben, de vello inda lle arremeda / lle dá un xeito.

O aprendido nunca se esquece de todo.

234.O que de novo non traballa, de vello durme na palla.

235.O que de novo traballou, de vello descansou.

236.O que *guarda *siempre ten.

237.O que nada quere e nada ten, é máis rico ca ninguén.

238.O que neste mundo quere andar ten que ver, oír e calar.

239.O que non aforra un misto, non aforra un cristo.

O que non aforra nas cousas pequenas non aforra nada.

240.O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.

241.O que non pode, cos dentes acode.
O quere algo, aínda que lle custe, busca a maneira de conseguilo.

242.O que non sabe é como o que non vei.
A falta de intelixencia é unha grande tacha.

243.O que non ten cabeza escusa sombreiro / ten que ter pés.

244.O que non ten dó da auga e da leña non ten dó de nada que teña.
Hai que aforrar en todo, empezando polas cousas máis básicas, neste caso a auga e a leña.

245.O que parte e comparte / non carpe, se é *persona de arte, deixa pra si a millor parte.

246.O que queira peixes que molle o cu.
Non se consegue nada sen un certo esforzo.

247.O que queira ter bon allal que o semente no mes de Nadal.

248.O que queira ter bon alleiro que o semente no mes de xaneiro.

249.O que regala ben vende, se o que recibe entende.
Os regalos non son desinteresados, un regalo ou un favor supón outro a cambio.

250.O que se pica, allos come.

251.O que ten burro e vai a pé máis burro el é.

252.O que ten *lengua vai a Roma.

253.O que ten o fillo ó lado non perde bocado.
Quen está coa súa familia non ten preocupacións.

254.O que ten unha muller boa i-a perde non sabe o que *gana.

255.O que teña tenda que a atenda e se non que a venda.

256.O que tropeza e non cai adianta a *mitai.
Equivocarse e rectificar é a mellor forma de aprender.

257.O que feo ama, guapo lle parece.
A beleza é algo subxectivo e o amor é cego.

258.Onde hai patrón non manda mariñeiro.

259.Onde o crego canta alí xanta.
Quen traballa merece que lle paguen.

260.Onde se saca e non se pon, logo se chega ó fondón.

261.Ortiguiña me ortigou, meldrastiño me curou.
Esta é unha receita de medicina natural, contra o picor que produce o contacto coas ortigas o mellor é refregar co meldrasto, outra planta moi común nos nosos camiños.

262.Os amores i-a lúa son en todo semellantes, entran en cuarto crecente e *salen en cuarto menguante.

263.Os animais no mes de febreiro inda non enchen o peteiro.

264.Os que durmen no *mismo colchón fainse da *misma opinión.

265.O saber non ocupa lugar.

266.O tear i-o muíño por un peliño.
O tear e o muíño son moi delicados e derrámanse facilmente.

267. O traballo do rapaz é pouco pero o que non o aproveita é louco.

268. Ou nas uñas ou nos pés has de tirar a quen es.

269. Ovella que berra, bocado que perde.

270. Pais cochos, fillos marranchiños.
Todos nos parecemos á nosa familia.

271. Pan con pan, comida de bobos.

272. Pan de xestas, pan de festas.
A comida que se come no campo sabe mellor cá que se come na casa.

273. Pá boa fame non hai mal pan / pan duro.

274. Pa ir ó muíño non chames polo veciño.
Cada un debe atender os seus negocios e non esperar a que os veciños lle axuden.

275. Pa quen é a miña mai ben vale o meu pai.

276. Pa quen é o burro ben vale a albarda.

277. Pa quen non quere *siempre hai bastante.

278. Pa un aforrador nunca falta un gastador.
Cando alguén aforra moito, os seus herdeiros malgástano todo.

279. Pasou o día, pasou a *romería.

280. Pensa o ladrón que todos son da súa condición.

281. Pola Candeloria cada paxariño coa súa parexa.
A Candelaria ou Candeloria celébrase o 2 de febreiro.

282. Pola Santa Cruz moxe o cabreiro a cabra trala uz.
En primavera paren as cabras. A Santa Cruz celébrase o día 3 de maio.

283. Pola Santa Lucía *menguan as noites e crecen os días.
A Santa Lucía celébrase o 13 de decembro e no solsticio de inverno, o 11 de decembro segundo o calendario xuliano, os días empezan a ser máis longos.

284. Polo pan baila o can.

285. Polo San Antón a boa pita pon, pola Santa Ana a boa i-a mala.
O San Antón é o 13 de xuño e a Santa Ana o 26 de xullo.

286. Polo San Martiño deixa a auga e vaite ó viño.

287. Polo San Martiño mata o teu porquiño e proba o teu viño.

288. Por mal camiño non se pode ir a bon *pueblo.
Os malos feitos levan a un mal final.

289. Por onde fores fai o que vires.

290. Por onde se come e se bebe non se arrodea.
O que dá algún proveito nunca está demais.

291. Por San *Juan espiga o pan.

292. Pouco dura a alegría na casa do pobre.

293. Quen come sin *grasa come sin *tasa.
Quen non lle bota graxa á comida come moito e sen xeito.

294. Quen de noite vai e vén, de noite come o que ten.
Quen anda sempre de parranda gasta moito e non fai nada de proveito.

295. Quen dorme o primeiro de maio dorme todo o ano.

296. Quen dunha escapa, cen anos dura.

Refírese á crenza de que quen se ve cerca da morte e se salva vive moito tempo máis.

297. Quen en maio non ten o pan semeado, agosto se lle fai maio.

Quen non fai as cousas no seu debido tempo despois anda ás présas e non lle saca proveito.

298. Quen escuta, mal de si oe.

299. Quen fai un cesto fai un cento se lle dan vergas e tempo.

O aprendido non se esquece.

300. Quen fai un fillo na muller allea perde o fillo i-a feitura.

Quen pon os seus esforzos en algo imposible perde o tempo.

301. Quen fóra / lonxe vai casar ou é cego ou quere cegar.

Refírese ó costume tradicional de casar con alguén da mesma aldea, porque á xente doutras aldeas non se lle coñecen os defectos, en cambio a xente coa que se ten contacto tódolos días si.

302. Quen fai a lei fai a trampa.

303. Quen lle *desea mal ó seu veciño, o seu lle vén polo camiño.

304. Quen mal anda mal acaba.

305. Quen muto corre logo para.

306. Quen muto enfeixa pouco ata.

307. Quen queira o cocho gordo que o cebe desde agosto.

308. Quen ten a *lengua aguda que teña a costela dura.

Quen murmura dos demais pode sufri-las consecuencias.

309. Recado sin diñeiro queda no primeiro rigueiro.

Quen fai un favor espera algo a cambio.

310. Rei morto, rei posto.

Cando alguén marcha, axiña vén outro que ocupa o seu lugar.

311. Rifas de *enamorados, amores *doblados.

312. Río revolto, ganancia de pescadores.

313. *Rodilla de home, cu de muller e fuciño de can nunca quentes están.

314. Roubar a un ladrón son cen anos de perdón.

315. Rubias ó *naciente, *chuvia ó *ponente; rubias ó *ponente, sol ó *naciente.

Cando o ceo ou as nubes están rosadas ó amencer, chove pronto; en cambio, se o ceo está rosado ó solpor, o día seguinte será soleado.

316. Sabe máis o vello no olvidado có mozo no acordado.

A vellez dá a sabedoría.

317. San Migueliño das uvas maduras, que tarde veis e que pouco duras.

O San Miguel celébrase o 29 de setembro e normalmente vai bo tempo nesa época, é o que se deu en chamar *vrao de San Miguel*.

318. Sardiña que leva o gato, tarde ou nunca volve ó *plato.

319. Sarna con gusto non pica.

320. Se a muller soupese a *virtú da malvela pastaría nela como o boi na herba.

Esta é outra receita natural, a malvela é unha herba da que se fai unha infusión que calma as dores da menstruación.

321. Se o cuco non canta entre marzo i-abril ou o cuco é morto ou quere vi-la fin.

322. Se queres ter diñeiro *quedate *siempre solteiro.

323. Se te morde a rela colle a aixada e vaite á terra.

A rela é un insecto velenoso.

324. Se te pica o alacrán busca cura e sacristán que mañá te enterrarán.

325. Se xea o día de San *Blas, trinta xeadas máis.

326. *Según María, *según filla cría.

Os fillos herdan os costumes dos pais.

327. Sete xastres fain un home e sete costureiras non.

Refírese ó mal concepto que a xente tiña antigamente dos xastres, non os consideraban homes completos, quizais por dedicarse á costura, tarefa tradicionalmente feminina.

328. *Setiembre ou seca fontes ou leva pontes.

329. Se en marzo canta a ra, en maio xa calará.

Cando chove moito en marzo, non chove en maio.

330. *Siempre hai un roto pa un descosido.

331. Tanto lle quere o demo á mai que lle saca os ollos.

O moito cariño ás veces fai dano.

332. Ténde-lo miniño morto i-o apio no horto.

O apio é unha planta medicinal.

333. Un maio sin trebois e como un home sin collois.

334. Unha mao lava a outra i-as dúas lavan a cara.

Coa axuda doutras persoas sempre se fai o traballo máis rápido e con menos esforzo.

335. Unha vez vello, tres veces neno.

Os anciáns ás veces compórtanse coma os nenos, dan moito traballo e necesitan moitos coidados e mimos.

336. Vaca agabada, leite nos cornos.

As cousas ou persoas moi loadas resultan ser as de menor valía, xa que as boas non precisan loanzas.

337. Vacas da Mezquita e mulleres de Punxeiro, quita, quita.

Dicíase noutro tempo que as vacas do concello da Mezquita adoitaban ser demasiado delicadas para o traballo do campo e, parece ser que as mulleres de Punxeiro tamén eran moi finas e pouco dispostas para o traballo.

338. Vai a vella morrendo e vai aprendendo.

339. -Vaite marzo marciaco, que me fuche deixando os meus bois todos *cuatro; -Con *cuatro días que me quedan e *cuatro que me empresta o meu irmao abril heichos colgar todos no chambaril.

Segundo este refrán dialogado o mes de marzo mata de frío ós animais.

340. Vale máis dar a malos que pedir a bois.

Para recibir algo todos estamos dispostos, en cambio para dar ninguén o está.

341. Vale máis ter que *desear / andar a pedir.

342. Viño na cuba, borracheira segura.

343. Vodas con foguetes acaban a cachetes.

344. Volta feita non mete présa.

O mellor é acabar o traballo o antes posible.

345. Xaneiro grileiro, nin pan nin palleiro.

Cando no mes de xaneiro os nabos xa teñen grelos, chamados *grilos* na zona de

Viana, é porque vai demasiada calor para esa época e iso non é bo para o resto das colleitas.

346. Xaneiro xeadeiro, febreiro manadeiro, unha raíña de sol e outra de tempeiro.

En xaneiro soe ir moito frío e xear e en febreiro rebentan as fontes e tan pronto vai sol como chove.

347. Xente nova e leña verde todo se volve fumo.

348. Xogar e perder, pagar e calar.

Quen aposta e perde debe pagar sen protestar.

6. Bibliografía

Diccionarios xerais e paremiolóxicos:

ARES VÁZQUEZ, M. C. et al. (1990): *Diccionario Xerais castelán-galego.* Xerais, Vigo.

ARES VÁZQUEZ, M. C. et al. (1993): *Diccionario Xerais da Lingua.* Xerais, Vigo.

COLLINS, W. (1993): *Diccionario español-inglés inglés-español.* Grijalbo, Barcelona.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (1992): *Diccionario de la Lengua Española.* Espasa Calpe, Madrid.

CARBONELL BASSET, D. (1996): *Diccionario de Refranes castellano e inglés.* Del Serbal, Barcelona.

FLAVELL, L. (1993): *Dictionary of Proverbs and their Origins.* Kyle Cathie Ltd, London.

JUNCEDA, L. (1998): *Diccionario de Refranes, Dichos y Proverbios.* Espasa Calpe, Madrid.

STRAUSS, E. (1994): *Dictionary of European Proverbs* Vol. I, II, III. Routledge, London.

Estudos sobre paremioloxía:

ALMELA PÉREZ, R. (1996): "¿Son los refranes un reflejo de la sabiduría popular?" en *Paremia* 5,1996,143-145.

ÁLVAREZ LUGRÍS, A. (1997): "Repertorio de refráns inglés-galego" en *Cadernos de Lingua* 15,1997,97-117.

MIEDER, W. (1993): *Proverbs are Never Out of Season.* Oxford University Press, New York.

NIKOLÁEVA, J. (1996): "Paremilogía moderna rusa" en *Paremia* 5,1996,105-114.

Referencias bibliográficas:

BLANCO ESCODA, X. e MORENO ALCALDE, M. D. (1997): "La palabra proverbial en la enseñanza / aprendizaje de lenguas románicas" en *Paremia* 6,1997,117-122.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española.* Gredos, Madrid.

DÍAZ PÉREZ, J. C. (1997): "Desarrollo de la competencia paremiológica en estudiantes de enseñanza primaria y secundaria" en *Paremia* 6,1997,189-194.

FERNÁNDEZ DE SANMAMED, L. e MONTERO KÜPPER, S. (1996): “100 paremias alemanas e as súas correspondencias galegas” en *Viceversa* 2,1996,153-168.

FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro galego básico.* Galaxia, Vigo.

FERRO RUIBAL, X. (1997): “Deus e mailo demo no refraneiro galego” en *Paremia* 6,1997,207-222.

MIEDER, W. (1995): “Paremiological Minimum and Cultural Literacy” en *De Proverbio* vol.1, nº 1, 1995. www.deproverbio.com.

RODRÍGUEZ CRUZ, X.: *Ditos e refráns do concello da Gudiña* (material inédito cedido polo autor para este traballo).

SANTOS SUÁREZ, L. (1997): "Influencia do mundo rural na creación do refraneiro galego, castelán e inglés: estudio comparativo" en *Viceversa* 3,1997,87-99 traballo de fin de carreira presentado na Facultade de Humanidades (agora F. de Filoloxía e Traducción) da Universidade de Vigo en 1996).

SEVILLA MUÑOZ, J. (1998): “Problemática de la traducción paremiológica en francés y español” en *De Proverbio,* vol. 4, nº 2, 1998. www.deproverbio.com.

SEVILLA MUÑOZ, J. (1999): “Divergencias en la traducción de expresiones idiomáticas y refranes (francés-español)” en *De Proverbio* vol. 5, nº 1, 1999. www.deproverbio.com.

Un manuscrito paremiolóxico de Murguía

Ana Vidal Castiñeira
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Presentamos un manuscrito de Manuel Murguía titulado *Refranes* que, en forma de fichas, apareceu dentro do material paremiolóxico de Francisco Vázquez Saco [1], pero sen integrar en ningún dos sistemas de ordenación que el practicou. Consta de seis follas de 16, 5 x 11 cm., tres escritas en sentido horizontal e tres en vertical. O número de refráns de cada unha oscila entre catorce e dezasete por páxina, sendo maior nas horizontais. Ademais, dúas das follas só teñen escrito o anverso e unha das páxinas escrita en sentido vertical só contén oito refráns.

A devandita división correspóndese coa clasificación en dous apartados. A primeira aparece baixo o título "Refranes de asuntos gallegos de la colecion del comendador Fernan Nuñez", mentres que a segunda está encabezada por "Refranes (Sobreira)". Dentro de cada un destes bloques, os refráns teñen unha ordenación alfabética xeral, aínda que non se segue en tódolos casos.

Cada unha destas seccións ten unha numeración propia, xa que tódalas follas, excepto a primeira do apartado inicial e a última do segundo, teñen un número na parte superior esquerda. Asimesmo, na marxe esquerda aparecen unhas cruces e marcas vermellas, que supoñemos son posteriores ó texto, probablemente da autoría de Francisco Vázquez Saco xa que existen outros textos del que conteñen marcas similares.

Canto ós refráns recollidos da colección do comendador Hernán Núñez, comparámolos cos recollidos desa mesma colección por outros autores e incluso polo propio Murguía noutras obras: MURGUÍA, M.(1865): *Historia de Galicia* I, 572-577 (só aparece na primeira edición, de 1865); BOUZA BREY, F. (1955): "El refranero gallego del comendador Hernán Núñez, primera colección paremiológica de Galicia (siglo XVI)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI,1955,450-472 (reeditado en BOUZA BREY, F. (1982): *Etnografía y Folklore de Galicia* 2. Xerais, Vigo.); e LÓPEZ NAVIA, S. (1992): *O repertorio galego dos "refranes o*

[1] VAZQUEZ SACO, F.: "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía galega* 5, 2003.

proverbios" en romance do comendador Hernán Núñez (1555), Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

A maioría dos refráns que aparecen no manuscrito están recollidos nalgunha das outras obras, pero non todos. Hai 11 refráns en castelán que non aparecen en ningunha destas fontes. Canto á forma e á ortografía dos refráns, varían dunhas obras a outras. Así e todo, observamos que é a edición de López Navia, na que se transcribe o texto orixinal, a que garda unha maior semellanza co manuscrito, polo que supoñemos que Murguía extraeu os refráns da colección orixinal. Nesta edición de López Navia aparecen case tódolos refráns citados en galego no manuscrito e ademais, a forma e a ortografía dun e doutro texto é similar, aínda que non idéntica. Canto á colección de Bouza Brey, os refráns teñen unha forma e ortografía similar ós recollidos por Murguía na *Historia de Galicia*, libro que cita e que supoñemos, polo tanto, que toma como referencia. Así, nesta edición incluímos, ademais dos refráns manuscritos de Murguía e as aclaracións que el mesmo fai, a forma en que aparecen nas obras citadas, marcado este texto da seguinte forma: **HG** (*Historia de Galicia*), **BB** (Bouza Brey) e **LN** (López Navia). Se non aparece ningún texto con algunha destas marcas quere dicir que ese fraseoloxismo só aparece no manuscrito que agora publicamos.

Canto ós refrans que aparecen baixo o título "Sobreira" e que segundo o propio Murguía foron recollidos do material de Fr. Juan. Sobreira, o manuscrito non indica de onde os sacou e só dous dos 72 refráns coinciden cos que aparecen en SOBREIRA, J.: *Papeletas de un diccionario gallego,* ed. J. L. Pensado, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 1979: *Maraballadas do horto e todas las mulleres atadas nun biorto* e *Na esfarma vay á vendima*. Nestes casos, ademais do texto manuscrito, citámo-los fraseoloxismos tal como aparecen publicados na devandita obra, coa marca **SOB**.

No tocante á edición do texto, transcribimos exactamente o texto orixinal incluíndo o subliñado e as riscaduras, só desenvolvémo-las abreviaturas seguintes: *Santiago* por *Sant^{o}.*, *que* por *q.*, San por *S.*, *traduce* por *trad.*, *Señora* por *Sra.* e *pra* por *p^{a}.*, neste último caso eliximos *pra* e non *para* ou *pa* por ser esta a forma que aparece maioritariamente no manuscrito, xa que o autor non sempre utiliza a abreviatura. Polo demais, reproducimos exactamente os refráns que aparecen no manuscrito e, en letra máis pequena, as aclaracións que o propio autor fai sobre os refráns ou algunha das palabras que neles aparecen.

[1 r.] Refranes de asuntos gallegos de la colecion del comendador Fernan Nuñez

A jueces galicianos, con los pies en las manos.

Camino de Santiago tanto anda el cojo como el sano.

El mozo del gallego, que andaba todo el año descalzo y por un día queria matar el zapatero.

~~En casa do cego ó torto e rey.~~



1r.

Refranes de asuntos gallegos.

de la colecion del comendador Fernan Nuñez

A jueces galicianos, con los pies en las manos.
Camino de Sant.º tanto anda el cojo como el sano.
El mozo del gallego, q. andaba todo el año descalzo y por un día quería matar el zapatero.
~~En casa do cego ó torto e rey~~
Galicia es la huerta y Ponferrada la puerta.
Ir romera y volver ramera.
La sardina galiziana y el pescado de Irlanda
Mete en tu pajar el gallego y hacerte ha ~~tu~~ heredero
Ni perro, ni negro, ni mozo gallego
Paz de gallego tenla por agüero.
Quien hizo á Lugo hizo á Andorxa y hizo el castro ~~Dal~~ Dalventosa.
Quien va á Sant.º y no á S. Salvador, sirve al criado y deja al señor. (San Salvador de Oviedo q. tiene muchas reliquias)
Somos gallegos y no nos entendemos.
Van los clerigos á los concejos, traen los cucos en los capillos

HG: En terra de cegos ó torto é rey.

Galicia es la huerta y Ponferrada la puerta.

Ir romera y volver ramera.

La sardina galiziana y el pescado de Irlanda.

Mete en tu pajar el gallego y hacersete ha ~~tu~~ heredero.

Ni perro, ni negro, ni mozo gallego.

Paz de gallego tenla por aguero.

Quien hizo á Lugo hizo á Andorra y hizo el castro Dalventosa.

Quien va á Santiago y no á San Salvador, sirve al criado y deja al señor.
(San Salvador de Oviedo que tiene muchas reliquias).

Somos gallegos y no nos entendemos.
BB: Somos galegos e non nos entendemos.

Van los clerigos á los concejos, traen los cucos en los capellos.
HG: Van os cregos ó concello? traen ó cuco no capelo.
BB: Van os cregos aos concellos, traen os cucos nos capelos.

[2 r.] Cuita faz, velha choutar.
(traduce trotar).
HG: Cuita faz, velha choutar.
BB: Cuita faz vella choutar.
LN: Cuyta faz vella choutar.

Dar ó pe que tempo he (é).
HG: Dar ó pé, que tempo é.
BB: Dar ao pé que tempo é.
LN: Dar ó pe, que tempo hé.

De monte mao fuste na mao.
(traduce del mal monte un palo en la mano).
HG: Do monte mao, fuste na mao.
BB: De monte mao, fuste na mao.
LN: De monte mao, fuste na mao.

De tal niño tal paxariño.
HG: De tal niño, tal paxariño.
BB: De tal niño tal pajariño.
LN: De tal niño, tal paxariño.

De bestia mular, é de home de paso falar.
(no se entiende).
HG: Da besta á mular, e de home ó de pouco falar.
BB: De besta mular e de home de pouco falar.
LN: De bestia mular, e de home de paso falar.

De ruin madera nunca boa estela.
(el gallego llama á la astilla estela, dice y se equivoca).
HG: De ruin madeira, nunca boa astela.
BB: De ruin madeira nunca boa estela.
LN: De ru n madera, nunca boa estela.

Deus nos dia con que ríamos e non sejan fillos charros.
(bobos, traduce)
HG: Deus nos dé con que riamos, e non seyan fillos charros.
BB: Deus nos dia en que riamos e non sexan fillos charros.
LN: Deus nos dia con que riamos, e non sejan fillos charros.

Dia de san Nicolao esta la neve de pao en pao, ou si non esta no chao.
HG: Dia de S. Nicolao, está á neve de pao en pao, e si non no chao.
BB: Dia de San Nicolao está a neve de pao en pao ou sinón está no chao.
LN: Día de sant Nicolao, está la neue de pao en pao, ou si non está no chao.

Do demo á todos dixo o que araba con os lobos.

HG: Dou ó demo todos, dixo ó que araba c'os lobos.

LN: Do demo a todos, dixo o que araua con os lobos.

Donde allos ha viño averá.

HG: Donde allos ha, viño haberá.

BB: Donde allos há, viño haberá.

LN: Donde allos ha, viño auerá.

Dos lobos á un can, ben ó comeran.

HG: Dous lobos a un can, ben ó comerán.

LN: Dos lobos a vn can, ben o comerán.

De boun boa prenda e de o mao no fies nada.

HG: De bóo boa prenda, e de mao non fies nada.

BB: Do bó, boa prenda, e do mao non fíes nada.

LN: De boun boa prenda, e de o mao no fíes nada.

Ele alí, e o cu a á aporta.

BB: Ele alí e o cú á porta.

LN: Ele alí, e o cu a a porta.

Entre marzo e abríl sale o cuco do cubil, con a neve non quere vir.

HG: Entre marzo e abril, sal ó cuco do cubil, que cò á neve non quer vir.

BB: Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, co a neve non quere vir.

LN: Entre Março e Abril, sale o cuco de cubil, con a neue no quere vir.

Aqui no hay touca do lobo saya.

BB: Eiquí non hai touza donde lobo saia.

LN: Eyquí no ay touca, donde lobo saya.

Gardete Deus de can librel, e de casa torre á de muller rabidona.

HG: Gardete Deus de can lebrel, de casa de torre e de muller sabedora.

BB: Gárdete Deus de can librel e de casa torre e de muller rabidona.

LN: Garde te deus de can librel, e de casatorre, e de muller rabidona.

Gata rubia taes as faze, taes as cuyda.

HG: Gata roxa, tal as fai e tal as coida.

BB: Gata rubia cual as face tal as cuida.

LN: Gata ruuia, quelas faze taes as cuida.

[2 v.] Home reñidor, caballo corredor, odre de bon viño, nunca dura muito.

HG: Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño, nunca dura muyto.

BB: Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño nunca dura muito.

LN: Home reñidor, caualo corredor, odre de bon viño, nunca dura muyto.

Ieada sobre lodo, neve fasta o jollo. (rodillas).

HG: Xiada sobre lo do, neve fasta ó xollo.

BB: Geada sobre lodo, neve hasta o jollo.

LN: Ieada sobre lodo, neue fasta o jollo.

Iornada de mar non he de tayxar. (tasar).

HG: Xornada de mar non he de taixar.

LN: Iornada de mar, non hé de tayxar.

La muller e a truita por la boca se prenden.

HG: A muller y á troita, prendense po-la boca.

BB: A muller e a truita pola boca se prende.

LN: La muller e a truyta, por la boca se prende.

Lanza larga por á neve, no ay diabro que á leve.

HG: Lanza larga po-la neve, non hay diaño que cha leve.

BB: Lanza larga pola neve non hai diabro que a leve.

LN: Lança larga por a neue, no ay diabro que a leue.

Mas ha na maria ove fazerla he furarla.

(la traduce Mas hay en la almadama que hacerla y horadarla).

BB: Mais hai na marra que facela e furala.

LN: Mas ha namarra, que fazer la e furala.

Manda e faxe escusarás page/paxe.

HG: Manda e faxe, escusarás paxe.

LN: Manda e faxe, escusarás paje.

Mal va á chorte (cortijo) do buey vello non tosse.

HG: Mal vay á corte, donde ó boy bello non tose.

BB: Mal vai a corte do boi vello non tose.

LN: Mal va á chorte, do buey vello non tosse.

Mal vai a o pasariño que anda en mao do minio.

(niño).

HG: Mal anda ó paxariño, qu'anda nas mans do meniño.

BB: Mal vai ao pajariño que anda en mao do meniño.

LN: Mal vay a o passariño, que anda en mao do miniño.

Meu parente e Pedro bo, quanto me da tanto lle eu so.

HG: Meu parente é Pedro bóo, tanto me dá, tanto ll'eu só.

BB: Mey parente é Pero Bó, tanto me ha canto lle eu só.

LN: Meu parente hé Pero bo, quanto me ha, tanto lle eu so.

Mentre moza ben passar despues que vella choutar.

(trotar).

HG: Mentres moza boo pasar, pero de vella choutar.

BB: Mentre moza ben pasar, despois que vella choutar.

LN: Mentre moça bem passar: después que vella choutar.

Moza rinchadeira o puta ó parleira.

HG: Moza rinchadeira ou p... ou parleira.

BB: Moza rinchadeira ou puta ou parleira.

LN: Moça rinchadeyra, o puta o parleyra.

Moza mañanenga, primero ergue o cu que á cabeza.

HG: Moza mañanenga, primeiro ergue ó c... qu'á cabeza.

BB: Moza mañanenga primeiro ergue o cú que a cabeza.

LN: Moça mañanenga, primero ergue o cu que a cabeça.

Muyto pode ó mucho, sobre ó seu soto.

(traduce Mucho puede el mochuelo en su soto).

HG: Moito pode ó moucho no seu souto.

BB: Moito pode o moucho sobre o seu souto.

LN: Muyto pode o mocho, sobre o seu soto.

Nalleo soto, un pao ou outro.

HG: N'alleo souto, un pao ou outro.

BB: N-alleo souto un pao ou outro.

LN: Nalleo soto, un pao ou otro.

Nas uñas ou nos pes semellaras á quen es:*

HG: Nas uñas ou nos pes, semellarás á quen és.

Nen sabugueiro bon bencello (atonero traduce) nen de cuñado bon consello.

HG: Nen de sabugueiro bon vencello, nen de cuñado bon consello.

BB: Nen de sabugueiro bon vencello nin de cuñado bon consello.

LN: Nem de sebugueyro bon vençello, nem de cuñado bon consello.

[3 r.] Neto á neto bebe Maria ó feltro.
(hieltro traduce).

BB: Neto a neto bebe maria o feltro.

LN: Neto e neto, beue María o feltro.

Non ha tal feitizo como ó bo servicio.

HG: Non hay tal feitiço, como ó bon serviço.

BB: Non hai tal feitizo como o bó servizo.

LN: Non ha tal feitizo, como o bo seruicio.

Nos ollos da miña sogra vejo eu cando ó demo á toma.

LN: Nos ollos da miña sogra, vejo eu quando o demo a toma.

Non da quen ten senon quen quer ben.

BB: Non dá quen ten senon quen quer ben.

LN: Non da quen ten, senon quen quer ben.

No ay tal vicio como pan de trigo, e leite mocizo.
(denatado traduce)

HG: Non hay tal vicio, como ó pan de trigo e leito moçiso.

BB: Non hai tal vizo como pan trigo e leite mocizo.

LN: No ay tal viço, como pam trigo e leyte mociço.

No marzo abrigo, noces e pan trigo.

HG: No marzo, abrigo, noces e pantrigo.

BB: No marzo o abrigo, noces e pan trigo.

LN: No Março o abrigo, nozes e pan trigo.

Non erra quen a os seus somella.

HG: Non erra, quen os seus semella.

LN: Non erra quen a os seus semella.

No niño do can no cates lo pan nen no fociño da cadela cates las manteiga.

HG: No bico do can non cate lo pan, nin no fociño da cadela cate la manteiga.

BB: No niño do can no cates o pan, nin no fuciño da cadela cates a manteiga.

LN: No niño do can, no cates lo pan, nen no fuciño da cadela cates la manteyga.

No chao de coce, que non puder andare honte.

HG: No chao da coce, quen non puder andare honte.

BB: No chao de coçe, quen non puider andar choute.

LN: No chao de coçe, que non puder andar choute.

O demo á os suyos quiere.

HG: O demo, os seus quer.

BB: O demo aos seus quer.

LN: O demo a os suyos quiere.

O leite sin pan, fasta á porta vay.
(El gallego entiende por puerta la ultima tripa por do sale la hez de la comida; así comenta).

HG: O leite sin pan fasta á porta vay.

BB: O leite sin pan hasta a porta vai.

LN: O leyte sin pan, fasta a porta vay.

O mao vaya e veña, e boo nunca se perda.

HG: O mao vaya e veña y ó bóo nunca se perda.

BB: O mao vaa e veña e o boo nunca se perda.
LN: O mao vaa e veña, e o boo nunca se perda.

O pan trigo e centeo mais val na barriga que no seo.

HG: O pantrigo e centeo, mais val na barriga que no seo.
BB: O pan trigo e o centeo, mais val na barriga que no seo.
LN: O pan trigo, o centeo, más val na barriga, que no seo.

Oficio de albardeiro mete palla e saca diñeiro.

HG: Oficio d'albardeiro, mete palla e saca diñeiro.
BB: Oficio de albardeiro mete palla e saca diñeiro.
LN: Officio de aluardeyro, mete palla, e saca dineyro.

O home cordo non lle queima ó porro. (traduce puerro).

BB: Ao home cordo non lle queima o porro.
LN: O home cordo, non le quema o porro.

O leite e o viño fay a ó vello meniño.

HG: O leite e mai lo viño fan o vello meniño.
BB: O leite co viño fai do vello meniño.
LN: O leyte e o viño, fay o vello meñino (sic).

O rocin no mayo volvese cabalo.

HG: O rocin, no mayo, vólvese cabalo.
BB: O rocín no maio vólvese cabalo.
LN: O rocín no Mayo, bolue se cabalo.

Os vilaos Caldelaos, des que non ten que comer lamben as maos.

HG: Os villaos caldelaos, des que non tên que comer, lamben as maos.
BB: Os vilaos caldelaos desque non ten que comer lamben as maos.
LN: Os vilaos caldelaos, desque non ten que comer, lamben as maos.

[3 v.] Os pardos e os rebellos poucos son bos.

BB: Os Pardos e os Rebelloos poucos son boos.
LN: Os pardos e os rebelloos, poucos son boos.

O saco redondo tanto leva como longo.

HG: O saco redondo, tanto leva como é longo.
BB: O saco redondo tanto leva como o longo.
LN: O saco redondo, tanto lleua como o longo.

O tu non queres ou tu non podes, ou tu non traes o leite nos foles.

HG: Ou ti non queres, ou ti non podes, ou ti non trayes ó leite nos foles.
BB: Ou tu non eres, ou tu non podes, ou tu non traes o leite nos foles.
LN: O tú non queres, o tún non podes, o tún non traës o leyte nos foles.

O tolo a monte, o cordo á o moiño.

HG: O tolo á o monte y ó cordo á o mohiño.
BB: O tolo ao monte, o cordo ao muiño.
LN: O tolo ó monte, o cordo ó mo ño.

Pedra da igreja oro goteja.

HG: Pedra d'Igrexa, ouro gotexa.
BB: Pedra de igreja ouro goteja.
LN: Pedra de ygreja, oro goteja.

Por san Pedro da quadrela, sal á cóbrega da sua pedra.

HG: Por San Pedro da cuadrela, sal á cóbrega da sua pedra.
BB: Por San Pedro da Cuadrela sai a cobra de su a pedra.
LN: Por san Pedro da quadrela, say a cobra de súa pedra.

Por San Andres toma o porco por ó pe.

HG: Por San Andres, toma ó porco po-lo pé.
BB: Por Sant André toma o porco polo pé.
LN: Por sant André, toma o porco por, o pe.

Por marido reiña e por marido mesquiña.

HG: Por marido reiña, e por marido mezquiña.
BB: Por marido raíña e por marido mezquiña.
LN: Por marido re ña, e por marido mezquiña.

Quen en mayo non merenda cos mortos se encomenda.

HG: Quen en mayo non merenda, os mortos se encomenda.
BB: Quen en maio non merenda cos mortos se encomenda.
LN: Quem en Mayo no merenda, cos mortos se encomenda.

Quen jugata con ferro, jugata co demo.
(jugata traduce burlar).

HG: Quen xoga c'o ferro, xoga c'o demo.
BB: Quen iugata co ferro iugata co demo.
LN: Quem iugata co ferro, iugata co demo.

Quen tuber remoliño na testa, non irá conmigo á á festa.

HG: Quen tuber remohiño na testa, non irá conmigo a festa.
BB: Quen tuver remuiño na testa non irá conmigo â festa.
LN: Quem tuuer remoliño na testa, non yrá comigo a a festa.

Quen sirve mozo, Muller e comun non sirve á ningun.

HG: Quen sirve mozo, muller e comun, non sirve á ningun.

Quen mata arbela mais sabe que ela.

HG: Quen mata á arbela, sabe mais qu'ela.
BB: Quen mata a arbela mais sabe que ela.
LN: Quen mata arbela, mays sabe quela.

Quen non te esforzo, fuge mas que corzo.

HG: Quen non ten esforzo, fuxe mais que corzo.
BB: Quen non ten esforzo fuge mais que corzo.
LN: Quen non te efforço, fuge más que corço.

Quen non ten quen mande levantese e ande.

HG: Quen non ten quen mande, levantese e ande.
BB: Quen non ten quen mande írgase e ande.
LN: Quen non ten que mande, yrga se e ande.

Quen ficer de min escarabello non farei del espello.

HG: Quen fiçer de min escarabello, non farei del espello.
BB: Quen fizer de min escarabello non farei del espello.
LN: Quen fizer de min escarauello, non farey del espello.

Quen con demo anda ó boi se lle esmouca.
(traduce descuerna).

HG: Quen c'o demo anda, o boi se lle esmanca.
BB: Quen con demo anda o boi se lle esmouca.
LN: Quen con demo anda, o boy se lle esmouca.

Quen perdeu e na achou co demo andou.
HG: Quen perdeu e n'achou, c'o demo andou.
BB: Quen perdeu e non achou co demo andou.
LN: Quem perdeu e no achou, co demo andou.

Quen mais non pode á as uñas acode.
HG: Quen mais non pode, cos dentes acode.
BB: Quen mais non pode ás uñas acode.
LN: Quen más no pode, a as vñas acode.

Quen ten co chore, cada día morre.
HG: Quen ten qu'o chore, cada dia morre.
BB: Quen ten que o chore cada dia morre.
LN: Quen ten co chore, cada día morre.

Quen se calará e pedras apañará tempo vinrra que as espargerá.
HG: Quen se calara e pedras apañara, tempo vendrá que'as esparxerá.
BB: Quen se calara e pedras apañara, tempo virá que as espargerá.
LN: Quen se calará, e pedras apañará, tempo vinrrá, que as espargerá.

[4 r.] Refranes (Sobreira)

Augoa por san Juan, leva viño e non deixo pan.

A besta pola cebada non he paga.

A boca que comeu allo, sempre cheira á el.

A cabra cò bizo, da co corno no cu.

A dolor non fai boa cara.

A fartura empeza pola leña.

Alabado sexa quen dou ó rabo á cereixa y á carambuña á ameixa.

A loucura non ten cura.

A Madrigana, de todos los males sana, senon da morte que ten mala sorte.

Andando as nocellas perdín as ovellas, vou á miña que me arrinque as orellas. Miña nai nestaba na casa á noite virá y o cu pagará, se non for pola noite sera pola maña.

Ano dameixas, ano de queixas.

Arrenego o demo y a pasparriola y á muller que dorme fora que ven denoite e sin hora.

Arrenegote Satan coa folla do Piorno; eu quero coce lo pan, deixademe libre ó forno.

A ruin herba, logo medra.

A Segorella e boa herva.

[4 v.] As pascoas de Santisprito queiman coma torbisco.

As varas son boas pra ó gando.

Besta vella os toxos.

Bezou á vella os beldros e zuga os dedos.

Cada moucho manda no seu souto.

Cando ás sorreiras chían y os carballos zoan, sabe ben á broa.

Cando ó can quer á cadela ofrece moita farela.

Cando ó corbo canta y carballo zoa, virgen nosa Señora, case sabe á broa!

Cando o trigo esta louro val ó Mugil ouro.

Castaniñas á rillar, piollinos á medrar.

Como te chamas? Come pan e rilla castañas.

De peras é de mazas, meu corpiño que tal vas?

Descanto ha que che nabos mordo, nabizas coma elas nunca chas vin.

De tal terra tales nabos.

En abril espigas mil.

En canto vay e ven ó pao, descan (descansa?) o lombo.

En casa do home honrado pon ó mollo polo caño.

[5 r.] En casa do tolo, pon ó mollo polo toro.

En janeiro xa pon á abella ó pe no salgueiro.

En janeiro saben as berzas como ~~ó~~ carneiro.

En outono caíño e todo.

Fanforriña da Mariña, folla por debaixo e folla por encima.

Graigo á Graíño, enche á galiña ó papiño.

Ora vela vay á raposa polo millo, ela no no come pero vaino sacudindo.

Faneco rabelo, mordeume nun dedo, Figueiro figueiro.

Maraballadas do horto e todas las mulleres atadas nun biorto.

SOB: Maraballadas de horto e tódalas mulleres atadas nun biorto.

Mais che val fraco no mato, que non gordo na boca do rato.

Mais val comer pan davea, que non ir á arca allea.

Na esfarma vay á vendima.

SOB: Na esfarna vai a vendima.

Non hay sabado sin sol ni romeiro sin frol.

Non vexo touzo donde gaya lobo[2].

O cura das malas aveas, polas suas mide as alleas.

[5 v.] O que he bon labrador, bico e coton.

O que non sabe mañas non come castañas.

O que trata en liño ou cera nunca lle falta á cea.

Ouregos ouregos ou novos ou vellos; ou novos vellos, oregos ouregos [¿os cregos?].

Pra quen he á figueira, senon pra quen esta á veira.

Sarradéla á boa herba, meu cabalo come dela.

Se queres ter ó home sao dalle ó Arbelao.

---

[2] G. Correas recolle *No veo mata donde lobo no salga* e *No veo mata donde lobo salga*. A explicación do primeiro é "Contra los que hallan dificultades en las cosas, o contra los que las ponen sin haberlas" e a do segundo "Quiere decir lo contrario del precedente [No veo mata donde lobo no salga], y que no veo en esa persona lo que me alabáis".

Se queres ver un home morto, dalle verzas en agosto.

Tendela Ruda tendela sarja, tende la herba da frecha na casa.

Vare e coton, viño á monton.

[6 r.] Pisar para fora andar qu'enamora.

Non sei nada, Rosa parida, Pepa preñada.

Pascoas molladas, boas anadas.

Pascuas enxoitas nin poucas nin moitas.

Os bestas da miña terra, pillan-á carne e vánse con-ela.

Morreu un canonigo levouno o demonio, os beneficiados pelejan como galos.

En (os de) santa Susana matan á besta ós de (en) Conxo cómena fresca y os de (en) Sar mandaron recado de que lles gardasen á croca do rabo[3].

Un pra que cales y outro pra que estales.

A outros llo chaman e mais non s'asañan.

O Sil traz a agoa o Miño tem a nomeada. (S. XVII).

O norte yó ladron, de noite busca ó meson.

Hora meu meniño hora, sinon queres calar chora.

Na semana de ramos lava os teus panos que na semana mayor ou choverá ó fará sol.

Mentras á moza quer una vez á vella trés.

Alegradevos cucas que ahí ven San Lucas.

[3] En "Nuestro Folk-lore" (Almanaque gallego por Manuel Castro López. 1916. Buenos Aires) o propio Murguía non cita para nada o P. Sobreira e presenta estoutra versión: En Santa Susana matan a besta, / En Sar, cónmena fresca, / Y en Conjo mandan recado / De que lle manden a croca do rabo.

Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)

Mª Carmen Paz Roca
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Dentro das caixas que gardaban o arquivo fraseolóxico de Francisco Vázquez Saco había unha colección cerrada de refráns reunida, con preciosa caligrafía, por Lois Carré Alvarellos. Os dous eran amigos e a presenza deste manuscrito entre os materiais de Vázquez Saco indica presumiblemente unha entrega xenerosa, como era habitual nos Carré, para enriquecer un gran refraneiro.

Pareceunos, non obstante, que a categoría do prehistoriador, escritor e etnógrafo Lois Carré esixía unha publicación exenta e con esta publicación facémoslle xustiza. Queremos agradecer ás súas fillas as facilidades dadas para esta publicación, que quere ser anticipo dunha homenaxe debida dende hai tempo.

O manuscrito componse de nove follas escritas por anverso e reverso que conteñen un total de 502 refráns. A oitava folla está rota, polo que a metade dos refráns de cada unha desas dúas páxinas está incompleta. Cada páxina contén entre vintecinco e trinta refráns ordenados alfabeticamente, excepto os cinco últimos, que son un apéndice ás letras A, N, e O. Para marca-lo inicio de cada sección, o autor escribe a grafía correspondente en letra maiúscula, máis grande e máis marcada.

Na marxe esquerda do papel aparecen con tinta e caligrafía diferentes uns números que supoñemos son da autoría de Francisco Vázquez Saco e que fan referencia á ordenación dalgunha das súas **o**leccións. Con estas mesmas características atopamos tamén cinco palabras, unhas veces á esquerda e outras á dereita do refrán, que posiblemente indican o tema no que incluiría eses refráns. Dous deles asígnaos a "Fama", un a "Familia", un a "Frío" e outro a "Flatulencias".

Na marxe dereita do papel inclúese a indicación do lugar onde foron recollidos. Algúns deles teñen unha localización específica, mentres que outros teñen simplemente a marca "T. O. ", que segundo nos explica o autor na nota final, significa que pertencen á tradición oral da cidade da Coruña e a súa bisbarra. Do resto, a maioría dos lugares pertencen á provincia da Coruña, algúns deles á de Pontevedra e unha minoría á de Lugo e Ourense. En 1r localiza un refrán en Lañas que nos parece Lamas de Sergude. Por último, só atopamos un

caso no que a localización é bibliográfica e non topográfica, remitíndonos á obra *Geografía del Reino de Galicia* de Amor Meilán.

Asimesmo, hai cinco casos nos que debaixo do fraseoloxismo aparece unha explicación do seu significado ou dalgunha das palabras que contén. Do mesmo xeito, algúns refráns aparecen cunha marxe esquerda superior que indica que son variantes do refrán precedente.

A

[1 r.] A alforxa do probe, con todo pode. (T. O.)[1]

A anada, non se pilla â carreira. (T. O.)

Anada â carreira non se pilla. (T. O.)

A besta brava, monte longo. (Bordel)

Abril se por malas quere vir, inda as portas non deixa abrir. (Cambre)

A cabra cô vicio, da coas cornas no cú. (Cambre)

A cada un o seu, dicía o que roubaba. (Cambre)

A castaña, no agosto quere arder, e no setembro quere beber... (Sergude)

A castaña que esta no camiño, é do veciño. (T. O.)

Aconséllate con quen seipa, e si queres acertar, acertas. (T. O.)

Â conta do pano, adeprenden os xastres. (Cambre)

A Cruña, rabuña. (T. O.)

A fame, trai fame. (Sergude)

A fame ven nadando. (Cambados)

A fariña do demo, todo se volve salvado. (Muros)

A gaita a ninguen fai mal, se non é a quen a toca. (Lañas[sic]-Sergude)

A galiña onda o galo, en calqueira lado. (Tabeayo)

A gordura sete faltas disimula. (Cambre)

Aire solan, auga no chan. (Gosende)

Alábate, frade, que se ti non te alabas non hai quen te alabe. (T. O.)

Almorzo cedo, cría carne e sebo. (T. O.)

Â madrasta, cô nome lle basta. (Cambre)

A mala feira, corda valeira. (T. O.)

A mala veciña, dá agulla sen liña. (T. O.)

Amiguiños si, pero a vaca pol-o que vaia. (T. O.)

Amiguiños si, pero a galiña nos trinta reás. (T. O.)

A misa e o marrano (?) un por ano; e sobra misa e falla marrano. (O Casal)

[1 v.] A mortos e idos, non hai amigos. (T. O.)

A muller e a sardiña, canto mais pequena, mais feitiña. (T. O.)

A muller que se queda viuda e volve a casar, unha débeda colle cô demo e ela ten que pagar. (Sergude)

A muller sen home, no regazo come. (T. O.)

A muller sen o home; no regazo come, e o home sen a muller, come onde quêr. (Cambre)

Animal de bico, non pon ao seu amo rico. (T. O.)

Ano de ameixas, ano de queixas. (T. O.)

Ao criado novo danlle pan e ovo, e ao criado vello danlle pan do demo. (Cambre)

Ao ferreiro da maldizón, cando ten ferro fáltalle o carbón. (T. O.)

Ao galleguiño, gustalle o mandiño. (Villagarcía)

Ao que adoita cocer na casa, non lle arroubes na masa. (Carral)

Ao que non fuma, nen bebe viño, levallo o demo por outro camiño. (T. O.)

Ao que tarde embarca, un remo torto nunca lle falta. (Sada)

Aos coxos, paus nas pernas. (T. O.)

A que do leite e larpeira, non ten sorte coa manteiga. (Bordel)

[1] Ver nota final, onde o autor explica que a abreviatura "T. O. " significa tradición oral.



Aportazón ao refraneiro

Coleición de refrás recollidos da tradizón oral

por:

Lois Carré

A

	A alforxa do probe; con todo pode	T. O.
	A anada, non se pilla â carreira	T. O.
	Anada â carreira non se pilla	T. O.
1	A besta brava, monte longo	Bordel
	Abril se por malas quere vir, inda as portas non deixa abrir	Cambre
	A cabra cô vicio, da coas cornas no cú	"
	A cada un o seu, dicía o que roubaba	"
	A castaña, no agosto quere arder, e no setembro quere beber...	Sergude
	A castaña que esta no camiño, é do veciño	T. O.
	Aconséllate con quen seipa, e si queres acertar, acertas	"
2 +	A conta do pano, adeprenden os xastres	Cambre
	A Cruña, rabuña	T. O.
3 +	A fame, trai fame	Sergude
	A fame ven nadando	Cambados
	A fariña do demo, todo se volve salvado	Ouiros
4	A gaita a ninguen fai mal, se non é a quen a toca	Lañas - Sergude
5 +	A galiña onda o galo, eu calqueira lado	Cabeayo
	A gordura sete faltas disimula	Cambre
	Aire solan, auga no chan	Gosende
	Alábate, frade, que se ti non te alabas non hai quen te alabe	T. O.
	Almorzo cedo, cría carne e sebo	"
	A madrasta, cô nome lle basta	Cambre
	A mala feira, corda valeira	T. O.
	A mala veciña, dá agulla sen liña	"
	Amiguiños si, pero a vaca pol. o que vaia	"
	Amiguiños si, pero a galiña nos trinta reás	"
6	A misa e o marrano (?) un por ano, e solta misa e falla marrano	O Casal

A quen lle doian os dentes, que acuda â dentuza. (Cambre-Sergude)
A quen non quêr caldo, tres cuncas. (T. O.)
A que se viste de alleo, colle pallas e méteas no seo. (Santa Cruz ~~de Mera~~)
Ara por enxoito, e ara por mollado, se non queres pedir emprestado. (Tuy)
Arco da vella ao levante, chama aos bois adiante. (Cambre)
Arco da vella ao poniente, deixa os bois e vente. (Bordel)
A romaría de S. Andrés o que de vivo non foi unha vés, vai de morto duas ou trés. (Gosende)
A ruda, todol-os males muda, menos o que non ten cura. (Cambre)
Arrieiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana, mais perde do que gana. (T. O.)
A S. Andrés de Teixido, vai de morto o que non foi de vivo. (T. O.)
A sardiña por San Xoan, molla o pan. (Gosende)
As casas de servir, non son bés de herdar. (Cambre)
As cerdeiras e os ladros, anque se prendan non son bós. (T. O.)
[2 r.] As comadres non lles gustan as verdades. (T. O.)
Así paga o demo a quen o sirve. (Cambre)
As mazás pol-o nadal, saben ben e repártenas mal. (Cambre)
As mulleres no río, e os homes no ferreiro, dan volta ao mundo enteiro. (O Casal)
As Pascoas con quen quixeres, e o antroido coas mulleres. (T. O.)
As perdas son irmás das ganancias. (Sergude-Gosende)
As silveiras teñen oideiras. (Cambre)
A sona sin proveito, corre pol-o mundo a eito. (Sergude)
Âs veces, dun año branco sal un año negro. (Cambre)
A terra que nos dá, ha de nos comer. (T. O.)
A todol-os cochos lles chega o seu San Martiño. (T. O.)
Atrás de maio ven o San Xoan. (T. O.)
Atrás do tempo, tempo ven. (T. O.)
Atrás de tempos, veñen tempos. (T. O.)
Auga corrente, non mata a xente. (T. O.)
Auga de treboada, ou moita, ou nada. (Cambre)
Auga parada non move muiño. (T. O.)
Augas de abril, enchen o carril. (Portazgo)
A vaca da miña veciña, da millor leite que a miña. (T. O.)
A vaca que non come cando os bois, é, porque, ou comeu antes, ou comerá despois. (T. O.)
Ave que se muda, en cada sitio deixa unha pruma. (T. O.)
A y-auga no mes de S. Xoan, mata o viño e non dá pan. (Cambre)

B

Besta mular, ou comer ou andar. (T. O.)
Besta parada, non fai xornada. (T. O.)
Besta que xeme, a carga non teme. (T. O.)
Bicos e abrazos non fan os nenos, pero tocan a vísporas. (T. O.)
Bon olo nos mire. (Sergude)
Bon ollo te vexa. (Sergude)
Bô serás, mais no meu carro non entras. (Muros)

[2 v.] C

Cabalo grande, ande ou non ande. (T. O.)
Cada can no seu palleiro. (Cañás)
Cada un conta da feira, asegún lle foi n-ela. (T. O.)
Cada un é cada un, e todos son da morea. (T. O.)
Cada un ha crebar algo da sua corda. (Sergude)
Cada un raña onde lle proi. (T. O.)
Cada un sabe o seu, e Deus o de todos. (T. O.)
Cagada de can, carto na man. (Cambre)
Caldo sin pan, no inferno o dan. (Cambre)

Cando a Candelaria non plora, o inverno nen dentro, nen fora. (T. O.)
Cando a carballeira zoa, sabe ben a broa. (T. O.)
Cando Deus non quêr, os santos n'axudan. (T. O.)
Cando Dios quêr dal-a anada, n'a tolle choiva nen xiada. (T. O.)
Cando hai batalla todos fan falla. (T. O.)
Cando marzal maiea, maio marcea. (T. O.)
Cando nadal nada e sinal de boa anada. (T. O.)
Cando non hai, o demo da fame. (T. O.)
Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño. (T. O.)
Cando o pau anda pol-o ar, é ben encollel-o lombo. (Leiro)
Cando pases por Sigrás mira sempre para atrás. (T. O.)
Can sen dentes non traba. (T. O.)
Can que moito ladra non traba. (T. O.)
Can ladrador non e mordedor. (T. O.)
Canto mais burro, mais peixe. (T. O.)
Canto mais un anda no monte, mais espiñas colle. (T. O.)
Cantos días pasa de xaneiro, perde o allo no alleiro. (Cambre)
Carballo torto ninguen o endereita. (T. O.)
Carro derradeiro ou cheo ou valeiro. (T. O.)
Carta ó santo, que saliu o burro do barranco. (Sergude)
Carral, nin para ben, nin para mal. (Sergude)
Casa a que teñas, e terras cantas vexas. (Sergude)
Casamentos con foguetes romatan a cachetes, e casamentos por amores romatan en delores. (T. O.)
[3 r.] Catou a vella os grelos, e lambeu os dedos. (Cambre)
Caves ben ou caves mal, cava ben no carreiral. (T. O.)
Ceo de lan, se non chove hoxe, chove mañán. (Gosende)
Coida o ladrón que todos o son. (T. O.)
Coidar que o touciño e de ovella. (T. O.)
Color de brasa logo che pasa. (Cambre)
Comadre, antes que lle chamen, chame. (T. O.)
Comer e rascar quêr comenzar. (T. O.)
Como o rei nun paxe polo río embaixo. (Cambre)
Con tolos e porfiados, sostemos os nosos estados, din os da curia. (Chantada)
Convidoume S. Mateu, o viño pagueino eu. (T. O.)
Cô pan e cô viño, anda o home o seu camiño. (Villalba)
Corre o ouro para o tesouro. (T. O.)
Costa abaixo todol-os santos axudan. (T. O.)
Cría corvos e arrincaranche os ollos. (T. O.)

CH

Choivas do mar, e vento da ría, foliada para todo o día. (Muros)
Choiva o día do Candeeiro, pipas ao fumeiro. (Taragoña)

D

Dando na cabeza, dase en todo o corpo. (T. O.)
Debaixo de aquel capelo ten outro novelo. (Pte. Pasaxe)
Debaixo de unha capa ten outra que rapa. (Cambre)
Debaixo do pan estan as achas. (T. O.)
De dar ninguen se fixo rico. (T. O.)
De hora en hora, Dios millora. (Cambre)
Deixa o can ca roca, e o gato coa mazaroca. (Mesía)
De marco a marco non vai arco. (T. O.)
Dende o día de S. Martiño, cada día o seu ferradiño. (Cambre)
De ruín madeira nunca bon pitelo. (T. O.)
Despois que estou farto, quén quere pan? (T. O.)
De tal ola, tales cachos. (Rivas Pequenas)
Deus nos dé de que rîr, e non seia de cousa ruin. (T. O.)

[3 v.] Día atrás día, maio â porta. (Cambre)
Día de moito vispora de nada. (Cambre)
Dígocho filla, entendemo nora. (T. O.)
Diol-os dá, e eles axuntanse. (T. O.)
Dios consente, pero non pra sempre. (Bordel)
Dios dá as noces a quen non ten dentes. (T. O.)
Dios da o pan a quen o non sabe comer. (Cambre)
Dios dé a pereira e a min â veira. (Cambre)
Dios dea qué que as ganas de comer veñen de seu. (T. O.)
Dios manda limosnar e pol-os nosos comenzar. [2] (Tabeayo)
Dios nos dea saude que as ganas de comer han vir de seu. (T. O.)
Dixolle o pote ao caldeiro, arreda de min, non me luxes. (T. O.)
Do dito ao feito, vai un bô preito. (T. O.)

E

En abril augas mil. (T. O.)
En abril sal o cuco do cubil. (Cambre)
Entre marzo e abril sal o cuco do cubil. (Sergude)
En agosto frío no rosto. (T. O.)
En Ares non te pares. (T. O.)
En cada terra seu uso, e cada roca o seu fuso. (Sergude)
En casa chea, logo se fai cea. (T. O.)
En coxeira de can, e bágoas de muller, non hai que creer. (T. O.)
En Lugo, nen boa besta, nen bon burro. (T. O.)
En maio inda a vella queima o tallo. (T. O.)
En marzo, niñarzo, en abril, ovoril, en maio paxarayo, en San Xoan, voarán. (Cambre)
En Montouto para pouco . (T. O.)
En Caamouco para pouco. (T. O.)
En pan encetado, corta quen quêr. (T. O.)
En Redes non te quedes. (T. O.)
En San Cibrán recollel-a mazán. (Cambre)
En Sarandós 29 feligreses e 30 ladrós. (T. O.)
En Sergude o que ten cartos non durme. (T. O.)
En terra de cegos o torto é rei. (T. O.)
[4 r.] En terra de lobos, ouvear como todos. (Cañás)
En toda terra espiga o pan. (T. O.)
Entre a rapa e a rebola veña o demo e escolla. (T. O.)
Entre crego e sancristan, o demo que poña a man. (T. O.)
Entre o novo e o vello, fame do deño. (Chantada)
En xaneiro a raia sabe a carneiro. (Cambre)
En Xaneiro mete obreiro. (Cambre)
Erguéuse preguiza, poñer lume â casa. (Cambre)
Está a vella a morrer, e inda está a adeprender. (Lugo)

F

Fai ben e non cates a quen. (Gosende)
Fai mais o que Dios axuda que o que moito madruga. (T. O.)
Fai o que che eu mando, e non fagas o que eu fago. (T. O.)
Falar e comer non pode ser. (T. O.)
Fillos casados â porta son como a cabra ceiba na horta. (T. O.)
Fillos criados, traballos dobrados. (Cambre)
Forza de mozos e consello de vellos. (T. O.)
Febreiriño corto, son seus día vintaoito. (T. O.)
Febreiriño corto, son seus días vintaoito, mais si ben volves contar vintanove has de atopar. (Cambre)
Fun â casa allea e avergonceime, viñen â miña e remedieime. (Cambre)

G

Gaiteiro pago nunca ben toca. (T. O.)
Gaivotas â terra, mariñeiros â merda. (T. O.)

[2] No manuscrito aparece con letra de Francisco Vázquez Saco o tema Familia.

H

Hai que gardar das risas para as choras. (Cambre)

Hastra o San Martiño, ferve o viño. (Vigo)

Hastra San Martiño, pan e viño, e despois fame e frío. [3] (T. O.)

Home pequeno e grande. (T. O.)

Home pequeno un e meio. (T. O.)

Home pequeno, fol de veneno. (T. O.)

[4 v.] Home torto e can rabeno, arredar de eles como do demo. (T. O.)

I

Inda que é groso, non e noso. (Monforte)

Ir a mexar e non botar un peido, e como gaita sen tamborileiro. [4] (T. O.)

L

Labor feito ben parece. (Cambre)

Lerias non enchen. (T. O.)

Lobos de unha mesma tonaxe, non se traban. (Altamira)

M

Mais val andar, que trasnear. (T. O.)

Mais val casta, que herba. (T. O.)

Mais val ter, que cobizar. (T. O.)

Mais val unha farta que cen lambetadas. (Villalba)

Mais val unha viuda honrada que unha solteira furada. (T. O.)

Mais val un por si acaso, que un quen o souper. (T. O.)

Mala veciña, como a neve febreiriña. (Altamira)

Malia o dente que come a semente. (Cambre-Peiro)

Malia o rato que soio ten un burato. (Ans-Lañas)

Marzo marzan, pol-a mañan cariña de rosa, e pol-a tarde cariña de can. (T. O.)

Más que non dades qué agardades? (Cambre)

Mentres a ovella mea, bocado perde. (Mesía)

Mentres que se capa non se asubía. (T. O.)

Mentres que capa non asubía. (Sta. Cruz)

No intre que se capa non se asubía. (San Lourenzo)

Mentres tempo non ven, sazón non pasa. (Cañás)

Misturar o allo cô bugallo. (T. O.)

Moito e ben, non hai quen. (Cambre)

Moito fume e pouco lume. (T. O.)

Morra a marta, e morra farta. (T. O.)

Morrendo e adeprendendo. (Tuy)

Muller morta, sete â porta. (Cambre)

[5 r.] N

Na cas do ferreiro, coitelo de pau. (Sergude)

Na casa do probe, cada un enterra ao seu pai como pode. (Altamira)

Namentres tempo non pasa anada non ven. (Sergude)

Na semana de Ramos, lava os teus panos, que na de Pasión lavaral-os ou non. (Cambre)

Na semana de Sta. Olaya, moito trigo e pouca palla. (San Lourenzo)

N'hai lua cal de xaneiro, nen amor como o primeiro. (T. O.)

Ninguén fala tan ben de un como cando lle ten a sua conta. (T. O.)

Ninguen ten outra sona que a que o mundo lle pon[5]. (Sergude)

Nin pol-o arredor, nin pol-o atallo, deixes quedar o camiño de carro. (Sergude)

Nin por sol, nin por solexa, nunca deixel-a mantexa. (Ventorrillo)

No día de Sta. Lucía, enchente de auga ou de sardiña. (Cambre)

No meio dun fato, sempre hai un ruin. (Bordel)

No mes de San Xoan as nove con día dan. (Cambre)

---

[3] No manuscrito aparece con letra de Francisco Vázquez Saco o tema Frío.

[4] No manuscrito aparece con letra de Francisco Vázquez Saco o tema Flatulencias.

[5] No manuscrito aparece con letra de Francisco Vázquez Saco o tema Fama.

No millor pano pode caer unha mancha. (T. O.)
Non comer por ter comido, non é mal de perigo. (T. O.)
Non é o mesmo doeme, doeme, que doerme. (T. O.)
Non era nada; nin era vento, nin era xiada. (Altamira)
Non o mercou quen o herdou. (Altamira)
Non hai atallo sen traballo. (T. O.)
Non hai costa abaixo sen costa arriba. (T. O.)
Non hai cousa ben falada, que non seia mal tomada. (Sergude)
Non hai duas sen tres. (T. O.)
Non hai feira mala; o que un perde outro o gaña. (T. O.)
Non hai fuso que non se torza. (T. O.)
Non hai mal que cen anos dure, nen corpo que tal resista. (T. O.)
Non hai mel sen aguillón. (T. O.)
Non hai mellor criado que o que manda e fai. (T. O.)
Non hai pega sen mancha negra. (Cambre)
Non hai sábado sen sol, nen Marica sen amor. (T. O.)
Non pecou de gula, quen nunca tuvo fartura. (T. O.)
Non pidas a quen pediu, nen sirvas a quen serviu. (Cambre)
Non se pillan as troitas, coas cirolas enxoitas. (T. O.)
[5 v.] Non ten un mais sona que a que lle queren poñer. [6] (T. O.)
Non todo o que se di se fai, nen todo o que se fai se dí. (T. O.)
No outono a berza para o seu dono. (Cambre)
Nunca choveu que non escampara. (T. O.)

O

O allo por S. Silvestre, nen nado nen en restre. (Vigo)
O antroido coas suas artes, botou a S. Matías fora do martes. (T. O.)
O bailar non é todo dar voltas. (Sergude)
O boi cando cerra, xa ten a mitá da medra. (Gosende)
Cerrar dise cando botou os dentes estremos. -Deixa de medrar aos catro anos. -A outra mitá da medra vai nos anchos.
O boi cerrado meio logrado. (Gosende)
O boi pol-o corno e o home pol-a palabra. (T. O.)
O boi solo ben se lambe. (T. O.)
Boi solto ben se lambe. (T. O.)
O casado casa quêr, e o solteiro unha muller. (Muros)
O cocho de maio inda se arrima ao tallo. (Sergude)
O corvo que nace na pena, sempre volve a ela. (Degrada)
O crego onde canta, alí xanta. (T. O.)
O día da Asunción se a paxariña abala os ovos, quédanlle golos. (T. O.)
O día de Sta. Catarina, enchente de auga ou de sardiña. (Bañobre)
O día de Sta. Mariña, pousase a eixada e cóllese a forciña. (Cambre)
O día de S. Xoan, pártelle a primeira raís ao pan; o día de S. Pedro, pártelle a do medio, e despois seca noite e día. (Cambre)
O falar non ten cancela. (T. O.)
O fillo do home, nunca come, e o fillo alleo nunca é cheo. (Sergude)
O gato no zoleiro non quêr compañeiro. (Lañas)
O home que almorza papas e vai coas vacas, non se ten que arredar das casas. (O Casal)
O lobo come de toda a carne a non ser a sua que a lambe. (Cañás)
O loureiro arde no segueiro. (T. O.)
O lume onde a estopa ven o demo e sopra. (T. O.)

[6] No manuscrito aparece con letra de Francisco Vázquez Saco o tema Fama.

O mainzo inda vai e inda ven, até as porcas (canícula) do **[6 r.]** mes de Nosa Señora. (Sergude)

O mal que pides ao veciño, pódel-o atopar no teu camiño. (Sergude)

O medo garda o cú. (T. O.)

O millor leite é o derradeiro. (Lorbé)

O moito falar e v icio. (T. O.)

O muiñeiro que moe fariña sempre unta o bico na foula. (Muros)

Onde hai crego ou albarda, sempre hai hora millorada. (T. O.)

Onde hai égoas, poldros nascen. (T. O.)

Onde hai galo, non canta galiña, senón que o galo teña morriña. (T. O.)

Onde hai patrón non manda mariñeiro. (T. O.)

Onde irás boi, que non ares? (T. O.)

Onde me non chaman, nada me queren. (Lañas)

Onde non te chaman non te metas. (T. O.)

Onde se saca e non se pón, chégase ao fondo. (Cambre)

Onde vas tolo? onde van todos. (T. O.)

¿Onde vas Cremente? onde vai a xente. (T. O.)

O palleiro non se fai sin palla. (T. O.)

O papel trema do que lle poñen. (T. O.)

O que asegura non perde. (Sergude)

O raposo no S. Xoan píllase pol-a lan. (Sergude)

O que a soias fás na casa, poidan todos ver na praza. (T. O.)

O que bailou ben de mozo, inda de vello dalle xeito. (Altamira)

O que ben busca algo sempre atopa. (T. O.)

O que ben o quêr, xa sabe o que ha facer. (Bertamirans)

O que cala, consinte. (T. O.)

O que caro custa é porque val. (T. O.)

O que cedo adentece, cedo irmanece. (Cambre)

O que come de pé, nunca farto é. (Sergude)

O que con ferreiro anda, primeiro cuspe. (Lugo)

O que dereito fía, o fuso lle cae e o cú lle asubía. (Cambre)

O que é de anada, non o leva vento nen xiada. (Sergude)

O que é de anada non o mata frío nen xiada. (Gostobedro)

O que é de mel, cómeno os moscas. (Cambre)

O que é do común, non é de ningún. (T. O.)

O que escoita, mal de sí oie. (Cambre-Tabeayo)

[6 v.] O que está de Dios, nô leva o dema. (T. O.)

O que fixo un cesto, fai un cento. (T. O.)

Quen fai un cesto fai un cento. (T. O.)

O que garda sempre ten. (T. O.)

O que ha de cegar, pol-o mal dos ollos ten que comenzar. (T. O.)

O que mata é o escrúpalo. (T. O.)

O que mata unha abella ten cen anos de pena. (T. O.)

O que mata un abellón ten cen anos de perdón. (T. O.)

O que moito mea, non é o que millor ratea. (Cañás)

O que nasce no mes de S. Xoan, é bon comedor e ademais un larchán. (Sergude)

O que nasceu para ichavo non pode chegar a carto. (T. O.)

O que non cae, asonlla (se doblega). (Lorbé)

O que non chora non mama. (T. O.)

O que non levan os ladrós aparesce pol-os rincós. (T. O.)

O que non mata engorda. (T. O.)

O que non pode, côs dentes acode. (Sergude)

O que non sabe fai como o que non vé. (T. O.)

O que non te entenda que te merque. (T. O.)

O que non ten casa, nen lugar, cada ano o seu pesar. (Ribadavia)

O que non ten que facer, sacha os navos antes de nascer. (Cambre)

O que non viu mundo é como unha besta brava. (T. O.)
O que non xoga, nen gaña nen perde. (Sergude)
O que obra no alleo, é como o que fai fillos na muller de outro. (Gosende)
O que outro suda a min pouco me dura. (Cambre)
O que primeiro chega primeiro enche. (Sergude)
O que queira patacós por S. Xoan, ten que poñelos por S. Xulián. (Sergude)
O que queira ter a muller boa, delle cervoa. (T. O.)
O que se afai a bailar, non sabe nunca como ha de parar. (Sergude)
O que se ergue cedo, vé a sua vida e mais a allea. (T. O.)
O que se pranta no lús de Pascua arde como ascua. (Cambre)
O que ten boca vai a Roma. (T. O.)
O que ten tenda quêr que lle atenda, e senón que a venda. (Santiago)
O que ven de fora ven tarde e sen hora. (Cambre)
[7 r.] Os anxiños de Deus, son testigos do demo. (T. O.)
O sarampón tres días sí, e tres días non. (Cambre)
Os bens do sancristán por onde veñen van. (Sergude)
Os burros da miña terra pillan a carga e quedan con ela. (Cambre)
Os cornos son coma os dentes, que doen ao nascer e dimpois axudan a comer. (T. O.)
Os faballos por Santos, nin nados nin en sacos. (Osedo)
Os de Viveiro, moito fandango e pouco diñeiro. (Mondoñedo)
Os fillos gusta facelos, mais custa caro arrolalos. (T. O.)
Os navos e os señores, canto mais raros mellores. (T. O.)
O sol da porta non quenta. (T. O.)
O sol de agosto corre como o lostro. (O Casal)
Os pesos chaman pol-os pesos. (T. O.)
O traballo dos nenos é pouco, pero quen o desprecia é tonto. (Cambre)
O vran de San Martiño, ou longo ou moi pequeniño. (Taragoña)

P

Palabra por dicir non ten chata. (T. O.)
Pan de hoxe, carne de onte, e viño de antano, manteñen o home sano. (T. O.)
Para a cabra cega todo o monte é longo. (Viveiro)
Para mañan garda de comer, pero non deixes que facer. (T. O.)
Para morrer hai que nascer. (O Casal)
Para o bon operario non hai ferramenta ruín. (T. O.)
Para o probe todo é limosna. (Sergude)
Para pasar pasadoiros, e beber auga fría non hai cortesía. (Muros)
Para quen non quêr, teño eu moito. (Cambre)
Para un oso, cincoenta cás. (Cambre)
Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas. (Sergude)
Pascuas molladas traen boas anadas, e se veñen enxoitas nen boas, nen moitas. (Portazgo)
Pau de cego, pau de demo. (T. O.)
Pau si remas, pau si non remas. (T. O.)
Pensa moito, e fala pouco. (T. O.)
Pisar para dentro, andar de trenco. (T. O.)
[7 v.] Pisar para fora, andar que namora. (T. O.)
Pode mais ao que Dios axuda, que o que moito madruga. (T. O.)
Pol-a Candeloria, cásanse os paxariños e vaise a galiñola. (T. O.)
Pol-a Candeloria, a mitá do inverno xa vai fora; mais, si chove ou venta, inda entra. (T. O.)
Pol-a costa embaixo todol-os santos axudan. (Cambre)
Pol-o San Martiño, bebe teu viño e deixa a y-auga par'o muiño. (T. O.)
Pol-a santa bícase o pé. (T. O.)

Pol-as más ou pol-os pés, decirás sempre quen ês. (Sergude)
Pol-as suas arrabeas, coñeceu as alleas. (T. O.)
Pol-o pan baila o can. (T. O.)
Pol-o rabo da culler, vai o gato a ola. (Tuy)
Pol-os santos bícanse as pedras, e por môr das mozas festéxase as vellas. (T. O.)
Polo San Francisco bota o liño mourisco. (San Lourenzo)
Pol-o S. Xoan cómese mais queixo que pan. (Sergude)
Por Altamira non pases con noite se podes pas ar con día. (T. O.)
Por moito ter nunca é mal ano. (Cambre)
Por moito pan non foi nunca mal ano. (Cañás)
Por Sta. Lucía encolle a noite e medra o día. (Cambre)
Por San Xoan, xa a sardiña molla o pan. (T. O.)
Pouco a pouco chégase lonxe. (Cambre)
Pouco me dades, menos levades. (Cambre)
Pouquiño a pouquiño faise o camiño. (T. O.)
Pra saber de presos, carceleiros vellos. (T. O.)
Pra ruin obreiro non hai ferramenta boa. (T. O.)
Pra pouca salú val mais ningunha. (T. O.)
Pregúntalle a Mateu que minte como eu. (T. O.)
Preitos teñas e os gañes. (T. O.)

Q

Que lle medre a y-alma, que o corpo xa lle medrou. (Sergude)
Quen algo quêr; algo lle custa. (T. O.)
Quen arrouba a un ladrón ten cen anos de perdón. (T. O.)
[8 r.] Quen auna por S. Xoan ou é tolo, ou non ten pan. (T. O.)
Quen cata o mel na colmea, tense coa picoada da abella. (T. O.)
Quen chega aos corenta anos e ainda non é rico, xa pode limpal-o bico. (Sergude)
Quen che quêr mal? o do teu igual. (T. O.)
Quen en vender e mercar minte, o seu peto llo sinte. (Muros)
Quen non conta non se engana. (Gosende)
Quen non goberna a leña, non goberna cousa que teña. (T. O.)
Quen non se embarca non pasa o mar. (T. O.)
Quen pariu que arrole. (T. O.)
Quen queira saber do inferno, que seia ferreiro no vran e xastre no inverno. (Tabeayo)
Quen queira peixe, se no molla o cú, que o deixe. (T. O.)
Quen queira percebes, que molle o cú por eles. (Cambre)
Quen sabe, sabe. (T. O.)
Quen sea tonto Diol-o mate. (T. O.)
Quen se abriga debaixo da folla, duas veces se molla. (Cambre)
Quen sirve ao común non sirve a ningún. ([…])
Quen solo se queira, solo se vexa. ([…])
Quen ten ansia non dur[me] ([…])
Quen ten besta e vai a pé, ben […]
O que ten bestas e anda a pé, […]
Quen ten cú ten medo. ([…])
Quen ten fillos, ten cadillos; […]
Quen ten padriño bautízase […]
Quen tén, val; din as c[…]

R

Remenda o saio e bot[…] botarache o que ve[…]
Roibens pol-o mar, […]

S

Sair de un souto pra […]
Sardiña que o gato […]
[8 v.] Se a Candelaria plora, o inverno xa vai fora. (T. O.)
Se chove denantes de San Bartolomeu, o millo e meu, se chove despois, daquela xa é para os bois. (Bañobre)

Se despois de un maio pardo, quenta o sol no de San Xoan, non lle hai que ter medo â fame, que ainda é ano de pan. (Sergude)

Sempre vai a lingua ao dente que mais doi. (Ourense)

Se non chove no S. Xoan, as patacas non se dan. (Guntin)

Se por San Xurso chove, de cen cereixas quedan nove. (T. O.)

Se o teu amigo queres ver andar, párate a mexar. (T. O.)

Se ven a chuvia antes que o vento, aferra e mete dentro; se ven o vento antes que a chuvia, deixa ir que non hai duda. (Muros).

"Aferrar" termo mariñeiro: recoller velas.

Si a Candelaria chora, a mitade do inverno xa vai fora; e si a Candelaria rîre, a mitade do inverno está por vire. (Teis)

Se a envexa fora tiña, moitos tiñosos habería. (T. O.)

Si as penas de Oirán foran de pan, as da Frouseira, de manteiga, e o río de Ouro viño mouro, calqueira podía o vale […]. (Amor Meilán. Geografía del Reino de Galicia, prov. de Lugo, pª. 551)

[…] corda e vaite por ela. (Cedeira)

[…] vaca. (T. O.)

[…]ade do inverno xa vai […]tade do inverno es-[…]. (Cambre)

[…] (T. O.)

[…]o. (T. O.)

[…]mborca. (T. O.)

Sábalo, pez.

[…] augas. (Muros)

[…]la, que ma-[…]. (Lugo)

[…], que mañan[…]. (Lugo)

[…] (Villalba)

[…] (T. O.)

[9 r.] T

Tanto canga Xan, como canga Pedro. (Tabeayo)

Tanto quere o demo â sua nai, que lle arringa os ollos. (Cambre)

Tanto tés, tanto vales. (Cambre)

Terra que dá o cardo, pra min a gardo; a que da o espiño, pra meu veciño. (T. O.)

Ti bô serás, pero no meu carro non irás. (T. O.)

Trigo que non has coller, deixa de o ir ver. (T. O.)

Trigo que n'has de colleitar, deixao de visitar. (T. O.)

Turra o boi pol-o arado; mal do seu grado. (T. O.)

U

Un día pra morrer nos non ha faltar. (T. O.)

Un grao non fai milleiro, mais axuda ao compañeiro. (T. O.)

Unha anduriña non fai vran. (T. O.)

Unha mala lavadura, unha semaniña dura. (Sergude)

Unha man lava a outra e antre as duas lavan a cara. (Sergude)

V

Vaca parideira fai boa feira. (Adina)

Vaite a modo si queres chegar lonxe. (T. O.)

Vaite Febreiro côs teus vintaoito, si tés mais catro, non para can nin gato. (T. O.)

Val mais picar que botar. (S. Lourenzo.)

Es decir, vale más azuzar el ganado que empujar el carro.

Val mais pouca axuda que moita derriba. (T. O.)

Val mais ruin concerto que bô preito. (T. O.)

Val mais ruin compostura que bô pleito. (T. O.)

Val mais solteira que mal casada. (T. O.)

Val mais torta que morta. (T. O.)

Vel-o lixo no ollo alleo, e non vel-a trave no seu. (T. O.)

X

Xaneiro, greleiro. (Cambre)

Xaneiro, mete o can no palleiro. (A Estrada)

[9 v.] Xaneiro, xiadeiro. (Cambre)

Xa que ninguen o quêr, que lle de o âr. (T. O.)

Xente con xente. (T. O.)

Xente de Vea, Dio-la dea. (A Estrada)

Xente ruin, non peligra. (T. O.)

Xiada na lama, auga na cama. (Cambre)

A

A carne carne cría, e o peixe auga fría. (T. O.)

N

Non sei como aquel can para sin polainas. (T. O.)

Non tomes por dona, muller repricona. (T. O.)

O

O que nunca tivo nada, e chega ter un cochiño, anda sempre pol-a rúa, currí, currí, currichiño. (Pontevedra)

Espricazón:

T. O. = tradizón oral, son refrás aos que lle non podemos asinalar un orixe por conocelos de hai moito tempo, sen que poidamos decir se foron adeprendidos na casa, nas relaciós cotiás, ou en aqueles tempos de rapás que botábamos no campo como mínimo, de catro a seis meses todol-os anos. Por esta razón podíamos decir que cantos refrás levan esta indicazón son cotiás na Cruña e na bisbarra, pois era en San Xian de Almeiras, en Culleredo, a uns nove kilómetros da cida onde pasabamol-o vran. Aos refrás de esta procedenza, engadimos moitos recollidos de xentes descoñecidas cuio orixe iñorábamos, na rua, nos mercados e pol-o peirao onde adoitamos ir na precura de verbas e mais principalmente xiros e modismos populares; tamen crasificamos como de tradizón oral aqueles refrás recollidos en bastante número nas conversas de compañeiros de viaxe no tren, no tranvía, no trolebús, nos automóbiles de carreira, en fin, sempre que tivemos modo en calqueira xuntanza onde concorría xente do pobo. E pra remate, engadiremos, que tamen consideiramos na mesma forma aqueles outros recollidos que por descoido no momento de recollelos e por esquecemento despois, deixamos de consinar o logar de procedenza.

Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López

Lois Vázquez
Director da revista mercedaria *Estudios*

1. Breve nota bio-bibliográfica

Este frade erudito, escritor bilingüe, en galego e castelán, naceu en Pontedeume (A Coruña) o 23.12.1904 e finou en Madrid o 18.7.1993, ós 88 anos. Considerouse sempre "fillo de mariñeiro e de peixeira". A súa vila natal dedicoulle unha rúa e nomeouno *Fillo predilecto da Vila* (1976); e os seus restos mortais repousan no Panteón de fillos ilustres de Pontedeume.

Entrou de neno na Orde da Mercé, en Poio (Pontevedra), e fixo o noviciado no curso 1920-1, profesando o 8.2.1921 no convento de Sarria (Lugo). De novo en Poio, remata os estudos de filosofía e teoloxía en 1927. Recibe o grao de presbítero en Madrid o 2.2.1928. Foi o cóengo Anxo Amor Ruibal quen lle concedeu as licenzas para exerce-lo ministerio presbiteral. Estivo destinado nas casas de Poio, Herencia (Ciudad Real), Ferrol, Sarria e Madrid. Tivo poucos cargos e renunciou a máis dun: Maestro en Sarria no 1930 e 1932. En Ferrol foi capelán do Corpo de Prisións, oficio que terá longos anos: en Carabanchel (Madrid), 17, recibindo a Medalla al Mérito Penitenciario, despois de desempeña-lo mesmo cargo en Pontevedra outros 14 anos. Nas Monxas Mercedarias de San Fernando, da Vila e Corte, impartirá clases de Relixión entre os anos 1949 e 1957. Tamén puxo clases no Mosteiro de Poio.

Empeza a publicar ensaios na revista mercedaria *La Merced*. Quero salientar unha anécdota que eu vivín: cando publicou un estudo crítico sobre o poeta galego medieval Meendiño, os seus discípulos de Poio chamaríanlle, como alcume garimoso, *Mendiño*. Galicia e a Orde da Mercede, cos seus personaxes, serán a teima da súa extensa bibliografía. O libro máis sonado será a *Bibliografía Mercedaria,* obra en 3 vols. de 1.078, 525 e 575 pp. respectivamente, editados os anos 1968, os dous primeiros, e en 1983 o derradeiro sobre esta temática. En galego é coñecida a escolma que deu á luz en Madrid no ano 1930: *Do mar e da terra,* con 34 poemas, precedidos dun prólogo do fillo do poeta, homónimo, D. Francisco M. de la Iglesia. Foi, xustamente, o fillo –con quen fixo o bacharelato no Instituto de Pontevedra- o

que puxo nas súas mans tódolos poemas do autor da letra da *Alborada* á que puxo música Pascual Veiga. Placer tenme dito que moitas poesías galegas deste autor perdeunas nos diversos traslados de residencia. Foi co-fundador da revista galega pontevedresa *Logos,* onde publicou varios traballos. O 14.12.1940 foi elixido Membro Correspondente da Real Academia Galega. Deixounos un libriño de versos galegos, *Algas. Versos gallegos* (Madrid, 1959) e moitos traballos na revista de Pontevedra *Spes*, en *Estudios*, etc. Foi un gran ensaísta, tratando os máis diversos temas: de tipo popular e culto; traballos de investigación sobre autores da literatura galaico-medieval, e da Orde da Mercé, sobre todo, na etapa aurisecular; ensaios sobre o seu *Rincón natal* –que dará contido a un libro enteiro, reeditado *post mortem* con ilustracións-, e sobre a historia da capela de Conxo e o Cristo de Gregorio Fernández, poño por caso. Deixounos centos de ensaios, biografías, estudios críticos e outros máis lixeiros, pero todos eles cheos de interese, cultura, sensibilidade e inspiración. Perdeu libriños de refráns, e algunha *Novena* en galego, esta por culpa de certos censores da diocese de Lugo ou Mondoñedo, que non quixeron dar o *nihil obstat*, polo "delito" de estar feita na nosa lingua, daquela considerada como algo irreverente, se de temas relixiosos se trataba e deste tema escribiu un traballiño moi retranqueiro. En suma, o Padre Gumersindo Placer non pode ser esquecido polos galegos nin polos casteláns, e ten un posto de honor na máis fundamental bibliografía.

Gumersindo Placer foi autor dun importante *Refranero gallego* que morreu precisamente nos instantes nos que vía a luz, víctima do levantamento franquista de 1936. Cóntallo nunha carta a Fermín Bouza Brey que se conserva no arquivo da Real Academia Galega. Descríbello en carta de 1.5.1951 dende Madrid (Duque de Sexto[sic] - 32) a Oviedo a Fermín Bouza Brey dicindo que tiña

> *interesantísimos paralelos y variantes de diversas lenguas, se imprimió en Toledo, en la "Editorial Católica Toledana" y formaba un tomo de 350 págs. , pero vino el vendaval de nuestra guerra y cogió todo tirado, para encuadernación. Lo demás se lo puede suponer: desapareció todo, porque la editorial fue saqueada. Sólo se libró un ejemplar que me habían mandado de muestra, y ni las galeradas se conservan, porque ya no se necesitaban; para colmo, hasta el ejemplar superviviente se extravió, en tantos cambios de una residencia a otra. Esto es todo.*

E un mes despois 2.6.1951 volve escribir a Bouza Brey dicíndolle que

> *De mi "Refranero" de Toledo, no haría Ud. los esfuerzos que yo hice para recuperar algo; desgraciadamente no tuve éxito. Soy el primero en lamentarlo.*

Lamentablemente só nos queda exhuma-la publicación doutro menos ambicioso que fora publicando na revista ferrolá *El Obrero de Nazaret* entre maio de 1929 e xaneiro de 1930. Polas trazas podemos albisca-lo feitío do que o vendaval da guerra levou por diante en Toledo en 1936. Como homenaxe, reproducimos esta rareza bibliográfica.

2. Refranero gallego

2. 1. Prólogo de Folk-Lore

Bajo esta palabra erudita, genérica, e inglesa por añadidura, se comprende lo que su mismo significado indica: *ciencia del pueblo;* es decir: cuentos, leyendas, tradiciones, historias, cántigas, costumbres, refranes, etc.

De estos últimos, que forman ciencia aparte, con el pomposo título de *Paremiología,* de *paroimía* proverbio, y *logos* tratado (tratado de los refranes), es de lo que voy a ocuparme.

El caudal de los refranes se acrecienta constantemente, siempre que nos adentramos en la tradición popular; y toda comarca explorada en este sentido (con desigual acierto y fortuna) aporta siempre un contingente no despreciable de sentencias, que, o bien no figuran en las colecciones impresas, o difieren solamente en variantes más o menos profundas.

Algo nuevo creo yo haber encontrado en mis pesquisas personales, y esto es lo que me ha movido a dar a luz la presente colección.

No es ella, ni nutrida, ni erudita, sino mero pasatiempo de un curioso que, asomado por vez primera al campo paremiológico, hubo de sorprenderse ante las riquezas, no oídas e insospechadas, que en él encontraba.

El distinguido paremiólogo Rodríguez Marín, que pone al Cancionero como termómetro que marca la temperatura afectiva del corazón popular, continuando la metáfora llama al refranero: "Barómetro que mide la presión del aire ambiente intelectual de las naciones"[1].

Continúa: "Tanto sabe un pueblo, en punto a las prácticas de la vida, cuanto se deduce de sus refranes: nada más; y digo que nada más, porque apenas tiene doctrina, ni regla de conducta, ni siquiera superstición, que no haya vaciado en los moldes de uno o de varios refranes, pues éstos son el almacén general de su sabiduría. "

Estas palabras me relevarían de añadir otras mías, si no debiera instar sobre la capital importancia que un estudio paremiológico puede reportar a una región como la nuestra.

Claro está que, no sólo el estudio del refrán puede darnos el conocimiento integral de nuestra idiosincrasia, pero es una de las manifestaciones espirituales, y de las que mejor pregonan la opulencia de nuestra gente; de sus pasiones y veleidades, de sus odios y de sus amores, de sus bienquerencias y venganzas.

Algo llevamos ya hecho en contra de esa leyenda negra que pesa sobre los gallegos, y más, todavía, nos queda por hacer; especialmente en cuanto a la valorización de nuestras leyendas hermosímas [sic], cántigas y refranes. Ha sido viril nuestro despertar y debe ser magnífico nuestro desperezo.

---

[1] Rodríguez Marín: "Más de 21. 000 refranes castellanos no contenidos en la copiosa colección del maestro Gonzalo Correas. Madrid 1926. —Discurso-prólogo, pág. XV.

Un día, no sé si diga aciago, y merced a un empirismo político errado, se quiso imponer la unidad material de todos los pueblos de España, y así, con esta centralización apagar las iniciativas locales, callar los dialectos provinciales y estrangular toda autonomía; y aunque la centralización se llevó a cabo, y, fatídicamente, se dejaron ver algunos efectos presentidos, pero nunca se pudo extinguir nuestras tradiciones populares. Estas son alma y germen de vida, y antes perecerá el pueblo que su alma.

Es, pues, incumbencia nuestra que, al conjuro de esas tradiciones religiosamente recogidas, levantemos airoso el pasado adormecido, y vuelva a revivir nuestra lengua, antaño tan pujante, y que se paseó por la península con los poetas que aun hoy alientan en el Cancionero de la Vaticana.

Perdonad esta pequeña digresión, y sigamos con los refranes. Este nombre con que se designan las sentencias del pueblo, es relativamente nuevo.

Carré Aldao trae la autoridad del señor Cotarelo y Mori para decir que: "dende comenzos do século VXIII [sic] hasta os mediados do xv, nostros refráns levaron o nome de *fabla, fablilla* e outros diminutivos do mesmo verbe: *patraña, partilla, verbo, viesso, palabra, retraire y exempro* ou *proverbio,* o máis común de todos"[2]

Rodríguez Marín[3], en el prólogo ya citado, nos indica, con poca diferencia, los mismos nombres, pero hablando de las denominaciones generales que en España tuvo el refrán; pues de ellos creo que ni la mitad pudieron emplearse en Galicia, por razones lingüísticas que no son del caso precisar.

En Galicia el refrán sí se llamó en lo antiguo por el vulgo *vervo*, y en tal acepción lo usa el juglar gallego Pero da Ponte:

... e poren diz o verv'antigo:
a boy belho non lhi busques abrigo.
Canc. Vat. 1162

Desde no sé qué fecha se usa la palabra *refrán,* cuya etimología se ignora, y cuya definición hizo así el doctor Juan Sorapán de Rieros, autor del siglo XVII, citado por R. Marín: "Refrán no es otra cosa que un principio que los filósofos llaman *per se noto.* El cual, por su experimentada verdad, tiene adquirida tanta autoridad, que no tiene necesidad de ponerse en tela de disputa para ser creído. "

Bien se ve que el pueblo no hizo esta definición; de lo contrario, más concisa sería y más sonora.

Mas ¿cómo y de qué nació el refrán? ¿Cómo se ha formado? ¿Qué vicisitudes ha sufrido?

[2] Carré Aldao: "Nós". Año III, número 35 (15-XI-1926.)
[3] Ob. cit. pág. XVII.

De lo que ha ocurrido al refrán en tiempos pretéritos, sabemos muy poco. Pero de esta ignorancia no hemos de deducir inexactitudes, ni colocarnos en la falsa posición de algunos folkloristas, que cierran camino a toda investigación. Ved cómo:

El paremiólogo desaprensivo, que trata de hacer acopio de refranes, sobre todo el que desea recoger los propios, exclusivos, *indígenas* de una región (este es nuestro caso), prescinde en su recolección de toda pieza cuyo origen presume conocer: así, se abstiene de incluir todos aquellos que sospecha proceden de influencias conocidas, o tienen origen moderno, porque éstos, supone, no deben ser del fondo popular nativo; sólo cuando encuentra uno cuyo origen desconoce, siente gozo inmenso en incluirlo.

(*El Obrero de Nazaret,* nº 16, maio de 1929.)

De aquí a la absurda apreciación de excluir todos los que tengan alguna identidad con otros refranes castellanos.

En el apéndice que Machado y Alvarez escribió al Cancionero de Ballesteros[4], hace unas cuantas concordancias entre cántigas gallegas y sus análogas castellanas y andaluzas.

Del cotejo resulta que: muchas son iguales, hasta el punto que parecen unas mismas, o traducidas literalmente, y otras, iguales por su contenido, varían sin embargo en su forma de expresión.

Esto es, a mi modo de ver, idéntico a lo que sucede con los refranes. Identidad que ya Rodríguez Marín hace notar en los refranes españoles, respecto de los extranjeros, y aun de los de provincia a provincia.

Asentado, pues, que a nuestra labor folklorista no debe presidir prejuicio alguno, volvamos a nuestra pregunta: ¿Cómo se han formado? ¿qué vicisitudes ha sufrido el refrán?

Será bien fijar, de antemano, nuestro concepto del refrán popular.

Digo que es bien puntualizar esto, porque algunos quisieron ver diferencias entre el refrán popular y el erudito, formando así como dos sistemas artísticos distintos.

En efecto, el pueblo pronuncia ciertos vocablos a su manera; emplea ciertas palabras, frases, muletillas, giros, que le son habituales; pero, en realidad, usa de la misma lengua que los letrados suelen usar en la vida ordinaria. Coincidencia de lenguaje, que en el gallego se evidencia más que en el castellano, por ser aquél menos rico que éste.

¿Será popular sólo aquel refrán que el pueblo por sí mismo componga?

El pueblo, como tal, es decir, conjunto de gentes de un lugar, comarca o país, no compone *corporativamente* ningún refrán: ha de ser un individuo el compositor.

Tampoco aquí cabe la generación espontánea; como todo ser tiene padre, todo refrán tiene autor; será conocido o desconocido; pero el conocerlo o desconocerlo depende de la suerte o eficacia de nuestra investigación.

---

[4] Pérez Ballesteros: *Cancionero popular gallego*. Madrid 1886. Tomo I, página 213 y sigts.

No quiere esto decir que el refrán brote perfecto en su espontaneidad, a la manera que una moneda sale de la ceca, dispuesta a correr por el mundo económico; no, tiene alteraciones que sufrir que ésta no conoce, y muchas veces no le queda al autor más que la idea madre, pues la forma varía según la comarca y las necesidades lo exijan.

El ejemplo de refranes que antaño los escritores estamparon en sus obras, refranes que hoy todavía conserva el vulgo, es señal de la difusión que en el espacio y el tiempo alcanza lo verdadaderamente popular. Estos caracteres de popularidad, son más fijos e invariables en el refrán que en la cántiga.

Pero si en la formación literaria del refrán entran mil factores diferentes, no es menos costosa su gestación ideológica. De nuevo se impone la pregunta anterior.

¿Cómo y de qué nace el refrán?

Para el pueblo; los principios metafísicos y todas las razones de alta filosofía, son menos que nada. Para él, no hay otro principio más filosófico que el que los escolásticos llaman deducción completa. Y ese, tiene que ser repetido para engendrar la experiencia.

Pues bien, la fórmula de la experiencia es el refrán, que al principio nace informe, y luego se desarrolla, quedando al fin condensado y cristalizado en una frase. Cuáles sean las fases y modificaciones que sufre, hasta quedar un refrán bello, sentido y cadencioso, ni el pueblo sabrá decíroslo.

Y así como nuestros conocimientos no manan solamente de la experiencia, así el refrán proviene también de otras fuentes. Entre éstas, las más usadas suelen ser las fábulas, cuentos populares, e historias viejas. Y el refrán coge de todo eso, como en síntesis, unas veces la moraleja, otras el personaje, y muchas el rasgo más saliente.

Esto sucede en aquel refrán: *Mayo pardo e San Juan claro, valen máis qu'as mulas y-o carro;* que tiene una bella historia.

Se cuenta que un rey oriental, cansado de la corte, quiso correr las tierras en busca de sabiduría. Hizo un carro de oro, uncióle dos mulas también de oro, y marchó.

Cierto día que pasaba por una aldea gallega donde un paisano labraba sus campos, paróse ante él y le dijo: Decid, buen hombre, ¿qué cosa habrá, que valga más que mi carro y las mulas que lo arrastran? El labrador, ofuscado por tanto brillo, y extrañado por la pregunta, miró a sus campos y dijo al rey: *Mayo pardo e San Juan claro, valen máis qu'as mulas y-o carro.*

Acuciado el rey por la respuesta, quiso saber su sentido. Y el paisano, señalando sus campos, dijo: Señor, si la cosecha es buena, como en Mayo es el tiempo propicio para la germinación, conviene que este mes sea pardo, es decir, nuboso. Pues con la lluvia se pudrirían las cosechas, y con mucho calor se agostarían y no podrían crecer.

Después de Mayo pardo, conviene que San Juan (Junio), sea claro; es decir, cielo claro, limpio y soleado, para que los frutos alcancen su máxima madurez. Dadme ¡oh rey! unos campos con estas condiciones y no os envidio vuestro tesoro.

Admirado el rey de tan sabia contestación, púsole en la cabeza su propia corona, y picó a las mulas, que marcharon cascabeleando entre los frutos.

El refrán: *Canta o rubio, pico agudo; canta o pinto darlle ó pico; canta o negro pico quedo,* tiene también una original cuanto curiosa historia. Es nada menos que la historia del acueducto de Segovia.

En ese pueblo de Castilla, vivía una pobre mujer, la cual aunque estaba encinta, debía ir a buscar el agua muy lejos, sufriendo los inconvenientes de su estado. Cierto día que caminaba más lento e iba derramando lágrimas de dolor, topó con un señor que se dolió de ella y le preguntó: Mujer, ¿por qué lloras? Contóle ésta su cuita, y cómo cada día se le dificultaba el camino. Entonces aquel señor, que no era otro que el mismísimo demonio, le dijo: Te evitaré este trabajo, y te llevaré el agua hasta tu casa, si al nacer me entregas lo que salga de tus entrañas.

Desesperada y aterrada la mujer, firmó el contrato y desapareció el demonio.

Aquella misma noche comenzó éste, con un ejército de demonios, lo convenido: la tarea de llevar el agua desde la fuente hasta la casa.

Cuando más atareados estaban, cantó el gallo al alba. Dijo un demonio: Canta o galo. —¿Qué galo?, preguntó el jefe. — O rubio. —Pico agudo, dijo. Y el trabajo medraba y subía como la espuma.

(*El Obrero de Nazaret,* nº 17, xuño de 1929.)

Cantó de nuevo el gallo, y nuevamente dijeron: Canta o galo. —¿Qué galo? —O branco. —Darlle ó canto, respondió el demonio. Y siguieron con el mismo ardor su obra.

Cantó el gallo por tercera vez, cuando ya venía el día. —Canta o galo. — ¿Qué galo?

—O negro. —Pico quedo.

Y aquella noche quedó terminado el acueducto de Segovia.

Pero la historia sigue. Arrepentida la mujer de su contrato, fuése a un sacerdote y le contó lo que había pactado con el demonio y proguntóle cómo haría para no perder lo que de ella naciese. Instruyóla el sacerdote, y ambos convinieron en que bautizarían inmediatamente al nacido.

Llególe el día a la mujer, y el demonio vino también, gozoso, a recoger lo que era de él; pero no pudo impedir que, al dar a luz aquélla, el sacerdote bautizase al niño, como inmediatamente lo hizo.

Furioso el demonio, al verse así engañado, y más aún por perder su ganancia, salió de allí, con el firme propósito de derribar el acueducto. El sacerdote, que vió sus planes, corrió tras él, y cuando el demonio ponía el hombro a su obra, para derribarla, la bendijo el sacerdote, y así, la conservó hasta hoy[5].

[5] Estos dos cuentos con su respectivo refrán, son muy populares por Liñares (Monforte) y sus cercanías, tierra de mucho folklore.

Quen seu mal teña por moito, cóntell'o a outro, dice un refrán, resumiendo con laconismo la célebre décima de Calderón:

Cuentan de un sabio que un día,

Y no cito más refranes porque habría cuentos para largo.

También son fuentes de refranes las cántigas populares; y bien lo sabe el gallego cuando dice:

Non hay cántiga n-o mundo
que non teña seu refrán.

Es, con efecto tarea harto difícil deslindar una copla de un refrán; saber dónde termina la una y empieza el otro. Porque a veces es un verso quien lo contiene, se diluye otras en toda la cántiga, y las más lo roza ligeramente.

Ejemplo de los tres casos:

I

Sete xastres fan un home

Sete xastres fan un home,
catorce fan un testigo,
e fan falla vintecinco
para firmar un recibo.

II

Cego casado con nena bonita,
o susto d'o corpo non se lle quita.

III

Amor xamáis manda, amor sempre roga

O amor quer que o roguen,
eu non roguéi a ninguén,
arrenego d'o amor
qu'a poder de rogos ven.

Por el pensamiento y por la expresión, casi siempre marcada con el consonante, o el asonante, muchísimos refranes tienen derecho a catalogarse entre las obras de poesía.

Y es de notar que esta expresión tiene mucha semejanza con el paralelismo hebreo; aquí como allí, se dan los tres casos de paralelismo, *sinónimo, antitético* y *sintético.*

Sabido es que en la Sagrada Escritura hay algunos libros que, por la índole mixta de ellos, podrían llamarse gnómicos, o poético-didácticos, o filosófico-morales, que todo abarca su concepción ideológica. De hecho se llaman, en exégesis bíblica, libros sapienciales y poéticos, lo cual no obsta a que entren en su formación los refranes del pueblo judío; y aun algunos opinan que el libro de los Proverbios de Salomón es, en todo

o en parte, una recopilación de refranes usados por el pueblo hebreo. De ser esto así, el abolengo poético del refrán estaba reconocido y exaltado.

De todos modos, la tesis de la cántiga gallega antes citada, no es discutible, aunque sea muy de disputar la sentencia de algunos, que hacen del refrán germen y principio de toda poesía.

Tal es la teoría del autor de "El Trovador": "Parece que nuestro [pueblo][6] principiaría formulando el refrán, compuesto de una frase breve, dividida en dos partes, señaladas con la rima entera o la media rima; pasaría después a la copla de cuatro versos octosilábicos, y de la reunión de unas cuantas coplas resultaría el romance"[7].

Estas palabras, que yo no firmaría, evidencian la opinión de varios autores, respecto a la influencia poética del refrán en los cantares del pueblo.

Otra de las fuentes del folklore es la Historia. Citaré tres o cuatro refranes, nacidos de hechos notoriamente históricos. ¿Quién no ha dicho alguna vez: *co'a xusticia e a Inquisición, chitón?* Pues esto no es más que una leve variante del otro refrán: *"co'a autoridá e a Inquisición, chitón",* que corrió en Galicia, luego de las popularísimas revueltas de los Hirmandiños, que tan duras represalias tuvieron, en los justicias mandados por los Reyes Católicos.

En otra ocasión nació aquel refrán: *Cando falan de Roma, logo sona.* Asimismo histórico es el otro: *Despóis de Dios, a ola,* que en castellano se completa asi: " Después de Dios, la olla; que la casa de Quirós todo es bambolla. "

Desde la guerra de la Independencia nos quedó aquel: *"Impío com'un francés".* Una ocasión guerrera dio vida al refrán, ya antiguo y muy significativo: "*Somos galegos e no-nos entendemos.* " Y, ya que cité aquello de: *Co'a xusticia...* etc. , haré una observación.

Todos sabemos que el paisano gallego huye cuanto puede de las manos de la justicia, como de una alimaña que sólo se mantiene de sangre ajena. Por eso dice: "*Onde vires bulla, escápate, si non queres ser testigo nin parte.* "

Si esto no lo consigue, aún cree que: *"Vale máis ruin compostura que bó pleito. "* Pero si esto falla y no hay más remedio que ir a él: " O *bó pleiteante, dixo Tomé, boca cerrada, bolsa aberta, e listo de pé. "*

Así, en tres rasgos, se condensa el estado psicológico del pueblo en estos asuntos .

(*El Obrero de Nazaret*, nº 18, xullo de 1929.)

La fe y religiosidad gallegas, exteriorizadas en los refranes, son claras y consoladoras. En cuanto a curas y frailes, no faltan aquí la salsa y pimienta amargas de la sátira; bien que no abundan tanto como en las cántigas. Con todo, no llegan al número increíble de los castellanos.

---

[6] Habla del español. Lo que está entre llaves es mío.

[7] "Discurso leído ante la Real Academia Española por el Sr. D. Antonio García Gutiérrez, el día 11 de mayo de 1862, en el acto de tomar posesión de su silla. " Sin a. ni l.

En cuanto a las mujeres, excuso hablar. Para ellas hay todo un código.

Los refranes agronómicos y meteorológicos son legión; porque son la ciencia del labrador; porque en el campo y del campo vive el paisano, y para labrar sus pegujares, mira primero al cielo, y—así como el marinero—, no sabe de conjunciones, e ignora las leyes de los astros, pero la experiencia le enseñó que: *Cerco n'a lúa, enxuga a lagúa.* El marinero dice a su vez: *Cerrazón ó Este, ou norte ou nordeste.* Y si el labrador presiente el sol, porque: *¿Corren as nubes pr'Ourense? Sol que nos quente,* el marinero siente cómo la tempestad se avecina. *Vento non hay, e mar non xuxa, ¿qué será esto que me repuxa?*

Y así, otros mil. Ni podían faltar al paisano los referentes a diversos animales, especialmente al zorro, su maestro de gramática parda.

Finalmente, son también fuentes paremiológicas: la superstición, el espíritu de raza, de país, de comarca, de pueblo y hasta de familia. De estos últimos los hay donosos y significativos. Ahí están las luchas sempiternas de pueblo a pueblo; en ellos se alaban con entusiasmo los propios lares; y con ellos les dan broma los vecinos, ya en sus casas, ya en sus viejos, ya en sus mozas, y hasta en sus perros.

Pero, diréis, ¿de dónde vienen y cómo se propagan los refranes? En cuanto a su nacimiento creo haber dicho algo. Réstame hablar ahora de su difusión. Y, para explicar hecho tan importante, me valdré de un caso bien trivial.

305. Cristo ganado, cristo papado. (*E. O. N.* 24, 1930, 20)

306. Crouco rapado, faime un arado; non fago non, que non teño machado. (*E. O. N.* 24, 1930, 20)
Es cantar de los chicos en sus juegos. Así como el siguiente:

307. Crouco rapado foi pol-o río, caíull'a pucha e morreu de frío. (*E. O. N.* 24, 1930, 20)
Se oye en Puentedeume (Coruña).

308. Chafar chafoume, mais como pagar o viño pagoume. (*E. O. N.* 24, 1930, 20)
Decía uno a quien habían burlado.

309. ¿Chámasme a partir? Chámasme a reñir. (*E. O. N.* 24, 1930, 20)
Pues raro es el reparto de herencia que se hace en paz.

310. Chámolle tía, pra que me día; se non me dá, chámolle tía d'acolá. (*E. O. N.* 24, 1930, 20)

311. Chegar e encher, non pode ser. (*E. O. N.* 24, 1930, 20)
Es decir, que no siempre la Fortuna está a punto.

Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)

Patricia Buján Otero
Xesús Ferro Ruibal
Mª Carmen Paz Roca
Marta Rodríguez Añón
Ana Vidal Castiñeira
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Manuel García García era un sacerdote que vivía en Tras de San Bieito, número 6, e que era profesor no Seminario de Santiago. Era doutor, título que só tiñan 19 dos 54 profesores que daquela educaban alí o actual clero compostelán. Era un entusiasta da filatelia e foi quen introduciu nese seminario o primeiro proxector de cine. Dirixía unha Academia de Misións, que era o que hoxe chamariamos unha actividade extraescolar. Era irmán dun sacerdote moi querido en Pontevedra, D. Lino.

Manuel García era simpatizante do galeguismo cristián da revista *Logos*, que morreu ó iniciarse a guerra de 1936 e, segundo D. Francisco Fernández del Riego, tamén o fora do Partido Galeguista de Castelao. No Seminario de Santiago de Compostela era profesor de Preceptiva Literaria a alumnos de 14 anos [1] e de Prácticas de Castellano a alumnos de 17. Nesta disciplina, coa complicidade do cardeal Quiroga Palacios, en realidade daba clase de literatura galega, seguindo a *Historia de la literatura gallega* de Benito Varela Jácome que en 1951 publicara en Santiago de Compostela, Porto y Cía.

Cando daban o punto de Nadal e os seminaristas volvían por poucos días ás súas casas, Manuel García propoñíalles ós seus alumnos de 14 anos un exercicio voluntario de recolleita de refráns. Sabedores diso, buscamos entre os herdeiros da biblioteca de Manuel García

[1] O texto que utilizaba titulábase *Colección de trozos* (probablemente unha reedición da antoloxía preparada por Enrique Sánchez y Rueda en 1911 co título de *Colección de trozos en prosa y verso de algunos de nuestros mejores escritores antiguos y contemporáneos*). Precisamente entre os refráns apareceu un exercicio asinado o 27.12.1957 por García Cardamas no que comentaba algunhas figuras poéticas dun fragmento literario. Este exercicio, traspapelado entre os refráns, é moi interesante porque está datado en Ares, non no Seminario de Santiago, e indícanos que había unha alternativa ó exercicio de recolleita de refráns que era facer un comentario a un texto literario.

algunha carpeta con estes materiais ou un posible *Refraneiro* inédito. A pesar da plena colaboración dos sobriños nada puidemos atopar. Pero, inesperadamente, cando en Lugo abrímo-las caixas do arquivo paremiolóxico de Vázquez Saco, empezaron a aparecer papeis de seminaristas santiagueses. Eran os exercicios dos alumnos de Manuel García García. Vese que, sabendo que Francisco Vázquez preparaba un gran *Refraneiro*, el entregoulle o material que tiña. ¿Como se coñeceron García García e Vázquez Saco, habendo como había daquela unha certa impermeabilidade entre as dioceses? Probablemente pola participación de Vázquez Saco no Centro de Estudios Xacobeos de Santiago de Compostela.

Os refráns que Manuel García deu xuntado teñen o interese de estaren localizados no espazo (diocese de Santiago) e no tempo (1947-1958). Nun primeiro índice de frecuencias e atendendo só ós máis repetidos, encontrámo-los datos do seguinte cadro:

Refrán	Frecuencia
Xente nova e leña verde todo é fume	39
Home pequeño, fol de veneno	37
Ovella que berra, bocado que perde	28
Na terra do meu home o que non traballa non come	18
En mayo ainda a vella queima o tallo	15
En abril aguas mil	12
O que non chora non mama	11
Non hay atallo sin traballo	11
Ano de ameixas, ano de queixas	11
Fai ben e non mires a quen	9
O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño	8
Gastar e non ter non sei cómo pode ser	8
Xulio quente, millo valente	7
Quen vai a Santiago e non vai a padrón, ou fai romería ou non	7
Por san Bernardo entra o sol polo furado	7
Ouvella que berra, bocado que perde	7
O ollo do amo engorda o cabalo	7
Nunca chove como trona	7
Entre marzo e abril sal o cuco do cubil	7
En san Xoán a sardiña molla o pan	7
En mayo inda a vella queima o tallo	7
En abril augas mil	7

Pero, se agrupamos variantes, os datos resultantes difiren algo.

*Leña verde/leña verde e/toxo verde e/ø xente nova/**xente nova**/moza **e leña**/rama **verde todo**/toda **é**/se volve **fume**/ fumo.*	**59**: 1/5/1/6/44/2/50/2/52/1/6/
*O/ø **home pequeno,** ten/ø **fol de veneno***	**39**: 1/38/1/3
*A/ø **ovella**/ouvella/uvella **que berra**/berre/bala/mea/moito berra, **bocado**/bucado **que perde**/perde bocado*	**43**: 1/42/33/8/2/37/1/3/1/1/41/1/1
***Na terra do**/de **meu**/aquel/ø **home**/amo **o que non traballa non come**.*	**23**: 20/3/19/2/2/22/1
*Cando en abril chove/ø en abril e mayo/en Carballo/**en mayo**/en maio/no mes de mayo/polo*	**48**: 1/1/1/34/4/3/1/2/1/23/13/1/1/46/1/1/47/1/1/1/1/

mes de mayo/por mayo/en maio de meu me caio, mais ***aínda****/inda/eínda/xa/ø* ***a vella****/as vellas/o vello* ***queima****/rompen* ***o tallo****, e un cachiño que queda, para o san Juan o deixa/e unha que non o queira queimar, para san Juan o deixa/e non solo por queimar, solo é por se cantar/e se apuran ben, inda queima as pernas tamén.*	
*Entre marzo e/no mes de/por/****en****/ø* ***abril, aguas****/augas/auguas/aghuas/ágoas/espigas* ***mil****, se non ó comezo, ó meio ou ó fin/ø.*	**32**: 1/1/3/24/3/17/9/1/1/1/3/1/31
O*/o neno* ***que non chora****/mama* ***non mama****/come/chora.*	**14**: 13/1/13/1/12/1/1
Non hay atallo sin traballo*/arrodeo, nin arrodeo/rodeo sin recreo/ø.*	**14**: 13/1/1/1/12
Ano de/*das* ***ameixas****/amenxas,* ***ano de****/das* ***queixas****, ano de peras, ano de medas/ ø.*	**17**: 15/1/16/1/16/1/1/16
En san Xoán/E/ø/A auga/augha/chuvia/agua de/en/por/no san Juan/Xoán, etc tolle/toxe/quita/nin dá/non dá/sácalle/colle o/ó/ø viño/millo/trigo e non dá/nin dá/nin cría/dálle /ó/pan.	**30**:1/1/12/9/1/9/7/8/15/3/1/(**cf. as múltiples grafías coas que aparece**)/20/1/5/1/1/1/1/18/1/8/26/3/1/25/1/1/1/1).

Queda este avance como invitación a un estudio do mínimo paremiolóxico dunha época e un territorio.

Vexamos agora a relación de informantes de Manuel García e colectores do que denominamos *Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)*

Acuña Garrido, Jesús: Vilaboa, PO.

Ageitos Pérez, Francisco: Corrubedo, Ribeira, C.

Alcántara Pedreira, Luís: Rianxo, C.

Alvarellos López, Nicolás: Lalín, PO.

Álvarez Baliña, Ramón: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C.

Álvarez Souto, José: Anxeriz, Tordoia, C.

Alvariño, J.

Alvite Alvite, Jesús: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C.

Ameijeiras Arjomil: Santiago.

Antelo Fraga, Jesús María: Rial, Val do Dubra, C.

Area Alonso, José Manuel

Autrán Ramos, Manuel: Santa Marta de Babío, Bergondo, C.

Barca Sanmartín, José: Santa Minia de Brión, C.

Barral Sánchez, J. M.

Barreiro Barreiro, José Luís: Loureiro. Dúas Igrexas, Forcarei, PO.

Barreiro Fernández, Julio: S. Miguel de Vilar, Touro, C.

Barreiro Sanmartín, José

Barreiro Somoza, José: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO.

Barrós Fachal, Manuel

Bello Arjomil, José: Valiña, Vimianzo, C.

Bello Valiña, Juan

Blanco Sieira, Manuel: Olveira, Ribeira, C.

Blanco Tato, Héctor: Cereo, Coristanco, C.

Boado Vázquez, Manuel: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C.

Bretal Rego, Marcelino: Olveira, Ribeira, C.

Buño Caamaño, José: Erboedo, A Laracha, C.

Buras Iglesias, Andrés

Caamaño Cernadas, Serafín: Esteiro, Muros, C.

Cabaleiro Cabaleiro, Teófilo: Codeseda, A Estrada, PO.
Calviño Pueyo, José: A Ponte Maceira (Portor), Negreira, C.
Camino Sánchez, Manuel
Campos Arestiño, Pascual: Cando, Outes, C.
Campos Lourido, José: Santo Ourente de Entíns, Outes, C.
Cancela Corredoira, Manuel: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO.
Canedo Nimo, Manuel: Trasmonte, Ames, C.
Canosa Quintáns, Francisco
Carro Rodríguez, Leonardo: Vilaño, A Laracha, C.
Casal García, Manuel: Santiago de Compostela, C
Castiñeira, Silvestre: Santiago.
Castiñeira Canosa, Lorenzo: Santa María de Xaviña, Camariñas, C.
Castro Ces, Andrés: Tállara, Lousame, C.
Castro Izaga, José Luís: Lira, Carnota, C.
Castro López, José: Sobrado, Sobrado dos Monxes, C.
Collazo Gantes, Jacinto: Erboedo, A Laracha, C.
Collazo Porto, Manuel: Portas, PO.
Cornes Iglesias, José: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C.
Couselo Gago, Juan Carlos
Couto Pérez, José
Covas, José Mª: Santiago.
Crespo Caamaño, Clemente: Santiago de Compostela, C.
Cures, José Mª
Darriba Míguez, Amador
Domínguez Martínez, José M: Sardiñeiro, Fisterra, C.
Dosil Maceiras, Agustín: Ponte Nafonso, Noia, C.
Duro Quintela, José: Burres, Arzúa, C.
Eiras Paz, José: Amil, Moraña, PO.
Eirís Cabeza, Guillermo: Sofán, Carballo, C.
Esparís Freire, Perfecto: Santa María de Viceso, Brión, C.
Fernández Ferro, Juan Manuel
Ferro Ruibal, Jesús: Rebón, Moraña, PO.
Filloy Rial, Juan Benito: Graba, Silleda, PO.
Fráiz Vázquez, Jaime: Arzúa, C.
Freire López: Padrón, C.
Fresco Reboredo, Manuel: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO.
García Cardamas: Ares, C.
García Blanco, Daniel: Bamiro, Vimianzo, C.
García García, M.: Santa Xuliana de Monfero, C
García Ramos, Rafael: Cabo de Cruz, Boiro, C.
García Vázquez, José María: Dodro, C.
García Villasenín, Jesús: Niveiro, Val do Dubra, C.
Gerpe Gerpe, Manuel: Santa María de Montouto, Santa Comba, C.
Gómez Vilar, Manuel
González Castro, Jesús: Santa Minia de Brión, C.
González Fernández, M.
González Gil, Valentín: Soutelo de Montes, Forcarei, PO.
González Santos, José: Boa, Camboño, Lousame, C.
Gulías Rivas, José M.: Forcarei, PO.
Hombre Sóñora, Manuel: Santiago.
Iglesias Ares, José A.
Iglesias Duro, Antonio: Carcacía, Padrón, C.
José Ramón: Santiago.
Lage Radío, José: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO.
Lago López, Manuel
Lens Fraga, Perfecto: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C.
Lobato Feijoo, Víctor Manuel: Catoira, PO.
López Baleato
López Castro, Manuel: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO.
López López, Celestino: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C.
López Souto, Juan: Corrubedo, Ribeira, C.
López Varela, Eliseo
Lorenzo Viña, José

Louro Lado, Baldomero: San Mamede de Carnota, C.
Luna Bande, Francisco
Mallo Mallo, Manuel: Erboedo, A Laracha, C.
Maroño Pena, Víctor: Calvente, Oroso, C.
Martín Gómez, Manuel: Muxía, C.
Mayo Brenlla, Jesús: San Mamede de Monte, A Baña, C.
Mendoza Cajade, Antonio: San Cristovo de Reis, Toques, C.
Moscoso Sabel, Laureano: Berreo, Trazo, C.
Otero González, Manuel: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO.
Otero Outes, José A.: Santiago de Compostela, C.
Pampín Basteiro, Argimiro: Arzúa, C.
Pereira Comparado, Ramón
Pontes García, Pedro
Porto Buceta, José: Portas, PO.
Ríos González, José: Santiago.
Ríos Pereiro
Rodríguez Arjomil, Andrés: Vimianzo, C.
Rodríguez Calvo, José: Rebón, Moraña, PO.
Rodríguez Gamallo, Manuel: Tomonde, Cerdedo, PO.
Rodríguez Rodríguez, Celso
Rodríguez Vieites, Félix
Romero Iglesias, Antonio: Santiago.
Ruíz González, José: Santiago.
S. Padín, Manuel: Santiago.
Sanjurjo Pedrouzo, José
Santiso Barreiro, Jesús
Segade Vidones, Emilio
Seijo Santiago, José Ignacio
Señarís Fernández, Cándido: Buxán, Val do Dubra, C.
Tanoira Figueira, Jesús: Setecoros, Valga, PO.
Tojo Reboredo, Manuel
Torreira Torreira, Antonio: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C.
Troitiño Espiño, M.
Varela Pérez, Manuel: Santa María de Castrofeito, O Pino, C.
Vázquez Formoso, Manuel: Serres, Muros, C.
Vázquez Veiga, Luís
Villaverde Marcos, Manuel: Proupín, San Tomé de Ames, C.
Viña Varela, Ramón: Golmar, A Laracha, C.

Hai tamén outros informantes anónimos das seguintes procedencias:
A Coruña, C
Agolada, PO
Besexos, Vila de Cruces, PO
Carballo, C (dous seminaristas anónimos)
Laíño, San Xoán; Dodro, C
Louro, Muros, C
Lubre, San Xoán; Bergondo, C
Moreira, A Estrada, PO
Pontevedra, PO (dous seminaristas anonimos)
Rías Baixas, PO
Santiago de Compostela, C
Serantes, Santiso, C
Telleira (Canduas), Cabana de Bergantiños, C.
Terra de Bergantiños, C
Terras do Deza, , PO
Vilela, Santa María; Rodeiro, PO
Xestoso, Monfero, C (dous seminaristas anónimos)
3 seminaristas anónimos de distintos lugares de Galicia, pero sen identificar.
3 seminaristas anónimos dalgún lugar da provincia da Coruña.



Concellos dos que hai información paremiolóxica nesta colección

Na edición destes papeis de adolescentes, que nunca antes viran unha palabra escrita en galego, enmendamos algúns disparates ortográficos evidentes -como por exemplo- diversos intentos de reproduci-la segunda forma do artigo- pero respectámo-la grafía intencional, é dicir, o que eles querían reproducir, sen afeitármo-los castelanismos nin os dialectalismos.

1. **Norte obscuro, vendabal seguro.** Los paisanos saben muchos más, pero yo no los recuerdo ahora. Si fuese en el verano...(Seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C)
2. **-En xulio ¿donde andas, mozo? -Na fonte ou no pozo.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / José A. Iglesias Ares [2])
3. **-¡Ai papá! ¿Boto a ovella morta ó monte? -Non, dálle herba e déixaa na corte.** (M. González Fernández [3])
4. **-¿A donde vas, tolo? -A donde van todos.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
5. **-¿A donde vas, Vicente? -A donde vai a xente.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [4])
6. **-¿A donde vas, Xan? -Vou cumplir si podo.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
7. **-¿A onde vas, can? -A onde me dan pan.** (Manuel Camino Sánchez)
8. **-¿A onde vas, tolo? -Onde van todos.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [5])
9. **-¿Pa onde vas, Vicente? -Pa donde vai a xente.** (Manuel Gómez Vilar)
10. **-¿Pa onde vas, Vicente? -Pa onde vai xente.** (Manuel Camino Sánchez)
11. **-¿Por que non vas á misa? -Porque non podo. Vou pá taberna pouquiño a pouco.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO [6])
12. **-¿Pr'onde vas, tolo? -Pr'onde van todos.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [7])
13. **-¿Que levas ahí? -Palabras e diñeiro.** (Francisco Canosa Quintáns)
14. **A agua de san Juan tolle o viño e non dá pan.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [8])
15. **A agua de san Juan toxe o viño e non dá pan.** (Manuel Fernández Ferro [9])
16. **A agua en abril enche o carro e o carril.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
17. **A alforja do pobre con todo pode.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
18. **A alforxa do pobre con todo pode.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / José María García Vázquez: Dodro, C / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)
19. **A anada á carreira non se pilla.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [10])
20. **A auga de correr e a gente de falar non se pode privar.** (Juan Carlos Couselo Gago)
21. **A auga de correr e a xente de falar non se pode privar.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
22. **A auga de san Xoán leva (tolle) o viño e non dá pan.** (M. González Fernández [11])

---

[2] O orixinal di *En Xulio ¿en donde andas mozo? na fonte ou no pozo.*

[3] O orixinal di *-¡Ai papá! voto a ovella morta o monte non dalle herba e deixa na corte.*

[4] O orixinal di *A donde vas Vicente a donde vai axente.*

[5] O orixinal di *Aonde vas tolo onde van todos.*

[6] O orixinal di *Porque non vas a misa porque non podo vou pa taverna pooquiño a pooco.*

[7] O orixinal di *Pronde vas tolo, pronde van todos.*

[8] O orixinal di *A agua de S. Juan tolle o viño, e non da pan.*

[9] O orixinal di *A agua de S. Juan toxe o viño e non da pan.*

[10] O orixinal di *A anada a carreira non se pilla.*

[11] O orixinal di *A auga de San Xoan leva (tolle)o viño e non da pan.*

23. **A auga de san Xuan sácalle ao viño e dálle a[o] pan.** (José Manuel Area Alonso [12])
24. **A auga en san Soán tolle o viño e non dá pan.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C [13])
25. **A auga en san Xoán tolle o millo e non dá pan.** (Francisco Canosa Quintáns [14])
26. **A auga en san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [15])
27. **A auga en Xan Xuan quita o viño e non dá pan.** (Manuel Tojo Reboredo [16])
28. **A auga en Xan Xuan tolle o viño e non dá pan.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [17])
29. **A auga todo lava, senón a mala fada.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Juan Carlos Couselo Gago)
30. **A augha de san Xuan quita o viño e non dá o pan.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C [18])
31. **A augua de abril molla o carro e-o carril.** (M. González Fernández [19])
32. **A belleza da muller encóntrala na conduta e non en seu rostro.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
33. **A berza en xaneiro vale por carneiro.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C)
34. **A besta que xeme, a carga non teme.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [20])
35. **A blancura sete faltas disimula.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
36. **A bo capellán mellor sacristán.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)
37. **A bo cura mellor sacristán.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
38. **A boa fame non hay broa dura.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
39. **A boa fame non hay br[o]a dura.** (Manuel Camino Sánchez [21])
40. **A boa fame non hay pan duro.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
41. **A boa vida non quer prisa.** (Francisco Canosa Quintáns)
42. **A boi peleón nunca lle faltarán cornadas.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [22])
43. **A bolsa do probe con todo pode.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
44. **A cabalo reghalado non se lle mira dente.** (José María Gulías Rivas: Forcarei, PO [23])
45. **A cabra sempre tira ao monte.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
46. **A cabra sempre tira ó monte.** (José María Gulías Rivas: Forcarei, PO [24])
47. **A cabra tira ó monte.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C [25] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [26])

A cabra tirou sempre pró monte. (Xestoso, C [27])

[12] O orixinal di *A auga de San Xuan sacalle a o viño e dalle a pan.*
[13] O orixinal di *E angia en san soan tolle o viño e non da pan.*
[14] O orixinal di *A auga en San Xoan tolle o millo e non da pan.*
[15] O orixinal di *A auga en San Xoan tolle o viño e non da pan.*
[16] O orixinal di *A auga en Xan Xuán quita o viño e non da pan.*
[17] O orixinal di *A auga en Xan Xuan tolle o viño e non da pan.*
[18] O orixinal di *A auja de San Xuán quita o viño e non da o pan.*
[19] O orixinal di *A augua de Abril molla o carro eo carril.*
[20] O orixinal di *A besta que xeme a cargo non teme.*
[21] O orixinal di *A boa fame non hay bra dura.*
[22] O orixinal di *A voy peleón, nunca ye faltarán cornadas.*
[23] O orixinal di *A cabalo rejalado non se lle mira dente.*
[24] O orixinal di *A cabra sempre tira o monte.*
[25] O orixinal di *A cabra tira o monte.*
[26] O orixinal di *A cabra tira o monte.*
[27] O orixinal di *A cabra tirou sempre pro monte.*

48. **A cabra, despois de chea, dá coas cornas no cu.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [28])
49. **A cada paxaro gústalle o seu nido.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
50. **A cada porco chégalle o seu samartiño.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
51. **A cada porco chégalle o seu san Martín.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
52. **A cada porquiño ben lle chega o seu san Martiño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)
53. **A cada porquiño chégall'o seu samartiño.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)
54. **A cada porquiño chégalle o seu san Martiño.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [29])
55. **A cada terra seu uso e a cada roca seu fuso.** (Emilio Segade Vidones [30])
56. **A cada terra seu uso, a cada roca seu fuso.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
57. **A campana non entra na misa e a todos chama.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
58. **A can vello non hai cus cus.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C [31])
59. **A can vello non hay cus cus.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Varela Pérez: Santa María de Castrofeito, O Pino, C [32])
60. **A canas honradas non hay portas cerradas.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de César, Caldas de Reis, PO)
61. **A cando río sona auga leva.** (Manuel Tojo Reboredo)
62. **A cañas honradas non hay portas cerradas.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
63. **A carne de burro non é transparente.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [33])
64. **A casa do ferreiro é de pao de salgueiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [34])
65. **Á casa do teu hirmán non irás cada vran.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [35])
66. **A castaña que está no camiño é do veciño.** (José María García Vázquez: Dodro, C [36] / Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [37] / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)
67. **A castaña quere no agosto arder e no setembro beber.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [38])
68. **A Castilla e a León, novo mundo dou Colón.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
69. **A Castilla e a León, un novo mundo don León.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [39])
70. **Á conta de meus compadres, rebanadas ós afillados.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [40])
71. **Á conta dos meus compadres, rebandas ós afillados.** (José Barreiro

[28] O orixinal di *A cabra despois de chea, dá coas cornas n'o cu.*
[29] O orixinal di *A cada porquiño chegalle o seu S. Martiño.*
[30] O orixinal di *A cada terra seu huso, e acada roca seu fuso.*
[31] O orixinal di *A can vello non hai cuscús.*
[32] O orixinal di *A can bello non hay cus, cus.*
[33] O orixinal di *A carne de burro no e transparente.*
[34] O orixinal di *A casa do ferreiro e de pao de salgueiro.*
[35] O orixinal di *A casa do teu hirman non iras cada bran.*
[36] O orixinal di *A castaña que esta no camiño e do veciño.*
[37] O orixinal di *A castaña que esta no camiño, he do veciño.*
[38] O orixinal di *A castaña que no Agosto arder e, non Setembro beber.*
[39] O orixinal di *A Castilla e a León un novo mundo D. León.*
[40] O orixinal di *Aconta de meus compadres, rebanadas os afillados.*

Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [41])

72. **A cousa muy alabada, nin perdida nin ganada.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
73. **A Cristo penderon no campo porque se estuvo quieto.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
74. **A cruz no peito e o demo nos feitos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
75. **A chaminea na casa val moito.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
76. **A choiva de xaneiro fai o palleiro.** (Juan Bello Valiña)
77. **A chuvia da Ascensión non dá fabas nin melón.** (Ameijeiras Arjomil)
78. **A chuvia de san Xuan quita o viño e non dá pan.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [42])
79. **A chuvia de xaneiro sempre vén de retraseiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [43])
80. **A chuvia en agosto non é chuvia, qu'é mel e mosto.** (Juan Bello Valiña)
81. **A chuvia en marzo, a que quepa no regazo.** (Francisco Canosa Quintáns)
82. **A chuvia en san Xoán tolle o millo e non dá pan.** (Francisco Canosa Quintáns [44])
83. **A chuvia en san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela: A Estrada, PO / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [45]) / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [46])
84. **A chuvia no san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [47])
85. **A Chaus de Vilar vai quen pode andar.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)
86. **A deuda e o labor sempre veñen ao pior.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [48])
87. **A deuda e o labor sempre veñen ó peor.** (Francisco Luna Bande [49])
88. **A Dios rogando e co mazo dando.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
89. **A dona da casa, nin coma nin beba, porque todo na casa lle queda.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)
90. **A egua xear xear hastr'o coiro regañar.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [50])
91. **A escote un boi.** A partes iguales, anque sea un boi.(Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [51])
92. **A espiña canda nace trae a punta.** (Francisco Canosa Quintáns)
93. **A experiencia é a nai da cencia.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [52])
94. **A experiencia é a nai da ciencia.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [53])
95. **A facenda do cregho dáa Dios e léva[a] o demo.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [54])

---

[41] O orixinal di *A conta dos meus compadres rebandas os afillados.*
[42] O orixinal di *A chuvia de San Xuan quita o vino e non da pan.*
[43] O orixinal di *A chuvia de xaneiro, sempre ven de retraseiro.*
[44] O orixinal di *A chuvia en San Xoan tolle o millo e non da pan.*
[45] O orixinal di *A chuvia en San Xoan tolle o viño e non da pan.*
[46] O orixinal di *A chuvia en S. Xoan tolle o viño e non da pan.*
[47] O orixinal di *A chuvia no san Xoan tolle o viño e non da pan.*
[48] O orixinal di *A deuda e o labor sempre veñen a o pior.*
[49] O orixinal di *A deuda e o labor, sempre veñen o pior.*
[50] O orixinal di *A egua xear xear, hastr'o coiro regañar.*
[51] O orixinal di *A escote un boy.*
[52] O orixinal di *A experiencia e a nai da cencia.*
[53] O orixinal di *A experiencia e a nai da ciencia.*
[54] O orixinal di *A facenda do crejo da a Dios e leva o demo.*

96. **A falta de pan boas son tortas.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
97. **A fariña do demo vólvese relón.** (Francisco Canosa Quintáns)
98. **A ferraña de xaneiro non vai ó poleiro.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [55])
99. **A folla mexa no lume e vaise.** (M. González Fernández [56])
100. **A frol de marzo non henche o cabazo.** (M. González Fernández)
101. **Á gaita hai que saberlle templar o fol.** (Silvestre Castiñeira)
102. **A galiña de xaneiro pon un centeiro.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)
103. **A galiña polo bico pon.** (José Manuel Area Alonso)
104. **A galiña pon un ovo encima doutro.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
105. **A galiña poñedora non ten precio na feira.** (Manuel Camino Sánchez)
106. **A galiña que moito canta non é a que máis pon.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C [57])
107. **A gando bravo corda larga.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / José Manuel Area Alonso / Manuel Camino Sánchez)
108. **A gata lamboira, como fai coida.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
109. **A gran fame non hay pan duro.** (José A. González Fernández / Manuel Lago López)
110. **A horta de san Martiño mantén o dono a mais o veciño.** (Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)
111. **A horta do san Martiño mantén a seu dono e o veciño.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
112. **A horta en outono mantén o seu dono.** (Juan Bello Valiña [58])
113. **A laranxa á mañán é ouro, ás doce plata e á noite mata.** (R. Celso Rodríguez Rodríguez [59])
114. **Á larga o galgo a lebre mata.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [60] / Carballo, C [61])
115. **A lebre en xaneiro tira ó brañeiro.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C [62])
116. **A letra con sangre entra.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / José Duro Quintela: Burres Arzúa, C / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
117. **A locura non ten cura; si a ten, pouco dura.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
118. **A lúa de xaneiro non ten compañeira, non sendo a d'agosto que lle dá polo rostro.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [63])
119. **A luna non é como pinta sinón como quinta.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [64])
120. **A mal tempo, boa cara.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Francisco Canosa Quintáns)
121. **A mala veciña dá a agulla sin liña.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [65] / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [66])

---

[55] O orixinal di *A ferraña de Xaneiro non vai o poleiro.*
[56] O orixinal di *A folla mexa no lume e vaixe.*
[57] O orixinal di *A galiña que moito canta non é a que mais pon.*
[58] O orixinal di *A horta en Outono mantén ó seu dono.*
[59] O orixinal di *A laranxa a mañán e ouro, as doce plata, e a noite mata.*
[60] O orixinal di *A larga o galgo a lebre mata.*
[61] O orixinal di *A larga o galgo a lebre mata.*
[62] O orixinal di *E lebre en xaneiro tira o brañeiro.*
[63] O orixinal di *A lua de Xaneiro non ten companeira, non sendo a dagosto que lle da polo rostro.*
[64] O orixinal di *A luna non e como pinta sinón como quinta.*
[65] O orixinal di *A mala veciña da a agulla sin liña.*
[66] O orixinal di *A mala veciña da a agulla sin liña.*

122. **A marzo gabo cando recach'o rabo.** (Juan Bello Valiña)
123. **A mentira i-o señor, canto máis grande mellor.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [67])
124. **A mentira i-o señor, canto máis grande millor.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [68])
125. **A moda non incomoda.** (Eliseo López Varela)
126. **A moita bondá destrúe a autoridad.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
127. **A moita fame non hay pan duro.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C)
128. **A moita fame non hay pan podre.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
129. **A moita manualidad é causa de menosprecio.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [69])
130. **A moita manualidade é causa de menosprecio.** (Francisco Luna Bande [70])
131. **A mona, anque se vista de seda, mona se queda.** (Manuel Camino Sánchez)
132. **A morrer, morrer farto.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
133. **A morte a todas cousas se iguala.** (Manuel Martín Gómez:Muxía, C)
134. **A muller co seu marido na terra ten abrigo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
135. **A muller composta quita a home da outra porta.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
136. **A muller de apurada, puta ou ladra.** (Francisco Canosa Quintáns)
137. **A muller e a besta a nadie s'empresta.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
138. **A muller e a cabra a pata quebrada.** (José Manuel Area Alonso)
139. **Á muller e á cabra non lle des corda larga.** (J.M. Barral Sánchez [71] / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [72])
140. **A muller e a ovella, con día na cortella.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
141. **A muller e a ovella, con día pó cortello.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
142. **A muller e a sardiña, pequeniña.** Porque do malo, pouco.(José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
143. **A muller e a sardiña, pola máis pequeniña.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [73])
144. **A muller e a sardiña, pola máis piquiniña.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C [74])
145. **A muller e a sartén na casa están ben.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
146. **A muller e a sartén na casiña están ben.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)
147. **A muller e a sartén na cociña están ben.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / Francisco Luna Bande)
148. **A muller e a sartén na cociña están moi ben.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)
149. **A muller e a uvella, con día á cortella.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [75])

---

[67] O orixinal di *A mentira yo señor canto mais grande mellor.*
[68] O orixinal di *A mentira yo señor, canto mais grande, millor.*
[69] O orixinal di *A moita manualidad e causa de menos precio.*
[70] O orixinal di *A moita manualidade, e causa de menos precio.*
[71] O orixinal di *A muller e a cabra non lle des corda larga.*
[72] O orixinal di *A muller e a cabra non ll'e des corda larga.*
[73] O orixinal di *A muller e a sardiña, poll'a mais pequeniña.*
[74] O orixinal di *A muller e a sardiña pu la mais piquiniña.*
[75] O orixinal di *A muller e a uvella, con dia a cortella.*

150. **A muller e a uvella, con día á curtella.** (Emilio Segade Vidones [76])

151. **A muller e mais a ovella, anoitecer á cortella.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [77])

152. **A muller e o home honrado, polo camiño do carro.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [78])

153. **A muller e o vento cambian no momento.** (J.M. Barral Sánchez)

154. **A muller gobernadora, a súa casa honra.** (Francisco Canosa Quintáns)

155. **A muller i-a ovella, con sol na cortella.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [79])

156. **A muller i-a sardiña piquiniña.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

157. **A muller lambeteira non [ten] sorte ca manteiga.** (Francisco Canosa Quintáns)

158. **Á muller loca agrádalle máis o pa[n]deiro que a toca.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [80])

159. **A muller na ventana, máis perde ca ghana.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [81])

160. **A muller na ventana, máis perde que ghana.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [82])

161. **A muller priguiseira a súa casa queima.** (Francisco Canosa Quintáns)

162. **A muller que asubía e as mulas que fan "gi" do[u]chas pra ti.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [83])

163. **A muller que come a nata non ten sorte coa manteiga.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

164. **A muller que fía de pé, nunca boa é.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [84])

165. **A muller que silba e fía de pé, nunca boa é.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [85])

166. **A muller salameira é muy meiga.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [86])

167. **A muller sin home, no regazo come.** (Francisco Canosa Quintáns / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

168. **A muller vella debe ir cedo pá cortella.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [87])

169. **A muller, o cabalo e a espada a nadie se debe ceder.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

170. **A muller, por ben que fale, mellor está calada.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

171. **A muller, vella ou nova, si lle preguntan os anos, nunca se acorda.** (Francisco Canosa Quintáns)

172. **A necesidad fai maestro.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

173. **A neve febreiriña cégalle o ollo á galiña.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [88])

---

[76] O orixinal di *A muller e a uvella, con día a curtella.*

[77] O orixinal di *E muller e mais a ovella, a noitecer a cortella.*

[78] O orixinal di *A muller e o home honrrado pol'o camiño do carro.*

[79] O orixinal di *A muller ya ovella con sol na cortella.*

[80] O orixinal di *A muller loca agradalle mais o padeiro que a toca.*

[81] O orixinal di *A muller na ventana mais perde qua jana.*

[82] O orixinal di *A muller na ventana mais perde que jana.*

[83] O orixinal di *A muller que asuvía e ax mulas que fan "gi" dochas pra tí.*

[84] O orixinal di *A muller que fia de pé nunca boa e.*

[85] O orixinal di *A muller que silba e fia de pé nunca boa e.*

[86] O orixinal di *A muller salameira e muy meiga.*

[87] O orixinal di *A muller bella debe ir cedo pa cortella.*

[88] O orixinal di *A nebe febreiriña cégalle o ollo a galiña.*

174. **A neve febreiriña cómea a galiña.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

175. **A nugalla nin come pan nin dorme na palla nin viste camisa lavada.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

176. **A oración da burra nunca chega ó ceu.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [89])

177. **A ovella que berra, bocado que perde.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

178. **A padre ganador, seu fillo gastador.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

179. **A palabra de amodín vale un perrín.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

180. **A palabras vanas oídos sordos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

181. **A pena polo morto dura hast'o horto.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [90])

182. **A perghisa non viste camisa.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [91])

183. **A pesares, tragos, i-a disgustos, cigarros.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

184. **A poder de picar desbástase a pedra.** (Francisco Canosa Quintáns)

185. **A porca da veciña sempre é millor cá miña.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [92])

186. **A porco gordo, engordalo; a porco flaco, quitarlle o rabo.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

187. **Á porta cerrada o diablo se vuelve.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [93])

188. **Á porta do bo rezador bota o triguiño ó calor.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [94])

189. **Á porta do que non reza nada, nin trigho nin cebada.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [95])

190. **Á porta do rezador bota o triguiño ó calor.** (Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C[96] / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [97])

191. **Á porta do rezador non botes o millo ó sol.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [98] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [99])

192. **Á porta do rezador non botes o trigo ó sol, pero á porta do que non reza nada, nin o trigo nin a cebada.** (M. González Fernández [100])

193. **Á porta do rezador non botes trigho ó sol.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [101])

194. **Á porta do rezador non póña-lo millo ó sol porque vén o rezador e quedas sin millo e sin fol.** (José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C [102])

---

[89] O orixinal di *A oracion da burra, nunca chega u ceu.*

[90] O orixinal di *A pena pol'o morto dura hast'o horto.*

[91] O orixinal di *A perjisa non viste camisa.*

[92] O orixinal di *A porca da veciña sempre e millor qu'a miña.*

[93] O orixinal di *A porta cerrada o diablo se vuelve.*

[94] O orixinal di *A porta do bo rezador, bota o trigiño o calor.*

[95] O orixinal di *A porta do que non reza nada nin trijo nin cebada.*

[96] O orixinal di *A porta do rezador bota o triguiño o calor.*

[97] O orixinal di *A porta do rezador vota o trigiño o calor.*

[98] O orixinal di *A porta do rezador non botes o millo o sol.*

[99] O orixinal di *A porta do rezador non botes o millo o sol.*

[100] O orixinal di *A porta do rezador non votes o trigo o sol pero a porta do que non reza nada nin o trigo nin a cebada.*

[101] O orixinal di *A porta do rezador non botes trijo o sol.*

[102] O orixinal di *A porta do rezador non ponalo o millo o sol por que ven o rezador a e quedas sin millo e sin fol.*

195. **Á porta do rezador podes botar o millo ó sol.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [103])
196. **Á porta dun bo rezador bota o trighillo ó calor.** (Emilio Segade Vidones [104])
197. **A preguiza non veste camisa.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Silvestre Castiñeira)
198. **A probe soberbio limosna de pau.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [105])
199. **A quen Dios non lle dá fillos, o demo lle dá sobriños.** (Eliseo López Varela [106])
200. **A quen lle has de dar a cea, non lle negues a merenda.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
201. **A quen madruga Dios lle axuda.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
202. **A raposa perde as forzas e non as mañas.** (José Porto Buceta: Portas, PO)
203. **A regla do labrador: ser burro, sementar basto e arar menudo.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [107])
204. **A rico non debas e a probe non prometas.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
205. **A río revolto, ganancia de pescadores.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
206. **A roliña a rolar, colle o fol e vai a sementar.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [108])
207. **A San Andrés de Teixido vai de morto o que non fui de vivo.** (Francisco Canosa Quintáns)
208. **A San Andrés vaite outra vez.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [109])
209. **A sardiña de xaneiro cúspelle na barba ó mariñeiro.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C [110])
210. **A sardiña en xaneiro chúspelle na barba ó mariñeiro.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C [111])
211. **A sardiña en xaneiro vale carneiro.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
212. **A sombra de agosto é o sol de setembre.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [112])
213. **A sombra de agosto é o sol de setembro.** (Francisco Canosa Quintáns)
214. **Á sombra dos bos viven os malos sin freno.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [113])
215. **A sona sin proveito corre polo mundo a eito.** (Manuel Tojo Reboredo [114] / Silvestre Castiñeira)
216. **A tal pao tal astilla.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
217. **A terra do espiño pó meu veciño.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
218. **A terra negra bo pan leva.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
219. **A todo hay quen gane.** (Francisco Canosa Quintáns)
220. **A todo porco lle chega o seu san Martiño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [115])

---

[103] O orixinal di *A porta do rezador, podes votar o millo o sol.*
[104] O orixinal di *A porta dun bo rezador bota o trijillo o calor.*
[105] O orixinal di *A prove soberbio limosna de pau.*
[106] O orixinal di *A quen Dios non lle da fillos o demo lle da sobriños.*
[107] O orixinal di *A regla d'o labrador, ser burro; sementar vasto e arar menudo.*
[108] O orixinal di *Arroliña, arrolar colle o fol e vai a sementar.*
[109] O orixinal di *A S. Andes vaite outra vez.*
[110] O orixinal di *A sardiña de Xaneiro cuspelle na barba o mariñeiro.*
[111] O orixinal di *A sardiña en xaneiro, chúspelle na barba o mariñeiro.*
[112] O orixinal di *A sombra de agosto e o sol de setembre.*
[113] O orixinal di *A sombra dos bos viben os malos sin freno.*
[114] O orixinal di *A sona sin proveito corre po lo mun do aeito.*
[115] O orixinal di *A todo porco lle chega u seu S'martiño.*

221. **A todo porquiño chégalle o seu samartiño.** (? López Baleato [116])

222. **A tódolos porcos lles chega o seu Entroido.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [117])

223. **A tódolos santos lles chega o seu día.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

224. **A todos los porcos chégalles o seu Antroido.** (José Manuel Area Alonso)

225. **A todos los santos chégalles o seu día.** (José Manuel Area Alonso)

226. **A todos os santos lle chega o seu día.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

227. **A todos os santos lle chegha o seu día.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [118])

228. **A troita préndese pola boca.** (Noya, Silvestre Castiñeira)

229. **A vaca chover, chover, hastr'o corno amolecer.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

230. **A vaca da miña veciña dá mellor leite que a miña.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [119])

231. **A vaca da miña veciña sempre dá máis leite cá miña.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [120])

232. **A vaca moi feirada, nin vendela nin comprala.** (Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

233. **A vaca qu'anda de feira en feira, n'hay quen a queira.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [121])

234. **A vaca que se deita na herba, ou está chea ou enferma.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

235. **A vella estaba na cama e entráballe o sol pola ventana.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

236. **A vella vai morrendo e mais aprendendo.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [122])

237. **A vella, despois que lle rouban a cabra, ponlle fecho á porta.** (Silvestre Castiñeira)

238. **A vello chegarás e d'elí non pasarás.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

239. **A verdura posta en outono mantén a seu dono.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

240. **A verza do outono, qu'a coma o dono.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [123])

241. **A vida da aldea dálla Dios a quen a desexa.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

242. **A vida é muy cara; haina máis barata, pero non é vida.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [124])

243. **A xaula preparada, o paxaro morto.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

244. **A xente nova toda é boba.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [125] / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [126])

245. **A xente que non vai á misa escápalle de prisa.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [127])

246. **A xesta de nova barre ben.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

---

[116] O orixinal di *A todo porquiño chegalle u seu samartiño.*

[117] O orixinal di *A tos os porcos lle chega o seu entroido.*

[118] O orixinal di *A todos os santos lle cheja o seu dia.*

[119] O orixinal di *A vaca da miña veçiña da mellor leite que a miña.*

[120] O orixinal di *A vaca da miña veciña sempre da mais leite ca miña.*

[121] O orixinal di *A vaca qu'anda de feira en feira n'hay quen a queira.*

[122] O orixinal di *A bella vai morrendo e maix aprendendo.*

[123] O orixinal di *A verza do outono, ca coma o dono.*

[124] O orixinal di *A vida e muy cara haina mais barata pero non e vida.*

[125] O orixinal di *A xente nova toda e boba.*

[126] O orixinal di *A xente nova toda e boba.*

[127] O orixinal di *A xente que non vai a Misa escapalle de prisa.*

247. **Abade avarento, por un bodigo perde un cento.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
248. **Abanea o rabo do can, non por ti sinón polo pan.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [128])
249. **Abono de fento, abono de vento.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
250. **Abril abrilante é o mes que vai diante; mayo mayolo é o mes que vai solo; san Xoán, san Xoanás é o mes que nace o rapás.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [129])
251. **Abril augas mil, se non ó comezo, ó meio ou ó fin.** (Juan Bello Valiña [130])
252. **Abril auguas mil.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
253. **Abril chove prá xente e mayo prás bestas.** (Juan Bello Valiña [131])
254. **Abril do bo dormir.** (Francisco Canosa Quintáns)
255. **Abril e maio fan fan fan fariña para todo o ano.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
256. **Abril e maio fragoan no ano.** (Juan Carlos Couselo Gago)
257. **Abril e maio fragoan o ano.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / José A. Iglesias Ares)
258. **Abril e maio son a chave do ano.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
259. **Abril e mayo fragoan o ano.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [132] / José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C [133] / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [134])
260. **Abril e mayo, a chave do ano.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
261. **Abril e mayo, chaves do ano.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO / J.M. Barral Sánchez)
262. **Abril esfola pero mayo amola.** (Juan Bello Valiña)
263. **Abril espigas mil.** (José Lage Radío)
264. **Abril frío e fornos quentes, alegría prós meus dentes.** (Juan Bello Valiña [135])
265. **Abril frío e mollado, ench'o celeiro e farta o gado.** (Juan Bello Valiña [136])
266. **Abril malo perde a maio.** (M. González Fernández)
267. **Abril mata o rato no cubil.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [137])
268. **Abril que non chove, deixa o labrego probe.** (Juan Bello Valiña)
269. **Abril sempre será ruín, ó entrar ou ó saír.** (Juan Bello Valiña [138])
270. **Abril vén con cara de santo e uñas de gato.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [139])
271. **Abriles e cabaleiros son ás veces treicioeiros.** (Juan Bello Valiña [140])

---

[128] O orixinal di *Abanea o rabo do can, non por ti, si non po lo pan.*

[129] O orixinal di *En tres meses contar nueve. 1º)Abril abrilante e o mes que vai diante (son tres)/ 2º)Mayo mayolo e o mes que vai solo (son otros tres)/ 3º)San Xoan S. Xoanas e o mes que nace o rapas (son otros tres)*. Esta concatenación de refráns, segundo nos suxire Antón Santamarina, alude humorísticamente ás explicacións exculpatorias que se dan para os partos que se producen ós poucos meses de casar ou, como se di popularmente, para desculpa-los *fillos encargados antes de casar*. Deste xeito, en tres meses cóntanse nove, que son os que dura o embarazo.

[130] O orixinal di *Abril augas mil, se non o comezo, o meio ou o fin.*

[131] O orixinal di *Abril chove pra xente e Mayo prás bestas.*

[132] O orixinal di *Abril e Mayo fragoan ó ano.*

[133] O orixinal di *Abril e Mayo frágoan ó ano.*

[134] O orixinal di *Abril e Mayo fragoan o ano.*

[135] O orixinal di *Abril frío e fornos quentes, alegría pros meus dentes.*

[136] O orixinal di *Abril frio e mollado, ench'o celeiro e farta o gado.*

[137] O orixinal di *Abril, mata o rato n'o cubil.*

[138] O orixinal di *Abril sempre será ruín o entrar ou o sair.*

[139] O orixinal di *Abril ven con cara de santo e uñas de gato.*

272. **Abril, augas mil.** (Xestoso, C)
273. **Abril, miros mil.** (Francisco Canosa Quintáns)
274. **Abril, o do bo dormir.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)
275. **Acórdaste de santa Bárbara cando trona.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
276. **Acórdate de santa Bárbara cando trona.** (Francisco Canosa Quintáns)
277. **Achaque quere a morte e non sabe de qué sorte.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
278. **Afiador e paragüeiro, canto máis burro máis parrandeiro.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [141])
279. **Afiar de cada lance, crabuñar de cada gavilleiro: ese é o refrán do bon gadañeiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [142])
280. **Agosto e setiembre non duran sempre.** (Carballo, C)
281. **Agosto faise maio a quen non ten pan sementado.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)
282. **Agosto fáiselle maio a quen non ten pan sementado.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns)
283. **Agosto leva e agosto dá.** (José Ignacio Seijo Santiago [143])
284. **Agosto o dá, agosto o leva.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [144])
285. **Agosto pasou: o que mallou, mallou; o que non mallou, mallara.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO [145])
286. **Agosto pasou: quen mallou, mallou.** (Juan Bello Valiña)
287. **Agua de agosto, azafrán, mel e mosto.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
288. **Agua de xaneiro todo o ano ten tempeiro.** *Tempeiro* (Ca): Intemperie, destemplanza del tiempo. Relacionado co refrán *Cando chove en febreiro, todo o ano é tempereiro*.(Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [146])
289. **Agua en san Juan, nin dá viño nin dá pan.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [147])
290. **Agua en san Xuan non dá viño nin cría pan.** (José Porto Buceta: Portas, PO [148])
291. **Agua en san Xuan quita viño e non dá pan.** (José Lage Radío [149])
292. **Agua fría e pan quente nunca fixeron bo ventre.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
293. **Agua ó figo e-á pera viño.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [150])
294. **Agua parada, xente matada.** (José Ignacio Seijo Santiago)
295. **Agua polo san Lorenzo chega co seu tempo.** (Manuel Lago López [151])
296. **Agua por maio, pan para todo o ano.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [152])
297. **Agua por san Xoán quita viño e non dá pan.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [153])

---

[140] O orixinal di *Abriles e cabaleiros son as veces treicioeiros.*
[141] O orixinal di *Afiador e paragüeiro, canto mais burro mais parrandeiro.*
[142] O orixinal di *Afiar de cada lance, crabuñar de cada gavilleiro: ese e o refrán do bon gadañeiro.*
[143] O orixinal di *Agosto leva e Agosto da.*
[144] O orixinal di *Agosto o da agosto o leva.*
[145] O orixinal di *Agosto paso o que mallou, mallo o que non mallou mallara.*
[146] O orixinal di *Agua de Xaneiro todo o ano tén tempeiro.*
[147] O orixinal di *Agua en San Juan nin da viño nin da pan.*
[148] O orixinal di *Agua en San Xuan non da viño nin cria pan.*
[149] O orixinal di *Agua en San Xuan quita viño e non da pan.*
[150] O orixinal di *Agua o figo ea pera viño.*
[151] O orixinal di *Agua po lo San Lorenzo chega co seu tempo.*
[152] O orixinal di *Agua por mallo, pan para todo ano.*

298. **Agua que non has de beber deixa correr.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [154])
299. **Ahí vén san Lorenzo co seu caldeiro penzo.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [155])
300. **Ahí vén san Quietán con xerro na man.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [156])
301. **Ahí vén santa Mariña coa súa reghasadiña.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [157])
302. **Aínda non vén xaneiro para poñer a perna por diante do compañeiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [158])
303. **Aínda que a mona se vista de seda, si mona é, mona se queda.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [159])
304. **Aire de abaixo, auga segura.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / J.M. Barral Sánchez / Manuel Barrós Fachal)
305. **Aire de baixo, chuvia segura.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C)
306. **Aire do oeste, solta os bois e vente.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
307. **Aire do poniente, solta os bois e vente.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
308. **Aire do soán, augua na man.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
309. **Aire norte, tempo forte.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
310. **Aire solán, auga na mao.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
311. **Alá vai, alá vai, o burro atrás da nai.** (M. González Fernández [160])
312. **Alábate, can, que casas mañán.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
313. **Alábate, can, que mañán te casarán.** (Seminarista anónimo: San Xoán de Lubre, Bergondo, C)
314. **Alábate, can, que si non te alabas non t'alabarán.** (Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C [161])
315. **Alábate, can, que te vas a casar mañán.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
316. **Alábate, fandelo, qu'a vender te levo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [162])
317. **Alábate, Juan, que si non te alabas, non te alabarán.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
318. **Alábate, Xan, que has de casar mañán.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
319. **Alábate, Xan, que se non t'alabas, non ti alabarán.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO [163])
320. **Alábate, Xan, que si non t'alabas, non t'alabarán.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C [164])
321. **Alábate, Xan, que si non, non te alabarán.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
322. **Alábate, Xan, si non, non te alabarán.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

---

[153] O orixinal di *Agua por S. Xoan quita viño e non da pan.*
[154] O orixinal di *Agua que non hax de beber deixa correr.*
[155] O orixinal di *Ahi ven s. Lorenzo co seu caldeiro penzo.*
[156] O orixinal di *Ahi ven S. Quietán con xerro na man.*
[157] O orixinal di *Ahi ven Sta. Mariña ca sua rejasadiña.*
[158] O orixinal di *Aínda non ven xaneiro pa poñer a perna por diante do compañeiro.*
[159] O orixinal di *Ainda que a mona se vista de seda, si mona e, mona se queda.*
[160] O orixinal di *A la vai a la vai o burro atras da nai.*
[161] O orixinal di *Alábate can, que si non te alabas non t'alabarán.*
[162] O orixinal di *Alábate fandelo, c'a vender te levo.*
[163] O orixinal di *Alábate Xan, que se non talabas non ti alabarán.*
[164] O orixinal di *Alabate Xan, que si non talabas non talabarán.*

323. **Alegría, alegriote, que vai o rabo do porco no pote.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [165])

324. **Algo debe ter a agua cando a bendicen.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

325. **Almorza ben, come máis e cena pouco, e vivirás.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [166])

326. **Almorzo cedo cría carne e cebo.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

327. **Almorzo cedo cría carne e sebo.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951

328. **Altas ou baixas, en abril sanas [sic] Pascuas.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

329. **Altas ou baixas, en abril son as Pascuas.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

330. **Alzar sin vento e parir sin tempo non pode ser.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

331. **Allo c[r]úo e viño puro pasan o porto seguro.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [167])

332. **Amighiños, si, pero a vaca polo que vale.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [168])

333. **Amigo que non dá e coitelo que non corta, anque se perda pouco importa.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [169])

334. **Amigo que non dá e coitelo que non corta, que se perda pouco importa.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [170])

335. **Amigos seamos e do noso teñamos.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

336. **Amigos, si, pero a vaca polo que vale.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [171])

337. **Amiguiños, si, pero a vaca polo que vale.** (Manuel Tojo Reboredo [172])

338. **Anada á carreira non se pilla.** (Juan Carlos Couselo Gago [173])

339. **Anada a carreiras non se pilla.** (José María García Vázquez: Dodro, C [174])

340. **Anadiña pouca, anadiña moita, vai chegando unha á outra.** (José María García Vázquez: Dodro, C [175] / Juan Carlos Couselo Gago [176] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [177])

341. **Anda cos bos e serás un deles.** (? López Baleato [178])

342. **Andar pa dentro, andar de trenco.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

343. **Ande eu quente e que se ría a xente.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

344. **Ande eu quente e ríase a xente.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

345. **Ande ou non ande, bestia grande.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

---

[165] O orixinal di *Alegria alegriote, que vai o rabo d'o porco n'o pote.*

[166] O orixinal di *Almorza ben, come mais, e cena pouco e viviras.*

[167] O orixinal di *Allo cuo e viño puro pasan o porto seguro.*

[168] O orixinal di *Amijiños si pero a vaca por o que vale.*

[169] O orixinal di *Amigo que non da e coitelo que non corta, anque se perda pouco importa.*

[170] O orixinal di *Amigo que non da e coitelo que non corta que se perda pouco importa.*

[171] O orixinal di *Amigos sí, pero a vaca pol'o que vale.*

[172] O orixinal di *Amiguiños si pero a baca po lo que vale.*

[173] O orixinal di *Anada a carreira non se pilla.*

[174] O orixinal di *A nada a carreiras non se pilla.*

[175] O orixinal di *Anadiña pouca anadiña moita vai chegando unha a outra.*

[176] O orixinal di *Anadiña pouca, anadiña moita, vai chegando unha a outra.*

[177] O orixinal di *Anadiña pouca anadiña moita vai chegando unha a outra.*

[178] O orixinal di *Anda cus bos e serás un de eles.*

346. **Ande, non ande, besta grande.** (M. González Fernández)

347. **Ánimo, tripas, que está un corno a cocer.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

348. **Ano d'ameixas, ano de queixas; ano de peras, ano de medas.** (Seminarista anónimo: Carballo, C)

349. **Ano d'ameixas, ano de queixas.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [179] / Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

350. **Ano das ameixas, ano das queixas.** (Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C)

351. **Ano das amoras, ano das choras.** (Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C)

352. **Ano de ameixas, ano de queixas.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C / José María García Vázquez: Dodro, C / Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / Juan Carlos Couselo Gago [180] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

353. **Ano de ameixas, ano de que[i]xas.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [181])

354. **Ano de amenxas, ano de que[i]xas.** (Manuel Camino Sánchez [182])

355. **Ano de amoras, ano de choras.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Manuel Camino Sánchez / Emilio Segade Vidones)

356. **Ano de bruños, millo nos puños; ano d'ameixas, ano de queixas.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [183])

357. **Ano de fame, ano de casamentos.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

358. **Ano de hielos, ano de codelos.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

359. **Ano de landra, ano de ladra.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

360. **Ano de moras, ano de choras.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

361. **Ano de moras, ano de choros.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

362. **Ano de nieves, ano de bienes.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

363. **Ano de noces, ano de voces.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

364. **Ano de peras, ano de medas; ano de ameixas, ano de queixas.** (Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

365. **Ano de peras, ano de medas.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

366. **Ano de pipa, cunca chea.** Baléirase a pipa ou tonel na medida en que se enche a cunca.(Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [184])

367. **Ano de xeadas, ano de fornadas.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

368. **Ano novo, vida alegre.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

369. **Ano novo, vida nova.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C / José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / M. González Fernández)

370. **Anos de noces, anos de voces.** (M. González Fernández)

371. **Anque a mona se vista de seda, mona se queda.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

372. **Ansias alleas matan os asnos.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

373. **Antes de acabar non te alabarás.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [185])

374. **Antes de almorzar non quero traballar.** (José Calviño Pueyo: A Ponte

[179] O orixinal di *Ano da meixas ano de queixas.*
[180] O orixinal di *Ano de ameijas, ano de queijas.*
[181] O orixinal di *Ano de ameixas ano de quexas.*
[182] O orixinal di *Ano de amenxas ano de quexas.*
[183] O orixinal di *Ano de bruños millo nos puños - ano dameixas ano de queixas.*

[184] O orixinal di (A primeira parte é unha conxectura nosa porque o ms. di):*Han de pipa cunca chea.*
[185] O orixinal di *Antes de acabar non te alabraras.*

Maceira, Portor, Negreira, C / Francisco Canosa Quintáns)

375. **Antes de casarte mira con quen o fas.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

376. **Antes de comer de galiña, hay que comer de sardiña.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

377. **Antes de facer unha cousa, mira ben o que vas a facer.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

378. **Antes de que te cases, mira ben o que fas.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

379. **Antes o cliente que os parientes.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

380. **Antes que ó altar chegares, pensa o que fas.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [186])

381. **Antes que te cases, Maruxa, mira o que fas.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

382. **Antroido á raxeira, Páscoa á lareira.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

383. **Ao catarro dálle co xerro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [187] / Manuel Barrós Fachal [188])

384. **Ao marzo que non marcexa, vén abril e o apedrexa.** (M. González Fernández [189])

385. **Aprendido nadie nace.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

386. **Aprendido non naceu ninguén.** (Laureano Moscoso Sabel: Berreo, Trazo, C)

387. **Aquel que ben che quer, faiche chorar.** (Francisco Canosa Quintáns)

388. **Aquel que ben empeza, mal termina.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

389. **Aquí me agarro, sacho, que a otro uno** [sic] **non acho.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

390. **Arada de molleres dá pan se queres.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [190])

391. **Aran as vacas e tiran os bois.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

392. **Arco da vella no levante, fala ós bois pra diante.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [191])

393. **Arco da vella no poniente, ceiba os bois e vente.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [192])

394. **Arco da vella ó ponente, ceiba os bois e vente.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C [193])

395. **Arco da vella ó poniente, colle os bois e vente.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO [194])

396. **Arco da vella ó poñente, saca os bois e vente.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C [195])

397. **Arco da vella ó puniente, ce[i]ba os bois e vente.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [196])

398. **Arco da vella ó radiante, dálle ós bois pa diante.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO [197])

399. **Arco da vella ó rayante, fala ós bois e vente.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C [198])

---

[186] O orixinal di *Antes que o altar, chegares, pensa o que fas.*

[187] O orixinal di *A o catarro, dalle co xerro.*

[188] O orixinal di *A o catarro, dalle co xerro.*

[189] O orixinal di *Ao Marzo que non marcexa, ven abril e o apedrexa.*

[190] O orixinal di *Arada de molleres da pan se queres.*

[191] O orixinal di *Arco da bello no levante, fala os vois pra diante.*

[192] O orixinal di *Arco da bella no poniente, ceiba os bois e vente.*

[193] O orixinal di *Arco da vella o ponente ceiba os bois e vente.*

[194] O orixinal di *Arco da vella o poniente colle os vois e vente.*

[195] O orixinal di *Arco da bella o poñente, saca os bois e vente.*

[196] O orixinal di *Arco da bella o puniente ceba os bois e bente.*

[197] O orixinal di *Arco da vella o radiante dalle os vois pa diante.*

[198] O orixinal di *Arco da bella (Iris)ó rayante fala os bois e vente.*

400. **Arco da vella ó reante, fálalle ós bois pa diante.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [199])
401. **Arco da vella Penaxuá, vale máis á noite que a pola mañá.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [200])
402. **Arco de vella no levante, fala ós bois pra diante.** (Manuel Camino Sánchez [201])
403. **Arco de vella ó ponente, ceiba os bois e vente.** (Manuel Camino Sánchez [202])
404. **Arco de vella ó poniente, pícalle ós bois e vente.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [203])
405. **Arco de vella reante, pícalle ós bois pre diante.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [204])
406. **Arco iris de sera, boa noite ch'espera.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [205])
407. **Arde a casa, quentarse aos cangos.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
408. **Arreeiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana.** (Juan Carlos Couselo Gago [206])
409. **Arriba das rocas van vellas e mozas.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)
410. **Arrieiro dun[ha] besta e troiteiro dunha cana, perde mas que do que gana.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [207])
411. **As abellas non queren ser partidas nin reñidas.** (José Rodríguez Calvo: Rebón, Moraña, PO)
412. **As augas en abril enchen o carro e o carril.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
413. **As cabazas polo san Marcos, ou nacidas ou no cacho.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [208])
414. **As cabras tiran sempre ó monte.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [209])
415. **As castañas do camiño son do veciño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
416. **As castañas postas en xaneiro van na cesta e veñen no sombreiro.** (Silvestre Castiñeira)
417. **As comadres din sempre as verdades.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
418. **As contas da plaza non dan cas de casa.** (José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)
419. **As cheas de san Simón sonadas son.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [210])
420. **Ás dez acóstate e ás nove levántate, home.** (Luís Vázquez Veiga [211])
421. **As frebas son de frebeiro.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO)
422. **As galiñas de san Xosé todas son do mismo raso.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
423. **As herbellas que son tardías brotan ós cuarenta días.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

---

[199] O orixinal di *Arco da bella o reante falalle os bois pa diante.*
[200] O orixinal di *Arco da bella Penaxuá vale mais a noite que a pola mañá.*
[201] O orixinal di *Arco de Vella no levante, fala os bois pra diante.*
[202] O orixinal di *Arco de bella o ponente, ceiba os bois, e vente.*
[203] O orixinal di *Arco de vella o poniente picalle os bois e vente.*
[204] O orixinal di *Arco de vella reante, picalle os bois pre diante.*
[205] O orixinal di *Arco iris de sera boa noite ches pera.*
[206] O orixinal di *Arreeiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana, mais perde do que gana.*
[207] O orixinal di *Arriero d'un besta e troiteiro d'un a cana, perde mas que do que gana.*
[208] O orixinal di *As cabazas po lo san Marcos, ou nacidas ou no cacho.*
[209] O orixinal di *As cabras tiran sempre o monte.*
[210] O orixinal di *As cheas de S. Simón sonadas son.*
[211] O orixinal di *As des acostate e as nove levantate home.*

424. **As medias son boas para as pernas.** (Francisco Canosa Quintáns)
425. **Ás nove déitate, home, i-ás dez moller s'a tes.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [212])
426. **Ás nove déitate, home; ás des durme se ques.** (Francisco Canosa Quintáns [213])
427. **Ás palabras feas, oídos sordos.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [214])
428. **As riquezas do sacristán, por donde veñen, van.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [215])
429. **As sardiñas en san Xuan pingan no pan.** (M. González Fernández [216])
430. **As sardiñas polo san Xoán mollan o pan.** (Manuel Gómez Vilar)
431. **As tardes de agosto non teñen en canto a vella vai ó horto.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [217])
432. **As trampas de san Juan, por donde veñen, van.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
433. **As trampas de san Juan, por onde veñen, van.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO)
434. **As trampas de san Xuan, por donde veñen, van.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
435. **As trampas do san Xoán, pr'onde veñen, van.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [218])
436. **As troita[s] non se collen cas perna[s] inxoitas.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [219])
437. **Ás veces o demo é tendeiro.** (M. González Fernández [220])
438. **As verzas en xaneiro saben a carneiro.** (M. González Fernández)
439. **Asegún me tocan bailo.** (José María García Vázquez: Dodro, C [221])
440. **Asegún me tocas bailo.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
441. **Así paga o demo a quen sirve.** (Francisco Canosa Quintáns)
442. **Ata san Martiño pinga o ramalliño; despois do san Martiño, fame e frío.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C [222])
443. **Atrás de quen corre, correr.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
444. **Auga corrente non mata a gente.** (Juan Carlos Couselo Gago)
445. **Auga corrente non mata a xente.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
446. **Auga da fonte que non has de beber, pasa e deixa correr.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [223])
447. **Auga da sega, se falta hai dela, falta queda.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [224])
448. **Auga de abril henche o carro e o carril.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
449. **Auga de mayo, pan de todo o ano.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

---

[212] O orixinal di *As nove deitate home, y as 10 moller s'a tes.*
[213] O orixinal di *As nove deitate home, as des durme se ques.*
[214] O orixinal di *As palabras feas oidos sordos.*
[215] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.
[216] O orixinal di *As sardiñas en S. Xuan pingan no pan.*
[217] O orixinal di *As tardes de agosto non teñen en canto a bella vay o horto.*
[218] O orixinal di *As trampas do San Xoan pronde veñen van.*
[219] O orixinal di *As troita non se collen cas perna inxoitas.*
[220] O orixinal di *As veces o demo e tendeiro.*
[221] O orixinal di *A segun metocan bailo.*
[222] O orixinal di *Ata Sn Martiño pinga o ramalliño; dispois do Sn Martiño fame e frio.*
[223] O orixinal di *Auga da fonte que non as de beber, pasa e deixa correr.*
[224] O orixinal di *Auga da sega, se falta hai d'ela, falta queda.*

450. **Auga de mediodía, auga tod'o día.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [225])

451. **Auga de moitos regheiros é mala d'arrecadar.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [226])

452. **Auga de san Juan tolle o viño e non dá pan.** (Juan Carlos Couselo Gago [227] / Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [228] / José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C [229])

453. **Auga de san Lorenzo chega ó seu tempo.** (Juan Carlos Couselo Gago [230])

454. **Auga de san Lourenzo chega co seu tempo.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

455. **Auga de san Lourenzo chega ó seu tempo.** (José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C [231])

456. **Auga de san Xan temprana moitos males sana.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal)

457. **Auga de tronada cai na terra e resbala.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

458. **Auga de xaneiro todo o ano ten tempeiro.** *Tempeiro* (Ca): Intemperie, destemplanza del tiempo. (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

459. **Auga de xaneiro, cada pinga val diñeiro.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

460. **Auga domingueira, auga semaneira.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

461. **Auga en outono non lle convén ó xornaleiro nin ó seu dono.** (Juan Bello Valiña)

462. **Auga en san Xoán toll'o viño e non dá pan.** (Juan Bello Valiña)

463. **Auga en xaneiro todo o ano ten temporeiro.** (Francisco Canosa Quintáns)

464. **Auga fría e pan quente nunca fixeron bo vientre.** (J.M. Barral Sánchez)

465. **Auga polo mayo, pan todo o ano.** (J.M. Barral Sánchez [232])

466. **Auga por san Lorenzo chega co seu tempo.** (José A. Iglesias Ares [233])

467. **Auga por san Lorenzo chega no seu tempo.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [234])

468. **Auga por san Lourenzo chega a tempo.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [235])

469. **Auga por san Lourenzo chega co seu tempo.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

470. **Auga por san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [236])

471. **Auga que non has de beber deixa correr.** (José Manuel Area Alonso)

472. **Augas mil e non falten as do mes de abril.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

473. **Augas verdadeiras, por san Mateo as primeiras.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal)

---

[225] O orixinal di *Auga de mediodia, auga todo dia.*

[226] O orixinal di *Auga de moitos rejeiros e mala darrecadar.*

[227] O orixinal di *Auga de San Juan tolle o viño e non da pan.*

[228] O orixinal di *Auga de (San Juan)Sanjuan tolle o viño e non da pan.*

[229] O orixinal di *Auga de Sanjuan tolle o viño e non da pan.*

[230] O orixinal di *Auga de San Lorenzo chega o seu tempo.*

[231] O orixinal di *Auga de San Lorenzo chega o seu tempo.*

[232] O orixinal di *Auga po lo Mayo pan todo o ano.*

[233] O orixinal di *Auga por S. Lorenzo chega co seu tempo.*

[234] O orixinal di *Auga por S. Lorenzo, chega no seu tempo.*

[235] O orixinal di *Auga por S. Lorenzo chega atempo.*

[236] O orixinal di *Auga por San Xohán, tolle o viño e non da pan.*

474. **Auga, ferro e basura crían boa verdura.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
475. **Augha parada non move moíño.** (José Porto Buceta: Portas, PO [237])
476. **Augua de abril trai o pan ó carril.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [238])
477. **Ave de pico non pon a seu amo rico.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
478. **Ave de pico non pon o amo rico.** (M. González Fernández)
479. **Ave que se muda en cada sitio deixa unha pluma.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
480. **Axúdame algo e dareiche moito.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
481. **Axúdate que Dios che axudará.** (M. González Fernández)
482. **Axúdate que Dios t'axudará.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)
483. **Axúdate que Dios te axudará.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
484. **Bacuriño de celeiro non quere compañeiro.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / José María García Vázquez: Dodro, C / Juan Carlos Couselo Gago [239] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
485. **Barca chegada, faena acabada.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
486. **Barriguiña chea, cregho prá aldea.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [240])
487. **Barro en agosto e polvo en abril botan o labrador a pedir.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
488. **Batinme e murrín tres veces.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [241])
489. **Ben aúna quen mal come.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [242])
490. **Ben mandado, mal mandado, fagas'o que man[da] o señor amo.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [243])
491. **Ben se alegra o lobo do que come o zorro.** (M. González Fernández)
492. **Bendita sea a tallada que trai outra remangada.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
493. **Benito nunca vai ó monte sin corda.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [244])
494. **Bens cantos vexas, casa canto quepas.** (M. González Fernández)
495. **Besta brava, corda larga.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
496. **Besta de Narla e zapato d'amalló, fo.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
497. **Besta grande, ande non ande.** (Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
498. **Besta grande, ande ou non ande.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
499. **Besta moína, falsa ou fina.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
500. **Besta mular, ou comer ou andar.** (José María García Vázquez: Dodro, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
501. **Besta parada non fai jornada.** (Francisco Luna Bande)
502. **Besta qu'é parada non fai jornada.** (José María García Vázquez: Dodro, C)
503. **Besta vella, ós toxos.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [245])
504. **Bico de monxa, fanega de trigo.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
505. **Bo é que foi Xan; peor se fora seu hirmán.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [246])

[237] O orixinal di *Auja parada non move moiño.*
[238] O orixinal di *Augua da Abril trai o pan o carril.*
[239] O orixinal di *Bacuriño de celeiro non querer compañeiro.*
[240] O orixinal di *Barrigiña chea crejo pra aldea.*
[241] O orixinal di *Batimme e murrin tres veces.*
[242] O orixinal di *Ben ahuna, quen mal come.*
[243] O orixinal di *Ben mandado, mal mandado, fagas o que man o señor amo.*
[244] O orixinal di *Benito nunqua vai o monte sin corda.*
[245] O orixinal di *Besta vella os toxos.*

506. **Boa roupa e boa vida fan a vella garrida.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [247] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

507. **Boa vida non quere prisa.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

508. **Boas eran comerotas se non foran pagarotas.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

509. **Bocado comido non fai amigo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Emilio Segade Vidones)

510. **Bocado que vai á sartén, sempre sabe ben.** (J.M. Barral Sánchez [248])

511. **Boda de foguetes, boda de cachetes.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

512. **Boi morto vaca é.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [249])

513. **Boi que non garda o rego, engordalo e vendelo.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

514. **Bon ou mal pleito ten o escribán de xeito.** (M. González Fernández)

515. **Bon ou mal preito, ten o escribán de xeito.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Manuel Barrós Fachal)

516. **Borraxeira polo mar, nordestiño vai buscar.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [250])

517. **Bota á feira que un peso has de ganar dalgunha maneira.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [251])

518. **Bota ó Corpiño, que inda que o demo non teñas, faiche santiño.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [252])

519. **Brétema na xiada, agua pola tarde.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

520. **Brétema no monte, millor que pola mañán é pola noite.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [253])

521. **Brétima en Meda, chuvia na aldea.** (Freire López: Padrón, C)

522. **Burraxeira ó mar, vento á terra vén buscar.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C [254])

523. **Ca conta dos meus compadres, robandas ós afillados.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [255])

524. **Ca fame que se pasa mantíñanse outros tantos.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

525. **Cabalo grande, ande non ande.** (José Lage Radío)

526. **Cabalo grande, ande ou non ande.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

527. **Cabra coxa non quere sesta; se a toma, mal lle presta.** (M. González Fernández)

528. **Cabra coxa non quere xesta e se a toma non lle presta.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

529. **Cachos mítanlle ás olas.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [256])

530. **Cada cousa no seu tempo e os nabos polo Advento.** (M. González Fernández)

531. **Cada cual co do seo igual.** (Francisco Canosa Quintáns)

---

[246] O orixinal di *Boe que foi Xan peor se fora seu hirman.*

[247] O orixinal di *Boa roupa e boa vida fan a bella garrida.*

[248] O orixinal di *Bocado que vai a sartén sempre sabe ben.*

[249] O orixinal di *Boy morto, vaca e.*

[250] O orixinal di *Borraxeira po lo mar nordestiño vay buscar.*

[251] O orixinal di *Vota a feira que un peso has de ganar dalgun á maneira.*

[252] O orixinal di *Vota ó Corpiño que inda que ó demo non teñas, faiche santiño.*

[253] O orixinal di *Bretema no monte, millor que pola mañan, e pola noite.*

[254] O orixinal di *Burraxeira o mar vento á terra ven buscar.*

[255] O orixinal di *Ca conta dos meus compadres, robandas os afillados.*

[256] O orixinal di *Cachos mítanlle as olas.*

532. **Cada medalla ten súas dúas caras.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

533. **Cada moucho no seu souto.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

534. **Cada ovella á súa cortella.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [257])

535. **Cada pobre enterra a seu pai como pode.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

536. **Cada porquiño fai o seu samartiño.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

537. **Cada porquiño ten o seu samartiño.** (José Ignacio Seijo Santiago)

538. **Cada porquiño ten o seu san Martiño.** (José Luís Lobato Carbia)

539. **Cada probe enterra a seu pai como pode.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / Francisco Canosa Quintáns / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

540. **Cada roca ten seu fuso, cada terra ten seu uso.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

541. **Cada san Martiño co seu porquiño.** (Emilio Segade Vidones [258])

542. **Cada terra seu uso e cada roca seu fuso.** (M. González Fernández / José Lorenzo Viña)

543. **Cada terra seu uso, cada roca seu fuso.** (Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

544. **Cada terra seu usu, cada roca seu fusu.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

545. **Cada terra ten seu uso, cada roca seu fuso.** (Manuel Camino Sánchez)

546. **Cada tolo co seu tema.** (José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

547. **Cada un conta da guerra según lle vai nela.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [259])

548. **Cada un enterra a seu pai como pode.** (Manuel Tojo Reboredo)

549. **Cada un estornuda como Dios lle axuda.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [260])

550. **Cada un fala na feira según lle vai nela.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [261])

551. **Cada un na súa casa e Dios na de todos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

552. **Cada un pa si val catro.** (Manuel Tojo Reboredo)

553. **Cada un pra si vale por dous.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / José María García Vázquez: Dodro, C)

554. **Cada un pra si, vale un sento.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

555. **Cada un raña onde lle proi.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

556. **Cada un trata do que mata.** (José Lorenzo Viña [262])

557. **Cada un vai por donde camiña.** (M. González Fernández)

558. **Cada [un] tira pó seu saco.** (Manuel Tojo Reboredo [263])

559. **Cal nas uñas cal nos pés, has de imitar a quen es.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [264] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [265] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

560. **Caldo e sacramentos, pra quen os queira.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [266])

---

[257] O orixinal di *Cada ovella, a sua cortella.*

[258] O orixinal di *Cada San Martiño, cu seu porquino.*

[259] O orixinal di *Cada un conta da guerra según lle vay nela.*

[260] O orixinal di *Cada un estornuda como Dios lle asuda.*

[261] O orixinal di *Cada un fala na feira segun lle vai ne-la.*

[262] O orixinal di *Cado un trata do que mata.*

[263] O orixinal di *Cada tira po seu saco.*

[264] O orixinal di *Cal nas uñas cal nos pes has de imitar a quen es.*

[265] O refrán aparece dúas veces coas formas *Cal nas uñas, cal nos pes, has de imitar a quen és* e *Cal nas uñas cal nos pes has de imitar a quen es.*

[266] O orixinal di *Caldo e sacramentos, pra quen'os queira.*

561. **Caldo sin grasa, pan sin tasa.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / M. González Fernández)

562. **Caldo sin pan, no inferno llo dan.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [267])

563. **Calor de brasa logo pasa.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / M. González Fernández)

564. **Cambiarás de muiñeiro pero de ladrón non.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

565. **Can de rabia: san Quintín, san Toutelo t'aparte de min.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

566. **Can ladrador non é mordedor.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [268])

567. **Can moi ladrador, nin por eso millor.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

568. **Can muy ladrador non é o máis mordedor.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [269])

569. **Can que moito ladra pouco morde.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

570. **Can que moito lambe tira sangre.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

571. **Can que vai a donde no chaman leva paus.** (Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C)

572. **Can rabelo, aparta del como do demo.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

573. **Cand'o galo fai quiquiriquí, empeza o raposo par'ahí, par'ahí.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [270])

574. **Cando a Candelaria chora, mitá do inverno fóra; que chore que deixe de chorar, a mitá do inverno non está por pasar.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C [271])

575. **Cando a Candelaria chora, vai o inverno fóra; cando ri está por vir.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [272])

576. **Cando a carballeira canta, sabe ben a manta.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

577. **Cando a carballeira soa, sabe ben a broa.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

578. **Cando a carballeira zoa, sabe ben a broa.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / Manuel Camino Sánchez / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

579. **Cando a ca[r]balleira zoa, sabe ben a broa.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [273])

580. **Cando a Curotiña ten o sombreiro, señal de chuvia.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C [274])

581. **Cando a Forcadas ten touca, hay agua muita ou pouca.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [275])

582. **Cando a galiña canta, señal de que hay ovo.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [276])

583. **Cando a ghavota visita o labrador, fame ten o pescador.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [277])

---

[267] O orixinal di *Caldo sin pan no inferno y o dan.*

[268] O orixinal di *Can labrador non e mordedor.*

[269] O orixinal di *Can muy ladrador non he u mais mordedor.*

[270] O orixinal di *Cando galo fai quiquiriqi empeza o raposo para hi para hi.*

[271] O orixinal di *Cando a Candelaria chora, mitá do inverno fora; que chore que deixe de chorar, a mitá do inverno non está por pasar.*

[272] O orixinal di *Cando a Candelaria chora bai u inverno fora cando ri esta por vir.*

[273] O orixinal di *Cando a caballeria zoa, sabe ven a broa.*

[274] O orixinal di *Cando a curotiña ten o sombreiro señal de chuvia eh.-.*

[275] O orixinal di *Cando a Forcadas ten touca, hay agua muita ou pouca.*

[276] O orixinal di *Cando a galiña canta, señal de que hay ovo.*

[277] O orixinal di *Cando a jabota visita o labrador fame ten o pescador.*

584. **Cando a ovella berra, vai o lobo tras ela.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [278])

585. **Cando a perdís canta e a nube cubre, non hay mellor señal pa cando chove.** (Juan Carlos Couselo Gago)

586. **Cando a perdís canta e a nube encobre, n'hay mellor señal pra chover.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [279])

587. **Cando a perdís canta e a nube encobre, non hay mellor señal pra cando chove.** (José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

588. **Cando a perdiz canta, señal de augha.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [280])

589. **Cando a perdiz canta, señal é de auga.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [281])

590. **Cando a ruina vén, hast'o pote se fura.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [282])

591. **Cando a rula vén rular, colle o fol e vai sementar.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [283])

592. **Cando a rula vén rulear, colle o fol e vai sementar.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO [284])

593. **Cando a serra de Liripio pon o capelo, xentiña, poñede o mantelo.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

594. **Cando as barbas do veciño verás afeitar, pon as túas a remollar.** (Francisco Canosa Quintáns)

595. **Cando as campanas de Liripio empezan a tocar, vaise a tronada pó mar.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [285])

596. **Cando as follas caen, está a cheghar o inverno.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [286])

597. **Cando as follas xoban, señal de que hay vento.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

598. **Cando Barbanza ten touca, ou moita chuvia ou pouca.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)

599. **Cando canta o galo, señal qu'é día.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

600. **Cando canta o ghalo é día.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [287])

601. **Cando chega o san Martiño, xa se proba o bo viño.** (J.M. Barral Sánchez)

602. **Cando chove e fai sol, está o demo detrás do fol.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

603. **Cando chove e fai vento, van as meigas pró convento.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [288])

604. **Cando chove e hay luna, o demo vai pá Coruña.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [289])

605. **Cando chove e hay luse, anda o demonio por Rus.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

---

[278] O orixinal di *Cando a ovella berra bai u lobo tras ela.*

[279] O orixinal di *Cando a perdis canta e a nube encobre na hay mellor señal pra chover.*

[280] O orixinal di *Cando a perdid canta, señal de auja.*

[281] O orixinal di *Cando a perdiz canta, señal e de auga.*

[282] O orixinal di *Cando a ruina ven hasto o pote se fura.*

[283] O orixinal di *Cando a rula ven rular colle o fol e vai sementar.*

[284] O orixinal di *Cando a rula ven rulear colle o fol e vai sementar.*

[285] O orixinal di *Cando as campanas de Liripio empezan a tocar vaise a tronada po mar.*

[286] O orixinal di *Cando as follas caen, está a chejar o inverno.*

[287] O orixinal di *Cando canta o jalo e día.*

[288] O orixinal di *Cando chove e fai vento van as meigas pro convento.*

[289] O orixinal di *Cando chove e hay luna, o demo vay pa Coruna.*

606. **Cando chove e mais vai sol, anda o demo por Ferrol.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C [290])

607. **Cando chove e mas vai sol, vén un demo por Ferrol.** (Manuel Camino Sánchez [291])

608. **Cando chove e quenta o sol, anda o demo por Ferrol.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [292] / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Manuel Barrós Fachal [293])

609. **Cando chove e quenta o sol, vai pra Ferrol.** (Francisco Canosa Quintáns)

610. **Cando chove e vai sol, anda o demo no Ferrol.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [294])

611. **Cando chove e vai sol, van as meigas pra Ferrol.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [295])

612. **Cando chove e vai vento, van as meigas pró convento.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [296])

613. **Cando chove en frebeiro, todo o ano é tempereiro.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

614. **Cando chove por febreiro, tod'o ano é temporeiro.** (Francisco Canosa Quintáns)

615. **Cando chove por febreiro, todo o ano é temporeiro.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO [297])

616. **Cando chove por oriente, prende os bois e vente.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

617. **Cando chove todo o mes de san Xuan, malo.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

618. **Cando chove, chove pra todos.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

619. **Cando dan a ovella, colle a corda e vai por ela.** (M. González Fernández)

620. **Cando Dios non quere, os santos non axudan.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951)/ Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

621. **Cando Dios non quere, os santos non poden.** (José Lage Radío)

622. **Cando Dios non quer, os santos non axudan.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

623. **Cando Dios quer dar a anada, nin a tolle o vento nin a xiada.** (José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)

624. **Cando Dios quer dar anada, n'a leva vento nin xiada.** (Juan Carlos Couselo Gago [298])

625. **Cando Dios quere dar a anada, na leva o vento nin a xiada.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

626. **Cando Dios quere dar a anada, non-a tolle o vento nin a xiada.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C [299])

627. **Cando Dios quere, con todos os aires chove.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

---

[290] O orixinal di *Cando chove e mais vai sol anda u demo por Ferrol.*

[291] O orixinal di *Cando chove e mas vai sol ven un demo por Ferrol.*

[292] O orixinal di *Cando chov'e quenta o sol, anda o demo por Ferrol.*

[293] O orixinal di *Cando chov'e e quenta o sol, anda o demo por Ferrol.*

[294] O orixinal di *Cando chove e vay sol anda u demo no Ferrol.*

[295] O orixinal di *Cando chove e vay sol van as meigas pra Ferrol.*

[296] O orixinal di *Cando chove e vay vento van as meigas pro convento.*

[297] O orixinal di *Cando chove por Febreiro todo o ano e temporeiro.*

[298] O orixinal di *Cando Dios quer dar anada na leva vento nin giada.*

[299] O orixinal di *Cando Dios quere dar a anada no na toye o vento nin a xiada.*

628. **Cando é o vran, cantan as golondrinas.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [300])

629. **Cando en abril chove, en mayo a vella queima o tallo.** (J.M. Barral Sánchez)

630. **Cando en agosto chove, señal de que non hay maínzo.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C [301])

631. **Cando en febreiro nin quere nevar, dirán que aínda o inverno está todo por pasar.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

632. **Cando encarnado está o monte, mete os bois na corte.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

633. **Cando está o ceo caspento, ou agua ou vento.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

634. **Cando estaba Azaña, había pan blanco en España; veu Mola e púxose a cola; agora que chegou Franco, nin negro nin blanco.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [302])

635. **Cando falta o gato, exténdes'o rato.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

636. **Cando marzo retorce o rabo, non deixa ovella nin pastor sano.** (Juan Bello Valiña)

637. **Cando Monte Louro pon touca, chuvia moita ou pouca.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

638. **Cando neva na terra ¿que fará na serra?** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

639. **Cando no ceo hay cardadelas de lan, ou chove hoxe ou mañán.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO ,[303])

640. **Cando n'o dan os campos, n'o fan os santos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

641. **Cando no dominco chove antes da misa, leva a semana da perguisa.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

642. **Cando no Xiabre hay toupa, chuvia pouca ou moita.** Xiabre= monte de la provincia de Pontevedra. (Seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C)

643. **Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo celeiro.** (Manuel Barrós Fachal / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

644. **Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo centeo.** (Juan Bello Valiña)

645. **Cando non hay pan, aprovéitanse as faraghullas.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [304])

646. **Cando non hay pan, aprovéitase as farangullas.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

647. **Cando o aire está de arriba, no río hay troitas da libra.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

648. **Cando o aire está de riba, no río hay troitas da libra.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

649. **Cando o aire vén d'arriba, no río hay troitas de a libra.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [305] / Manuel Barrós Fachal / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [306])

650. **Cando o ano entra o domingo, vende os boiciños e compra milliño.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

651. **Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño.** (Juan Carlos Couselo Gago)

---

[300] O orixinal di *Cando e o vran cantan as golondrinas.*

[301] O orixinal di *Cando en agosto chove, señal de que non hay mainzo.*

[302] O orixinal di *Cando estaba Azaña habia pan blanco en España, veu Mola e puxuse a cola, ahora que chegou Franco, nin negro nin blanco.*

[303] O orixinal di *Cando no ceo hay cardadelas de lan ou chobe oxe ou mañan.*

[304] O orixinal di *Cando non hay pan aprobeitanse as farajullas.*

[305] O orixinal di *Cando' aire ven d'arriba no rio hay troitas de a libra.*

[306] O orixinal di *Cando' aire ven d'arriba, no rio hay troitas de a libra.*

652. **Cando o ano entrase en domingo, vende os boiciños e merca o milliño.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

653. **Cando o ano en[t]rare en domingo, vende os boiciños e merca milliño.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [307])

654. **Cando o arco iris está en raiante, afálalle ós bois para diante; cando está en poniente, cólleos e vente.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [308])

655. **Cando o arco iris está no poniente, colle os bois e vente; cando está no rayante, ei boi p'adiante.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [309])

656. **Cando o arroyo corre é porque chove.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [310])

657. **Cando o Cabado está anublado, venta tempo malo.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

658. **Cando o ceu é pedrento, ou chuvia ou vento.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [311])

659. **Cando o corvo berra, vai chover.** (Manuel Canedo Nimo: Trasmonte, Ames, C [312])

660. **Cando o diñeiro fala, todos calan.** (José María García Vázquez: Dodro, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

661. **Cando o gaiteiro era neno, Lugo tiña vinteseis rúas, e agora que o gaiteiro é vello, ten máis de mil rúas.** (Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C [313])

662. **Cando o galo canta é porque ben ve día.** (Manuel Camino Sánchez [314])

663. **Cando o galo canta, amanece o día.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [315])

664. **Cando o galo canta, señal de alegría.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

665. **Cando o galo canta, señal de día.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

666. **Cando o galo canta, señal de que amanece.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

667. **Cando o galo canta, señal que é día.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [316])

668. **Cando o gato lava a cara, sinal de inverno.** (Jesús Santiso Barreiro)

669. **Cando o lobo anda solto, todo bicho se mete no tobo.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

670. **Cando o mar está encarnado, pon os bois ó arado.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [317])

671. **Cando o novo non traballa, o vello dorme nas pallas.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [318])

672. **Cando o Pico cubre o capelo, homiños da Ulla collede o mantelo.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C [319])

---

[307] O orixinal di *Cando o ano enrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño.*

[308] O orixinal di *Cando o arco iris esta en rallante afalalle os bois para diante cando esta en poniente colleos e vente.*

[309] O orixinal di *Cando o arco iris esta no poniente colle os bois e bente; cando esta no rayante ei boy padiante.*

[310] O orixinal di *Cando o arroyo corre e porque chove.*

[311] O orixinal di *Cando o ceu e pedrento ou chubia ou bento.*

[312] O orixinal di *Cando u corbo berra vai chover.*

[313] O orixinal di *Cando o gaiteiro era neno Lugo tiña vinte seis ruas e agora que o gaiteiro e vello ten mais de mil ruas.*

[314] O orixinal di *Cando o galo canta e porque ven ve día.*

[315] O orixinal di *Cando o galho canta amanece o día.*

[316] O orixinal di *Cando o galo canta señal que e día.*

[317] O orixinal di *Cando o mar esta encarnado, pon os bois o arado.*

[318] O orixinal di *Cando a nobo non traballa o bello dorme nas pallas.*

[319] O orixinal di *Cando o pico cubre o capelo homiños da Ulla collede u mantelo.*

673. **Cando o Pico Sacro pon touca, auga temos, pouca ou moita.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

674. **Cando o Pico Sagro pon capelo, meniñas do gando levade o mantelo.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [320])

675. **Cando o probe quere mallar, chove.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C)

676. **Cando o rego soa [é] porque agua leva.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [321])

677. **Cando o rego zoa, auga leva.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

678. **Cando o río berra, agua leva.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

679. **Cando o río berra, auga leva.** (Francisco Canosa Quintáns)

680. **Cando o río corra arriba e os carballos den uvas, serán bos os homes das barbas rubias.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [322])

681. **Cando o río ronca, é porque aghua leva.** (Emilio Segade Vidones [323])

682. **Cando o río ronca, señal que agua leva.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

683. **Cando o río rouca, augua leva.** (Jesús Santiso Barreiro)

684. **Cando o río roxe é porque leva auga.** (Xestoso, C [324])

685. **Cando o río roxe, leva auga.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [325])

686. **Cando o río soa, algo leva.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

687. **Cando o río sona é porque agua leva.** (Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

688. **Cando o río sona, agua leva.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

689. **Cando o río sona, auga leva.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [326])

690. **Cando o río sona, porque agua leva.** (Freire López: Padrón, C)

691. **Cando o río zoa, aghua leva.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO [327])

692. **Cando o vello hincha, logo rincha.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

693. **Cando o vello vai morrer, aínda ten que aprender.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [328])

694. **Cando o vento canta, busca u[n]ha manta.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [329])

695. **Cando o vento sopla e as chuvias son fortes, o inverno é crudo.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [330])

696. **Cando o vento zoa, sabe ben a broa.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

697. **Cando oias treboar, apaga o lume do teu lar.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

698. **Cando os corvos berran, chuvia segura.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [331])

699. **Cando ouvea o can do palleiro, é qu'hay morto no rueiro.** (Manuel Gerpe

[320] O orixinal di -*Cando o Pico Sagro pon capelo, meniñas d'o gando levade o mantelo.*

[321] O orixinal di *Cando orego soa porque agua leva.*

[322] O orixinal di *Cando o rio corra arriba é os Carballo, Cs den uvas, serán bós os homes das barbas rubias.*

[323] O orixinal di *Cando o río ronca, he porque ajua leva.*

[324] O orixinal di *Cando o río roxe e porque leva auga.*

[325] O orixinal di *Cando o' rio roxe leva auga.*

[326] O orixinal di *Cando u río sona auga leva.*

[327] O orixinal di *Cando o rio zoa ajua leva.*

[328] O orixinal di *Cando o vello vay morrer aínda ten que aprender.*

[329] O orixinal di *Cando o vento canta busca uha a manta.*

[330] O orixinal di *Cando o vento sopla e as chuvias son fortes, o inverno e crudo.*

[331] O orixinal di *C'ando os corvos verran chuvia segura.*

Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C [332])

700. **Cando polas barbas do veciño vexas xiar, pon as túas a remollar.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [333])

701. **Cando poño os bois no carro, sempre digo "¡Dios diante!"; met'os pola cuadra adiante, "¡ei, boi, ei!, pra diante".** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [334])

702. **Cando sal ó sol en marzo a culebra, en abril sarabea ou neva.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [335])

703. **Cando se busca unha cousa, encóntrase outra.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

704. **Cando sopla o vento do vendabal, cai a agua no herbal.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

705. **Cando ten circo a lúa, chuvia segura.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

706. **Cando trona, fai sol, anda o demo por Ferrol.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

707. **Cando un anda máis no monte, máis espiñas colle.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [336])

708. **Cando un burro fala, o outro escoita.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

709. **Cando un burro ornea, o outro escoita.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [337])

710. **Cando un burro ornea, outro escoita.** (M. González Fernández)

711. **Cando un mal fala, todas las silveiras teñen oídos.** (Xestoso, C)

712. **Cando un vai pra vello, Dios lle dá remedio.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [338])

713. **Cando vayas a San Román, leva a pistola na man.** (Carballo, C [339])

714. **Cando vén a rula, sementar sin duda.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [340])

715. **Cando vén o san Lorenzo, trai o seu caldeiro penzo.** (Manuel Canedo Nimo: Trasmonte, Ames, C [341])

716. **Cando vexas as barbas do teu veciño afeitar, pon as túas a remollar.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [342])

717. **Cando vexas as barbas do veciño afeitar, pon as túas a remollar.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

718. **Cando Xesteiras ten capa e Sevil capela, corre Maruxa á casa polo mantelo.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [343])

719. **Cando zoa Ganderío, panos ó río.** (Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C [344])

---

[332] O orixinal di *Cando oubea o can d'o palleiro, é qu'hay morto no rueiro.*

[333] O orixinal di *Cando po las barbas do beciño vexas xiar pon ax tuas a remollar.*

[334] O orixinal di *Cando poño os vois no carro, sempre digo ¡Dios diante! metos po la cuadra adiante ¡ey! voy ¡ey! pra diante.*

[335] O orixinal di *Cando sal o sol en marzo a culebra, en abril sarabea ou neva.*

[336] O orixinal di *Cando un anda mais no monte mais espiñas colle.*

[337] O orixinal di *Cando un burro ornea u outro escoita.*

[338] O orixinal di *Cando un vay pra vello Dios lle da remedio.*

[339] O orixinal di *Cando vayas a S. Román leva a pistola na man.*

[340] O orixinal di *Cando ven a rula, somentar sin duda.*

[341] O orixinal di *Cando ven o San Lorenzo trai u seu caldeiro penzo.*

[342] O orixinal di *Cando vexas as barbas d'o teu veciño afeitar, pon as tuas a rremollar.*

[343] O orixinal di *Cando sasteiras ten capa e sevil capela corre Maruxa a casa polo mantelo.*

[344] O orixinal di *Cando zoa Ganderio panos o rio.*

720. **Cando zoa o regueiro, panos ó fumeiro.** (Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C [345])

721. **Cando zoa o río, porque auga leva.** (Manuel Camino Sánchez)

722. **Canta máis présa, máis vagar.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [346] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [347])

723. **Canta máis présa, máis vaghar.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [348])

724. **Canta máis prisa, máis calma.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [349])

725. **Canta máis prisa, máis vagar.** (Manuel Gómez Vilar [350])

726. **Canta máis prisa, máis [que] facer.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [351])

727. **Canta, canta, que has de ir á santa.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [352])

728. **Canto máis anda no monte, máis espillas colle.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [353])

729. **Canto máis ando no monte, máis espiños collo.** (José María García Vázquez: Dodro, C [354])

730. **Canto máis burro, máis grande é albarda.** (Xestoso, C [355])

731. **Canto máis burro, máis palla.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C [356])

732. **Canto máis burro, máis te avergonzas.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C [357])

733. **Canto máis caldo, máis sopas.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [358] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [359])

734. **Canto máis come, máis gana ten.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [360])

735. **Canto máis che dan, máis queres.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [361] / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [362])

736. **Canto máis doce é o mel, máis zugan as abellas nel.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C) [363] / M. González Fernández [364])

737. **Canto máis dulce é o mel, máis chupan as abellas nel.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [365] / Manuel Lago López [366])

738. **Canto máis gando, menos esterco.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [367])

739. **Canto máis grande é o can, máis caroliños lle dan.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [368])

740. **Canto máis grande é o can, máis mendrugos lle dan.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [369])

---

[345] O orixinal di *Cando zoa o Regueiro panos o fumeiro.*
[346] O orixinal di *Canta mais presa mais vagar.*
[347] O orixinal di *Canta mais presa mais vagar.*
[348] O orixinal di *Canta mais presa mais bajar.*
[349] O orixinal di *Canta mais prisa mais calma.*
[350] O orixinal di *Canta mais prisa mais vagar.*
[351] O orixinal di *Canto mais prisa mais facer.*
[352] O orixinal di *Canta canta que as de ir a Santa.*
[353] O orixinal di *Canto mais anda no monte mais espillas colle.*
[354] O orixinal di *Canto mais ando no monte mais espiños colle.*
[355] O orixinal di *Canto mais burro mais grande e albarda.*
[356] O orixinal di *Canto mais burro mais palla.*
[357] O orixinal di *Canto mais burro mais te avergonzas.*
[358] O orixinal di *Canto mais caldo, mais sopas.*
[359] O orixinal di *Canto mais caldo, mais sopas.*
[360] O orixinal di *Canto mais come mais gana ten.*
[361] O orixinal di *Canto mais che dan, mais queres.*
[362] O orixinal di *Canto maix che dan mais queres.*
[363] O orixinal di *Canto mais doce e o mel mais zugan as abellas nel.*
[364] O orixinal di *Canto mais doce eo mel mais zugan as abellas nel.*
[365] O orixinal di *Canto mais dulce e o mel mais chupan as abellas nel.*
[366] O orixinal di *Canto mais dulce he o mel mais chupan as avellas nel.*
[367] O orixinal di *Canto mais gando menos esterco.*
[368] O orixinal di *Canto maix grande e o can maix caroliños lle dan.*

741. **Canto máis grande é o can, máis paus lle dan.** (Carballo, C [370])

742. **Canto máis grande o can, máis tarambollo lle dan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [371])

743. **Canto máis lle dan ó tolo, máis o tolo quere.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [372] / José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / José Lorenzo Viña [373])

744. **Canto máis lle dan ó tolo, máis o tolo quer.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C [374])

745. **Canto máis lle dan, máis quer.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [375])

746. **Canto máis ó mar, máis aghua.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [376])

747. **Canto máis ó tolo lle dan, máis o tolo quere.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [377])

748. **Canto máis pobre, menos limosna.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [378])

749. **Canto máis présa, máis vagar.** (M. González Fernández [379])

750. **Canto máis prisa, máis vagar.** (Francisco Luna Bande [380])

751. **Canto máis probe, menos limosna.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [381] / Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [382])

752. **Canto máis rico, máis porco.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [383])

753. **Canto máis se ten, máis se quere.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [384])

754. **Canto máis se ten, máis se quer.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [385])

755. **Canto máis ten, máis quere.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [386])

756. **Canto máis vai peor é.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [387])

757. **Canto máis xea, máis apreta.** (M. González Fernández[388])

758. **Canto mái[s] dan, máis queremos.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [389])

759. **Canto más lle dan ó tolo, más o tolo quere.** (José Lorenzo Viña [390])

760. **Canto más présa, máis vagar.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [391])

761. **Canto má[i]s doce é o mel, máis zugan as abellas nel.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [392])

762. **Canto má[i]s rico, máis porco.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [393])

763. **Canto má[i]s un anda, máis ten que andar.** (Manuel Camino Sánchez [394])

---

[369] O orixinal di *Canto mais grande e o can mais mendrugos lle dan.*
[370] O orixinal di *Canto mais grande e o can mais paus lle dan.*
[371] O orixinal di *Canto mais grande o can, mais tarambollo lle dan.*
[372] O orixinal di *Canto mais ye dan o tolo mais o tolo quere.*
[373] O orixinal di *Canto mais lle dan o tolo mais o tolo quere.*
[374] O orixinal di *Cuanto mais lle dan o tolo mais o tolo quer.*
[375] O orixinal di *Canto mais lle dan mais quer.*
[376] O orixinal di *Canto mais o mar mais ajua.*
[377] O orixinal di *Canto mas o tolo lle dan mais o tolo quere.*
[378] O orixinal di *Canto mais pobre, menos limosna.*
[379] O orixinal di *Canto mais presa mais vagar.*
[380] O orixinal di *Canto mais prisa, mais vagar.*
[381] O orixinal di *Canto mais probe menos limosna.*
[382] O orixinal di *Canto mais probe menos limosna.*
[383] O orixinal di *Canto mais rico mais porco.*
[384] O orixinal di *Canto mais se ten mais se quere.*
[385] O orixinal di *Canto mais se ten mais se quer.*
[386] O orixinal di *Canto mais ten mais quere.*
[387] O orixinal di *Canto mais vai peor he.*
[388] O orixinal di *Canto mais xea mais apreta.*
[389] O orixinal di *Canto mai dan, mais queremos.*
[390] O orixinal di *Canto más lle dan o tolo más o tolo quere.*
[391] O orixinal di *Canto mas presa mais bagar.*
[392] O orixinal di *Canto mas doce e o mel, mais zugan as avellas n-el.*
[393] O orixinal di *Canto mas rico mais porco.*

764. **Canto menos bulto, máis claridad.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [395])

765. **Canto menos bulto, máis claridá.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C [396])

766. **Canto sabes, canto vales.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

767. **Canto un máis anda polo monte, moitas má[i]s espiñas colle.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [397])

768. **Cantos días pasen de xaneiro, tantos allos perde o alleiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

769. **Cantos días ten xaneiro, tantos allos perde o alleiro.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

770. **Cara de beato e uñas de gato.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

771. **Cara de beato e uñas de ghato.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [398])

772. **Carga larga, man na illarga; ó cabo do ano nin besta nin carga.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [399])

773. **Carghado de ferro, carghado de medo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [400])

774. **Carne en calceta, qu'a coma quen-a meta.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [401])

775. **Carpinteiro que non clava, nunca acaba.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

776. **Carro derradeiro, ben cargado ben baldeiro.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

777. **Carro derradeiro, ou ben cargado ou ben baldeiro.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

778. **Cartos a créditos pairen becerros.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

779. **Casa de ferreiro, coitelo de pau.** (Manuel Fernández Ferro)

780. **Casa de ferreiro, cuitelo de pau.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

781. **Casa de moitas mulleres, a cociña por barrer.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

782. **Casa de zapateiro, campana de pau.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

783. **Casa grande, limosna pequena.** (M. González Fernández)

784. **Casa sin nai e sin pai, abaixo vai.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

785. **Casa sin pai e sin nai, abaixo vai.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

786. **Casamento con fuguetes, acab'a cachetes.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

787. **Casamento e tripas, en quente.** (Francisco Canosa Quintáns)

788. **Casamentos con foguetes acaban con cachetes.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

789. **Casamentos con foguetes van a para[r] en cachetes.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [402])

790. **Casamentos con fuguetes acaban con cachetes.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

791. **Casamentos por amores acaban con amores.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

---

[394] O orixinal di *Canto mas un anda mais ten que andar.*

[395] O orixinal di *Canto menos bulto mais claridad.*

[396] O orixinal di *Canto menos bulto mais claridá.*

[397] O orixinal di *Canto un mais anda polo monte moitas mas espiñas colle.*

[398] O orixinal di *Cara de beato e uñas de jato.*

[399] O orixinal di *Carga larga man na illarga. O cabo do ano nin besta nin carga.*

[400] O orixinal di *Carjado de ferro, carjado de medo.*

[401] O orixinal di *Carne en calceta c'a coma que na meta.*

[402] O orixinal di *Casamentos con fogetes, van a para en cachetes.*

792. **Casamentos por amores acaban en dolores.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

793. **Casar calquera se casa, calquer burro é casado: manter fillos e muller, retórcelle á porca o rabo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [403])

794. **Castañas a roer e piollos a nacer.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

795. **Castañas, noces e viño fan a ledicia de san Martiño.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [404] / Francisco Canosa Quintáns)

796. **Castañas, noces e viño fan a ledicia do san Martiño.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C [405])

797. **Catr'anos de can novo, catr'anos de bon can, catr'anos de can vello, catr'anos de mal can.** (Seminarista anónimo: Carballo, C)

798. **Caves ben, caves mal, cava ben no carreiral.** (José María García Vázquez: Dodro, C [406])

799. **Centeo outo ou baixo, en marzo espigado, que tarde ou temprano ha de quedar en mayo o grao.** (Juan Bello Valiña)

800. **Centeo outo ou baixo, en marzo todo despigado, que tarde ou temprao ha de quedar en maio o grao.** (Francisco Canosa Quintáns)

801. **Ceo empedrado, chau mollado.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

802. **Ceo empedrado, o chan mollado.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [407])

803. **Ceo en penlas de lan, si non chove hoxe, chove mañán.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

804. **Ceo escumado, vendabal ó rabo.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [408])

805. **Ceo pedrento, chuvia ou vento.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

806. **Ceu caspento, choiva ou vento.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [409])

807. **Ceu empedrado, chao mollado.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

808. **Ceu noblado, vendabal ó rabo.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [410])

809. **Cielo enmarañento, ou chuvia ou vento.** (Seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C)

810. **Cielo escamado, vendaval ó rabo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [411])

811. **Circo na luna, auga ningunha; circo no sol, molla pastor.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [412])

812. **Co arco iris no radiante, colle os bois e fálalle pa diante.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

813. **Co tempo aprenderás a saber o que é o tempo, o malo é que ás veces vén moi tarde o remedio.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [413])

814. **Co vento límpiase o trigho e con castighos o medo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [414])

---

[403] O orixinal di *Casar calquera se casa, calquer burro e casado, manter fillos e muller, retorcelle a porca o rabo.*

[404] O orixinal di *Castañas, noces, e viño fan a le dicia de San Martiño.*

[405] O orixinal di *Castañas noces e viño fan a ledicia do S Martiño.*

[406] O orixinal di *Cabes ben, cabes mal, caba ben no carreiral.*

[407] O orixinal di *Ceo empedrado o'chan mollado.*

[408] O orixinal di *Ceo escumado vendabal o rabo.*

[409] O orixinal di *Ceu cas pento choyba ou vento.*

[410] O orixinal di *Ceu noblado vendabal o rabo.*

[411] O orixinal di *Cielo escamado vendabal o rabo.*

[412] O orixinal di *Circo n'a Luna, auga ningunha; circo n'o Sol, molla pastor.*

[413] O orixinal di *Co tempo aprenderas a saber o que e o tempo o malo e que as beces ven moi tarde o remedio.*

[414] O orixinal di *Co vento limpíase o trijo e con castijos o medo.*

815. **Coas ghlorias olvídanme as memorias.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [415])

816. **Colle boa fama e bótate a dormir.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

817. **Colle boa fama e déitate a dormir.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO / Jesús Santiso Barreiro)

818. **Colle boa fama e ponte a dormir.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C [416])

819. **Colle boa fama e ponte a sonreír.** (Francisco Canosa Quintáns)

820. **Colle fama e bótate a dormir.** (Manuel Camino Sánchez)

821. **Colle mala fama e ponte a discurrir.** (Francisco Canosa Quintáns)

822. **Coma ben, coma mal, acaba comendo pan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

823. **Comamos, bebamos, poñámonos gordos, e a canto nos digan fagámonos xordos.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

824. **Comerciante e porco despois de morto.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

825. **Comícheme a carne, róeme os hósos.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

826. **Comícheme a carne, roemos os hósos.** (Manuel Camino Sánchez)

827. **Comíchesme a carne, roeu os hósos.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

828. **Como é o corvo así é o seu ovo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [417])

829. **Como un vive así morre.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

830. **Con aguas pasadas non mon os moíños.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

831. **Con bo ferro e un ferreiro xa se fai un bo pandeiro.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

832. **Con cacho de pan e un[h]a taza de viño xa se anda o camiño.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [418])

833. **Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai ruín viño.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

834. **Con pan e con viño ándase o camiño.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

835. **Con pan e viño ándase camiño.** (Manuel Gómez Vilar / M. González Fernández / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [419])

836. **Con pan e viño ándase o camiño.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Francisco Canosa Quintáns / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C / Emilio Segade Vidones)

837. **Con pan e viño xa se anda o camiño.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

838. **Con pan e viño xa se pasa o camiño.** (José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)

839. **Con pernas insoitas non se pillan as troitas.** (M. González Fernández)

840. **Con perros vellos non hay cus cus.** (Jesús Santiso Barreiro)

841. **Con picadura de alacrán chama o cura e [o] sancristán.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [420])

842. **Con un caldeiro vello non se compra outro novo.** (J.M. Barral Sánchez)

843. **Con un ferro e un bo ferreiro se fai un bo pandeiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [421])

---

[415] O orixinal di *Co as jlorias olvidanme as memorias.*

[416] O orixinal di *Colle boa fama é ponte a dormir.*

[417] O orixinal di *Como e o corvo asi e o seu ovo.*

[418] O orixinal di *Con cacho de pan e una taza de viño xa se anda o camiño.*

[419] O orixinal di *Cun pan e viño andase camiño.*

[420] O orixinal di *Con picadura de alacran chama o cura e Xancristan.*

[421] O orixinal di *Con un ferro e un bo ferreiro xe fai un vo pandeiro.*

844. **Con unha burra e un rabo xa van dacabalo.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [422])

845. **Conséllate con quen sepa e se ques acertar acertas.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

846. **Corazón forte a seu dono leva á morte.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [423] / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [424] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [425])

847. **Corazón forte o seu dono leva á morte.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [426] / José Manuel Area Alonso [427])

848. **Cornada de burro non mata a xente.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

849. **Corre o ouro pó tesouro.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C [428])

850. **Corredoiras apretadiñas, señal de moitas pedriñas.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

851. **Corren as nieblas pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [429])

852. **Corvos á dreita, sorte ben feita.** (Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C [430])

853. **Cos de Escairón, nin trato nin conversación.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

854. **Cos pés enxoitos non se collen as troitas.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [431])

855. **Cos pés secos non se pillan as troitas.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [432])

856. **Costa abaixo non me montes, costa arriba non me aprontes, e polo chan dáme da man.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [433])

857. **Cousa allea chama polo seu dono.** (Francisco Canosa Quintáns [434])

858. **Co[n]séllate con quen sepa e se queres acertar, acertas.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [435])

859. **Crarones á Monteira, sellas á goteira.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [436])

860. **Cregos i-ameixeiros, Dios los quite dos meus leiros.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [437])

861. **Cría corvos e che sacarán os ollos.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

862. **Cría corvos e sacaranche os ollos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

863. **Criado dun día, caseiro dun ano.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

---

[422] O orixinal di *Con unha burra e un raba xa ban da cabalo.*

[423] O orixinal di *Corazón forte a seu dono leva a morte.*

[424] O orixinal di *Corazón forte a seu dono leva a morte.*

[425] O orixinal di *Corazón forte a seu dono leva a morte.*

[426] O orixinal di *Corazón forte a seu dono leva a morte.*

[427] O orixinal di *Corazón forte o seu dono leva a morte.*

[428] O orixinal di *Corre u ouro po tesouro.*

[429] O orixinal di *Corren as nieblas pro Cebreiro colle a capa yo sombreiro.*

[430] O orixinal di *Corbos a dreita, sorte ben feita.*

[431] O orixinal di *Cus pes enxoitos non se collen as troitas.*

[432] O orixinal di *Cus pes secos non se pillan as troitas.*

[433] O orixinal di *Costa abaixo non me montes, costa arriba non me aprontes, e po lo chan, dame da man.*

[434] O orixinal di *Cousa allea chama po lo seu dono.*

[435] O orixinal di *Cosellate con quen sepa e se qués acertar acertas.*

[436] O orixinal di *Crarones a Monteira, sellas a goteira.*

[437] O orixinal di *Cregos ya ameixeiros, Dios los quite dos meus leiros.*

864. **Crieleison, cartos ó queixón.** (Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO [438])

865. **Cuco cantando, primaveira na man.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

866. **Cucú cantando, primavera na man.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

867. **Cucharín, cucharetas, donde non te chamen, non te metas.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

868. **Cuña, cuña, qu'anque no[n] serra, axuda.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [439])

869. **Custureira sin dedal, moito costa e pouco val.** (Emilio Segade Vidones)

870. **Chafar, chafoume, mais como pagar, o viño pagoume.** (M. González Fernández)

871. **Chámolle tía pra que me día; si non me dá, tía marrá.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

872. **Chea na plaza, fame na casa.** (José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

873. **Chega abril; si o cuco non vén, ou morriu o no sei qué ten.** (José Lorenzo Viña [440])

874. **Cheguei á viña por uvas ...** (Manuel Camino Sánchez [441])

875. **Choiva e vento pa que o paragüero ande contento.** (José Lage Radío [442])

876. **Choqueiro e choqueira sempre fan feira.** (M. González Fernández)

877. **Chova pa min abril e mayo, e pa ti todo o ano.** (J.M. Barral Sánchez)

878. **Chova pa min en abril e mayo, e pa ti o resto do ano.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

879. **Chova para min en abril e mayo, e para ti tod'o ano.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [443])

880. **Chova pra min en abril e mayo, e pra ti no resto do ano.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

881. **Chova pra min todo o abril e mayo, pra ti todo o ano.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

882. **Chova que neve, quen ten sede bebe.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

883. **Chóvame a min en abril e mayo e chóvache a ti no resto do ano.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

884. **Chuvia de abril enche o carro e o carril.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

885. **Chuvia de san Juan colle viño e non dá pan.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [444])

886. **Chuvia de santa Inés, chove unha sola ves.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [445])

887. **Chuvia en san Xuan tolle viño e non dá pan.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [446])

888. **Chuvia na semana da Ascensión, nin boa faba nin bo molón** [sic]. (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

889. **Chuvia ó levante, pon os bois e vaite.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [447])

---

[438] O orixinal di *Crieleison cartos o queixon.*

[439] O orixinal di *Cuña!, cuña!, qu'anque no zerra axuda.*

[440] O orixinal di *Chega abril si o cuco non ven ou morriu o no sen que ten.*

[441] O orixinal di *Cheguei a viña por uvas....*

[442] O orixinal di *Choiva e vento pa que o paraguero ande contento.*

[443] O orixinal di *Chova para min en Abril e Mayo, e para tí todo ano.*

[444] O orixinal di *Chuvia de S. Juan colle viño e non da pan.*

[445] O orixinal di *Chuvia de Sta. Ines chove unha sola vex.*

[446] O orixinal di *Chuvia en San Xuán tolle viño e non da pan.*

[447] O orixinal di *Chuvia o levante pon os bois e vaite.*

890. **Chuvia por san Xuan tolle viño e non dá pan.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [448])

891. **Da abundancia do corazón fala a lengua.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

892. **Da agua mansa líbreme Dios, que da agua brava xa me libro eu.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

893. **Da casa sale quen o monte qu[e]ima.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [449])

894. **Dá Dios as noces a quen non ten dentes.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [450])

895. **Da frol de xaneiro ninguén encheu o celeiro.** (Francisco Canosa Quintáns)

896. **Dá máis o que quere que o que pode.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [451])

897. **Da man á boca pérdese a sopa.** (José Porto Buceta: Portas, PO [452])

898. **Da noite pá mañán perde o carneiriño a lan.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [453])

899. **Da noite prá mañán aparece o home sin pan.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [454])

900. **Dá o seu a seu dono.** (Francisco Canosa Quintáns [455])

901. **Da rapa á rebola veña o demo e escolla.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [456] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [457])

902. **Da rapa [á] rebola veña o demo e escolla.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [458])

903. **Dáme pan e chámame can.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [459] / Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [460] / Carballo, C [461] / Emilio Segade Vidones [462])

904. **Dáme pan e chame can.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [463])

905. **Das cereixas ós nabos non-nos queixamos; dos nabos ás cereixas veñen as queixas.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [464])

906. **Das cireixas ós nabos ben o pasarás, pero dos nabos ás cereixas damos as queixas. (Dicen os gorriós)**(Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [465])

907. **Das cireixas ós nabos, ¡que ben o pasamos!; dos nabos ás cireixas dámo-las queixas.** (Falan os paxaros... i-os estudiantes) (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [466])

---

[448] O orixinal di *Chuvia por San Xuan, tolle viño e non da pan.*

[449] O orixinal di *D'a casa sale, quén o monte quima.*

[450] O orixinal di *Da Dios as noces a quen non ten dentes.*

[451] O orixinal di *Da mais o que quere que o que pode.*

[452] O orixinal di *Da man a boca perdese a sopa.*

[453] O orixinal di *Da noite pa mañan perde o carneiriño a lan.*

[454] O orixinal di *Da noite pra mañan aparece u home sin pan.* Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[455] O orixinal di *Da o seu a seu dono.*

[456] O orixinal di *Da rapa á rebola veña o demo e escolla.*

[457] O orixinal di *Da rapa a rebola veña o demo e escolla.*

[458] O orixinal di *Da rapa rebola veña o demo é escoll.*

[459] O orixinal di *Dame pan, e chamame can.*

[460] O orixinal di *Dame pan e chamame can.*

[461] O orixinal di *Dame pan e chamame can.*

[462] O orixinal di *Dame pan, e chamame can.*

[463] O orixinal di *Dame pan e chame can.*

[464] O orixinal di *Das cereixas os nabos no nos queixamos dos nabos as cereixas beñen as queixas.*

[465] O orixinal di *Das cireixas os nabos ven o pasarás, pero dos nabos as cereixas, damos as queixas. (dicen os gorrios).*

[466] O orixinal di *Das cireixas os nabos, que'ben o pasamos!; dos nabos as cireixas damol'as queixas. (falan os paxaros... y'os estudiantes).*

908. **Das cireixas ós nabos, ¡que ben o pasamos!; dos nabos ás cireixas dámo-las queixas.** (Falan os paxaros) (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [467])

909. **Das cousas serias o matrimonio é a máis parrandeira.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [468])

910. **De agosto a septiembre, o se gana a anada ou se perde.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

911. **De balde andan os cans e levan pedradas.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

912. **De balde andan os cas e levan pedradas.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

913. **De besta, a mular, e de home, o de pouco falar.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [469] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / M. González Fernández)

914. **De besta, a mular, e de home, o pouco falar.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

915. **De boa casa boa brasa.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

916. **De boas ceas, sepulturas cheas.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

917. **De Brens, nin muller nin bens, nin carro nin arado, nin cousa que dea ó rabo.** (Francisco Canosa Quintáns [470])

918. **De burro morto, cebada ó rabo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [471] / Francisco Canosa Quintáns [472])

919. **De cen homes casados, trinta están aburridos, vinte hastiados e os demais arrepentidos.** (M. González Fernández)

920. **De diñeiros e bondad, quita sempre a mitad.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

921. **De estudiante dirás qué creguiño farás.** (Pedro Pontes García [473])

922. **De fillos criados, traballos doblados.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

923. **De hora en hora Dios a mellora.** (Francisco Canosa Quintáns)

924. **De hora en hora Dios mellora.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

925. **De hoxe a mañán o carneiro cría lan.** (M. González Fernández)

926. **De mañán a mañán perde o carneiriño a lan.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Francisco Luna Bande / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

927. **De mañán a mañán perde o carneiro a lan.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / José Manuel Area Alonso)

928. **De mañán en mañán eínda o carneiro perde a lan.** (Francisco Canosa Quintáns)

929. **De marco a marco non fai arco.** (José Manuel Area Alonso)

930. **De marco a marco non hai arco.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

931. **De marco a marco non hay arco.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

[467] O orixinal di *Das cireixas os nabos, qué ben o pasamos; dos nabos as cireixas dámol'as queixas-falan os paxaros.*

[468] O orixinal di *Das cousas serias o matrimonio é a mais parrandeira.*

[469] O orixinal di *De besta a mular, e de homo o de pouco falar.*

[470] O orixinal di *De Brens nin muller nin bens, nin carro nin arado, nin cousa que dea o rabo.*

[471] O orixinal di *De burro morto, cebada o rabo.*

[472] O orixinal di *De burro morto cebada o rabo.*

[473] O orixinal di *De estudiante diras que creguiño farás.*

932. **De noite os gatos todos son parcos.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

933. **De norte chove qu'as pedras moe.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [474])

934. **De pequeniño verás qué boi terás.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [475] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [476] / Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [477] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [478] / R. Celso Rodríguez Rodríguez [479])

935. **De pequeno verás qué boi terás.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [480])

936. **De pequeno, rey; de mozo, capitán; e de vello, can.** (Xestoso, C [481])

937. **De pillo a pillo hay pouco camiño.** (Francisco Canosa Quintáns)

938. **De pouco che vale a sona se non levas o proveito.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [482])

939. **De pouco che vale a sona si non levas o proveito.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

940. **De rapaz, rey; de mozo, capitán; e de vello, can.** (Emilio Segade Vidones [483])

941. **De san Martín en diante, frío e fame.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

942. **De san Pedro a san Xoán solo cinco días van.** (Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO [484])

943. **De san Pedro a san Xuan te-la conta na man.** (Félix Rodríguez Vieites [485])

944. **De Santos a Navidade é inverno de verdade.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns / Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [486])

945. **De taberneiro a ladrón non vai máis que un escalón.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [487])

946. **De tal pau tal estilla.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

947. **De travesía nunca chove tod'o día.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

948. **De xaneiro a xaneiro os cartos son do banqueiro.** (M. González Fernández)

949. **Deixar de comer por haber comido non é enfermedá de peligro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [488])

950. **Dend'o vint'en diante din que inverno é constante.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [489] / Manuel Barrós Fachal [490])

951. **Desde que chega o cuco, logo vén o pan ó saco.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [491])

952. **Desde que levas o chasco, todas as cousas che acordan.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

---

[474] O orixinal di *De Norte chove cas pedras mohe.*
[475] O orixinal di *De pequeniño veras que voi teras.*
[476] O orixinal di *De pequeniño veras que boi terás.*
[477] O orixinal di *De pequeniño veras que boy teras.*
[478] O orixinal di *De de pequeniño veras que voi teras.*
[479] O orixinal di *De pequeniño verás, que boi terás.*
[480] O orixinal di *De pequeno veras, que boi teras.*
[481] O orixinal di *De pequeno Rey de mozo capitán e de bello can.*
[482] O orixinal di *De pouco che bale o sona se non lebas o probeito.*
[483] O orixinal di *De rapaz Rey, de mozo capitan, e de bello can.*
[484] O orixinal di *De S. Pedro a S. Xoán solo cinco dias van.*
[485] O orixinal di *De san Pedro a san Xuan tela conta na man.*
[486] O orixinal di *De Santos a Navidade e inverno de verdade.*
[487] O orixinal di *De taberneiro a ladron non vai mais que un escalon.*
[488] O orixinal di *Deixar de comer por haber comido non e enfermeda de peligro.*
[489] O orixinal di *Dendo vinten diante, din que inverno e constante.*
[490] O orixinal di *Dendo vinten diante, din que inverno e constante.*
[491] O orixinal di *Desde que chega o cuco loco ven o pan o saco.*

953. **Desnudo nacín, desnudo esto[u]: nin perdín nin gano.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [492])

954. **Despois de casar, o home a traballar e a muller a folgar.** (Carballo, C)

955. **Despois de san Miguel vai ós figos quen quere.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C [493])

956. **Despois de tocar o aleluya, o que teña fame, que a sacuda.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [494])

957. **Desque se pon o sol, pouco día queda.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

958. **Desta saqueime pero noutra no me meto.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

959. **Detrás da primeira vén a radeira.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [495])

960. **Detrás do vicio vén o fornicio.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [496])

961. **Di con quén andas, eu che direi qué é.** (? López Baleato [497])

962. **Di o jefe: "xogha ós naipes que gañan os frailes".** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [498])

963. **Di que lle doi o óso do lombo e non traballa.** (Francisco Canosa Quintáns [499])

964. **Día de san Mateo, vendima ti, vendimo eu.** (Juan Bello Valiña)

965. **Día de santa Inés, chuvia unha sola ves.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

966. **Día de santa Mariña vai ver a túa viña, e tal a ves, tal a vendima.** (Juan Bello Valiña [500])

967. **Días de moito, vísperas de nada.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

968. **Dícelle o pote á sartén: "Vaite de ahí que me luxas".** (M. González Fernández [501])

969. **Dichoso mes que empeza coas letanías mayores e termina coas menores.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [502])

970. **Dichoso mes que empeza con letanías mayores e termina con elas menores.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

971. **Dichoso mes que empeza con Santos e remata con san Andrés.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

972. **Dichoso mes que empeza con Santos e termina con san Andrés.** (M. González Fernández [503])

973. **Dichoso mes que empeza por Santos e termina por san Andrés.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [504])

974. **Dichoso mes que entra con Santos e remata con san Andrés.** (? López Baleato)

975. **Dichoso o mes que empeza con Santo[s] e termina por san Andrés.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [505])

976. **Díghoche fillo, enténdeme nora.** (José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C [506])

---

[492] O orixinal di *Desnudo nacin, desnudo esto, nin perdin nin gano.*

[493] O orixinal di *Despois de S. Miguel vai os figos quen quere.*

[494] O orixinal di *Despois de tocar a ableluya o que teña fame que ha sacuda.*

[495] O orixinal di *Detras da primeira ven a radeira.*

[496] O orixinal di *Detrás do vicio ven o fornicio.*

[497] O orixinal di *Di con quén andas eú ché direi qué he.*

[498] O orixinal di *Di o jefe xoja os naipes que gañan os frailes.*

[499] O orixinal di *Di quelle doi u oso do lombo, é non traballa.*

[500] O orixinal di *Día de Sta. Mariña vai ver a tua viña, e tal a ves, tal a vendima.*

[501] O orixinal di *Dicelle o pote a sarten vaite de ahi que me luxas.*

[502] O orixinal di *Dichoso mes que empeza co as Letanias mayores e termina co as menores.*

[503] O orixinal di *Dichoso mes que empeza con Santos e termina con S. Andres.*

[504] O orixinal di *Dichoso mes que empeza por xantos e termina por San Andres.*

[505] O orixinal di *Dichoso o mes que empeza con santo e termina por San Andrés.*

[506] O orixinal di *Dijoche fillo entendeme nora.*

977. **Dígoche Pedro, aténdeme Xan.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

978. **Dígocho Juan para que o entendas Pedro.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

979. **Dime con quén andas e che direi qué eres.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [507])

980. **Dime con quén andas e che direi quén eres.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [508]) / Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [509] / Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [510])

981. **Dime con quén andas e direiche quén eres.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [511] / Francisco Canosa Quintáns [512])

982. **Dime con quén andas e direiche quén es.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [513] / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [514])

983. **Dime con quén andas e eu che direi quén eres.** (Manuel Tojo Reboredo [515])

984. **Dime con quén andas e te direi quén eres.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [516])

985. **Dime con quén andas y te pondré medias suelas.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

986. **Dime con quén andas, eu che direi qué es.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [517])

987. **Dime con quén paces e non [ón]de naces.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [518])

988. **Dime con quén paseas e direiche quén eres.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C [519])

989. **Dime con qué[n] andas e direiche quén es.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C [520])

990. **Diñeiros de sacristán, cantando veñen e cantando van.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

991. **Dios dea salud que fame non ha faltar.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

992. **Dios nos dé a ira, que a pacencia xa nó-la temos.** (M. González Fernández [521])

993. **Dios os dá e eles se xuntan.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [522])

994. **Dios roghando e co mazo dando.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [523])

995. **Dios te libre do sol detrás das nieblas e das moscas detrás da[s] portas das tabernas.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [524])

---

[507] O orixinal di *Dime con quen andas e che direi que eres.*

[508] O orixinal di *Dime con quen andas e chen direi quen eres.*

[509] O orixinal di *Dime con quen andas, e che direi quen eres.*

[510] O orixinal di *Dime con quen andas e che direi quen eres.*

[511] O orixinal di *Dime con quen andas e direiche quen eres.*

[512] O orixinal di *Dime con quen andas é diréiche quen eres.*

[513] O orixinal di *Dime con quen andas e direiche quen es.*

[514] O orixinal di *Dime con quen andas, e direiche quen es.*

[515] O orixinal di *Dime con quen andas e eu che direi quen eres.*

[516] O orixinal di *Dime con q'uen andas e te direi q'uen eres.*

[517] O orixinal di *Dime con quen andas eu che direi que es.*

[518] O orixinal di *Dime con quen paces e non de naces.*

[519] O orixinal di *Dime con quen paseas, e diremche quen eres.*

[520] O orixinal di *Dime con que andas e direiche quen es.*

[521] O orixinal di *Dios nos de a ira que a pacencia xa no la temos.*

[522] O orixinal di *Dios os da e eles se xuntan.*

[523] O orixinal di *Dios rojando e co mazo dando.*

[524] O orixinal di *Dios te libre do sol detras das nieblas e das moscas detras da portas das tabernas.*

996. **Disde a santa Lucía as ovellas tod'o día.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [525])

997. **Dixo a filla á nai: "Sardiña qu'o gato leva, ben gardadiña lle vai".** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [526])

998. **Dixo o san Beato Ávila que ó Cristo tratar ben hay, que [é] fillo de moy bo pai.** (Pedro Pontes García [527])

999. **Dixo Salomón que o gran viño alegra o corazón.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1000. **Díxolle a filla á nai: "Sardiña que o gato leva, ben gardadiña vai".** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [528])

1001. **Díxolle a sartén ó cazo: "Apártate que manchas".** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C [529])

1002. **Díxolle o caldeiro ó pote: "Non te acerques a min que me luxas".** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [530])

1003. **Díxolle ó pote a caldeira: "Chégate alá, no-me lises".** (Francisco Canosa Quintáns [531])

1004. **Díxolle o pote á caldeira: "Chéghate alá, no-me enlixes".** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [532])

1005. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Chégate alá, non me luxes".** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [533])

1006. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Chégate aló, no-me luxes".** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C [534])

1007. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Chéghate alá, no-me enlixes".** (Manuel Fernández Ferro [535])

1008. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Fuxe d'ahí que me manchas".** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [536])

1009. **Díxolle o pote ao caldeiro: "Quítate alá, non me luxes".** (R. Celso Rodríguez Rodríguez)

1010. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Saca de aí que me enlixas"** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

1011. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Saca de aí que me lixas".** (Juan Carlos Couselo Gago)

1012. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Sácate d'aí que me luxas".** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [537])

1013. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Saile d'ahí que me enlixas".** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [538])

1014. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Vaite d'aí que me luxas".** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [539])

1015. **Do árbol caído sempre leña se fai.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

1016. **Do burro abaixo non hay menos besta.** (Francisco Canosa Quintáns [540])

---

[525] O orixinal di *Disde a S. Lucia as ovellas todo dia.*

[526] O orixinal di *Dixo a filla a nai sardiña co gato leva ben gardadiña lle vai.*

[527] O orixinal di *Dixo u San Beato Ávila que o Cristo tratar ben hay, que fillo de moy bo pai.*

[528] O orixinal di *Dixolle a filla a nai sardiña que o gato leva ven gardadiña vai.*

[529] O orixinal di *Dixolle a sarten o cazo apártate que manchas.*

[530] O orixinal di *Dixolle o caldeiro o pote, nonte acerques amin que me luxas.*

[531] O orixinal di *Dixolle ó pote a cardeira, chégate alá no me lises.*

[532] O orixinal di *Dixolle o pote a caldeira chejate ala no me en lixes.*

[533] O orixinal di *Díxolle o pote o caldeiro chegate ala no me luxes.*

[534] O orixinal di *Díxolle u pote o caldeiro chégate aló no me luxes.*

[535] O orixinal di *Díxolle o pote'o caldeiro: Chéjate alá no'me enlixes.*

[536] O orixinal di *Dixolle o pote o caldeiro fuxe d ahi que me manchas.*

[537] O orixinal di *Díxolle o pote o caldeiro sacate dai que me luxas.*

[538] O orixinal di *Díxolle o pote o caldeiro saile dahí que me enlixas.*

[539] O orixinal di *Dixolle o pote o caldeiro baite dai que me luxas.*

[540] O orixinal di *Do burro a baixo, non hay menos besta.*

1017. **Do demo o cregho que non fai bo do labregho.** (Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C [541])

1018. **Do dito ó feito hay un gran pleito.** (Francisco Canosa Quintáns [542])

1019. **Do dito ó feito vai un ghran pleito.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [543])

1020. **Do home o falar e da besta a mular.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)

1021. **Do monte sal o que o monte queima.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

1022. **Do que non entendas non fales, que vale máis non decir nada que decir barbaridades.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [544])

1023. **Do que non entendas non fales, que vale mas non decir nada que barbaridades.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

1024. **Do sol e do superior, canto máis lonxe mellor.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [545])

1025. **Dominos vobisco, eu pra comer son muy listo.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [546])

1026. **Donde as dan, as toman.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

1027. **Donde hay galo non canta galiña, a non ser que o galo teña a morriña.** (Eliseo López Varela)

1028. **Donde hay galo non canta galiña, sinón que o galo teña morriña.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1029. **Donde hay galo non canta galiña.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / M. González Fernández / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

1030. **Donde hay milláns houbo millo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1031. **Donde hay ouro logo reloce.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

1032. **Donde hay patrón non manda marinero.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

1033. **Donde hay patrón non manda mariñeiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C / José Porto Buceta: Portas, PO)

1034. **Donde hay surcos, agua; donde mulleres, demonios.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1035. **Donde menos pensa o cazador, sáltalle a lebre.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1036. **Donde menos se pensa salta a lebre.** (Francisco Canosa Quintáns)

1037. **Donde menos se pensa, salta a culebra.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1038. **Donde menos se pense, salta a lebre.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

1039. **Donde moitos cospen, lama fan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1040. **Donde morre unha ilusión, nace unha esperanza.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1041. **Donde non hay can, o zorro é capitán.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [547])

1042. **Donde non te chamen non te metas.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

---

[541] O orixinal di *Do demo o crejo que non fai vo do labrejo.*

[542] O orixinal di *Do dito o feito, hay un gran pleito.*

[543] O orixinal di *Do dito o feito vay un jran pleito.*

[544] O orixinal di *Do que non entendas non fales, que vale mais non decir nada que decir barbaridades.*

[545] O orixinal di *Do sol e do superior canto mais lonxe mellor.*

[546] O orixinal di *Dominos vobisco eu pra comer son muy listo.*

[547] O orixinal di *Donde non hay can, o zorro e capitan.*

1043. **Donde non vexas corpo, non botes carga.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [548])

1044. **Donde o lobo dorme, non pastan as ouvellas.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

1045. **Dos homes que conocín solo Adán tuvo xuicio: casou con muller sin nai e viviu no paraíso.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

1046. **Dos romances de xaneiro san Amaro é o primeiro.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [549])

1047. **Dos romaxes de xaneiro san Amaro é o primeiro.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [550] / José A. Iglesias Ares)

1048. **Dos romaxes de xaneiro san Amaro o primeiro.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [551])

1049. **Dos romaxes por xaneiro, san Amaro é o primeiro.** (Manuel Lago López)

1050. **Dúas vellas, si se poñen a falar, xa non saben cándo han de acabar.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [552])

1051. **Dun[h]a ovella negra rara vez sale un año branco.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [553])

1052. **Dure a mala veciña o que a neve febreiriña.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

1053. **E auga corriente non mata a xente.** (Eliseo López Varela)

1054. **E auga en san Xoán tolle trigo e non dá pan.** (Eliseo López Varela [554])

1055. **E auga en Santiago fai vir o millo ó agro.** (Eliseo López Varela [555])

1056. **É mellor ter a forca á beira que a muller xusticieira.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [556])

1057. **É mellor ter que dar, que non ter e pasar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [557])

1058. **É millor o ruín conocido que o bon por conocer.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [558])

1059. **É millor ser dono dunha besta que criado dunha recua.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [559])

1060. **E si o río da presa levara coñac, máis de catro pelmas ibades alá.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO [560])

1061. **E xa veredes como, onde non xiou no primeiro mes, pode, contra os ditos, chover tres.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal)

1062. **Éche ben certo que o que non dorme está desperto.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C [561] / Manuel Lago López [562])

1063. **Eí vén febreiro curto cos seus vinteuito; se non fora seu hirmán**

---

[548] O orixinal di *Donde non vexas corpo, non votes cara.*

[549] O orixinal di *Dos romances de xaneiro, San Amaro e o primeiro.*

[550] O refrán aparece dúas veces coas formas *Dos romaxes de Xaneiro, san Amaro e o primeiro* e *Dos romaxes de xaneiro S. Amaro e o primeiro.*

[551] O orixinal di *Dos romaxes de xaneiro S. Amaro o primeiro.*

[552] O orixinal di *Duas bellas, si se poñen a falar xa non saben cando han da acabar.*

[553] O orixinal di *Dun a ovella negra rara vez sale un año branco.*

[554] O orixinal di *E auga en San Xoan tolle trigo e non da pan.*

[555] O orixinal di *E auga en Santiago fay vir o millo o agro.*

[556] O orixinal di *E mellor ter a forca a veira que a muller xusticieira.*

[557] O orixinal di *E mellor ter que dar, que non ter e pasar.*

[558] O orixinal di *E millor o ruin conocido que o bon por conocer.*

[559] O orixinal di *E millor ser dono duga besta, que criado duga recua.*

[560] O orixinal di *E si o río da presa levara coñac mais de catro pelmas ibades alá.*

[561] O orixinal di *Eche ven certo, que o que non dorme está desperto.*

[562] O orixinal di *Eche ven certo que o que non dorme esta desperto.*

marzo, non deixaría perro nin gato. (Francisco Canosa Quintáns)

1064. **En abril ábreme as portas e déixame salir.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1065. **En abril, aghuas mil.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [563])

1066. **En abril, ágoas mil.** (Manuel Fernández Ferro)

1067. **En abril, aguas mil.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C / Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C / Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C / Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Juan Carlos Couselo Gago / Eliseo López Varela)

1068. **En abril aínda a auga enche o camiño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1069. **En abril, augas mil.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / José Porto Buceta: Portas, PO / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / M. González Fernández)

1070. **En abril augas (o[u] espigas) mil.** (Seminarista anónimo: Carballo, C [564])

1071. **En abril berra o porco no cubil.** (Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1072. **En abril cear sin candil.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso)/ José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1073. **En abril cenar co candil.** (Ríos Pereiro)

1074. **En abril, coiros mil.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1075. **En abril colle a sardiña e deixa ir.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1076. **En abril colle a sardiña polo rabo e deixa ir.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [565])

1077. **En abril chuvia hastra que o corno da vaca se pudra.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

1078. **En abril déixame dormir.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns)

1079. **En abril e mayo a vella queima o tallo.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C [566])

1080. **En abril espigas mil.** (Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1081. **En abril inda a vella queima o bandil.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

1082. **En abril mata o porco no cubil.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

1083. **En abril o cuco pó cubil.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [567])

1084. **En abril o porco berra no cubil.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1085. **En abril pa min e en san Xuán pó can.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [568])

1086. **En abril sail'o cuco do cubil.** (Manuel Fernández Ferro)

1087. **En abril saile o cuco do cubil.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1088. **En abril sal o raposo do cubil.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [569])

1089. **En abril sale o cuco do cubil.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [570])

---

[563] O orixinal di *En Abril ajuas mil.*

[564] O orixinal di *En abril augas (o espigas)mil.*

[565] O orixinal di *En Abril, colle a sardiña poll'o rabo e deixa ir.*

[566] O orixinal di *En abril e mayo a bella queima o tallo.*

[567] O orixinal di *En abril o cuco po cubil.*

[568] O orixinal di *En abril pa min e en Xan Xuan po can.*

[569] O orixinal di *En Abril sal u raposo du cubil.*

[570] O orixinal di *En abril sale u cuco do cuvil.*

1090. **En abril sale o cuco do cuquil.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1091. **En abril sale o raposo do cubil.** (Eliseo López Varela)

1092. **En abril somentar co mandil.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1093. **En abril unha pingueira vale por mil.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

1094. **En abril vai a lebre pó cubil.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO [571])

1095. **En abril, chuvia hasta que o corno da vaca se pudra.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

1096. **En agosto ande a auga tras do toxo.** (M. González Fernández)

1097. **En agosto arden os montes, en septiembre secan as fontes.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / M. González Fernández)

1098. **En agosto arden os montes, en septiembre secan as fontes.** (M. González Fernández)

1099. **En agosto arder i-en septiembre beber.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [572])

1100. **En agosto as sardiñas mollan o pan.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

1101. **En agosto frío no rostro.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [573])

1102. **En agosto non hay pan nin mosto.** (Carballo, C)

1103. **En agosto sol posto.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1104. **En agosto, nin o pan nin o mosto.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1105. **En agosto, nin viño nin muller nin mosto.** (Juan Bello Valiña)

1106. **En agosto, sol posto, noite connosco.** (Manuel Camino Sánchez)

1107. **En agosto, sol posto, noite conosco.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1108. **En Ares non te pares.** (Félix Rodríguez Vieites)

1109. **En Arzúa todo se volven mulas.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

1110. **En boa roca fía o que seus fillos cría.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

1111. **En boca cerrada non entra mosca nela.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [574])

1112. **En cada nación hai seu uso e cada roca ten o seu fuso.** (Xestoso, C)

1113. **En cada terra o seu uso e cada roca o seu fuso.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1114. **En cada terra seu uso, cada roca seu fuso.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

1115. **En cama molida non se goberna a vida.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Francisco Luna Bande / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1116. **En Camouco para pouco, en Redes non te quedes, en Ares non te pares.** (J.M. Barral Sánchez)

1117. **En Camouco para pouco.** (Félix Rodríguez Vieites)

1118. **En canto a castaña está no souto, ou será miña ou doutro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1119. **En canto o home come, non morre.** (Carballo, C)

1120. **En Carballo a vella queima o tallo.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [575])

1121. **En casa chea logo se fai a cea.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1122. **En casa de ferreiro, coitelo de pao, e na do carpinteiro, sentado no**

---

[571] O orixinal di *En abril vai a lebre po cubil.*

[572] O orixinal di *En agosto arder y'en septiembre beber.*

[573] O orixinal di *En agolsto, frio n'o rostro.*

[574] O orixinal di *En boca cerrada non entra mosca ne la.*

[575] O orixinal di *En Carballo, C a bella queima o tallo.*

chao. (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

1123. **En Castilla o cabalo leva a silla.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1124. **En Conxol non están todo[s] os que deben.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [576])

1125. **En costado, cu tapado.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1126. **En de morrendo o arrieiro, sábese de quén é a recua.** (M. González Fernández [577])

1127. **En decembro moita auga, en agosto lumes.** (J.M. Barral Sánchez)

1128. **En diciembre aguas, en agosto lumes.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

1129. **En donde hay fume hay lume.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1130. **En este enterro non tes vela; para outro podes tela.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

1131. **En este tempo todos se volven ghastos e a culpa tena a Xunta d'Abastos.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [578])

1132. **En febreiro arde o verdeiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1133. **En febreiro arde o vidreiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1134. **En febreiro mete o can o rabo no palleiro.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

1135. **En febreiro mete obreiro, antes no derradeiro que no primeiro.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

1136. **En febreiro mete obreiro.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1137. **En febreiro nácelle a lan ó carneiro.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [579])

1138. **En febreiro pasan os ríos por riba das pontes.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

1139. **En febreiro, sete lobos ao carneiro.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

1140. **En frebeiro non hay fonte que non deite.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

1141. **En Galicia a fame entra nadando.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1142. **En ghando ruín non hay qué escoller.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [580])

1143. **En julio cóllese o trigo maduro.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

1144. **En Lestrove nin bo porco nin bo domo.** (Freire López: Padrón, C)

1145. **En Lestrove, nin bo porco nin bo home.** (Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

1146. **En maio aínda a vella queima o tallo.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [581] / Francisco Canosa Quintáns)

1147. **En maio de meu me caio, mais aínda a vella queima o tallo.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1148. **En maio eínda a agua corre detrás do arado.** (Francisco Canosa Quintáns)

1149. **En maio hai que sementar o millo anque corra a agua tras do arado.** (Francisco Canosa Quintáns)

1150. **En maio inda a vella queima o tallo.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

---

[576] O orixinal di *En conxol non estan todo os que deven.*

[577] O orixinal di *En de morendo o arieiro sábese de quen e a recua.*

[578] O orixinal di *En este tempo todos se volven jastos e a culpa tena a Xunta da bastos.*

[579] O orixinal di *En febreiro nacelle a lan o carneiro.*

[580] O orixinal di *En jando ruin non hay que escoller.*

[581] O orixinal di *En mallo ainda a bella queima o tallo.*

1151. **En maio queima a vella o tallo i en san Xoán o sacapán.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

1152. **En maio, do oito ao dazaoito, labrador non durmas moito.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [582])

1153. **En martes lardeiro, moito vento e poucas noces.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [583])

1154. **En martes nin te cases nin te embarques.** (José Porto Buceta: Portas, PO)

1155. **En martes non te cases nin te embarques.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

1156. **En martes o teu porquiño no[n] mates.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [584])

1157. **En martes, non te cases nin te embarques nin a túa ceba mates.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1158. **En marzal e abril sempre foron revoltas as augas do Sil.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns)

1159. **En marzo e abril en cada pedra mil. (peixes** / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

1160. **En marzo espigarzo e en abril espigas mil.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1161. **En marzo espigarzo.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

1162. **En marzo igualarzo.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

1163. **En marzo nin mollar o rabo o gato.** (José Lage Radío)

1164. **En marzo os días medran máis de una hora.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [585])

1165. **En marzo sube ao outeiro, e si ves verdexar, bótate a chorar, e si ves terrexar, bótate a cantar.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1166. **En mayo a vella queima o tallo.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [586])

1167. **En mayo a vella sementa co saio, anque a agua vaya tras do arado.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [587])

1168. **En mayo agua labra tras do arado.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [588])

1169. **En mayo aínd'a vella queima o tallo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [589] / Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [590])

1170. **En mayo aínda a vella queima o tallo, e un cachiño que queda, para o san Juan o deixa.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [591])

1171. **En mayo aínda a vella queima o tallo.** (Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C [592] / Seminarista anónimo: Carballo, C [593] / Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [594] / Víctor Manuel Lobato

[582] O orixinal di *En maio, d'o oito ao dazaoito, labrador non durmas moito.*

[583] O orixinal di *Febreiro faille as contas a xaneiro en martes lardeiro, moito vento e poucas noces.*

[584] O orixinal di *En martes o teu porquiño no mates.*

[585] O orixinal di *En Marzo os días medran mais de una hora.*

[586] O orixinal di *En Mayo a bella queima o tallo.*

[587] O orixinal di *En mayo a bella sementa cosayo anque a agua vaya tras do arado.*

[588] O orixinal di *En mayo a gua labra tras do arado.*

[589] O orixinal di *En mayo ainda ' bella queima o tallo.*

[590] O orixinal di *En mayo ainda vella queima o tallo.*

[591] O orixinal di *En Mayo ainda a bella queima o tallo, e un cachiño que queda po San Juan u deixa.*

[592] O orixinal di *En Mayo ainda a bella queima o tallo.*

[593] O orixinal di *En mayo ahinda a vella queima otallo.*

[594] Tamén escribe na folla *Bray* – Brai é un lugar de Vilasantar.

Feijoo: Catoira, PO [595] / Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [596] / José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO / Manuel Camino Sánchez [597] / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [598] / Manuel Fernández Ferro / José Lage Radío / Luís Vázquez Veiga)

1172. **En mayo aínda o vello queima o tallo, e non solo por queimar, solo é por se cantar.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

1173. **En mayo cant'a corra tras do arado.** (José Lage Radío [599])

1174. **En mayo colle os bois e mais o arado.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

1175. **En mayo de meu caio, xa coa maiola xa co traballo.** (Juan Bello Valiña [600])

1176. **En mayo de seu bogallo.** (Eliseo López Varela [601])

1177. **En mayo de sono me caio.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [602])

1178. **En mayo déitate cando o galo.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1179. **En mayo eirada a vella queima o tallo.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [603])

1180. **En mayo eí[n]da a vella queima o tallo.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [604])

1181. **En mayo fai o gato "¡ai que noites tan grandes!", e di o gato "como o mes de mayo, como o mes de mayo".** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [605])

1182. **En mayo ind'a vella queima o tallo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [606] / Manuel Barrós Fachal [607])

1183. **En mayo inda a vella queima o tallo, e se apuran ben, inda queima as pernas tamén.** (Ríos Pereiro [608])

1184. **En mayo inda a vella queima o tallo, e un[h]a que non-o queira queimar, para san Juan o deixa.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [609])

1185. **En mayo inda a vella queima o tallo.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [610] / Xestoso, C [611] / M. González Fernández / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [612] / Francisco Luna Bande)

1186. **En mayo millo sementado, cal enxoito cal mollado.** (Juan Bello Valiña)

1187. **En mayo o raposo sal ó gaio.** (Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C [613])

---

[595] O orixinal di *En mayo ainda a vella queima o tayo.*

[596] O orixinal di *En mayo ainda a bella ceima o tallo.*

[597] O orixinal di *En Mayo ainda a bella queima o tallo.*

[598] O orixinal di *En Mayo ainda a bella queima o tallo.*

[599] O orixinal di *En mayo canta corra tras do arado.*

[600] O orixinal di *En Mayo de meu cayo, xá ca mayola, xá co traballo.*

[601] O orixinal di *En Mayo de seu vogayo.*

[602] O orixinal di *En Mayo de sono me cayo.*

[603] O orixinal di *En mayo eirada a bella queima o tayo.*

[604] O orixinal di *En mayo eida a bella queima o tallo.*

[605] O orixinal di *En Mayo fai o gato ay que noites tan grandes e di o gato como o mes de mayo como o mes de mayo.*

[606] O orixinal di *En mayo, inda'vella queima o tallo.*

[607] O orixinal di *En mayo, inda' vella queima o tallo.*

[608] O orixinal di *En Mayo inda bella queima o tallo e se apuran ben inda queima as pernas tamén.*

[609] O orixinal di *En mayo inda a bella ceima o tayo e una que no no queira queimar para San Juan o deixa.*

[610] O orixinal di *En mayo inda a bella queima o tallo.*

[611] O orixinal di *En mayo inda a bella queima o tallo.*

[612] O orixinal di *En mayo inda a bella queima o tallo.*

[613] O orixinal di *En mayo o raposo sal o gayo.*

1188. **En mayo queima a vella o tallo.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [614])

1189. **En mayo saen os raposos ó ghallo.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [615])

1190. **En mayo somenta co saio.** (Eliseo López Varela [616])

1191. **En mayo somentar co saio.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [617])

1192. **En mayo x'a vella arde o tallo.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [618])

1193. **En mayo, o millo sementado.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1194. **En Nadal todas as cousas andan mal.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

1195. **En Nadal todas cousas andan mal.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

1196. **En ningúa parte dan pan por dormir.** (Francisco Canosa Quintáns)

1197. **En novembre cavar non che se lembre, e a aixada de cavar emprégaa en aburatar.** (Juan Bello Valiña)

1198. **En octubre o teu pan cubre.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / Manuel Fernández Ferro)

1199. **En ovellas e abellas nunca metas o que teñas, pero, poidendo ser, nunca estés sin elas.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1200. **En pan encertado corta quen quere.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

1201. **En pan encertado corta quen quer.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1202. **En pan encetado corta quen quer.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1203. **En Penedo corta o pelo.** (Félix Rodríguez Vieites)

1204. **En samartiño mato o porquiño.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1205. **En samartiño, pan e viño.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1206. **En san Andrés, o trompo outra vez.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [619])

1207. **En san Andrés, pa ben ser, cheos tres.** (M. González Fernández [620])

1208. **En san Benito, portas ó seu sitio.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [621])

1209. **En san Juán a sardiña molla o pan.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [622])

1210. **En san Juan a sardiña unta o pan.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1211. **En san Juán caille a flor ó pan.** (Xestoso, C [623])

1212. **En san Juan, portas ó chan.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [624])

1213. **En san Marcos sementa os gravanzos.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [625])

1214. **En san Martiño xa a vella queima o talliño.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C [626])

1215. **En san Martiño, trompos ó camiño.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [627] / Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [628])

1216. **En san Miguel hay mel.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / Ramón

[614] O orixinal di *En mayo queima a bella o tallo.*
[615] O orixinal di *En Mayo salen os raposos o jayo.*
[616] O orixinal di *En Mayo somenta co sayo.*
[617] O orixinal di *En Mayo somentar co sayo.*
[618] O orixinal di *En mayo xa bella arde o tallo.*

[619] O orixinal di *En San Andres o trompo outravez.*
[620] O orixinal di *En S. Andres pa ben ser cheos tres.*
[621] O orixinal di *En San Benito, portas o seu sitio.*
[622] O orixinal di *En S. Juán a sardiña molla o pán.*
[623] O orixinal di *En San Juán caille a flor o pan.*
[624] O orixinal di *En San Juan, portas o chan.*
[625] O orixinal di *En S. Marcos sementa os grabanzos.*
[626] O orixinal di *En S. Martiño xa a vella queima o talliño.*
[627] O orixinal di *En San Martiño trompos o camiño.*
[628] O orixinal di *En San Martiño trompos o camiño.*

Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [629])

1217. **En san Pedro, portas ó medio.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [630])

1218. **En san Xoán a agua tolle o millo e non dá pan.** (Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C [631])

1219. **En san Xoán a sardiña molla o pan.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [632] / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [633] / Ríos Pereiro)

1220. **En san Xoán as nove con día dan.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [634] / José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns / José Lage Radío)

1221. **En san Xoán o millo tapa o can.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [635])

1222. **En san Xoán o raposo agarra o carneiro pola lan.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [636])

1223. **En san Xoán queima a vella o sacapán.** (Francisco Canosa Quintáns)

1224. **En san Xoán quítalle a barba ó pan.** (Ríos Pereiro [637])

1225. **En san Xoán toca, galdrán.** (Francisco Canosa Quintáns)

1226. **En san Xoán van con seu pai á lan.** (as crías de raposo) (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [638])

1227. **En san Xoán x'a sardiña moll'o pan.** (Juan Bello Valiña)

1228. **En san Xoán xa a sardiña molla o pan.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1229. **En san Xoán, a fouce na man.** (Juan Bello Valiña)

1230. **En san Xoán, as nove con día.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1231. **En san Xoán, sete lebres pre un can.** (Eliseo López Varela)

1232. **En san Xoán, tanto queixo coma pan.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [639])

1233. **En san Xoán, tanto queixo como pan.** (Juan Bello Valiña)

1234. **En san Xuan a sardiña molla o pan.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

1235. **En san Xuan as nove con día dan.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

1236. **En san Xuan as nove con día dá.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO [640])

1237. **En san Xuan o lobo colle o carneiro pola lan.** (Félix Rodríguez Vieites)

1238. **En san Xuan xa a sardiña molla o pan.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Manuel Camino Sánchez)

1239. **En san Xuán, castañas louras na man.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

1240. **En san Xuan, tanto queixo como pan.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

---

[629] O orixinal di *En S. Miguel hay mel.*

[630] O orixinal di *En San Pedro, portas o medio.*

[631] O orixinal di *En San Xoan a agua tolle u millo e non da pan.*

[632] Tamén escribe na folla *Bray* – Brai é un lugar de Vilasantar.

[633] O orixinal di *En S. Xoán a sardiña molla o pan.*

[634] O orixinal di *En S. Xoan as nove con día dan.*

[635] O orixinal di *En S. Xoan o millo tapa o can.*

[636] O orixinal di *En Xanxoan o raposo agarra o carneiro po la lan.*

[637] O orixinal di *En San Xoan quitalle a barba o pan.*

[638] O orixinal di *En San Xoan van (as crias de raposo)con seu pai a lan.*

[639] O orixinal di *En S. Xohan tanto queixo com'apan.*

[640] O orixinal di *En San Xuán as nove con día da.*

1241. **En sanguan as nove con día dan.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

1242. **En santa Lucía crece a noite e merma o día.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [641])

1243. **En santa Lucía saca da nuite e poñe no día.** (Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

1244. **En santa María índa que a agua cubra a galiña.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

1245. **En santa Mariña andan a cabalo du[nh]a espiña.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [642])

1246. **En santa Mariña deixa o saco e colle a foucina.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [643])

1247. **En santa Mariña o fruto na arquiña.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1248. **En santa Mariña o millo tapa a ghaliña.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [644])

1249. **En Santiago colle a fouciña e deixa o sacho.** (Francisco Canosa Quintáns)

1250. **En Santiago e agosto, estroupelear, que iste é o tempo do liño mazar.** (Francisco Canosa Quintáns)

1251. **En Santiago pinta o bago.** (Francisco Canosa Quintáns)

1252. **En Santiago secan as fontes e arden os montes.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1253. **En Santiago termina a merenda e empeza o descanso.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

1254. **En Santiago vai mirar a túa viña; tal a ves, tal a verás e tal a vendimiarás.** (José Lage Radío)

1255. **En septembre o que non ten roupa, que tembre.** (Manuel Fernández Ferro)

1256. **En septiembre arden os montes e secan as fontes.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

1257. **En septiembre come e vende, pero no[n] sea tanto o comer que non deixes pa vender.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO [645])

1258. **En septiembre o que non teña roupa, que temble.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [646])

1259. **En setembre non hai vella que non tembre.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [647])

1260. **En setembre non hay vello que non tembre.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

1261. **En setembro non hai vella que non tembre.** (Francisco Canosa Quintáns)

1262. **En setiembre secan as fontes ou leva as pontes.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1263. **En tempo da vendima, auga do ceo é mala, pero a da fonte boa é.** (Juan Bello Valiña [648])

1264. **En tempo de fame non hay pan duro.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [649])

1265. **En tempo de figos non hay amigos.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [650])

---

[641] O orixinal di *En Sta. Lucía crece a noite e merma o día.*

[642] O orixinal di *En Sta. Mariña andan acabalo dua espina.*

[643] O orixinal di *En santa Mariña deisa o saco e colle a foucina.*

[644] O orixinal di *En santa Mariña o millo tapa a jalina.*

[645] O orixinal di *En septiembre come e vende pero no sea tanto o comer que non deixes pa vender.*

[646] O orixinal di *En Septiembre u que non teña roupa que temble.*

[647] O orixinal di *En setembre non ai bella que non tembre.*

[648] O orixinal di *En tempo d'á vendima, auga d'ó ceo é mala, pero a da fonte boa é.*

[649] O orixinal di *En tempo de fame non hay pan duro.*

[650] O orixinal di *En tempo de figos, non hay amigos.*

1266. **En tempo de inverno xa se abrigha o sereno.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [651])

1267. **En tempo de vacación fágase o que o tempo dispón.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

1268. **En toda terra espiga o pan.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

1269. **En todo tratar e pan labrar.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1270. **En viernes e en martes non te cases nin te embarques.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

1271. **En viernes e martes non te cases nin te embarques.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

1272. **En Vilaicente matan o ganado e aran coa xente.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1273. **En Vimianzo colle os bois e traballa co arado.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

1274. **En xaneiro a agua pola pena fai carreiro.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

1275. **En xaneiro a col sabe ó carneiro.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [652])

1276. **En xaneiro a raia val carneiro.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

1277. **En xaneiro aínda pasa o trigo polo peneiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [653])

1278. **En xaneiro anda lixeiro.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1279. **En xaneiro andan as formigas polo carreiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1280. **En xaneiro andan sete a sete no carreiro. (lobos** / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

1281. **En xaneiro arde o verdeiro.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

1282. **En xaneiro as berzas saben a carneiro.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [654])

1283. **En xaneiro berza vella val carneiro.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C [655] / Juan Bello Valiña [656])

1284. **En xaneiro cómese o porco enteiro.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

1285. **En xaneiro hay lameiro.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1286. **En xaneiro o conexo búsc'o no regueiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [657])

1287. **En xaneiro o conexo métese no regueiro.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

1288. **En xaneiro polas mañás sementa as patacas tempráns.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [658])

1289. **En xaneiro pon abella o pé no salgueiro.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [659])

1290. **En xaneiro pon o alleiro.** (Juan Bello Valiña)

1291. **En xaneiro salen as formigas ao carreiro.** (José Manuel Area Alonso [660])

---

[651] O orixinal di *En tempo de inverno sa se abrija o sereno.*

[652] O orixinal di *En xaneiro a col sabe o carneiro.*

[653] O orixinal di *En xaneiro ainda pasa o trigo po lo peneiro.*

[654] O orixinal di *En xaneiro as berzas saben a carneiro.*

[655] O orixinal di *En xaneiro berza vella val carneiro.*

[656] O orixinal di *En Xaneiro berza vella val carneiro.*

[657] O orixinal di *En xaneiro o conexo busco no regeiro*.

[658] O orixinal di *En Xaneiro poll'as mañáns, sementa as patacas tempráns.*

[659] O orixinal di *En xaneiro pon abella o pe no salgueiro.*

[660] O orixinal di *En xaneiro salen as formigas a o carreiro.*

1292. **En xaneiro sube ó outeiro: si ves terrexar, ponte a cantar; si ves verdear, ponte a chorar.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [661])

1293. **En xaneiro súbete ao outeiro: si ves o campo verdexar, ponte a chorar, e si terrexar, ponte a cantar.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

1294. **En xaneiro todos os cans están no palleiro.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

1295. **En xaneiro vaite ó outeiro.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C [662])

1296. **En xaneiro visita o outeiro: si ves verdegar, ponte a chorar; si ves terrexar, ponte a cantar.** (Juan Bello Valiña)

1297. **En xaneiro xa o can vai para o palleiro.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

1298. **En xaneiro xa vai o can pó palleiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [663])

1299. **En xaneiro, o can no palleiro.** (Manuel Fernández Ferro)

1300. **En xaneiro, sete lobos no carreiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1301. **En xaneiro, sete lobos ó carneiro.** (Manuel Fernández Ferro)

1302. **En xaneiro, sete lobos ó carreiro.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [664])

1303. **En xaneiro, subete ó outeiro: se ves verdexar, bótate a chorar, e se ves negrexar, bótate a cantar.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [665])

1304. **En xeneiro, no regueiro. (a lebre /** Eliseo López Varela)

1305. **En xeneiro, sete cans pre un lebrecheiro.** (Eliseo López Varela)

1306. **Encarnado ó mar, bota os bois a labrar.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [666])

1307. **Encarnado ó mar, colle os bois e vai labrar.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C [667] / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [668])

1308. **Encarnado ó mar, colle os bois, vai labrar.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [669])

1309. **Encarnado ó monte, leva os bois prá corte.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [670])

1310. **Encarnado polo monte, colle os bois e méteos na corte.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [671])

1311. **Encende o candil que aquí hay espiñas.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1312. **Entender de presos, carceleiros vellos.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

1313. **Enterro sin choro e romería sin gaita, non ten gracia.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [672])

1314. **Enterro sin choros e romería sin gaita, non ten gracia.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

---

[661] O orixinal di *En Xaneiro, sube o outeiro; si ves terrexar ponte a cantar, si ves verdear ponte a chorar.*

[662] O orixinal di *En xaneiro baite o outeiro.*

[663] O orixinal di *En xaneiro xa vai o can po palleiro.*

[664] O orixinal di *En Xaneiro sete lobos o carreiro.*

[665] O orixinal di *En xaneiro subete o outeiro; se vex verdexar votate a chorar e xe ves negrexar votate a cantar.*

[666] O orixinal di *Encarnado o mar bota os bois a labrar.*

[667] O orixinal di *Encarnado o mar, colle os bois e vai labrar.*

[668] O orixinal di *Encarnado o mar colle os bois e vai labrar.*

[669] O orixinal di *Encarnado ô mar colle os bois vay labrar.*

[670] O orixinal di *Encarnado o monte, leva os bois pra corte.*

[671] O orixinal di *Encarnado po lo monte colle os bois e meteos na corte.*

[672] O orixinal di *Enterro sin choro e rromería sin gaita non ten grancia.*

1315. **Entre a sogra i-a muller fan ao home adoecer.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [673])

1316. **Entre abril e mayo fai a fariña para todo ano.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [674])

1317. **Entre abril e mayo fai fariña pa todo o ano.** (J.M. Barral Sánchez [675])

1318. **Entre abril e mayo fai fariña pra todo o ano.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

1319. **Entre folla e folla o demo a escolla.** (Francisco Canosa Quintáns)

1320. **Entre folla e folla o demo escolla.** (José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C [676])

1321. **Entre folla e folla veña o demo e escolla.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1322. **Entre hoxe e mañán perde o carneiro a lan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1323. **Entre maio e abril sal o cuco do cubil.** (Francisco Canosa Quintáns)

1324. **Entre maio e xuño cereixiña no puño.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [677])

1325. **Entre marzo e abril aguas mil.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

1326. **Entre marzo e abril o huso sale do cubil.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

1327. **Entre marzo e abril o raposo sale do cubil.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

1328. **Entre marzo e abril sal o cuco do cobil.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [678])

1329. **Entre marzo e abril sal o cuco do cubil.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C [679] / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Ríos Pereiro / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

1330. **Entre marzo e abril sal o cuco do cuquil.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

1331. **Entre marzo e abril sale o cuco do cubil.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C / Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C / José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [680])

1332. **Entre marzo e abril sale o cucú do cubil.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C [681])

1333. **Entre marzo e abril, cal o cuco cal a fin.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1334. **Entre marzo e abril, o cuco e a fin.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

1335. **Entre marzo e abril, o cuco ou a fin.** (José María García Vázquez: Dodro, C [682])

1336. **Entre marzo e abril, se non vén o cuco, quere vir o fin.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [683])

1337. **Entre pais e hirmáns non metas as mans.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

---

[673] O orixinal di *Entre a sogra ya muller, fan au home adoecer.*

[674] O orixinal di *Entre Abril e Mayo, fai a fariña para todo ano.*

[675] O orixinal di *Entre Abril e Mayo fai fariña pa todo o ano.*

[676] O orixinal di *Entre folla, e folla, u demo escolla.*

[677] O orixinal di *Entre maio e xuño, cereixiño n'o puño.*

[678] O orixinal di *Entre Marzo e Abril sal o cuco do coobil.*

[679] O orixinal di *Entre marzo é abril sal u cuco do cubil.*

[680] O orixinal di *Entre marzo e abril, sale o cuco d'o cubil.*

[681] O orixinal di *Entre marzo e abril sale u cucú du cubil.*

[682] O orixinal di *Entre marzo e Abril u cuco ou afin.*

[683] O orixinal di *Entre marzo e abril se non ven o cuco, quere vir o fin.*

1338. **Entre pais e hirmáns non metas as maus.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

1339. **Entre pais e hirmaus non metas as maus.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

1340. **Entre pais e irmaus non metas as maus.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1341. **Entre san Xoán e Santiago Deus nos libre dun nubrado.** (Juan Bello Valiña [684])

1342. **Entre santa e santo, parede de cal e canto.** (Francisco Canosa Quintáns)

1343. **Entre santa Mariña e Nosa Señora anda a galiña moi cantadora.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1344. **Entre Santos e Nadal, inverno carnal.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1345. **Entruido á raxeira, Pascua á lareira.** (Francisco Canosa Quintáns)

1346. **Enxerto de vran tarde ha de brotar.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [685])

1347. **Enxoito en xaneiro, abondo no tulleiro.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1348. **Enxoito por xaneiro, abondo no tilleiro.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1349. **Enxoito por xaneiro, abondo no tulleiro.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / José A. Iglesias Ares)

1350. **Escribanos e ameixeiras líbremos Dios das miñas eiras.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1351. **Escribe antes de dar e colle antes de escribir.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1352. **Está o vello morrendo e está aprendendo.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

1353. **Está o vello morrendo e mais aprendendo.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1354. **Están máis cerca os dentes ca os parentes.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [686])

1355. **Este é o ben que Marica ten.** (M. González Fernández [687])

1356. **Esterca e non poñas marcos.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1357. **Esterco de folla, pan pola trolla.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [688])

1358. **Esterco de xesta, pan pola testa.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [689])

1359. **Estrelas a bailar, norte fresco a soplar.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

1360. **Estrica o pé según é a manta.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [690])

1361. **Estudiante da cama e do sol non vale un caracol.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1362. **Estudiante de cama e sol non val un caracol.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C / Manuel Camino Sánchez)

1363. **Estudiante de cama e sol non vale un caracol.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

1364. **Estudiante do sol non vale un caracol.** (Manuel Camino Sánchez)

1365. **Estúvolle como a pedra no ollo do boticario.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

1366. **Eu bebo pra afogar as penas, mais as condenadas aboian.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C [691])

---

[684] O orixinal di *Entre San Xoan e Santiago Deus nos libre d'un nubrado.*

[685] O orixinal di *En serco de vran tarde a de brotar.*

[686] O orixinal di *Estan mais cerca os dentes qua os parentes.*

[687] O orixinal di *Este e o ben que Marica ten.*

[688] O orixinal di *Esterco de folla, pan pol'a trolla.*

[689] O orixinal di *Esterco de xesta, pan pol'a testa.*

[690] O orixinal di *Estrica o pe segun e emanta.*

1367. **Eu nese peto nin saco nin meto.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

1368. **Eu non sei se é verda ou é mentira, pero lein nunha revista qu'os mellores paragüeros salen da terra da chispa.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [692])

1369. **Facenda de crego, dáa Dios e leva o demo.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

1370. **Facenda do crego, dáa Dios e leva o demo.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [693])

1371. **Facer ben, alcanzar mal.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

1372. **Fai ben a quen che fai mal.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C [694])

1373. **Fai ben e non mires a quen.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / José María García Vázquez: Dodro, C / Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C / Francisco Canosa Quintáns [695] / Francisco Luna Bande / Ríos Pereiro)

1374. **Fai boa fariña e non toques bocina.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1375. **Fai caso ós curas e xa verás como duras.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [696])

1376. **Fai com'o caracol, canto ten, leva ó sol.** (Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C [697])

1377. **Fai máis o que quere que o que pode.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [698])

1378. **Fai máis quen quere que quen pode.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [699] / Manuel Gómez Vilar [700] / M. González Fernández [701])

1379. **Fai o que che eu digo e non fagas o que eu fago.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1380. **Fai o que che mando e non fagas o que eu fago.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

1381. **Fai o que che mando, ho, non fagas o que eu fago.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

1382. **Fai o que eu che mando e non fagas o que eu fago.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1383. **Fai o que o cregho dixere e non fagas o que el fixere.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [702])

1384. **Fai o que podas e non o que queiras.** (M. González Fernández)

1385. **Fai unha o demo pra que lle crean un cento.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

1386. **Fai un[h]a o demo pra que lle crea un cento.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [703])

1387. **Faille caso a Mateo que minte como eu.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

1388. **Fainas a porca e páganas os marraos.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

---

[691] O orixinal di *Eu bevo pra afogar as penas mais as condenadas aboyan.*

[692] O orixinal di *Eu non sei se e verda ou e mentira pero lein nunha revista quos mellores paragueros salen da terra da chispa.*

[693] O orixinal di *Facenda do crego da a Dios e leva o demo.*

[694] O orixinal di *Fai ven ó quen che fai mal.*

[695] O orixinal di *Fay ven e non mires a quen.*

[696] O orixinal di *Fai caso os curas e xa verás como duras.*

[697] O orixinal di *Fai como caracol canto ten leva o sol.*

[698] O orixinal di *Fay mais o que quere que o que pode.*

[699] O orixinal di *Fai mais quen quere, que quen pode.*

[700] O orixinal di *Fai mais quen quere que quen pode.*

[701] O orixinal di *Fai mais quen quere que quen pode.*

[702] O orixinal di *Fai o que o crejo dixere e non fagas o que él fixere.*

[703] O orixinal di *Fai una o demo pra que lle crea un cento.*

1389. **Fala a Marta desde que está farta.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

1390. **Falan de que nunca se viu o abril que non fora ruín, sexa ó entrar sexa ó saír.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [704] / Manuel Barrós Fachal [705])

1391. **Fálase do rey en Roma e rosona.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1392. **Fala, zorrón, contigo cásanse e conmigo non.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1393. **Falta de pan, boas tortas.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1394. **Falten augas mil e non as de marzo e de abril; falten as de todo año e non as de abril e maio".** (M. González Fernández)

1395. **Fampa na plaza e fame na casa.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

1396. **Fan pan na casa e fame na plaza.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1397. **Fanas os porcos e páganas os bacuriños.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [706])

1398. **Fariña do diablo, toda se volve salvado.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1399. **Favores que me fixeche, favores me vas botando.** (Manuel Camino Sánchez)

1400. **Febreiriño con seus días vinteoito, si durara máis catro, non quedaba can nin gato.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1401. **Febreiriño con seus vinteoito, si trae máis catro, non queda can nin gato.** (M. González Fernández [707])

1402. **Febreiriño corto cos seus días vinteoito, i-o que ben llos contou, vintenove lle encontrou, e se tuvera outros catro, non deixaría can nin gato nin rato no borato.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [708])

1403. **Febreiriño quente trai o demo no vientre.** (M. González Fernández)

1404. **Febreiro a ferverexar e as porretiñas do pan a medrar.** (Francisco Canosa Quintáns)

1405. **Febreiro camiseiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (Juan Bello Valiña)

1406. **Febreiro corto cos seus vinteoito, se ten máis catro, non quedaba can nin ghato.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [709])

1407. **Febreiro corto cos seus vinteoito, si ten máis catro, non queda can nin ghato.** (Manuel Fernández Ferro [710])

1408. **Febreiro cos seus vinteoito, se dura un día máis, nin para can nin gato.** (Ríos Pereiro [711])

1409. **Febreiro cos seus vinteoito, si ten máis catro non queda can nin gato.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [712])

1410. **Febreiro curto cos seus vinteoito, se tivera máis catro, non quedaba can nin gato.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [713])

---

[704] O orixinal di *Falan de que nunca se viu o abril que non fora ruin, sexa o entrar, sexa o sair.*

[705] O orixinal di *Falan de que nunca se viu o abril que non fora ruin, sexa o entrar, sexa o sair.*

[706] O orixinal di *Fan'as os porcos, e pagan'as os bacuriños.*

[707] O orixinal di *Febreiriño con seus 28 si trai mais catro non queda can nin gato.*

[708] O orixinal di *Febreiriño corto cos seus dias vinteoito yo que ben llos contou 29 lle encontrou, et se tuvera outros catro non deixaría can nin gato nin rato no borato.*

[709] O orixinal di *Febreiro corto cus seus 28 se ten mais catro non quedaba can nin jato.*

[710] O orixinal di *Febreiro corto cos seus vinteoito si ten mais catro non queda can nin jato.*

[711] O orixinal di *Febreiro cos seus 28, se dura un dia mais nin para can nin gato.*

[712] O orixinal di *Febreiro cus seus vinteuito si ten mais catro non queda can nin gato.*

[713] O orixinal di *Febreiro curto cos seus 28, se tivera mais catro non quedaba can nin gato.*

1411. **Febreiro é inverneiro.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [714])

1412. **Febreiro faille as contas a xaneiro.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [715])

1413. **Febreiro lenceiro.** (Manuel Camino Sánchez [716])

1414. **Febreiro liñeiro, mayo liñeiro.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

1415. **Febreiro mata máis que maceleiro.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [717] / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [718] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [719] / José A. Iglesias Ares)

1416. **Febreiro mata máis que manceleiro.** (Juan Carlos Couselo Gago [720])

1417. **Febreiro mollado é nabeiro.** (Francisco Canosa Quintáns)

1418. **Febreiro oveiro.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1419. **Febreiro quente trai o demo no ventre.** (Manuel Gómez Vilar)

1420. **Febreiro tronado, bo ano pró sementado e... ruín pró ganado.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [721])

1421. **Febreiro tronado, bo ano pró sementado... e ruín pró ganado.** (Manuel Barrós Fachal [722])

1422. **Febreiro uvas dá; si n'as dou, x'as dará.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [723] / Manuel Fernández Ferro [724])

1423. **Febreiro: xiada na lareira e cachopo na leira.** (Juan Bello Valiña)

1424. **Fianza en Dios e botar a correr.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

1425. **Fianza en Dios que é santo vello.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [725])

1426. **Fidalgo pobre no palleiro morre.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1427. **Fidalgo pobre no pañeiro morre.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1428. **Fidalgo probe e bestas vellas acaban as nosas terras.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1429. **Filla e nai, dous demos pró pai.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [726])

1430. **Filla e nai, do[u]s demos pa un pai.** (Luís Vázquez Veiga [727])

1431. **Fillo eres, pai serás; así como fixeres, así serás.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / José A. Iglesias Ares)

1432. **Fillo eres, pai serás; según fagas, así o hallarás.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1433. **Fillo es e pai serás; según fixeres, así o terás.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

1434. **Fillo es, pai serás; como fagas, así as pagarás.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

---

[714] O orixinal di *Febreiro e inverneiro.*

[715] O orixinal di *Febreiro faille as contas a xaneiro en martes lardeiro, moito vento e poucas noces.*

[716] O orixinal di *Febreiro lenceiro.*

[717] O orixinal di *Febreiro mata mais que maceleiro.*

[718] O orixinal di *Febreiro mata mais que maceleiro.*

[719] O orixinal di *Febreiro mata mais que maceleiro.*

[720] O orixinal di *Febreiro mata mais que manceleiro.*

[721] O orixinal di *Febreiro tronado bó ano pro sementado, e... ruin pro ganado.*

[722] O orixinal di *Febreiro tronado bó ano pro sementado... e ... ruin pro ganado.*

[723] O orixinal di *Febreiro uvas dá si nas dou sas dará.*

[724] O orixinal di *Febreiro uvas da, si n'as dou x'as dará.*

[725] O orixinal di *Fianza en Dios que e santo bello.*

[726] O orixinal di *Filla e nai, dous demos pro pai.* Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[727] O orixinal di *Filla e nai dos demos pa un pai.*

1435. **Fillo es, pai serás; como fixeres, así o terás.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / M. González Fernández [728])

1436. **Fillo es, pai serás; como fixeres, así [o] terás.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [729])

1437. **Fillo es, pai serás; como foras serás.** (Carballo, C)

1438. **Fillo es, pai serás; como o fixeres, así terás.** (Manuel Lago López)

1439. **Fillo es, pai serás; según as fixeres, así as [terás].** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [730])

1440. **Fillo fuches, pai serás; como ti o fixeches, así o encontrarás.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1441. **Fillo fuche[s], pai serás; cal fixeres toparás.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / José Manuel Area Alonso [731])

1442. **Fillo non temos e nombre lle poñemos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1443. **Fillo sin amor, nai sin amor.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1444. **Fillos criados, traballos doblados.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C / Manuel Tojo Reboredo)

1445. **Fillos criados, traballos dobrados.** (Manuel Fernández Ferro / M. González Fernández)

1446. **Foise o día, acabouse a romería.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

1447. **Fol mollado masa leva.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimiazo, C / José Manuel Area Alonso)

1448. **Fol sobado má[i]s fariña leva.** (José Manuel Area Alonso [732])

1449. **Fornos e mulleres un, i aquela colgada como unha lámpara.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [733])

1450. **Forza de mozos e consello de vellos.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

1451. **Forza de mozos e consellos de vellos.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [734])

1452. **Fostes coller o pao á dovesa pra levar con el na cabeza.** (Francisco Canosa Quintáns [735])

1453. **Fousiño que a herba non corte, non debe estar no fachico.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [736])

1454. **Fun á casa allea e avergonceime; fun á miña e remedieime.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [737])

1455. **Gaiteiro pago nunca ben toca.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / José Manuel Area Alonso / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

1456. **Galiña de xaneiro pon no colmeiro.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

1457. **Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo pon.** (M. González Fernández)

1458. **Galiña que non pon, levala á feira.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [738])

---

[728] O orixinal di *Fillo és, pai seras, como fixeres axi o teras.*

[729] O orixinal di *Fillo es, pai seras como fixeres asi teras.*

[730] O orixinal di *Fillo es, pai serás, segun as fixeres, así as ...*

[731] O refrán aparece dúas veces coas formas *Fillo fuche pai serás cal fixeres toparás* e *Fillo fuche, pai seras, cal fixeches, toparas.*

[732] O orixinal di *Fol sobado mas fariña leva.*

[733] O orixinal di *Fornos e mulleres un, y ar aquela colgada como un'a lampara.*

[734] O orixinal di *Forma de mozos e consellos de bellos.*

[735] O orixinal di *Fostes coller o pao a dovesa pra levar con el na cabeza.*

[736] O orixinal di *Fousiño que a erba non corte non debe estar no fachico.*

[737] O orixinal di *Fun a casa allea e avergonceime, fun a miña e remedieime.*

[738] O orixinal di *Galiña que non pon, levala a feira.*

1459. **Galiñas das pernas verdes, nin as troques nin as vendas.** (Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

1460. **Gánase máis pedindo ca dando.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [739])

1461. **Gando blanco, nin no pasto nin no banco.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1462. **Gando gordo volve a seu amo tolo.** (Manuel Camino Sánchez)

1463. **Gando gordo volve a seu dono tolo.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1464. **Garda o pico e terás paz.** (M. González Fernández)

1465. **Garda que comer e non que facer.** (José Manuel Area Alonso)

1466. **Gardar que comer e non que facer é o que debe ser.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [740])

1467. **Gardar que comer e non que facer.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1468. **Gardar que comer e non ter que facer.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [741])

1469. **Gárdate de home que non fala e de can que non ladra.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1470. **Gasta en festa e viño o que has de deixar ós teus sobriños.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [742])

1471. **Gastar e non ter eu non sei cómo podrá ser.** (José A. Iglesias Ares)

1472. **Gastar e non ter non pode ser.** (J.M. Barral Sánchez)

1473. **Gastar e non ter non sei cómo ha de ser.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

1474. **Gastar e non ter non sei cómo poda ser.** (M. González Fernández)

1475. **Gastar e non ter non sei cómo pode ser.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO / Manuel Camino Sánchez)

1476. **Gastar e non ter non sei cómo podrá ser.** (Manuel Lago López)

1477. **Gato berrador non é o máis murador.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [743])

1478. **Gato escaldado da auga fría fuxe.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)

1479. **Gato muy berrador, nin por eso máis rateador.** (Eliseo López Varela)

1480. **Gato muy maulleador non é o máis rateador.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C [744])

1481. **Ghadillinos de lan, se non cobre, chove mañán.** (José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C [745])

1482. **Gota a gota, o mar se agota.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

1483. **Gracias a Dios hoxe cocemos catro panciños e cinco debemos.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C)

1484. **Gran e gran non fai graneiro pero axuda o compañeiro.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

1485. **Grande nevada, colleita doblada.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)

---

[739] O orixinal di *Ganase mais pedindo qua dando.*

[740] O orixinal di *Gardar que comer e non que facer, e o que debe ser.*

[741] O orixinal di *Gardar que comer e non terque facer.*

[742] O orixinal di *Gasta en festa e viño o que has de deixar os teus sobriños.*

[743] O orixinal di *Gato berrador, non e o mais murador.*

[744] O orixinal di *Gato muy maulleador non é o mais rateador.*

[745] O orixinal di *Jadillinos de lan se non cobre chove mañan.*

1486. **Hai cativos con fortuna e bos mozos sin ningunha.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

1487. **Has de ir ó río e non ver a agua.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [746])

1488. **Hast'as sete, tira, Pepe; das sete pra riba, tira, Pepe, tira.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

1489. **Hasta os ghatos queren zapatos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [747])

1490. **Hasta san Martiño pinga a folla; despois de san Martiño, fame e frío.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

1491. **Hasta san Martiño, pan e viño; de san Martiño a diante, fame e frío.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

1492. **Hasta san Martiño, pan e viño; de san Martiño adiante, fame e frío.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C [748])

1493. **Hasta san Martiño, pan e viño; despois de san Martiño, fame e frío.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [749])

1494. **Hasta san Martiño, pan e viño.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

1495. **Hastra o cuarenta de maio non cambies o saio.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1496. **Haxa cebo no palomar que palomas chegarán.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1497. **Hay cativos con fertuna e mozos sin ningunha.** (M. González Fernández)

1498. **Hay cativos con fortuna e bos mozos con ningu[n]ha.** (Manuel Barrós Fachal [750])

1499. **Hay cativos con fortuna e bos mozos sin ningunha.** (Manuel Lago López)

1500. **Hay cativos con fortuna e bos mozos sin ningun[h]a.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [751] / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [752])

1501. **Hay cativos sin fortuna e bos mozos sin ningunha.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1502. **Hay homes, homiños, macacos e macaquiños.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

1503. **Hay máis moscas xunto a unha entena que xunto a unha ola de vinagre.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1504. **Hay moitos burros da mesma color que o coiro.** (M. González Fernández)

1505. **Hay que ter razón, saber pedila e haber quen a dea.** (Francisco Canosa Quintáns)

1506. **Hay que traballar como pra sempre vivir.** (M. González Fernández)

1507. **Hay quen se quita un ollo pra que outro cegue.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [753])

1508. **Hay tantos xuícios como cabezas.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / José Manuel Area Alonso)

1509. **Herba mala non peligra.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

1510. **Herdeiro novo, mal polas silvas.** (M. González Fernández)

1511. **Home barbudo, home forzudo.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [754] / Luís Vázquez Veiga)

1512. **Home calado é bo pró ganado.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [755])

---

[746] O orixinal di *Hax de ir o rio e non ver a agua.*

[747] O orixinal di *Hasta os jatos queren zapatos.*

[748] O orixinal di *Hasta S. Martiño pan e viño, de S. Martiño adiante fame e frío.*

[749] O orixinal di *Hasta S. Martiño pan e viño despois de S. Martiño fame e frio.*

[750] O orixinal di *Hay cativos con fortuna e bos mozos con ninguha.*

[751] O orixinal di *Hay cativos con fortuna e bos mozos sin ninguna.*

[752] O orixinal di *Hay cativos con furtuna e bos mozos sin ninguna.*

[753] O orixinal di *Hay quen se quita un ollo prá que outro cegue.*

[754] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[755] O orixinal di *Home calado he vo pro ganado.*

1513. **Home casado, burro estropeado.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Juan Carlos Couselo Gago)

1514. **Home casado, muller é.** (M. González Fernández [756])

1515. **Home cazador e troiteiro non fai meda nin palleiro.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

1516. **Home cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1517. **Home cazador ou pescadeiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1518. **Home feludo, home forzudo.** (José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)

1519. **Home gaiteiro, nin boa meda nin bo paleiro.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

1520. **Home grande, patas de alambre.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

1521. **Home lampo e can rabelo, desconfía de eles como do demo.** (M. González Fernández)

1522. **Home lampo e can rabelo, desconfía del coma do demo.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

1523. **Home lampo e can rabelo, desconfía deles coma do demo.** (José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

1524. **Home lampo e can rabelo, desconfía deles como do demo.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Juan Carlos Couselo Gago)

1525. **Home lampo e can rabelo, desconfían deles como do demo.** (Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

1526. **Home lampo e can sin rabo, fuxe deles como o demo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [757])

1527. **Home lascivo, home perdido.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1528. **Home mariñeiro, home larpeiro.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1529. **Home mullereiro pérdese a si e perde o diñeiro.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

1530. **Home muy lumeiro, nin moita meda nin moito palleiro.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [758])

1531. **Home muy luneiro, ni muita meda ni moito pelleiro.** (Juan Carlos Couselo Gago)

1532. **Home muy luneiro, nin moita meda nin moito palleiro.** (José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

1533. **Home peludo, home forzudo.** (Freire López: Padrón, C / Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Carballo, C)

1534. **Home pequeno e can rabelo, desconfiar dil coma do demo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [759])

1535. **Home pequeno ten fol de veneno.** (José Lorenzo Viña)

1536. **Home pequeno, fol de veneno.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C / Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C / Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C / Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / José María García Vázquez: Dodro, C / Manuel Martín Gómez: Muxía, C / Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C / Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C / José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C /

[756] O orixinal di *Home casado muller e.*

[757] O orixinal di *Ome lampo e can sin rabo, fuxe de les como o demo.*

[758] O orixinal di *Home muy lumeiro non moita meda nin moito palleiro.*

[759] O orixinal di *Home pequeno e can rabelo, desconfiar d'il coma do demo.*

Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C / José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C / Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [760] / José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO / Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C / Manuel Fernández Ferro / M. González Fernández / José Lage Radío / Jesús Santiso Barreiro)

1537. **Home probe, a cama o come.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1538. **Home que canta, muller que asubía, ghaliña que canta como o capón, na miña casa non.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO [761])

1539. **Home que canta, seu mal espanta.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

1540. **Home que fía, muller que asubía e galiña que canta coma o capón, na miña non.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [762])

1541. **Home que fía, muller que asubía e galiña que canta como capón, na miña casa non.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1542. **Home que fíe, moller que asobía, galiña que canta como capón, na miña casa non.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

1543. **Home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (Juan Carlos Couselo Gago)

1544. **Home que non traballa, de vello dorme na palla.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal)

1545. **Home que ó levantarse dí "¡opa!" e ó sentarse di "¡ay! non sirve pa filla de meu pai.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [763])

1546. **Home ruadeiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1547. **Home sen dentes anda pola calle vendendo pindentes.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1548. **Home sentado non fai bo mandado.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1549. **Home taberneiro, home priguiceiro.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [764])

1550. **Home torto e can rabelo, pra fodelo.** (Francisco Canosa Quintáns [765])

1551. **Home tramposo e muller mentireira, na casa de quen-os queira.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [766])

1552. **Home tramposo e muller mintireira, na casa de quen-os queira.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [767])

1553. **Home troiteiro, nin meda nin palleiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1554. **Home valente e bota de viño pouco duran.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Valentín

[760] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[761] O orixinal di *Home que canta muller que asubía jaliña que canta como o capón xa miña casa nón.*

[762] O orixinal di *Home que fia, muller que asubia e galiña que canta com'a o capón, n'a miña non.*

[763] O orixinal di *Ome que o levantarse di opa e o sentarse di ¡ay! non sirve pa filla de meu pai.*

[764] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[765] O orixinal di *Ome torto e can rabelo prá fodelo.*

[766] O orixinal di *Home tramposo e muller mentireira na casa de quenos queira.*

[767] O orixinal di *Home tramposo e muller mintireira na casa de quen nos queira.*

González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / M. González Fernández)

1555. **Home xeniudo, pequeno e burro.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [768])

1556. **Homes de Lemos, homes chufós; bois da mulida, carros cantós.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1557. **Honra e proveito non caben nun feito.** (José Manuel Area Alonso)

1558. **Honra e proveito non collen nun xeito.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

1559. **Honra na praza e fame na casa.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

1560. **Horta de outono mantén a seu dono.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1561. **Horta de san Martiño mantén a seu dono e ao viciño.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

1562. **Horta de san Martiño mantén a seu dono e mais o veciño.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [769])

1563. **Horta de san Martiño mantén a seu dono e o veciño.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [770])

1564. **Hoxe por min, mañán por ti.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1565. **Ímola andando que a festa vai boa.** (M. González Fernández [771])

1566. **Inda din que mayo pardo e san Xoán craro fan o labrador honrado.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [772])

1567. **Inda é máis caro o pringue que o peixe.** (M. González Fernández [773])

1568. **Inda onte comeu herba e hoxe toca que arrabea.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

1569. **Indo polo camiño encontrei o demo ó meu ladiño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [774])

1570. **Indo por un camiño encontrei o demo ó meu ladiño.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1571. **Invidia non teñas si queres ter paz.** (M. González Fernández)

1572. **Ir e vir carrear se chama.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1573. **José pequeniño é: vai lavar a cara, vai lavar o pé.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

1574. **Kirieleison, Kirieleison, cartos ó meu queixón.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [775])

1575. **Kyrieleison, cartos ó queixón.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [776])

1576. **Labor feita ben parece.** (M. González Fernández)

1577. **Labor feito nada pide ó por facer.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [777])

1578. **Labra feita, bois ao monte.** (José Manuel Area Alonso [778])

1579. **Labra feita, bois ó monte.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [779] / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [780] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [781])

---

[768] O orixinal di *Home seniudo pequeno e burro.*

[769] O orixinal di *Horta de S. Martiño manten a seu dono e mais o veciño.*

[770] O orixinal di *Horta de Samartiño, mantén a seu dono e o veciño.*

[771] O orixinal di *I mola andando que a festa vai boa.*

[772] O orixinal di *Inda din que mayo pardo e San Xoan craro fan o labrador honrado.*

[773] O orixinal di *Inda e mais caro o pringue queo peixe.*

[774] O orixinal di *Indo po lo camiño, encontrey o demo o meu ladiño.*

[775] O orixinal di *Kirieleisón, Kirieleisón, cartos o meu queixón.*

[776] O orixinal di *Kyrieleison cartos o queixón.*

[777] O orixinal di *Labor feito nada pide o por facer.*

[778] O orixinal di *Labra feita bois a o monte.*

[779] O orixinal di *Labra feita bois o monte.*

[780] O orixinal di *Labra feita, bois o monte.*

[781] O orixinal di *Labra feita bois o monte.*

1580. **Labrador cazador, coellos na despensa e fame no comedor.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

1581. **Labrador cazador, conexos na despensa e fame no comedor.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

1582. **Labrador e cazador, coello na dispensa e fame no comedor.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

1583. **Labradores novos, pan polas silveiras.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1584. **Lareira como sea, pero ao fin tela.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C [782] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / M. González Fernández [783])

1585. **Lareira como sea, pero o caso é tela.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [784])

1586. **Lareira como sea, pero ó fin tela.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [785] / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [786])

1587. **Lareira, boa ou mala, o caso é tela.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [787])

1588. **Lareira, bo[a] ou mala, o caso é tela.** (Manuel Camino Sánchez [788])

1589. **Lengua de sete palletas, donde non te chaman, non te metas.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

1590. **Lengua de sete palletas, onde non che chamen, non te metas.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

1591. **Leña verde e xente moza todo é fume.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [789])

1592. **Leña verde e xente nova todo é fume.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [790] / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [791] / José Manuel Area Alonso [792] / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [793])

1593. **Leña verde xente nova todo é fume.** (José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C [794])

1594. **Levántate mayo, que moito dormiche, pasou abril e ti no no viche.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

1595. **Levante mayo, que tanto dormiche, que pasou abril e ti non-o viche.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

1596. **Levantouse preguisiña e puxo lume á casiña.** (M. González Fernández [795])

1597. **Lingua de sete palletas, onde non te chaman, non te metas.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

1598. **Liño de Holanda pesa e non anda.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / José Manuel Area Alonso / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1599. **Lonxe da vista, lonxe do corazón.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [796])

---

[782] O orixinal di *Lareira como sea, pero a o fin tela.*
[783] O orixinal di *Lareira como sea, pero a o fin tela.*
[784] O orixinal di *Lareira como sea, pero o caso e tela.*
[785] O orixinal di *Lareira como sea, pero o fin tela.*
[786] O orixinal di *Lareira como sea, pero o fin tela.*
[787] O orixinal di *Lareira boa ou mala, ucase tela.*
[788] O orixinal di *Lareira bo ou mala, u case e tela.*
[789] O orixinal di *Leña verde e xente moza todo e fume.*
[790] O orixinal di *Leña verde e xente nova todo e fume.*
[791] O orixinal di *Leña verde e xente nova todo e fume.*
[792] O orixinal di *Leña verde e xente nova todo e fume.*
[793] O orixinal di *Leña verde e xente nova todo e fume.*
[794] O orixinal di *Leña verde, xente nova todo e fume.*
[795] O orixinal di *Levantouse preguisiña e puso lume a casiña.*
[796] O orixinal di *Lonxe d'a vista, lonxe d'o corazón.*

1600. **Lugueses han de ser: onde eles lavan a cara, calquera pode beber.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

1601. **Lume xunt'a estopa, vén o demo e sopra.** (José Manuel Area Alonso [797])

1602. **Lume xunto a estopa, vén o demo e sopra.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1603. **Luna cercada, semana mollada.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [798])

1604. **Luna erg[u]eita, marea escorreita.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [799])

1605. **Luna nova con tronada, cinco días de troulada.** (Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)

1606. **Luna nova con tronada, trinta días mollada.** (Carballo, C)

1607. **Luna nova, luna chea, marea chea ás dúas e media.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [800])

1608. **Luna posta, marea na costa.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

1609. **Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro e filla de taberneiro, non os queirades por ningún diñeiro.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

1610. **Madeira da serra e pan da cazola nunca sobra.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1611. **Madeira de serra e pan de cazola nunca sobran.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

1612. **Madeira de serra e pan de cazola nunca sobra.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

1613. **Madeira serrada, plata labrada.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

1614. **Madrugha e verás, traballa e verás.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [801])

1615. **Mágoas alleas matan os burros.** (M. González Fernández)

1616. **Maio madeiro.** (Manuel Camino Sánchez)

1617. **Maio maiolo, e o pior é o outro que vén logo.** (Francisco Canosa Quintáns [802])

1618. **Maio pardo e san Xoán craro, e aí tes as chaves de todo o ano.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns)

1619. **Maio pardo, san Xoán claro.** (M. González Fernández [803])

1620. **Máis de medio ano véselle o día ó cabazo.** (Francisco Canosa Quintáns [804])

1621. **Máis moscas xunta entena de mel que ola de vinagre.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [805])

1622. **Máis val paxaro en man que cen voando.** (J.M. Barral Sánchez [806])

1623. **Máis vale berzas en paz que guisados en guerra.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [807])

1624. **Máis vale casta que fariña.** (José Lage Radío [808])

1625. **Máis vale o can pequeno agudo có can grande e burro.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C [809])

1626. **Máis vale o que Dios axuda que o que moito madruga.** (Manuel Gómez Vilar)

---

[797] O orixinal di *Lume xunta estopa ven o demo e sopla.*
[798] O orixinal di *Luna circada semana mollada.*
[799] O orixinal di *Luna ergeita marea escorreita.*
[800] O orixinal di *Luna nova, luna chea marea chea as duas emedia.*
[801] O orixinal di *Madruja e veras, traballa e beras.*
[802] O orixinal di *Maio maiolo e o pior é u outro que ven logo.*
[803] O orixinal di *Mayo pardo S. Xoan claro.*
[804] O orixinal di *Mais de medio ano veselle o día o cabazo.*
[805] O orixinal di *Mais moscas xunta entena de mel que ola de vinagre.*
[806] O orixinal di *Mais val paxaro en man que cen boando.*
[807] O orixinal di *Mais vale berzas en paz, que guisados en guerra.*
[808] O orixinal di *Mais vale casta que fariña.*
[809] O orixinal di *Mais vale o can pequeno agudo co can grande é burro.*

1627. **Máis vale pan duro que pedras moles.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [810])

1628. **Máis vale paxaro na man que cento voando.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [811])

1629. **Máis vale pequeno e agudo que grande e burro.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [812])

1630. **Máis vale pequeno listo que burro grande.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [813])

1631. **Máis vale pobre e honrado que rico e malvado.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [814])

1980. **Non hay atallo sin traballo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / José Porto Buceta: Portas, PO / Manuel Camino Sánchez / Francisco Canosa Quintáns / Emilio Segade Vidones / José Ignacio Seijo Santiago)

1981. **Non hay blanca sin chata nin morena sin gracia.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

1982. **Non hay boda pobre nin enterro rico.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1983. **Non hay calabaza, tapón nin muller sin quita e pon.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1984. **Non hay camiño tan claro que non teña barranco.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

1985. **Non hay carne sin hóso.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

1986. **Non hay carneiro que non lle chegue o seu samartiño.** (Xestoso, C)

1987. **Non hay costa arriba sin costa abaixo.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

1988. **Non hay cousas como as millores.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

1989. **Non hay domingo que o sol non quente.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

1990. **Non hay feira mala: o que un perde outro gana.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

1991. **Non hay feira mal[a]: o que un perde outro gana.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [962])

1992. **Non hay fume sin lume.** (Manuel Camino Sánchez)

1993. **Non hay máis sordo que o que non quere oír.** (José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C [963])

1994. **Non hay mal que dure cen anos nin corpo que o resista.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

1995. **Non hay mal que por ben non veña.** (Francisco Canosa Quintáns [964])

1996. **Non hay mal que por ben veña.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

1997. **Non hay manxar que non empalaghe e vicio que non enfade.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [965])

[960] O orixinal di *Non hai peja sin mancha negra.*

[961] O orixinal di *Non hai peor cuña, que a d'o mesmo páu.*

[962] O orixinal di *Non hay feira mal; o que un perde outro gana.*

[963] O orixinal di *Non hay mais sordo que o que non quere oir.*

[964] O orixinal di *Non hay mal que por ven non veña.*

1998. **Non hay mellor cousa que non ter nada: ladran os cans, déitome na cama.** (Francisco Canosa Quintáns)

1999. **Non hay mellor fala que a que queda por decir.** (Jesús Santiso Barreiro)

2000. **Non hay mellor xordo có que non quer oír.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [966])

2001. **Non hay muller que teña seso cando se mira ó espello.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [967])

2002. **Non hay palleiro sin palla.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2003. **Non hay pegha sin mancha negra.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [968])

2004. **Non hay pegha sin manchas negras.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [969])

2005. **Non hay peor cuña cá do mismo pao.** (José Manuel Area Alonso [970])

2006. **Non hay peor cuña cá do mismo pau.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [971])

2007. **Non hay peor duro có desnudo.** (José Manuel Area Alonso [972])

2008. **Non hay peor sordo que o que non quer oír.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2009. **Non hay peor sordo que o que non quere oír.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2010. **Non hay peor sordo que o que non quere ouír.** (José Porto Buceta: Portas, PO)

2011. **Non hay peor tonto que o que se fai.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2012. **Non hay pe[or] cuña que a do mismo pao.** (Francisco Canosa Quintáns [973])

2013. **Non hay pior sordo que o que non quer oír.** (Francisco Canosa Quintáns)

2014. **Non hay plazo que non cheghe e deuda que non se paghe.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [974])

2015. **Non hay plazo sarodio.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2016. **Non hay pouco que chegue nin moito que non se acabe.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / José A. Iglesias Ares)

2017. **Non hay pouco que non chegue nin moito que non se acabe.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2018. **Non hay prinsipio sin secudera.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

2019. **Non hay quen tire da burra coma seu dono.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2020. **Non hay sábado sin sol nin María sin amor nin árbol que non bote flor.** (Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

2021. **Non hay sábado sin sol nin Marica sin amor.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

2022. **Non hay sábado sin sol nin moza sin amor.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2023. **Non hay sábado sin sol nin romeiro sin frol nin dama sin amor.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

---

[965] O orixinal di *Non hay Manxar que non empalaje e vicio que non enfade.*

[966] O orixinal di *Non hay mellor xordo, co que non quer oir.*

[967] O orixinal di *Non hay muller que tena seso cando se mira o espello.*

[968] O orixinal di *Non hay peja sin mancha negra.*

[969] O orixinal di *Non hay peja sin manchas negras.*

[970] O orixinal di *Non hay peor cuña da do mismo pao.*

[971] O orixinal di *Non hay peor cuña ca do mismo pau.*

[972] O orixinal di *Non hay peor duro qo desnudo.*

[973] O orixinal di *Non hay percuña que a do mismo pao.*

[974] O orixinal di *Non hay plazo que non cheje e deuda que non se paje.*

2024. **Non hay santo sin san nin María sin Xuan.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2025. **Non lles des a outros o que non queres para ti.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [975])

2026. **Non pagha seghuro quen corre polo muro.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [976])

2027. **Non pasa seguro quen corre polo muro.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [977])

2028. **Non peca de gula quen non tuvo fortuna.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2029. **Non peca de gula quen nunca tuvo fartura.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2030. **Non pidas a quen pedió nin sirvas a quen servió.** (Francisco Canosa Quintáns)

2031. **Non por moito madrughar amanece máis cedo.** (Manuel Fernández Ferro [978])

2032. **Non por muito madrugar amanece máis cedo.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [979])

2033. **Non prestes besta ó que non ten besta.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [980])

2034. **Non queiras para ti o que non queiras para outro.** (Francisco Canosa Quintáns)

2035. **Non quero papas nin ir ás vacas.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [981])

2036. **Non se engaña que non canta.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2037. **Non se engaña quen non conta.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2038. **Non se ganou Zamora nunha hora.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [982])

2039. **Non se pescan as troitas cas braghas enxoitas.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [983])

2040. **Non se pillan as troitas cas bragas enxoitas.** (Manuel Fernández Ferro [984])

2041. **Non se sabe de quén é a recua hasta [que] morre o arrieiro.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [985])

2042. **Non se sabe o que pesa a carne en canto n'o di a romana.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [986])

2043. **Non sea tanta a cera qu'arda a iglesia.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [987])

2044. **Non sea tanto o tirar que parta a corda.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

2045. **Non sea tanto o tirar que rompa a corda.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

2046. **Non sempre o ladrón leva a culpa.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C [988] / Francisco Canosa Quintáns)

---

[975] O orixinal di *Non lles des a outros u que non queres para ti.*

[976] O orixinal di *Non paja sejuro quen corre po lo muro.*

[977] O orixinal di *Non pasa seguro, quen corre po lo muro.*

[978] O orixinal di *Non por moito madrujar amanece mais cedo.*

[979] O orixinal di *Non por muito madrugar, amanece mais cedo.*

[980] O orixinal di *Non prestes besta, o que non ten besta.*

[981] O orixinal di *N'on quero papas, nin ir as vacas.*

[982] O orixinal di *Non se ganou Zamora nun a hora.*

[983] O orixinal di *Non se pescan as troitas cas brajas enxoitas.*

[984] O orixinal di *Non se pillan as troitas cás bragas enxoitas.*

[985] O orixinal di *Non se sabe de quen e a recua, hasta morre o arrieiro.*

[986] O orixinal di *Non se sabe o que pesa a carne en canto no di a romana.*

[987] O orixinal di *Non sea tanta a cera carda a Iglesia.*

[988] O orixinal di *Non sempre ó ladrón leva a culpa.*

2047. **Non sirvas a quen sirveo nin pidas a quen pideu.** (Francisco Luna Bande)

2048. **Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO / José Manuel Area Alonso / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2049. **Non son as polainas, son as pernas do home.** (M. González Fernández)

2050. **Non tan todos os que deben nin son todos os que están.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2051. **Non te abatas por pobreza nin te ensalces por riqueza.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2052. **Non te cases con un ferreiro, que é muy malo de lavar; cásate con un mariñeiro, que xa vén lavado do mar.** (Félix Rodríguez Vieites [989])

2053. **Non te deites sin rezar nin te levantes sin santiguar.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2054. **Non te empeñes sin razón nin te envaines sin honor.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2055. **Non te fíes das cousas que vexas ¡pálpaas!** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

2056. **Non te fíes das cousas que vexas: pálpaas.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

2057. **Non te fíes no que moito fala.** (José Lorenzo Viña)

2058. **Non te levantes antes de cantar o galo.** (Xestoso, C)

2059. **Non te metas en camisas de once varas.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2060. **Non te rías de ninguén, que se rin de ti tamén.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / Manuel Fernández Ferro)

2061. **Non temos nada: ladran os cans, estamos na cama.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

2062. **Non todo o ano é agosto.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [990] / Francisco Canosa Quintáns)

2063. **Non todo o que reloce é ouro.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [991])

2064. **Non todo o que se di se fai nin todo o que se fai se di.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

2065. **Non tódolos que dan son bos.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [992] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [993] / Francisco Luna Bande [994])

2066. **Non tomes por dona muller replicona.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2067. **Nordeste escuro, vendaval seguro.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

2068. **Noroeste de serán, vendaval pola mañán.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [995])

2069. **Noroeste ó serán, vendabal pola mañán.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C [996])

2070. **Norte escamado, vendaval bravo.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

2071. **Norte escuro, vendaval seguro.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)

2072. **Norte obscuro, vendabal seguro.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

---

[989] O orixinal di *Nonte cases con un ferreiro que e muy malo de lavar casate con un mariñeiro que xa ven labado do mar.*

[990] O orixinal di *Non todo o ano e agosto.*

[991] O orixinal di *Non todo o que reloce e our.*

[992] O orixinal di *Non todos los que dan son bos.*

[993] O orixinal di *Non todo los que dan son boos.*

[994] O orixinal di *Non todo os quedan, son bos.*

[995] O orixinal di *Noroeste de serán bendabal po la mañán.*

[996] O orixinal di *Noroeste o serán, vendabal po la mañá.*

2073. **Norte obscuro, vendaval seguro.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

2074. **Norte oscuro, vendabal seguro.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO / José Lage Radío)

2075. **Norte oscuro, vendaval seguro.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

2076. **Nos niños do ano pasado non hay esti-ano paxaro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [997])

2077. **Noveliños de la: se non chove hoxe, chove mañá. (Falan as nubes /** Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

2078. **Noveliños de la: se non chove hoxe, choverá mañá.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2079. **Novos herdeiros, pan nos comareiros.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [998])

2080. **Nubes roxas ó nacente traien choiva de repente.** (Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)

2081. **Nublado do levante, ei boi pa diante.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C [999])

2082. **Nublado do ponente, colle os bois e vente.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C)

2083. **Nunca ben toca gaiteiriño pago.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1000])

2084. **Nunca chove como troa.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2085. **Nunca chove como trona nin nunca trona como chove.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2086. **Nunca chove como trona.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / José María García Vázquez: Dodro, C / Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / ? López Baleato)

2087. **Nunca é tarde cando a dicha é boa.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1001])

2088. **Nunca falta un manquiño para o fouciño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2089. **Nunca falta un manquiño pró fouciño.** (Francisco Canosa Quintáns [1002])

2090. **Nunca falta un roto pr'on descosido.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2091. **Nunca medra a araña que fía e non debana.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2092. **Nunca moito erra o que aos seus asemella.** (R. Celso Rodríguez Rodríguez)

2093. **Nunca moito erra o que aos seus semella.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2094. **Nunca os lobos comeron uns os outros.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

2095. **Nunca pidas a quen ten sinón a quen sabes que che quer.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2096. **Nunca pode chover a ghusto de todos.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [1003])

2097. **Nunca se mirou abril que non fora ruín.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

2098. **Nunca se mirou abril sin ser ruín.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

---

[997] O orixinal di *Nos niños do ano pasado non hay estiano paxaro.*

[998] O orixinal di *Novos herdeiros, pan n'os comareiros.*

[999] O orixinal di *Nublado du levante ei boi pa diante.*

[1000] O orixinal di *Nunca ven toca gaiteiriño pago.*

[1001] O orixinal di *Nunca e tarde cando a dicha e voa.*

[1002] O orixinal di *Nunca falta un manquiño pro fouciño.*

[1003] O orixinal di *Nunca pode chover a justo de todos.*

2099. **Nunca te deitarás sin saber unha cousa máis.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2100. **Nunca un burro morreu calvo.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2101. **O almorzo cedo cría carne e cebo.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

2102. **O allo cada día de xaneiro perde seu alleiro.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2103. **O amigo e o cabalo n'os canses.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1004])

2104. **O amigo que non é amigo ten un ollo cerrado e outro aberto.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1005])

2105. **O amo majestuoso fai o criado reverencioso.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2106. **O amo que ten criados e non traballa e n'os vai a ver, venda o que ten prós manter.** (Francisco Canosa Quintáns [1006])

2107. **O amor con amor se paga.** (Francisco Canosa Quintáns)

2108. **O ano ten que ter a herba pra ser de rechupete.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2109. **O arco da vella ó poniente, fala aos bois e vente.** (Juan Carlos Couselo Gago / José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C [1007])

2110. **O arco da vella ó poniente, fala ós bois e vente.** (José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C [1008])

2111. **O arco da vella ó raante, fala ós bois pra diante.** (José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C [1009] / Juan Carlos Couselo Gago)

2112. **O arco de vella ó poniente, fala ós bois e vente.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [1010])

2113. **O arco de vella ó raante, fala ós bois pra diante.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [1011])

2114. **O arroz, o guiso e o pepino nacen na aghua e morren no viño.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1012])

2115. **O augua de san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1013])

2116. **O azucareiro, chovendo, tiña un mortífero veneno.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2117. **O ballón de san Juan quita o viño e non dá pan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2118. **O ballón de san Juan saca o viño e non dá pan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1014])

2119. **O barquiño que moito quer camiñar, volta no camiño dá.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1015])

2120. **O ben feito ben parece, e o que fai algo merece.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2121. **O ben feito ben parece, e o que o fai algo merece.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López:

[1004] O orixinal di *Oh amigo e o cabalo nos canses.*

[1005] O orixinal di *O amigo que non e amigo ten un un ollo cerrado e outro aberto.*

[1006] O orixinal di *O amo que ten criados e non traballa é nos vai a ver venda o que ten pros manter.*

[1007] O orixinal di *O arco da bella o poniente fala a os bois en vente.*

[1008] O orixinal di *O arco da bella ó poniente fala os bois e vente.*

[1009] O orixinal di *O arco da bella o raante fala os bois pra diante.*

[1010] O orixinal di *O arco de bella o poniente fala os bois e vente.*

[1011] O orixinal di *O arco de bella o raante fala os bois pradiante.*

[1012] O orixinal di *O arroz, o juiso e o pepino nacen na ajua e morren no vino.*

[1013] O orixinal di *O augua de S. Xoán tolle o viño e non da pan.*

[1014] O orixinal di *U vallón de S. Juan saca u viño e non da pan.*

[1015] O orixinal di *O barq'uiño q'ue moito q'uer camiñar bolta no camiño da.*

Lalín, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1016])

2122. **O ben feito ben parece, e o [q]ue o fai algo merece.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [1017])

2123. **O ben feito ben parece, o que o fai algo merece.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

2124. **O ben feito, ben parece, e o que o fai, algo merece.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2125. **O blanco viño gústalle ó monaguillo.** (Francisco Canosa Quintáns [1018])

2126. **O boi ceibo de seu se lambe.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2127. **Ó boi pellexón nunca lle faltou o seu roxón.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1019])

2128. **O boi pola corda e o home pola palabra.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1020])

2129. **O boi que non pasta no prado ¿donde irá a pastar?** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2130. **O boi ruín en corno medra.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

2131. **O burro é o único animal que tropeza dúas veces na misma pedra.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1021])

2132. **O burro, canto máis grande, máis lambe.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1022])

2133. **O cabalo grande, ande non ande.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2134. **Ó cabalo regalado non se lle mira un dente.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [1023])

2135. **O caldo sin pan no inferno o dan.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2136. **O camello é o animal que menos bebe... non sea Vd. camello.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [1024])

2137. **O can baila polo pan.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1025])

2138. **O can cando ladra [é] porque alguien anda na manada.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1026])

2139. **O can de san Torrado, canto fai c[o]a boca, desfaino co rabo.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO [1027])

2140. **O can de san Torrado, todo canto fai coa man, desfa[i] co rabo.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1028])

2141. **O can do palleiro non quer compañeiro.** (José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C)

2142. **O can ghrande sempre morde de pequeno.** (José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C [1029])

2143. **O can grande sempre morde do pequeno.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)

2144. **O can liebreiro é madrughón.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [1030])

[1016] O orixinal di *Oben feito ven parece e o que o fai algo merece.*

[1017] O orixinal di *O ben feito, ben parece, e o ue o fai algo merece.*

[1018] O orixinal di *O blanco viño gústalle o monaguillo.*

[1019] O orixinal di *O boy pellexón nunca lle faltou u seu roxón.*

[1020] O refrán aparece dúas veces coas formas *O boi pol'a corda e o home pol'a palabra* e *O boy po la corda e o home po la palabra.*

[1021] O orixinal di *O burro e o unico animal que tropeza duas veces na misma pedra.*

[1022] O orixinal di *O burro canto maix grande maix lambe.*

[1023] O orixinal di *O cabalo regalado non se ye mira un dente.*

[1024] O orixinal di *Ó camello é o animal que menos bebe.... non sea v. camello.*

[1025] O orixinal di *O can baila po lo pan.*

[1026] O orixinal di *O can cando ladra porque alguien anda na manada.*

[1027] O orixinal di *O can de San Torrado canto fai ca boca desfaino co rabo.*

[1028] O orixinal di *O can de San Torrado todo canto fai coa man desfa co rabo.*

[1029] O orixinal di *O can jrande, sempre morde de pequeno.*

2145. **O can no palleiro despois non fai bo caseiro.** (Manuel Varela Pérez: Santa María de Castrofeito, O Pino, C)

2146. **O can no palleiro non quer compañeiro.** (Francisco Canosa Quintáns)

2147. **O can no seu palleiro é moita xente.** (M. González Fernández [1031])

2148. **O can ouvea cando o corpo cheira a morto.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2149. **O can que máis ladra non é o que máis morde.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1032] / José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [1033] / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1034] / José Porto Buceta: Portas, PO [1035] / Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [1036] / Manuel Camino Sánchez [1037])

2150. **O can que moito ladra non é o que máis morde.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1038])

2151. **O can que moito ladra nunca mal pode facer.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1039])

2152. **O can que moito ladra pouco morde.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2153. **O can que muito ladra non é o que morde.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1040])

2154. **O can que vai a donde n'o chaman leva paos.** (José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C [1041])

2155. **O can que vai a donde n'o chaman leva paus.** (Manuel Canedo Nimo: Trasmonte, Ames, C [1042])

2156. **O can que vai a donde o chaman, leva paos.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C [1043])

2157. **O can que vai a onde non o chaman leva paus.** (José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C [1044])

2158. **O can salta polo pan.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2159. **O canciño, canto máis pequeniño, máis moniño.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1045])

2160. **Ó can, canto máis grande, máis trancazos lle dan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1046])

2161. **O carneiro encantado que foi por lan volveu trasquilado.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

2162. **O carro derradeiro, ou cheo ou baldeiro.** (Freire López: Padrón, C)

2163. **O carro derradeiro, ou vai cheo ou vai baldeiro.** (Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO [1047])

2164. **O casamento con foghetes acaba con cachetes.** (Juan Carlos Couselo Gago [1048])

[1030] O orixinal di *O can liebreiro e madrujón.*

[1031] O orixinal di *O can no seu palleiro e moita xente.*

[1032] O orixinal di *O can que mais ladra, non e o que mais morde.*

[1033] O orixinal di *O can que mais ladra non e o que mais morde.*

[1034] O orixinal di *O can que maix ladra, non e o que maix morde.*

[1035] O orixinal di *O can que mais ladra non e o que mais morde.*

[1036] O orixinal di *O can que mais ladra non e o que mais morde.*

[1037] O orixinal di *O can que mais ladra non e o que mais morde.*

[1038] O orixinal di *O can que moito ladra, non he o que mais morde.*

[1039] O orixinal di *O c'an que moito ladra nunca mal pode facer.*

[1040] O orixinal di *O can que muyto ladra non he o que morde.*

[1041] O orixinal di *O Can que vai a donde no chaman leva paos.*

[1042] O orixinal di *O Can que vay a donde no chaman leva paus.*

[1043] O orixinal di *O can que vay a donde o chaman, leva paos.*

[1044] O orixinal di *O cán que vay a onde non o chaman leva paus.*

[1045] O orixinal di *O canciño canto maix pequeniño maix moniño.*

[1046] O orixinal di *O can canto mais grande, mais trancazos lle dan.*

[1047] O orixinal di *O carro de radeiro ou vai cheo ou vai valdeiro.*

2165. **O cazador da escopeta e o cazado da cama come máis ca do que gana.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [1049])

2166. **O comer e o arañar querse comenzar.** (Francisco Canosa Quintáns)

2167. **O consello da muller é pouco, e o que n'o sigue, un loco.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1050])

2168. **O cortixo de malas abellas pensa as súas polas alleas.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2169. **O cortizo de malas abellas pens'as súas polas alleas.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [1051])

2170. **O cregho, donde canta, alí xanta.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1052])

2171. **O crego donde canta alí xanta.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / José María García Vázquez: Dodro, C [1053] / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

2172. **O crego en donde canta alí xanta.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2173. **O crego mentras xanta non canta.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

2174. **O crego onde canta alí xanta.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

2175. **O criado mal mandado pon a mesa e mando a algún recado.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

2176. **O cueiro do probe estira e encolle.** (Francisco Canosa Quintáns)

2177. **O cuiro alleo non doi.** (Francisco Canosa Quintáns)

2178. **O cura donde canta alí xanta.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2179. **O cura e o zorro, si perde a mañán, pérdeo todo.** (Eliseo López Varela)

2180. **O cura i-o zorro, se perden a mañá, pérdeno todo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1054])

2181. **O cura no "Kirie eleyson" sempre pide cartos para o caixón.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2182. **O cura onde canta alí xanta.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951)/ Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2183. **O chan está mollado cando as nubes soltan as aguas.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2184. **Ó chegar o san Martiño mátase o porco e próbase o viño.** (Juan Bello Valiña [1055])

2185. **O decir non ten cancelas.** (Francisco Canosa Quintáns)

2186. **O demo as fai e o demo as colle.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C [1056])

2187. **O demo éche moi listo; ten contigo sempre un Cristo.** (Pedro Pontes García [1057])

2188. **O demo, para facelos, tapa con unha manta, e para descubrilos, toca unha gaita.** (M. González Fernández)

2189. **O demo, pra facelas, cobre unha manta, e pra desfacelas, toca unha gaita.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1058])

2190. **O derradeiro, ou cargado ou baldeiro.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

[1048] O orixinal di *O casamento con fojetes acaba con cachetes.*

[1049] O orixinal di *U cazador da escopeta e o cazado da cama, come mais ca do que gana.*

[1050] O orixinal di *O conseyo da muller e pouco e o que no sige un loco.*

[1051] O orixinal di *O cortizo de malas abellas pens'as suas pol'as alleas.*

[1052] O orixinal di *O Crejo donde canta alí xanta.*

[1053] O orixinal di *O crego donde canta alixanta.*

[1054] O orixinal di *O cura yo zorro, se perden a mañá, pérdeno todo.*

[1055] O orixinal di *O chegar o San Martiño, mátase o porco, e próbase o viño.*

[1056] O orixinal di *O demo has fai é ó demo has colle.*

[1057] O orixinal di *U demo heche moy listo, ten con tigo sempre un Cristo.*

[1058] O orixinal di *O demo, p'ra facel'as, cobre unha manta; e p'ra desfacel'as, toca unha gaita.*

2191. **O derradeiro, ou cheu ou baldeiro.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

2192. **O día da Ascensión saca o torrón.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1059])

2193. **O día de mañán colle o traballo pola man.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO [1060])

2194. **O día de san Marcos, nin nado nin nos cachos.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1061])

2195. **O día de san Martiño proba o teu viño.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C [1062] / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

2196. **O día de san Matías igualan a[s] noites cos días.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1063])

2197. **O día de santa Inés chove un[h]a sola ves.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [1064])

2198. **O día que non che dean de cenar ¿que almorzo che van a dar?** (Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

2199. **O día trece, si é martes, non te cases nin te embarques.** (J.M. Barral Sánchez [1065])

2200. **O diñeiro do sacristán, cantando se lle veu e cantando se vai.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1066])

2201. **O dito de febreiro, xornal enteiro.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2202. **Ó enemigo que marcha, ponte de plata.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [1067])

2203. **O Entroido coas súas artes botou a san Matías fóra do martes.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1068])

2204. **O envidioso nunca está sosegado.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2205. **O estudio é un gran tunante.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [1069])

2206. **O facer un[h]a fumada é[c]he afumar un[h]a chourizada.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1070])

2207. **O fariseo e o publicano foron dous americanos.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [1071])

2208. **O feito non lle pide nada ó por facer.** (Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO [1072])

2209. **O fiado leva a mitá do clavo.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2210. **O fillo da cabra cabirto é.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2211. **O fillo da cabra cabritiño é.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1073])

[1059] O orixinal di *U dia da Ascensión saca u torrón.*

[1060] O orixinal di *O dia de mañan, colle o traballo po la man.*

[1061] O orixinal di *U día de S. Marcos nin nado nin nos cachos.*

[1062] O orixinal di *O dia de Sn Martiño proba o teu viño.*

[1063] O orixinal di *U día de S. Matías igualan a noites cos días.*

[1064] O orixinal di *O dia de Santa Ines chove una sola ves.*

[1065] O orixinal di *O día trece si e Martes non te cases nin te embarques.*

[1066] O orixinal di *O diñeiro do xacristan cantando se lle veu e cantando se bay.*

[1067] O orixinal di *O enemigo que marcha ponte de plata.*

[1068] O orixinal di *O entroido coas suas artes votou a S. Matias fora do martes.*

[1069] O orixinal di *O estudio e un gran tunante.*

[1070] O orixinal di *O facer una fumada ehe afumar una chourizada.*

[1071] O orixinal di *U fariseo e o publicano foron dous americanos.*

[1072] O orixinal di *O feito non lle pide nada o por facer.*

[1073] O orixinal di *O fillo da cabra cabritiño e.*

2212. **O fillo da cabra cabrito é.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2213. **O fillo da cabra ha de ser cabrito.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [1074])

2214. **O fillo da cabra tira á silveira.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1075])

2215. **O fillo da cabra, cabrito.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

2216. **O fillo da cab[r]a, cabrito.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C [1076])

2217. **O fillo que non respeta os pais, pode estar seguro que no se ha de salvar.** (Luís Vázquez Veiga)

2218. **O forreiro da ma[l]dición, cando ten ferro, non ten carbón, e cando ten todo, non ten devazón.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [1077])

2219. **O fumador que sabe fumar, bota o fume antes de falar.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [1078])

2220. **O fumador que sabe fumar, bota o fume despois de falar.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2221. **O gaiteiro pago nunca ben toca.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [1079] / Manuel Camino Sánchez)

2222. **O galo de xaneiro vale un carneiro.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C / Juan Carlos Couselo Gago)

2223. **Ó gando bravo, corda solta.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1080])

2224. **O gardar sempre é ben: o que garda sempre ten.** (M. González Fernández [1081])

2225. **O gato é da casa i-o can é do amo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1082])

2226. **Ó gato escaldado a auga fría lle pon medo.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [1083])

2227. **O gato escaldado fuxe á agua fría.** (José Lage Radío [1084])

2228. **O gato grande pouco lambe.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2229. **O gato lambiqueiro nunca gordo está.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2230. **O gato lambriqueiro nunca gordo está.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

2231. **O gato miañador non é o máis cazador.** (M. González Fernández [1085])

2232. **O gato, cando pasa a pata pola orella, de[i]xa que a auga veña.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1086])

2233. **O gato, canto máis grande, menos lambe.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1087] / Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C [1088])

2234. **O gato, por lamber, nunca se veu cheo.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2235. **O ghallegho ghalleghiño é.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1089])

[1074] O orixinal di *O fillo da cabra a de ser cabrito.*
[1075] O orixinal di *O fillo da cabra tira a silbeira.*
[1076] O orixinal di *O fillo da craba, cabrito.*
[1077] O orixinal di *O forreiro da madición cando ten ferro non ten carbón e cando ten todo non ten devazón.*
[1078] O orixinal di *O fumador que sabe fumar bota u fume antes de falar.*
[1079] O orixinal di *U gaiteiro pago nunca ben toca.*
[1080] O orixinal di *O gando bravo corda solta.*
[1081] O orixinal di *O gardar sempre e ven o que garda sempre ten.*
[1082] O orixinal di *O gato e da casa, yo can e do amo.*
[1083] O orixinal di *O gato escaldado a auga fria lle pon medo.*
[1084] O orixinal di *O gato escaldado fuxe a agua fria.*
[1085] O orixinal di *O gato miañador non e o mais cazador.*
[1086] O orixinal di *O gato cando pasa a pata pola orella, dexa que a auga veña.*
[1087] O orixinal di *O gato canto mais grande, menos lambe.*
[1088] O orixinal di *O gato canto mais grande menos lambe.*
[1089] O orixinal di *O Jallejo jallejiño e.*

2236. **O gholpe da sartén, se non doe, cisca ben.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1090])

2237. **O golpe da sartén, aínda que non doi, emborra ben.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

2238. **O golpe da sartén, se non toca, doi ben.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1091])

2239. **O golpe da sartén, si non doi, pinta ben.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2240. **O home borracho sempre anda tirado.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2241. **O home cazador i-o perdigoteiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [1092])

2242. **O home cobarde fai traidor á patria.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [1093])

2243. **O home de palla non vale pa nada.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2244. **O home de toxo, polo pescozo.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1094])

2245. **O home donde nace e boi donde pace.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2246. **O home donde nace e o boi donde pace.** (José María García Vázquez: Dodro, C [1095])

2247. **O home e a muller, cando tratan de coser, a leña estaba no monte e a fariña por moer.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2248. **O home é lume, a muller estopa, vén o demo e sopla.** (Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C [1096])

2249. **O home é o animal que tropeza dúas veces na misma pedra.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1097])

2250. **O home fai e Dios dispón.** (Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C)

2251. **O home gaiteiriño, a muller custureira, nin boa meda nin palleiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2252. **O home ladrón ou criminal nunca en paz está.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2253. **O home mira por razones e a muller por impresións.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2254. **O home mullereiro consigo acaba e co seu diñeiro.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2255. **O home muy luneiro non henche o palleiro.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2256. **O home na plaza e a muller na casa.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2257. **O home onde nace e o boi onde pace.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2258. **O home pensa e a muller dá que pensar.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1098])

2259. **O home pequeno, fol de veneno.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

2260. **O home pola palabra i-o boi polos cornos.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1099])

2261. **O home prevenido vale por dous.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

[1090] O orixinal di *O jolpe da sarten se non doi cisca ben.*

[1091] O orixinal di *O golpe da santen se non toca doi ven.*

[1092] O orixinal di *O home cazador y'o perdigoteiro: nin boa meda nin bo palleiro.*

[1093] O orixinal di *U home cubarde fai traidor a patria.*

[1094] O orixinal di *O home de toxo po lo pescozo.*

[1095] O orixinal di *O home donde nace e u boi donde pace.*

[1096] O orixinal di *U home he Lume, a muller estopa, ven u Demo he sopla.*

[1097] O orixinal di *O home e o animal que tropeza duas veces na misma pedra.*

[1098] O orixinal di *Oh home pensa e a muller da que pensar.*

[1099] O orixinal di *O home po la palabra, yo boy po los cornos.*

2262. **O home priguiceiro non ten can nin diñeiro.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2263. **O home propón e Dios dispón.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2264. **O home propón e dispón.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2265. **O home propón, Dios dispón, e a muller todo descompón.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1100] / Manuel Barrós Fachal / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2266. **O home que non come nunca é bo home.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1101])

2267. **O home que non fuma nin bebe viño, o demo lle leva por outro camiño.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [1102])

2268. **O home que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (Freire López: Padrón, C / Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

2269. **O home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por mal camiño.** (Manuel Lago López [1103])

2270. **O home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (Luís Vázquez Veiga)

2271. **O home que sabe fumare bota o fume despois de falare.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2272. **O home que ve unha muller boa e a perde, non sabe o que ghana.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1104])

2273. **O home se equivoca; a muller é a equivocación do home.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

2274. **O home sin muller come donde quer.** (Francisco Canosa Quintáns)

2275. **O home todo o compón e a muller todo descompón.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1105])

2276. **O home troiteiro e a muller custureira, nin boa meda nin bo palleiro.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [1106])

2277. **O home, cando vai vello, fai como o can do palleiro.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1107])

2278. **O home, en canto come, no[n] morre.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1108])

2279. **O hovo e a avelán, conforme veñen van.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1109])

2280. **O imposible en van se pide.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2281. **O inverno come e non cría.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

2282. **O inverno come [e] non cría.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [1110])

2283. **O labor do meniño é pouco, i-o que o perde é un louco.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1111])

2284. **O lamber non é comer.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1112])

[1100] O orixinal di *U home propón, Dios dispón e a muller todo' descompón.*

[1101] O orixinal di *O home que non come nunca he bho home.*

[1102] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[1103] O orixinal di *U home que non fuma nin beve viño o demo o leva por mal camiño.*

[1104] O orixinal di *O home que ve unha muller boa e a perde non sabe o que jana.*

[1105] O orixinal di *Oh home todo compon e a muller todo descompon.*

[1106] O orixinal di *U home troiteiro e a muller custureira nin boa meda nin bo palleiro.*

[1107] O orixinal di *O home cando bai bello fai como o can do palleiro.*

[1108] O orixinal di *O home en canto come no morre.*

[1109] O orixinal di *O hovo ea avelan conforme veñen, van.*

[1110] O orixinal di *O inverno come o non cría.*

[1111] O orixinal di *O labor do meniño e pouco, yo que o perde e un louco.*

[1112] O orixinal di *O lamber, non e comer.*

2285. **O leite co viño fai do vello mociño, se non mata de camiño.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [1113])

2286. **O leite con viño fan do vello mociño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2287. **O leite e o viño fan do vello mociño.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1114])

2288. **O leite e-o viño fan o vello mociño.** (M. González Fernández [1115])

2289. **O leite i-o viño fan do vello mociño.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1116])

2290. **O lume ó pé da estopa, vén o demo e sopla.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1117])

2291. **O lume xunta a estopa, vén o demo e sopra.** (Francisco Canosa Quintáns [1118])

2292. **O lume xunto á estopa, vén o demo e sopla.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1119])

2293. **O maio leva a fama e san Juan arranca a alma.** (M. González Fernández [1120])

2294. **O mal da morte non hay médico qu'o acerte.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1121])

2295. **O mal da morte non hay remedio que o corte.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

2296. **O mal i-o ben na cara se ven.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1122])

2297. **Ó mal tempo boa cara.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1123])

2298. **O martes e o viernes non cortes nin plantes nin a túa filla cases.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

2299. **O martes nin ceba mates nin filla cases.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2300. **O martes nin te cases nin te embarques.** (Freire López: Padrón, C / Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Ríos Pereiro)

2301. **O martes non te cases nin te embarques.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

2302. **O martes, nin te cases nin te embarques nin o teu porquiño mates.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

2303. **O martes, non te cases nin t'embarques nin o teu porquiño mates.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [1124])

2304. **O martes, non te cases nin te embarques nin da túa familia t'apartes.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2305. **O martes, non te cases nin te embarques nin o teu porquiño mates.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2306. **Ó médico e ó letrado non lle teñas enghañado.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1125])

2307. **O medo é libre; teno quen quere e o que quere.** (Manuel Fernández Ferro [1126])

[1113] O orixinal di *O leite c'o viño fai d'o vello mociño, se non mata de camiño.*

[1114] O orixinal di *O leite e o viño fan do bello mociño.*

[1115] O orixinal di *O leite eo viño fan o vello mociño.*

[1116] O orixinal di *O leite yo viño fan do vello mociño.*

[1117] O orixinal di *O lume e peda estopa ben u demo e sopla.*

[1118] O orixinal di *O lume xunta a estopa ven o demo e sopra.*

[1119] O orixinal di *O lume xunto a estopa, ven o demo e sopla.*

[1120] O orixinal di *O maio leva a fama e S. Juan arranca a alma.*

[1121] O orixinal di *O mal da morte non hay medico quo acerte.*

[1122] O orixinal di *O mal yo ben, na cara se ven.*

[1123] O orixinal di *O mal tempo boa cara.*

[1124] O orixinal di *O Martes non te cases nin tembarques nin o teu porquiño mates.*

[1125] O orixinal di *O medico e o letrado non lle teñas enjañado.*

2308. **O medo garda a viña.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C [1127])

2309. **O medo garda o viño.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2310. **O medo gharda a viña.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [1128])

2311. **O melón e a muller son malos de conocer.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

2312. **O melón e o casamento han de ser acertamento.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2313. **O mes de abril trae a aughua a carril.** (José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C [1129])

2314. **O mes de xaneiro, meo can ó palleiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1130])

2315. **O millo da xesta dá pola testa.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1131])

2316. **O millo polo san Cristobo ten que lle cubrir a ala ó corvo.** (Manuel Tojo Reboredo [1132])

2317. **O millo polo san Marco, nin nado nin no saco.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1133])

2318. **O millo raro vai no carro; o millo mesto vai no cesto.** (Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO [1134])

2319. **O millo rascado enche a cesta e enche o ferrado.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2320. **O millo rascado enche a cesta e o ferrado.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / José Lage Radío)

2321. **O millo rascado henche a cesta e o ferrado.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2322. **O Miño a fama i-o Sil a auga.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1135])

2323. **O moíño de meu pai é muíño de convento: pon fariña pra fóra e grans pa dentro.** (Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C [1136])

2324. **O moito falar é vicio.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [1137])

2325. **O mozo que se emborracha é porque a neura o despacha.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1138])

2326. **O mundo é un bandallo: chove nel como fora.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1139])

2327. **O nabo i-o señor, canto máis raro, millor.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [1140])

2328. **O nabo quer ser abonado.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2329. **O neno que non chora non mama.** (Francisco Canosa Quintáns)

2330. **O ollo do amo engorda ao cabalo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1141])

[1126] O orixinal di *O medo é libre ten'o quen que quere é o que quere.*

[1127] O orixinal di *O medo garda a vina.*

[1128] O orixinal di *O medo jarda a viña.*

[1129] O orixinal di *U mes de Abril trae a aujüa a carril.*

[1130] O orixinal di *O mes de xaneiro, me o can o palleiro.*

[1131] O orixinal di *O millo da xesta da po la testa.*

[1132] O orixinal di *O millo po lo San Cristobo ten que lle cubrir a ala o corvo.*

[1133] O orixinal di *O millo polo S. Marco nin nado nín no saco.*

[1134] O orixinal di *O millo raro vay no carro, o millo mesto vay no cesto.*

[1135] O orixinal di *O Miño a fama, llo Sil a auga.*

[1136] O orixinal di *U moíño de meu pai e muiño de convento pon farina pra fora e grans pa dentro.*

[1137] O orixinal di *O moito falar e vicio.*

[1138] O orixinal di *O mozo que se emborracha e porque a neura o despacha.*

[1139] O orixinal di *O mundo e un bandallo; chove n'el como fora.*

[1140] O orixinal di *O nabo y'o señor, canto mais raro, millor.*

[1141] O orixinal di *O oyo do amo engorda a o cabalo.*

2331. **O ollo do amo engorda o cabalo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Manuel Camino Sánchez)

2332. **O ollo do dono engorda o cabalo.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1142])

2333. **O ovo e avelán conforme veñen van.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1143])

2334. **O pai de fillos na casa se mete.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2335. **O papel rexe todo.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2336. **Ó pasar a Peregrina, temos o inverno encima.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [1144])

2337. **Ó pasar san Amado trompos ó faiado.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [1145])

2338. **O pau teno o crego na mau.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

2339. **O paxaro da devesa, cando un canta, o outro pesca.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2340. **O paxaro da devesa, un o axexa, o outro o pesca.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2341. **O paxaro no paxar, os nidos nos árboles, e o demo tentando ós que lle parecen suaves.** (Luís Vázquez Veiga)

2342. **O paxaro, cando chove, mete o rabo na silveira.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1146])

2343. **O paxaro, cando dorme, mete o rabo na silveira.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2344. **O peor enemigo é o veciño da porta.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [1147])

2345. **O perro e o gato dormen a cada rato.** (Eliseo López Varela)

2346. **O pesar todo é sede.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C [1148])

2347. **O piollo vai labrar, a pulga vai gradar, o probe do carrachiño bótano a escutrillar.** (Francisco Canosa Quintáns)

2348. **O pobre todo é trazas, o rico todo trampas.** (Francisco Luna Bande [1149])

2349. **O porco de mayo vai con súa nai ó tallo.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [1150])

2350. **Ó porco gordo engordalo, e ó flaco arráncalle o rabo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1151])

2351. **O potro, da potrela, i-o becerro, da vaca vella.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1152])

2352. **O pouco aghrada e o moito enfada.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1153])

2353. **O pouco, ben repartido, chegha pa todos.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1154])

[1142] O orixinal di *O olho do dono engorda o cabalo.*

[1143] O orixinal di *O ovo e avelan con forme veñen van.*

[1144] O orixinal di *O pasar a Peregrina temos o inverno encima.*

[1145] O orixinal di *O pasar San Amado trompos o fayado.*

[1146] O orixinal di *U paxaro cando chove mete o rabo na silveira.*

[1147] O orixinal di *O peor enemigo e o veciño da porta.*

[1148] O orixinal di *O pesar todo e sede.*

[1149] O orixinal di *O pobre todo e trazas, o rico todo trampas.*

[1150] O orixinal di *O porco de mayo vai con sua nai o tallo.*

[1151] O orixinal di *O porco gordo engordalo, e o flaco arrancalle o rabo.*

[1152] O orixinal di *O potro da potrela y'o becerro da vaca vella.*

[1153] O orixinal di *O pouco ajrada e o moito enfada.*

[1154] O orixinal di *O' pouco ven repartido cheja pa todos.*

2354. **O pouco, ben repartido, chegha pra todos.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1155])

2355. **O probe nunca ten ves.** (Francisco Canosa Quintáns)

2356. **O pucheiro asexado nunca é aferventado.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [1156])

2357. **O qu'atende unha goteira, defend'a casa inteira.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

2358. **O qu'has dar ó rato, dállo ó gato.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1157])

2359. **O que nesta vida fai mofa, na outra foza.** (José Manuel Area Alonso [1158])

2360. **O que neste mundo fai mofa, no outro foza.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [1159])

2361. **O que neste mundo quere gozar, ten que ver, oír e calar.** (Manuel Tojo Reboredo [1160])

2362. **Ó que a cama lle gusta, nunca a vida busca.** (Pedro Pontes García [1161])

2363. **O que a escarabellos manda á plaza, nada lle acarrexan.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [1162])

2364. **O que a lexos vai casar, tacha leva ou vai buscar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1163])

2365. **O que a lonxe se vai casar, ou chata leva ou a vai buscar.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1164])

2366. **O que a solas fas na casa, podan ver na plaza.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

2367. **O que a solas fas na casa, todos poidan ver na plaza.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2368. **O que a todo di que si, ou é tonto ou o coida de min.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [1165] / M. González Fernández [1166])

2369. **O que acaba primeiro axuda o compañeiro.** (Eliseo López Varela)

2370. **O que anda bailando, sale bailando.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2371. **O que anda con un coxo, ó cabo do ano é outro.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1167])

2372. **O que anda de verbenas non ten penas.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2373. **O que ao alto cospe, á cara lle vén dar.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1168])

2374. **O que ao seu can quer matar, algún achaque lle ha de buscar.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2375. **O que asubía na cama e canta na mesa, éche señal de ben pouca cabeza.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO [1169])

[1155] O orixinal di *O' pouco ben repartido cheja pr'a todos.*

[1156] O orixinal di *O pucheiro asexado nunca e aferventado.*

[1157] O orixinal di *O cas dar o rato, dallo o gato.*

[1158] O orixinal di *O que en esta vida fai mofa na outra foza.*

[1159] O orixinal di *O que en este mundo fai mofa no outro foza.*

[1160] O orixinal di *O que en este mundo quere gozar ten que ver, oír e calar.*

[1161] O orixinal di *Uque a cama lle gusta nunca a vida busca.*

[1162] O orixinal di *O que a escarabellos manda a plaza nada lle acarrexan.*

[1163] O orixinal di *U que a lexos vay casar tacha leva ou vay buscar.*

[1164] O orixinal di *Uque alonxe se vay casar ou chata leva ou a vay buscar.*

[1165] O orixinal di *O que a todo di que sí, ou e tonto ou o coida de mín.*

[1166] O orixinal di *O que a todo di que si ou e tonto ou o coido de min.*

[1167] O orixinal di *O que anda con un coxo o cabo do ano e outro.*

[1168] O orixinal di *O que ao alto cospe, a cara lle ven dar.*

[1169] O orixinal di *O que asubia na cama e canta na mesa eche señal de ben pouca cabeza.*

2376. **O que aúna no san Xoán, ou é tolo ou non ten pan.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1170])

2377. **O que avisa non é malo.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C [1171])

2378. **O que baila sin tanguer, ou é tolo ou quere ser.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2379. **O que bebe moito viño, sáelle o diablo ó camiño.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [1172])

2380. **O que ben anda, ben acaba.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2381. **O que ben che quer, farache chorar.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [1173])

2382. **O que ben empeza ben acaba.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2383. **O que ben se quer, no camiño se encontra.** (Francisco Canosa Quintáns [1174])

2384. **O que ben vai, ben parece.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [1175] / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2385. **O que besta ha ter, besta ha de ser.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1176])

2386. **O que cabrito vende e cabra non ten, de algún lado lle vén.** (M. González Fernández [1177])

2387. **O que cala, amola ó que fala.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [1178])

2388. **O que cambia odre por odre, algún lle sae podre.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

2389. **O que canta na cama i-asubía na mesa, ten pouco xuício na cabeza.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1179])

2390. **O que cas mans non pode, cos dentes acode.** (Francisco Canosa Quintáns [1180])

2391. **O que caza, por todo pasa.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2392. **O que cede o seu en vida, colla un fol e pida.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)

2393. **O que come a nai, pró fillo vai.** (José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [1181])

2394. **O que come caldo sin grasa come pan sin tasa.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

2395. **O que come do pucheiro alleu, ten que ter destapado o seu.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2396. **O que come e o bebe, escusa bulsa que llo leve.** (Francisco Canosa Quintáns)

2397. **O que come hastra enfermar, ten que ayunar hastra sanar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2398. **O que come pola man de outro, come moito e engorda pouco.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2399. **O que come pola mau de outro, come moito e engorda pouco.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [1182])

2400. **O que compra con diñeiro que non é seu, non diga que comprou**

[1170] O orixinal di *O' que auna n'o S. Xohan ou e tolo ou non ten pan.*

[1171] O orixinal di *O que avisa non e malo.*

[1172] O orixinal di *U que veve moito viño saelle o diablo o camiño.*

[1173] O orixinal di *O que ven che quer, farache chorar.*

[1174] O orixinal di *O que ven se quer no camiño se encontra.*

[1175] O orixinal di *O que ben bay ben parece.*

[1176] O orixinal di *O que besta a ter, besta a de ser.*

[1177] O orixinal di *O que cabrito vende e cabra non ten de algun lado lle ven.*

[1178] O orixinal di *O que cala amola o que fala.*

[1179] O orixinal di *O que canta na cama y'asubía na mesa ten pouco xuicio na cabeza.*

[1180] O orixinal di *O que cás mans non pode cós dentes acode.*

[1181] O refrán aparece dúas veces coas formas *O que come a nai pro fillo vai* e *O que come a nay, pro fillo vay.*

[1182] O orixinal di *O que come po la mau de outro come moitro e engorda pouco.*

senón que vendeu. (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1183])

2401. **O que compra e minte, na súa bolsa o sinte.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2402. **O que con cans se deita, con pulgas se levanta.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO / M. González Fernández)

2403. **O que con Dios anda, con Dios medra.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

2404. **O que con Dios se deita con Dios se ergue.** (Pedro Pontes García [1184])

2405. **O que con ferro mata, con ferro morre.** (José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C / José Porto Buceta: Portas, PO / Francisco Canosa Quintáns / Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2406. **O que con pícaros se deita, luxado se levanta.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2407. **O que con pícaros se deita, mexado se levanta.** (Freire López: Padrón, C)

2408. **O que con rapaces se deita, mollado desperta.** (Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

2409. **O que con rapaces se deita, mollado se levanta.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C [1185])

2410. **O que contas non bota, contas non atopa.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

2411. **O que costa pouco, estímase menos.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2412. **O que che quere ben, che fará chorar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2413. **O que che quere ben, hate de facer churar.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [1186])

2414. **O que chega tarde, nin oe misa nin come carne.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2415. **O que chega tarde, nin oi misa nin come carne.** (José Porto Buceta: Portas, PO)

2416. **O que chega tarde, nin oye misa nin come carne.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1187] / José Ignacio Seijo Santiago)

2417. **O que chega tarde, non oi misa nin come carne.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Manuel Camino Sánchez / Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / M. González Fernández)

2418. **O que chega tarde, non oi misa nin [come] carne.** (Manuel Camino Sánchez [1188])

2419. **O que chega tarde, non oie misa nin come carne.** (M. González Fernández)

2420. **O que chega tarde, non oye a misa ni come carne.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

2421. **O que chega tarde, un remo torto nunca lle falta.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C [1189])

2422. **O que chegha tarde, nin oye misa nin come carne.** (Juan Carlos Couselo Gago [1190])

2423. **O que dá consellos non dá diñeiro.** (Francisco Canosa Quintáns [1191])

[1183] O orixinal di *O que compra con diñeiro que non e seu non diga que comprou si non que vendeu.*

[1184] O orixinal di *Uque con dios se deita con Dios se erge.*

[1185] O orixinal di *U que con rapaces se deita mollado se levanta.*

[1186] O orixinal di *O que che quere ben a te de facer churar.*

[1187] O orixinal di *O que chega tarde nin olle misa nin come carne.*

[1188] O orixinal di *O que chega tarde non oi misa nin carne.*

[1189] O orixinal di *O que xega tarde un remo torto nunca ye falta.*

[1190] O orixinal di *O que cheja tarde nin oye misa nin come carne.*

[1191] O orixinal di *O que da consellos non da diñeiro.*

2424. **O que dá o que ten, mira pra quen o leva.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [1192])

2425. **O que dá primeiro, dá dúas veces.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [1193])

2426. **O que dá pronto dá dúas veces.** (Manuel Tojo Reboredo [1194])

2427. **O que de mozo non tolea, de vello perde a cabeza.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2428. **O que de mozo non traballa, de vello dorme na palla.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [1195] / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

2429. **O que de mozo non traballa, de vello durme na palla.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

2430. **O que de novo no traballa, de vello dorme na palla.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [1196])

2431. **O que de novo non traballa, de vello dorme na palla.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

2432. **O que de santo resbala, o demo o para.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2433. **O que de santo re[s]bala, en demo para.** (Jesús Santiso Barreiro [1197])

2434. **O que de santo s'esvala, hasta qu'é demo non para.** (Manuel Fernández Ferro [1198])

2435. **O que de un se escapa, cen anos vive.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [1199])

2436. **O que debía e pagou, tiña dolor e sanou.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2437. **O que desea mal ó veciño, vénll'a el polo camiño.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [1200])

2438. **O que desexa o mal ó viciño, vénlle o seu polo camiño.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C [1201])

2439. **O que do seu fai alleo, colla pallas e metas no seu.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1202])

2440. **O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1203])

2441. **O que dorme o día da Ascensión, todo ano é dormilón.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1204])

2442. **O que dunha se escapa, cen anos vive.** (Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO [1205] / José A. Iglesias Ares [1206] / Manuel Lago López [1207])

2443. **O que dunha se escapa, cen anos vivirá.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

2444. **O que é amigo de poñe-lo carro antes que os bois, o que debía facer**

[1192] O orixinal di *O que da o que ten mira pra quen o leva.*

[1193] O orixinal di *U que da primeiro da duas veces.*

[1194] O orixinal di *O que da pronto da duas veces.*

[1195] O orixinal di *O que de mozo non traballa de bello dorme na palla.*

[1196] O orixinal di *O que de novo no traballa, de vello dorme n'a palla.*

[1197] O orixinal di *O que de santo revala en demo para.*

[1198] O orixinal di *O que de santo sesbala, hasta qu'é demo non para.*

[1199] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[1200] O orixinal di *O que desea mal o veciño ven lla el polo camiño.*

[1201] O orixinal di *O que desexa o mal o viciño venye o seu polo camiño.*

[1202] O orixinal di *O que do seo fay alleo colla pallas e metas no seu.*

[1203] O orixinal di *O que d'o seu fai alleo, colla un corno e metao n'o seo.*

[1204] O orixinal di *U que dorme u día da Ascensión todo ano e dormilón.*

[1205] O orixinal di *O que dun'ha se escapa, cen anos vive.*

[1206] O orixinal di *O que de unha se escapa cen anos vive.*

[1207] O orixinal di *O que de unha se escapa cen anos vive.*

antes, faino despois. (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1208])

2445. **O que é bo pra o fígado, é malo pra o bazo.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1209])

2446. **O que é burro, tanto é en Horta como en Lugo.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1210])

2447. **Ó que é flaco e non de fame, non hay ghordo que lle ghane.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1211])

2448. **O que empeza ben o ano, o ano ben acaba.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2449. **O que en agosto e setembre non dá cebado, en san Xuan non fai fornada.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1212])

2450. **O que en boa roca fía, o que os seos fillos cría.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

2451. **O que en Dios nunca pensou, ese non ten corazón.** (Carballo, C [1213])

2452. **O que en mayo non merenda, o ós malos o ós mortos se encomenda.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C [1214])

2453. **O que en mayo se molla, en mayo se enxuga.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2454. **O que escarabellos manda á plaza, merda lle traen á cara.** (M. González Fernández [1215])

2455. **O que espera, desespera.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [1216] / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2456. **O que está de Dios n'o leva o demo.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1217])

2457. **O que está de Dios, non besa o demo.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2458. **O que está flaco e non é de fame, non hay gordo que lle gane.** (Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C / Manuel Fernández Ferro)

2459. **Ó que está flaco e non é de fame, non hay gordo que lle gane.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [1218])

2460. **O que fai ben pró común, non fai pra nincún.** (Francisco Canosa Quintáns [1219])

2461. **O que fai un cesto fai un cento, si lle dan vergas e tempo; o caso é poñerlle o aro.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2462. **O que fai un cesto, fai un cento, si lle dan varas a tempo.** (Francisco Canosa Quintáns)

2463. **O que fai un cesto, fai un cento.** (J.M. Barral Sánchez)

2464. **O que fai unha, fai outra.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [1220])

2465. **O que fai un[h]a, fai máis.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C [1221])

[1208] O orixinal di *O que é amigo de poñelo carro antes que os bois o que debia facer antes, faino despois.*

[1209] O orixinal di *O que é bo pra o figado e malo pra o bazo.*

[1210] O orixinal di *O que e burro tanto e en Horta como en Lugo.*

[1211] O orixinal di *O que e flaco e non de fame non hay jordo que lle jane.*

[1212] O orixinal di *O que en agosto e setembre non da cebado en S. Xuan non fai fornada.*

[1213] O orixinal di *O quën Dios nunca pensou ese non ten corazón.*

[1214] O orixinal di *O que en mayo non merenda, o os malos o os mortos se encomenda.*

[1215] O orixinal di *O que escarabellos manda a plaza merda lle traen a cara.*

[1216] O orixinal di *U que espera, desespera.*

[1217] O orixinal di *O que está de Dios no leva o demo.*

[1218] O orixinal di *O que está flaco e non e de fame non hay gordo que lle gane.*

[1219] O orixinal di *O que fai ven pro común non fai pra nincún.*

[1220] O orixinal di *O que fai um a fai outra.*

[1221] O orixinal di *O que fai una fai mais.*

2466. **O que fai vinte, tamén fai cuarenta.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

2467. **O que fala de Roma, pronto se asoma.** (Manuel Camino Sánchez)

2468. **O que fala e non sabe o que dixo, é tolo ou non ten xuicio.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO [1222])

2469. **O que fala sin sabe-lo que dixo, ou é tolo ou non ten xuicio.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1223])

2470. **O que falas no día, n'o fas no ano.** (Francisco Canosa Quintáns [1224])

2471. **O que foi a Padrón, perdeu o sillón.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2472. **O que foi a Sevilla perdeu a silla.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2473. **O que foi e volveu, nada perdeu.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1225])

2474. **O que fuches son, o que son serás.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2475. **O que fui a Sevilla, perdío a silla.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / Francisco Canosa Quintáns)

2476. **O que ha de saber, ou ha de ver ou ha de ler.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1226])

2477. **O que lexos vai casar, mosca leva ou vai buscar.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2478. **O que lexos vai casar, tacha leva ou a vai buscar.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1227])

2479. **O que lons vai casar, chata leva o vai buscar.** (Francisco Canosa Quintáns / Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [1228])

2480. **O que lonxe quer casar, maula leva ou vai buscar.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1229])

2481. **O que lonxe vai a casar, ou vai engañado ou vai a engañar.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [1230])

2482. **O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / R. Celso Rodríguez Rodríguez)

2483. **O que lonxe vai casar, tacha leva ou vai buscar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2484. **Ó que lle dan un dedo, colle unha man.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1231])

2485. **O que lle desea mal ó seu veciño, o seu lle vén polo camiño.** (Eliseo López Varela [1232])

2486. **Ó que lle escapa o gato, que non lle escapara o can.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [1233])

2487. **Ó que madruga, Dio-lo axuda.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C [1234])

2488. **Ó que madruga, Dios lle axuda.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [1235] / Francisco Canosa Quintáns [1236])

[1222] O orixinal di *O que fala e non sabe o que dixo e tolo ou non ten xuicio.*

[1223] O orixinal di *O' que fala sin saber l'o que dixo ou e tolo ou non ten xuicio.*

[1224] O orixinal di *O que falas no día no fas no ano.*

[1225] O orixinal di *O q'ue foi e volveu nada perdeu.*

[1226] O orixinal di *O que a de saber ou a de ver ou a de ler.*

[1227] O orixinal di *O que lexos vay casar, tacha leva, ou a vay buscar.*

[1228] O orixinal di *O que lons vai casar chata leva ó vai buscar.*

[1229] O orixinal di *O que lonxe quér casar maula leva ou vay buscar.*

[1230] O orixinal di *Ó que lexos vai a casar, ou vai engañado ou vai a engañar.*

[1231] O orixinal di *O que lle dan un dedo coye uga man.*

[1232] O orixinal di *O que lle desea mal o seu veciño o seu lle ven po lo camiño.*

[1233] O orixinal di *O que lle escapa o gato que non lle escapara o can.*

[1234] O orixinal di *U que madruga Dio(s)lo axuda.*

[1235] O orixinal di *O que madruga, Dios lle axuda.*

[1236] O orixinal di *O que madruga Dios lle axuda.*

2489. **Ó que madruga, Dios o axuda.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C [1237])

2490. **O que mal anda, mal acaba.** (Manuel Fernández Ferro)

2491. **O que mal casa, tarde enviuda.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2492. **O que mal empeza mal acaba.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2493. **O que manda sabe.** (Francisco Canosa Quintáns)

2494. **Ó que mata un abillón, cen días de perdón.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [1238])

2495. **Ó que mata unha abella, cen días de pena.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [1239] / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1240])

2496. **Ó que me de un pau, doulle un peso.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1241])

2497. **Ó que me dea un pan, doulle un peso.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [1242])

2498. **O que mexado se deita, mexado se levanta.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2499. **O que moitas fai, nunha cai.** (M. González Fernández)

2500. **O que moito abarca, pouco apreta.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2501. **O que moito busca, pouco encontra.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2502. **O que moito corre non chega a lonxe.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

2503. **O que moito corre non é o que máis pronto chega.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C [1243])

2504. **O que moito corre non va lonxe.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

2505. **O que moito corre non vai pa moi lonxe.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1244])

2506. **O que moito corre non vai para lonxe.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

2507. **O que moito corre non vai pra lonxe.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Manuel Fernández Ferro)

2508. **O que moito corre pronto se cansa.** (José Lorenzo Viña)

2509. **O que moito corre tarde chegha.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1245])

2510. **O que moito corre, logo para.** (Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO / Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

2511. **O que moito corre, nunca a lons chega.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [1246] / Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

2512. **O que moito corre, nunca a lonxe chega.** (José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C / José Lage Radío)

2513. **O que moito corre, nunca chega a lonxe.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2514. **O que moito corre, tarde chega.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

[1237] O orixinal di *O que madruga Dios o axuda.*

[1238] O orixinal di *O que mata un abillón cen dias de perdón.*

[1239] O orixinal di *O que mata una abella cen dias de pena.*

[1240] O orixinal di *O que mata unha abella cen dias de pena.*

[1241] O orixinal di *O que me de un pau doulle un peso.*

[1242] O orixinal di *O que me dea un pan doulle un peso.*

[1243] O orixinal di *O que moito corre non é o que mais pronto chega.*

[1244] O orixinal di *O que moito corre non bay pa moy lonxe.*

[1245] O orixinal di *Oque moito corre, tarde cheja.*

[1246] O orixinal di *U que moito corre nunca a lons chega.*

2515. **O que moito dorme pouco aprende.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2516. **O que moito dorme, galiña gorda non colle.** (José Lorenzo Viña)

2517. **O que moito dorme, pouco aprende.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2518. **O que moito fala non é o que máis obra.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C [1247])

2519. **O que moito fala, moito se avergonza.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

2520. **O que moito quer agarrar, pouco lle dan a apreixar.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

2521. **O que moito quere agarrar, pouco lle dan a apreixar.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

2522. **O que moito quere saber, dálle un corno a entender.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1248])

2523. **O que moito quere, moito perde.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [1249])

2524. **Ó que moito quere, nada se lle dá.** (Manuel Camino Sánchez [1250])

2525. **O que moito se apura, moito se encontra.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

2526. **O que moito ten, moito quere.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

2527. **O que moito viño bebe cando a zorra madruga, con auga se desayuna.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2528. **O que moitos oficios quere saber, poucos aprende.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2529. **O que muito corre, nunca a lonxe chega.** (Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO [1251])

2530. **O que muito se apura, pouco dura.** (Francisco Canosa Quintáns)

2531. **O que murrío, acabouse.** (Francisco Canosa Quintáns)

2532. **O que na súa casa come morriña, na allea quere carneiro e galiña.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2533. **O que nace pra clavo, nunca carto paga.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2534. **O que naceo pra probe, a rico nunca chegará.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2535. **O que neste mundo fai mofa, no outro fosa.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2536. **O que neste mundo fai mofa, no outro foza.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2537. **O que neste mundo fai risa, no outro toca a chifra.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2538. **O que neste mundo quere estar, ten que oír, ver e calar.** (José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

2539. **O que nin fuma nin bebe, o demo n'o leva por mal camiño.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C [1252])

2540. **O que non bebe viño, Dios non-o leva por bo camiño.** (José A. Iglesias Ares [1253])

2541. **O que non cai á maza, cai á espada.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1254])

[1247] O orixinal di *O que moito fala non e o que mais obra.*

[1248] O orixinal di *O que moito quere saber dalle un corno a entender.*

[1249] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[1250] O orixinal di *O que moito quere nada se lle da.*

[1251] O orixinal di *O'que muito corre nunca a lonxe chega.*

[1252] O orixinal di *O que nin fuma nin bebe o demo no leva por mal camiño.*

[1253] O orixinal di *O que non bebe viño Dios no no leva por vo camiño.*

[1254] O orixinal di *O que non cai a maza cai a espada.*

2542. **O que non cai á maza, cai á espadela.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1255])

2543. **O que non corre, boya.** (Francisco Canosa Quintáns)

2544. **O que non cuca non manduca.** (Francisco Canosa Quintáns)

2545. **O que non chora non come.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

2546. **O que non chora non mama.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1256] / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Manuel Martín Gómez: Muxía, C / Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C [1257] / Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / Manuel Collazo Porto: Portas, PO / José Manuel Area Alonso / Manuel Camino Sánchez / Jesús Santiso Barreiro)

2547. **O que non é á maza, é á taza.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1258])

2548. **O que non é bo de palabra, non é bo de pancada.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2549. **O que non é home na terra non é home na guerra.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1259])

2550. **O que non é sego ve polo cribo.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C [1260] / Francisco Canosa Quintáns [1261])

2551. **O que non fai as cousas dunha vez, fainas de dúas ou tres.** (M. González Fernández [1262])

2552. **O que non foi a Lisboa non viu cousa boa.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [1263])

2553. **O que non fui a Lisboa non veu cousa boa.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2554. **O que non fuma e bebe viño, Dios o leva por outro camiño.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

2555. **O que non fuma e non bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1264])

2556. **O que non fuma e non bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

2557. **O que non fuma e non toma viño, leva o demo na boca por outro camiño.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2558. **O que non fuma nin bebe viño, leva o demo na boca por outro camiño.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2559. **O que non fuma nin bebe viño, leva o demo por outro camiño.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2560. **O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

2561. **O que non fuma nin bebe viño, lév[ao] o demo por outro camiño.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [1265])

2562. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por autro camiño.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1266])

2563. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [1267] / José Cornes Iglesias: Santiago de

[1255] O orixinal di *O que non cai a maza cai a espadela.*
[1256] O orixinal di *O que nun chora nun mama.*
[1257] O orixinal di *U que non chora non mama.*
[1258] O orixinal di *O que non e a maza e a taza.*
[1259] O orixinal di *O que non e home na terra non e home na guerra.*
[1260] O orixinal di *O que non he sego ve polo crivo.*
[1261] O orixinal di *O que non e sego ve po lo cribo.*
[1262] O orixinal di *O que non fai as cousas de unha vez fainas de dous ou tres.*
[1263] O orixinal di *O que non foy a Lisboa non viu cousa boa.*
[1264] O orixinal di *O que non fuma e non bebe viño o demo yo leva por outro camiño.*
[1265] O orixinal di *O que non fuma nin bebe viño lebo o demo por outro camiño.*
[1266] O orixinal di *O que non fuma nin vebe viño o demo y o leva por autro camiño.*
[1267] O orixinal di *U que non fuma nin bebe viño o demo llo leva por outro camiño.*

Buxán, Val do Dubra, C / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1268] / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [1269] / José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1270] / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [1271] / Eliseo López Varela)

2564. **O que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1272] / Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C / José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C / M. González Fernández)

2565. **O que non fuma nin bebe, o demo o leva por outro camiño.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2566. **O que non garda non encontra.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

2567. **O que non garda non ten.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / José Manuel Area Alonso / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2568. **O que non gasta os cartos no tabaco e no viño, o demo llos leva por outro camiño.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [1273])

2569. **O que non gasta os cartos nun neto de viño, o demo llos leva por outro camiño.** (Xestoso, C)

2570. **O que non has de comer déix[a]o cocer.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1274])

2571. **Ó que non lle sobra pan, non críe can.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1275])

2572. **Ó que non lle sobra pan, non mantén can.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [1276])

2573. **O que non mama non chora.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

2574. **O que non mata enghorda.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1277] / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [1278])

2575. **O que non mata engorda.** (Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C / Manuel Martín Gómez: Muxía, C / Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO / Jesús Santiso Barreiro)

2576. **O que non morre pola familia, morre nas mans da familia.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [1279])

2577. **O que non nace non morre.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Seminarista anónimo: Carballo, C / Jesús Santiso Barreiro / Emilio Segade Vidones)

2578. **O que non obedece a palabra, obedece a pancada.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

2579. **O que non obedece pola palabra, obedece pola pancada.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1280])

2580. **O que non pasa nun ano pasa nun día.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

[1268] O orixinal di *U que non fuma nin bebe viño u demo llo leva por outro camiño.*

[1269] O orixinal di *O que non fuma nin bebe viño o demo yo leva por outro camiño.*

[1270] O orixinal di *O que non fuma nin bebe viño o demo yo leva por outro camiño.*

[1271] O orixinal di *O que non fuma nin bebe vino ó demo ll'o leva por outro camiño.*

[1272] O orixinal di *O que nun fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.*

[1273] O orixinal di *Ó que non gasta os cartos n'o tabaco e no viño ó demo yos leva por outro camiño.*

[1274] O orixinal di *O que non has de comer deixo cocer.*

[1275] O orixinal di *O que non ye sobra pan non crie can.*

[1276] O orixinal di *O que non lle sobra pan, non manten can.*

[1277] O orixinal di *O que non mata enjorda.*

[1278] O orixinal di *O que non mata enjorda.*

[1279] O orixinal di *O que non morre po la familia morre nas mans da familia.*

[1280] O orixinal di *O que non obedece por a palabra obedece por a pancada.*

2581. **O que non queiras pa ti, non llo queiras pó outro.** (Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C [1281])

2582. **O que non quere santo Tomé, quéreo o santo que está ó pé.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1282])

2583. **O que non quere unha tasa, se lle dan dúas.** (Luís Vázquez Veiga [1283])

2584. **Ó que non quere un[ha] taza, dánselle sete.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1284])

2585. **O que non sabe calar non sabe falar.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2586. **O que non se arresga, non pasa o mar.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2587. **O que non se empeza non se acaba.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2588. **O que non se fai o día de santa Lucía, xa se fará pró outro día.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1285])

2589. **O que non sembra non colle.** (Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C)

2590. **O que non sinte a palabra, non sinte a pancada.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Francisco Luna Bande)

2591. **O que non ten cabeza escusa sombreiro.** (José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C)

2592. **O que non ten cabeza non precisa sombreiro.** (Manuel Camino Sánchez)

2593. **O que non ten cabeza non precisa sumbreiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2594. **O que non ten cabeza ten que ter pés.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2595. **O que non ten de seu, negra nai o veu.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

2596. **O que non ten fariña, escusa peneira.** (Francisco Luna Bande)

2597. **Ó que non ten fillos, dálle Dios sobriños.** (Freire López: Padrón, C [1286])

2598. **O que non ten pan xa cenou.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2599. **O que non ten pan xa ceou.** (Francisco Canosa Quintáns)

2600. **O que non ten pan xa o comío.** (Francisco Canosa Quintáns)

2601. **O que non ten que facer, seus nabos sacha.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2602. **O que non ten suerte, na cama se escalabra.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2603. **O que non teño de muela teño de güela.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

2604. **O que non vai na da leonza vai na da espadela.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1287])

2605. **O que non vai na maza vai na espadela.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2606. **O que non ve é como o que non sabe.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1288])

2607. **O que non veu Lisboa non veu cousa boa.** (José Porto Buceta: Portas, PO)

2608. **O que no[n] aforra a leña, non aforra cousa que teña.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [1289])

[1281] O orixinal di *Lo que non queiras pa ti non llo queiras po outro.*

[1282] O orixinal di *O que non quere santo Tomé, quereo o santo que está o pe.*

[1283] O orixinal di *O que non quere unha tasa se ye dan duas.*

[1284] O orixinal di *U que nun quere un 'taza danselle sete.*

[1285] O orixinal di *O que non se fai o día de Santa Lucía xa se fará pro outro día.*

[1286] O orixinal di *O que non ten fillos dalle Dios sobriños.*

[1287] O orixinal di *O que non bay na de leonza vay na espadela.*

[1288] O orixinal di *O que non ve e como o que non sabe.*

[1289] O orixinal di *O que no aforra a leña non aforra cousa que teña.*

2609. **O que o alleo veste, na calle se despe.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2610. **O que o rezo non fai, ó inferno vai.** (Pedro Pontes García [1290])

2611. **O que o rezo non fai, pró inferno vai.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1291])

2612. **O que o seu cede en vida, colla o fol e pida.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2613. **O que o seu garda, muitas almas salva.** (Francisco Canosa Quintáns)

2614. **O que o traballo non quere facer, non debe comer.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

2615. **O que ós corenta anos non chega a rico, despois "arre burrico".** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [1292])

2616. **O que os seus males mata, nin mata nin espanta.** (Francisco Canosa Quintáns)

2617. **O que ós vinte non pode, ós trinta non sabe e ós cuarenta non ten, nunca pode nin sabe nin ten.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1293])

2618. **O que padeza das moas, que acud'á dentuza.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1294])

2619. **O que paga a criados e n'os vai ver, vende o que ten para os manter.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [1295])

2620. **O que paga a criados e non-os vai ver, venda o que ten pa os manter.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1296])

2621. **O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que pagar outra ves.** (Francisco Luna Bande [1297])

2622. **O que paga a Xan e debe a Pedro, ten que pagar outra ves.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2623. **O que paga e minte, a cart[e]ira llo sinte.** (José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C [1298])

2624. **O que parte, ben reparte, e pa si a mellor parte.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2625. **O que pasa a Marola, pasa a mar toda.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

2626. **O que pasou non volve.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

2627. **O que peca e fai pecar a outro, ten que cumplir dúas penitencias.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1299])

2628. **O que pensa pagar, non lle doien prendas.** (Francisco Canosa Quintáns [1300])

2629. **O que perde o burro e encontra a albarda, non é a perda tanta.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [1301])

2630. **O que pobre nace, pobre morre.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [1302])

2631. **O que poda por marzo, vindima no regazo.** (Manuel López Castro: Santa

---

[1290] O orixinal di *Uque o rezo non fai o inferno vai.*

[1291] O orixinal di *O que u rezo non fal, pro inferno bai.*

[1292] O orixinal di *O que os 40 anos non chega a rico despois arre burrico.*

[1293] O orixinal di *O que os vinte non pode, os trinta non sabe e'os cuarenta non ten, nunca pode, nin sabe, nin ten.*

[1294] O orixinal di *O que padeza das moas que acuda dentuza.*

[1295] O orixinal di *O que paga a criados e nos vai ver vende o que ten para os manter.*

[1296] O orixinal di *O que paga a criados e no nos vai ver venda o que ten pa os manter.*

[1297] O orixinal di *O que paga a Jan, e debe a Andres, ten que pagar outra ves.*

[1298] O orixinal di *O que paga e minte a cartira llo sinte.*

[1299] O orixinal di *O' que peca e fai pecar a outro ten que cumplir duas penitencias.*

[1300] O orixinal di *O que pensa pagar, non lle doyen prendas.*

[1301] O orixinal di *O que perde o burro e encontra a alvarda non e a perda tanta.*

[1302] O orixinal di *O que poble nace probre morre.*

Comba de Cordeiro, Valga, PO / José Manuel Area Alonso)

2632. **O que podas facer hoxe, non o deixes pa mañán.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2633. **O que pode ser libre, non se cautive.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2634. **O que pon a súa vida en consellos, un dille que é blanco i-outro dille que é bermello.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1303])

2635. **O que porfeita cría, hacha decote alegría.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1304])

2636. **O que primeiro dá, dá dúas veses.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [1305])

2637. **O que queira comer morriña, coma carne en xaneiro e en mayo galiña.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

2638. **O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en maio galiña.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2639. **O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en mayo galiña.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Francisco Luna Bande [1306])

2640. **O que queira comer patacas en san Juan, bóteas cando o pan.** (Francisco Luna Bande [1307])

2641. **O que queira comer patacas en san Xuan, bóteas cando o pan.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1308])

2642. **O que queira saber refranes, que vaya xunta o sacristán.** (Emilio Segade Vidones [1309])

2643. **O que queira saber, a Salamanca a aprender.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2644. **O que queira ser bo carpinteiro, ten que aprender primeiro.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)

2645. **O que queira ter bo allal, plante no nabal.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [1310])

2646. **O que queira ter bo millo, pase pola cima o regueiriño.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1311])

2647. **O que queira tir un fillo lapeiro, que o poña a cura ou a troiteiro.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

2648. **O que quer peixes, que molle as pernas.** (Francisco Canosa Quintáns)

2649. **O que quere comer mel, ten que aghuantar as picadas.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1312])

2650. **O que quere comer mel, ten que aguantar as picadas.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2651. **O que quere comer mel, ten que sufrir as picadas.** (Manuel Camino Sánchez)

2652. **O que quere ser rico, ten que quitarllo ó bico.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [1313])

2653. **O que quita e non pon, logo chega ao fondón.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

[1303] O orixinal di *O que pon a sua vida en consellos un dille que e blanco youtro dille que e bermello.*

[1304] O orixinal di *O que por feita cria hacha de cote alegria.*

[1305] O orixinal di *O que primeiro da, da duas veses.*

[1306] O orixinal di *O que queira comer morriña, coma carneiro en Janeiro, e en Mayo galiña.*

[1307] O orixinal di *O que queira comer patacas en San Juan, bote as cando o pan.*

[1308] O orixinal di *O que queira comer patacas en San Xuan bote-as cando o pan.*

[1309] O orixinal di *O que queira saber refranes, que vaya siunta o sacristan.*

[1310] O orixinal di *O que queira ter bo hallal, plante no nabal.*

[1311] O orixinal di *O que queira ter bo millo pase po la cima o regueiriño.*

[1312] O orixinal di *O que quere comer mel tenque ajuantar as picadas.*

[1313] O orixinal di *O que quere ser rico ten que quitarllo o vico.*

2654. **O que regala, ben vende, si o que o recibe o entende.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [1314])

2655. **O que rouba a riquesa, volverase en tristeza.** (Pedro Pontes García [1315])

2656. **O que rouba a un ladrón, ten cen anos de perdón.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2657. **O que sabe, sabe, e o que non, no sabe nada.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2658. **O que saca e non pon, logo chega ó frondón.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C [1316])

2659. **O que se abriga debaixo da folla, dúas veces se molla.** (José Porto Buceta: Portas, PO [1317])

2660. **O que se alegra do mal do veciño, vénlle o seu polo camiño.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [1318])

2661. **O que se alegre co mal do veciño ve o seu polo camiño.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2662. **O que se aprende na cuna, sempre dura.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2663. **O que se apura de mozo, non chega a vello.** (Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO [1319])

2664. **O que se casa, por todas pasa.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [1320])

2665. **O que se deita con cas, aparece coronado de pulgas.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2666. **O que se deita con pequenos, mesado se levanta.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2667. **O que se escusa, acusa.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2668. **O que se levanta cedo, ve a súa vida e a allea.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2669. **O que se levanta cedo, ve a súa vida e mais a allea.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2670. **O que se levanta con sol, non goza do día.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2671. **O que se levante cedo, ve a súa vida e mais a allea.** (José María García Vázquez: Dodro, C / Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

2672. **O que se para no camiño, chega tarde ó muíño.** (José Porto Buceta: Portas, PO [1321])

2673. **O que se pica, allos come.** (José María García Vázquez: Dodro, C / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2674. **O que se pon debaixo da folla, dúas veces se molla.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1322])

2675. **O que se ri do mal do veciño, vénll'o seu polo camiño.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [1323])

2676. **O que sempre anda con preitos, ha de salir perdendo.** (Carballo, C)

2677. **O que sirve ó común, non sirve a ningún.** (José Manuel Area Alonso [1324] /

[1314] O orixinal di *Ó que regala, ben vende, si ó que ó recibe o entende.*

[1315] O orixinal di *Uque rouba a riquesa volverase en tristeza.*

[1316] O orixinal di *O que saca e non pon logo chega o frondón.*

[1317] O orixinal di *O que se abriga de baixo da folla duas veces se molla.*

[1318] O orixinal di *O que se alegra do mal do veciño venlle o seu po lo camiño.*

[1319] O orixinal di *O que se apura de mozo non xega a vello.*

[1320] O orixinal di *Ó que se casa por todas pasa.*

[1321] O orixinal di *O que se para no camiño chega tarde o muiño.*

[1322] O orixinal di *O que se pon de vaixo da folla duas veces se molla.*

[1323] O orixinal di *O que se rí do mal do veciño ven llo seu polo camiño.*

[1324] O orixinal di *O que sirve o comun non sirve a ningun.*

Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1325] / Francisco Luna Bande [1326])

2678. **O que tarde embarca, un remo torto nunca lle falta.** (Francisco Canosa Quintáns)

2679. **O que tarde se embarca, un remo torto nunca lle falta.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

2680. **O que tempo non ten, non pode bailar ben.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2681. **O que ten a lengua aguda, ten a costilla dura.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2682. **O que ten ansia non dorme.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Emilio Segade Vidones)

2683. **O que ten avea non pasa sin cea.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / José María García Vázquez: Dodro, C / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / Juan Carlos Couselo Gago / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2684. **O que ten besta e anda a pé, ben burro é.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C [1327])

2685. **O que ten besta e anda a pé, máis besta el é.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C [1328] / José María García Vázquez: Dodro, C [1329] / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C [1330] / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [1331] / M. González Fernández [1332])

2686. **O que ten besta e anda a pé, máis besta é.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO [1333])

2687. **O que ten besta e vai a pé, máis besta el é.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [1334])

2688. **O que ten boca equivócase.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2689. **O que ten boca non di a [o]utro "¡sopla!".** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C [1335])

2690. **O que ten boca non di "¡asopra!"** (Francisco Canosa Quintáns)

2691. **O que ten boca non lle digha a outro "¡sopla!".** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1336])

2692. **O que ten boca vai a Roma.** (José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C [1337] / José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [1338] / Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C [1339])

2693. **O que ten boca, se equivoca.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2694. **O que ten croa vai a Roma.** (Manuel Lago López [1340])

2695. **O que ten cu ten medo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

2696. **O que ten fillos non lle podrece o pan.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

[1325] O orixinal di *O que sirve o comun non sirbe a ningun.*

[1326] O orixinal di *O que sirve o comun, non sirve a ningun.*

[1327] O orixinal di *O que ten besta e anda a pe ben burro é.*

[1328] O orixinal di *O que ten vesta e anda a pe mais vesta el é.*

[1329] O orixinal di *O que ten besta e anda a pe mais besta el e.*

[1330] O orixinal di *O que ten besta e anda a pe, mais besta él e.*

[1331] O orixinal di *O que ten besta e anda a pé mais besta el é.*

[1332] O orixinal di *O que ten besta e anda a pe mais besta el e.*

[1333] O orixinal di *O que ten besta, e anda a pé, mais besta é.*

[1334] O refrán aparece dúas veces coas formas *O que ten besta e vai a pe, mais besta él e* e *O que ten besta e vay a pe mais besta el e.*

[1335] O orixinal di *O que ten boca non di a utro sopla.*

[1336] O orixinal di *O que ten boca non lle dija a outro sopla.*

[1337] O orixinal di *O que ten boca vay a Roma.*

[1338] O orixinal di *O que ten boca vay a Roma.*

[1339] O orixinal di *O que ten boca vay a Roma.*

[1340] O orixinal di *O que ten croa vay a Roma.*

2697. **O que ten fillos non rebenta de cheo.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

2698. **O que ten fillos non reventa de cheo.** (José Manuel Area Alonso / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2699. **O que ten lengua a Roma chega.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2700. **O que ten lengua chega a Roma.** (Manuel Camino Sánchez / José A. Iglesias Ares [1341])

2701. **O que ten lengua vai a Roma.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

2702. **O que ten moitas mulleres nunca envidia.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2703. **O que ten moitas mulleres nunca enviuda.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2704. **O que ten muito e gasta muito, pronto se acaba.** (Francisco Canosa Quintáns)

2705. **O que ten o rabo de palla, sempre lle arde.** (J.M. Barral Sánchez)

2706. **O que ten padrinos, bautízase tanto aquí como na China.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

2707. **O que ten pouco e o sabe cuidar, pode aumentar.** (Francisco Canosa Quintáns)

2708. **O que ten rabo non se senta.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2709. **O que ten tenda qu'a atenda e, si non, qu'a venda.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1342])

2710. **O que ten tenda que a atenda, e se non que a venda.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [1343])

2711. **O que ten tenda que a atenda, e si non que a venda.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

2712. **O que ten tenda que a atenda.** (Francisco Canosa Quintáns)

2713. **O que ten tenda, quere que lle atenda.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2714. **O que ten tenda, ten que atendela.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

2715. **O que ten un amigo finxido, ten un peso falso no bulsillo.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2716. **O que ten un burro e o vende... ben s'entende.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2717. **O que ten vergonza quédalle a barriga sonsa.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C [1344])

2718. **O que ten vista de aumento, sempre ten medo.** (Carballo, C [1345])

2719. **O que ten, ten medo.** (Francisco Canosa Quintáns)

2720. **O que ten, vale, e o que non ten, non vale nada.** (Francisco Canosa Quintáns)

2721. **O que todo quer todo perde.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2722. **O que todo quere todo perde.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [1346] / Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / Jesús Santiso Barreiro)

2723. **O que trai leghón trai zamarrón.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1347])

2724. **O que trala costa se vai casar, chata leva ou vai buscar.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [1348])

2725. **O que un non quere outro apetece.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951)

[1341] O orixinal di *U que ten lengua chega a Roma.*

[1342] O orixinal di *O que ten tenda qu'atenda e si non qu'a venda.*

[1343] O orixinal di *O que ten tenda que a'atenda e senon que a venda.*

[1344] O Diccionario de Eladio Rodríguez define *sonso* como "Atontado, bobo, desmemoriado" e o de Valladares, nunha segunda acepción, dicía "Aplícase también al dolor sordo en algún órgano, ó parte del cuerpo, especialmente de las muelas".

[1345] O orixinal di *Oque ten vista de aumento sempre ten medo.*

[1346] O orixinal di *Uque todo quere todo perde.*

[1347] O orixinal di *O que trai lejón trai zamarron.*

[1348] O orixinal di *O que tra la costa se vay casar chata leva ou vay buscar.*

/ José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2726. **O que un non quere, outro desea.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2727. **O que un non quere, outro o desea.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2728. **O que un non quere, outros lle rogan.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1349])

2729. **O que vai a pedir non vai a fuxir.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1350])

2730. **O que vai a Santiago e non vai a Padrón, fai romería ou non.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1351])

2731. **O que vén dado, nin é pouco nin é malo.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1352] / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1353] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1354] / Francisco Luna Bande [1355])

2732. **O que vén de bandola, sabe que consola.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [1356])

2733. **O que vén de tíos, vén de xudíos.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C [1357])

2734. **O que vende o que ten, queda sin nada.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

2735. **O que vendimia en san Miguel, bebe ben.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C [1358])

2736. **O que veu a Santiago e non foi a Padrón, ou fixo romaría ou non.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C)

2737. **O rapás e o can brincan polo pan.** (Francisco Canosa Quintáns [1359])

2738. **O raposo con moito garbo nunca galiña boa come.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1360])

2739. **O raposo madruga.** (Francisco Canosa Quintáns)

2740. **O raposo perderá as forzas, mais non as mañas.** (R. Celso Rodríguez Rodríguez)

2741. **O remedio contra a fame é sementar.** (Francisco Canosa Quintáns [1361])

2742. **Ó rico non debas e ó pobre non ofrezas.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1362])

2743. **Ó rico non debas, ó pobre non ofrezas.** (Francisco Luna Bande [1363])

2744. **O río cando sona auga leva.** (Ríos Pereiro)

2745. **O río revolto, ganancia de pescadores.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2746. **O río, cando vai cheo, leva carballos e follas; tamén pudía levar as lenguas marmuradoras.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [1364])

[1349] O orixinal di *Oque un non quere, outros lle rogan.*

[1350] O orixinal di *O que vai a pedir non vai a fugir.*

[1351] O orixinal di *O que vay a Santiago e non vay a Padrón fai romería ou non.*

[1352] O orixinal di *O que ven dado nin e pouco nin e malo.*

[1353] O orixinal di *O que ven dado nin e pouco nin e malo.*

[1354] O orixinal di *O que ven dado nin e pouco nin e malo.*

[1355] O orixinal di *O que ven dado, nin e pouco, nin e malo.*

[1356] O orixinal di *O que ven de vandola sabe que consola.*

[1357] O orixinal di *O que ven de Tios ven de xudios.*

[1358] O orixinal di *O que vendimia en San Migueln bebe ben.*

[1359] O orixinal di *O rapas é o can brincan polo pan.*

[1360] O orixinal di *O raposo con moito garvo nunca galiña voa come.*

[1361] O orixinal di *O remedio contra a fame e sementar.*

[1362] O orixinal di *O rico non debas e o pobre non obrezas.*

[1363] O orixinal di *O rico non debas o pobre non ofrezas.*

[1364] O orixinal di *O rio cando vai cheo, leva Carballo, Cs e follas tamen pudia levar as lenguas marmuradoras.*

2747. **O roubado non loce.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)

2748. **O roubado non luse.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)

2749. **O roubado pouco loce.** (Manuel Camino Sánchez)

2750. **O ruiseñor e o papagayo sempre cantan no mayo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1365])

2751. **O sano debe remediar o enfermo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2752. **O sastre de Baíñas cose de balde e pon as liñas.** (Francisco Canosa Quintáns)

2753. **O sol da porta non quenta.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2754. **O sol de abril mata a porca no cubil.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1366])

2755. **O sol de marzo mata a dama no palacio.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1367])

2756. **O sol de marzo queima a dama no palacio.** (M. González Fernández)

2757. **O sol de otono mata a seu dono.** (Manuel Camino Sánchez)

2758. **O sol madrughadeiro mete o can ó palleiro.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C [1368])

2759. **O sol madrugueiro mete o can ó palleiro.** (Xestoso, C [1369])

2760. **Ó son de tonto métoche o conto.** (Seminarista anónimo: A Coruña, C [1370])

2761. **O tempo contado logo pasa.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

2762. **O tolo pola pena é cordo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1371])

2763. **O tolo polo pan é cordo.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [1372])

2764. **O trigo en abril graado, en abril curado e en santa Mariña metido na arquiña.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO [1373])

2765. **O trigo en mayo graado, en abril curado e en santa Mariña metido na arquiña.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C [1374])

2766. **O vagar fai culleres.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

2767. **O vello engordar e o mozo tomar é señal de moito durar.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [1375])

2768. **O vello que cura, cen anos dura.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

2769. **O vello que incha, na cova rincha.** (Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

2770. **O vello que se cura, cen anos dura.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

2771. **O vestido do criado di quén é o dono.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1376])

2772. **O viernes e martes non te cases nin t'embarques.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [1377])

[1365] O orixinal di *U ruí señor e u papagayo sempre cantan no Mayo.*

[1366] O orixinal di *U sol da Abril mata a porca nu cubil.*

[1367] O orixinal di *U sol de marzo mata a dama nu palacio.*

[1368] O orixinal di *O sol madrujadeiro mete o can o palleiro.*

[1369] O orixinal di *O sol madrugueiro mete o can o palleiro.*

[1370] O orixinal di *Ô son de tonto, métoche o conto.*

[1371] O orixinal di *O tolo po la pena e cordo.*

[1372] O orixinal di *O tolo po lo pan e cordo.*

[1373] O orixinal di *O trigo en abril graado, en Abril curado e en Sta. Mariña metido na arquiña.*

[1374] O orixinal di *O trigo en mayo graado, en abril curado e en Sta. Mariña metido na arquiña.*

[1375] O orixinal di *O vello engordar, e o mozo tomar e señal de moito durar.*

[1376] O orixinal di *O vestido do criado din quen e o dono.*

[1377] O orixinal di *O viernes e martes non te cases nin tem'barques.*

2773. **O viernes e o martes nin te cases nin te embarques.** (José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)

2774. **O viñiño fai o vello mociño.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C [1378])

2775. **O viño é a sangre dos vellos.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2776. **O viño fai de vello miniño.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [1379])

2777. **O viño fai do vello meniño.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1380])

2778. **O viño fai do vello mociño.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2779. **O viño fai dun vello un meniño.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1381])

2780. **O viño ó homiño faino meniño.** (Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C [1382])

2781. **Ó vir a Peregrina, inverno encima.** (M. González Fernández [1383])

2782. **Ó vir san Martiño: o abrigo, noces e pantrigo.** (M. González Fernández [1384])

2783. **O wolfram vale oito duros e pa quitalo hay que marrear duro.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [1385])

2784. **Octubre quente, inverno detente.** (Manuel Lago López)

2785. **Octubre quente, o inverno detente.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)

2786. **Ofrecer e non dar, os tolos fai alegrar.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [1386] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2787. **Oír, ver e chatón, que máis non supo Salomón.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1387])

2788. **Ollo de amo engorda o cabalo.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Manuel Fernández Ferro [1388])

2789. **Ollo de xastre e compás de carpinteiro.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2790. **Ollo no plato, ollo no gato.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO / Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C)

2791. **Ollos que non ven, corazón que non doe.** (Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)

2792. **Once piden pan e solo agosto llo dá.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns)

2793. **Once piden pan e solo agosto o dá.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [1389])

2794. **Onde as dan, as levan.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2795. **Onde chova, non han de encherse os pipotes.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2796. **Onde en febreiro non nevou nin quere nevar, dirán que o inverno está por pasar.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

2797. **Onde hai crego o[u] albarda, sempre hay hora mellorada.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C [1390])

[1378] O orixinal di *O viñiño fai o bello moziño.*

[1379] O orixinal di *O viño fai de bello miniño.*

[1380] O orixinal di *O viño fai do bello meniño.*

[1381] O orixinal di *O viño fai dun bello un meniño.*

[1382] O orixinal di *U viño o'miño faino meniño.*

[1383] O orixinal di *O vir a peregrina inverno encima.*

[1384] O orixinal di *O vir S. Martiño o abrigo noces e pantrigo.*

[1385] O orixinal di *Ó wolfram vale oito duros e pá quitalo hay que marrear duro.*

[1386] O orixinal di *Ofrecer enon dar os tolos fai alegrar.*

[1387] O orixinal di *Oír, ver e chaton que maix non supo Salomón.*

[1388] O orixinal di *Oyo de amo engordo'o cabalo.*

[1389] O orixinal di *Once piden pan e solo agosto o da.*

[1390] O orixinal di *Onde hai crego o albarda, sempre hay hora mellorada.*

2798. **Onde hay cepos, logo se fai achas.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2799. **Onde hay cepos, logo se fan achas.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1391])

2800. **Onde hay cepo, logo se fan achas.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

2801. **Onde hay crego ou albarda, hay hora mellorada.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2802. **Onde hay crego ou alborada [sic], sempre hay hora millorada.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

2803. **Onde hay galo non canta a galiña, senón que o galo teña a morriña.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2804. **Onde hay galo non canta a galiña.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2805. **Onde hay galo non canta galiña.** (José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

2806. **Onde hay gato [sic] non canta galiña.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

2807. **Onde hay morte hay mala sorte.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2808. **Onde hay ouro logo reloce.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2809. **Onde hay patrón non manda mariñeiro.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

2810. **Onde hay patrón non manda o mariñeiro.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2811. **Onde moito gando, pouco esterco.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1392])

2812. **Onde moitos cospen, lama fan.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2813. **Onde non chega a vella, chega a pedra.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2814. **Onde non hai fariña nin relón, todos falan sin razón.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2815. **Onde non hay fariña nin relón, todos falan sin razón.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2816. **Onde non hay morte, non hay mala sorte.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2817. **Onde non se perde algo, todo é miseria.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1393])

2818. **Onde non te chaman non te metas.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2819. **Onde non te chamen non te metas.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2820. **Onde non vexas corpo no botes carga.** (Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)

2821. **Onde non vexas corpo non botes carga.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2822. **Onde non vexas corpo, non botes cara.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2823. **Onde non xiou o primeiro mes, pode, contra os ditos, chover tres.** (José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [1394])

2824. **Onde o corvo andou, nunca trigo faltou.** (José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C [1395])

2825. **Onde o rapaz sachou, nunca millo faltou.** (José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C [1396])

[1391] O orixinal di *On de hay cepos logo se fan achas.*

[1392] O orixinal di *Un de moito gando, pouco esterco.*

[1393] O orixinal di *Onde non se perde algo todo e miseria.*

[1394] O orixinal di *Onde non xiour o primeiro mes pode contra os ditos chover tres.*

[1395] O orixinal di *Onde o corbo andou nunca trigo falta.*

[1396] O orixinal di *Onde o rapaz sachao nunca millo faltou.*

2826. **Onde queira que vayas, fai o que queiras.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1397])

2827. **Onde sacan e non pon, logo se chega ao fondón.** (José Manuel Area Alonso [1398])

2828. **Onde sacan e non pon, logo se chega ó fondo [sic].** (Manuel Camino Sánchez [1399])

2829. **Onde sacan e non pon, logo se chega ó fondón.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1400])

2830. **Onde se quita e non se pon, logo se chega ó fondón.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [1401] / Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C [1402])

2831. **Onde se saca e non se pon, logo se lle ve o fondo.** (Francisco Canosa Quintáns [1403])

2832. **Onde siga o nordés, limpiará a borralla. Limpia ti a horta, corta, escarda...** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2833. **Onde un ha de ir, non ha de mentir.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1404])

2834. **Onde unha porta se cerra, outra se abre.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2835. **Onde vai a fouce, vai o mango.** (Manuel Camino Sánchez)

2836. **Onde vai a fouce, vaya o mango.** (Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)

2837. **Onde vaya a fouce, vaya o mango.** (José Manuel Area Alonso)

2838. **Orates frates, con rapaces non trates.** (Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)

2839. **Os bens do sacristán, pr'onde veñen, van.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1405])

2840. **Os bés do sacristán, por onde veñen, van.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

2841. **Os burros na miña terra collen a carga e están con ela.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2842. **Os cachos amitan ás olas.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [1406])

2843. **Os cachos tiran ás olas.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [1407] / Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1408] / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1409] / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1410] / M. González Fernández [1411])

2844. **Os carolos duros fan os homes seguros.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

2845. **Os cartos a réditos paren becerros.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2846. **Os cartos cóllense unha vez e antes cóntanse tres.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

2847. **Os curas e os taberneiros son todos muy parecidos: os curas bautizan nenos e os taberneiros o**

[1397] O orixinal di *Onde queiras que vayas fai o que queiras.*
[1398] O orixinal di *Onde sacan e non pon logo se chega a o fondón.*
[1399] O orixinal di *Onde sacan e non pon logo se chega o fondo.*
[1400] O orixinal di *Onde sacan e non pon logo se chega o fondon.*
[1401] O orixinal di *Onde se quita e non se pon logo se chega o fondón.*
[1402] O orixinal di *Onde se quita e non se pon, logo se chega o fondón.*
[1403] O orixinal di *Onde se saca, e non se pon, logo ses lle ve o fondo.*
[1404] O orixinal di *Onde un a de ir non a de mentir.*

[1405] O orixinal di *Os bens do sacristan, pronde veñen, van.*
[1406] O orixinal di *Os cachos amitan as olas.*
[1407] O orixinal di *Os cachos tiran as olas.*
[1408] O orixinal di *Os cochos tiran as olas.*
[1409] O orixinal di *Os cachos tiran as olas.*
[1410] O orixinal di *Os cachos tiran as olas.*
[1411] O orixinal di *Os cachos tiran as olas.*

viño. (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2848. **Os de Finisterre non poden ter outra cousa que a sardiña e o arenque.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

2849. **Os de Lugo, nin boa besta nin bon burro; montadores, os millores.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2850. **Os de Orense son paragüeiros.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [1412])

2851. **Os do Son son ladróns: rouban cabos e rizóns.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1413])

2852. **Os enemigos do home son tres: sogra, cuñada e muller.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / J.M. Barral Sánchez)

2853. **Os enemigos do home son tres: sogra, cuñado e muller.** (M. González Fernández)

2854. **Os enimigo[s] do home son tres: sogra, cuñado e muller.** (José Porto Buceta: Portas, PO [1414])

2855. **Os enxamios de san Xoán, quer se quedan, quer se van.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns)

2856. **Os fillos ós pais semellan na figura e mais no xenio.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [1415])

2857. **Os homes non se miden por la estatura sinón por a gordura.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C [1416])

2858. **Os martes non te cases nin te embarques.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Emilio Segade Vidones)

2859. **Ós meus compadres non lle gusta cando lle din as verdades.** (José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C [1417])

2860. **Os ollos son pra ver.** (Francisco Canosa Quintáns)

2861. **Os paxaros na folla aboligando.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

2862. **Os pitos de xaneiro henchen o capueiro.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

2863. **Os pitos que nacen en xaneiro logo han de poñer no poleiro.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

2864. **Os primeiros amores son os millores.** (M. González Fernández)

2865. **Os primeiros tronos de xaneiro son bos prós campos e malos prós homes.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1418])

2866. **Os qu'ó San Campio van, ou teñen o demo ou non teñen pan.** (Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C [1419])

2867. **Os que non fuman nin beben viño, o demo llo leva por outro camiño.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

2868. **Ós que non fuman nin beben viño, o demo os leva por outro camiño.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1420] / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [1421])

[1412] O orixinal di *Os de Orense son paragueiros.*

[1413] O orixinal di *Os do Son son ladrón's rouvan cabos e rizón's.*

[1414] O orixinal di *Os enimigo do home son tres sogra cuñado e muller.*

[1415] O orixinal di *Os fillos os páis semellan n'a figura e mais no xenio.*

[1416] O orixinal di *Us homes non se miden por la estatura sinon por a gordura.*

[1417] O orixinal di *Os meus compadres non lle gusta cando lle din as verdades.*

[1418] O orixinal di *Os primeiros tronos de xaneiro son bos pros campos e malos pros homes.*

[1419] O orixinal di *Os qu'o San Cámpio van, ou teñen o demo, ou non teñen pan.*

[1420] O orixinal di *Os' que non fuman nin beben viño o' demo os leba por'outro camiño.*

[1421] O orixinal di *Os que non fuman nin beben viño o'demo os leva por outro camiño.*

2869. **Os que o rezo non fan, ó inferno van.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1422])

2870. **Os rapaces non son homes.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2871. **Os traballos dos casados son traballos honrados.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

2872. **Ós tres días de xiada, unha vendavalada.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [1423])

2873. **Ou nas mans ou nos pés, has tirar a quen es.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2874. **Ou nas uñas ou nos pés, asemellarás de quen es.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1424])

2875. **Ou nas uñas ou nos pés, has de imitar a quen es.** (R. Celso Rodríguez Rodríguez [1425])

2876. **Ou nas uñas ou nos pés, has de salir a quen es.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1426])

2877. **Ou nas uñas ou nos pés, semellarás a quen es.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1427])

2878. **Ou nos ollos ou nos pés, has semellar a quen es.** (Seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C [1428])

2879. **Ou todo ou nada.** (Francisco Canosa Quintáns)

2880. **Outono a chegar, porco a cebar.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C / Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns)

2881. **Outono quente, inverno detente.** (José A. Iglesias Ares [1429])

2882. **Outoño a chegar, porco a cebar.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C)

2883. **Outubre a chegar, porco a cebar.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

2884. **Outubre quente, inverno detente.** (José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / Juan Carlos Couselo Gago)

2885. **Outubro quente, inverno detente.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

2886. **Ouvella que bala, bocado que perde.** (Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)

2887. **Ouvella que berra, bocado que perde.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO / José Porto Buceta: Portas, PO / Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2888. **Ovella de moitos, cómen'os lobos.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1430])

2889. **Ovella que bala, bocado que perde.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

2890. **Ovella que berra, bocado que perde.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C / Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C / Pascual Campos Arestiño: Cando, Outes, C / José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C [1431] / Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C / Antonio Torreira Torreira:

[1422] O orixinal di *Ox que o rexzo non fan o inferno van.*

[1423] O orixinal di *Os tres dias de xiada un a bendabalada.*

[1424] O orixinal di *Ou nas uñas, ou nos pes, asemellarás de quen es.*

[1425] O orixinal di *Ou n'as uñas ou n'os pes, has de imitar a quén es.*

[1426] O orixinal di *Ou nas uñas ou nos pes as de salir a quen es.*

[1427] O orixinal di *Ou nas uñas ou nos pes semellarás a quen és.*

[1428] O orixinal di *Ou nos ollos ou nos pes, as semellar a quen es.*

[1429] O orixinal di *Ouctono quente inverno detente.*

[1430] O orixinal di *Ovella de moitos, cómenos lobos.*

[1431] O orixinal di *Oveya que verra bocado que perde.*

San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [1432] / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO / Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO / Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO / José Manuel Area Alonso / J.M. Barral Sánchez / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C / Manuel Fernández Ferro / M. González Fernández / José Lage Radío / Luís Vázquez Veiga)

2891. **Ovella que berre, bocado que perde.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

2892. **Ovella que mea, bocado que perde.** (Juan Carlos Couselo Gago)

2893. **Ovella que moito berra, perde bocado.** (Félix Rodríguez Vieites)

2894. **Pa quen é burro, bastante é a albarda.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [1433])

2895. **Pa quen é burro, boa é a albarda.** (Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO [1434])

2896. **Pa saltar escairos e beber auga fría, non fai falta cortesía.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2897. **Pa un bo capellán, mellor sacristán.** (Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)

2898. **Pa verdades, rapaces e locos.** (Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

2899. **Pago por pago non é pecado.** (Félix Rodríguez Vieites)

2900. **Pais porcos, fillos marraus.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1435])

2901. **Palabra e pedra solta non ten volta.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2902. **Palabra por decir non ten chata.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2903. **Palique de inverno, casoiro de verano.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

2904. **Pallas mortas non alumean.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2905. **Palleiro sin palla non se fai.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2906. **Pan con pan, comida de bobos.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Francisco Canosa Quintáns)

2907. **Pan con pan, comida de lobos.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2908. **Pan de hoxe, carne de onte e viño de outono manteñen o home sano.** (Juan Carlos Couselo Gago [1436])

2909. **Pan de tasca, falta casa.** (Manuel Camino Sánchez)

2910. **Pano pobre non garda puntada.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

2911. **Pano podre non garda puntada.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2912. **Pan, xamón e viño añexo son os que hinchan o pelexo.** (J.M. Barral Sánchez)

2913. **Pan, xamón, touciño e queixo é o que enchen o pelexo.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C [1437])

2914. **Pan, xamón, touciño e queixo son os que enchen o pelexo.** (Manuel Lago López [1438])

2915. **Pao do coxo, pao do demo.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2916. **Papas con pan, cava Xan; papas sin pan, non cava Xan.** (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

[1432] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[1433] O orixinal di *Pa quen e burro bastante e a albarda.*

[1434] O orixinal di *Pa quen e burro, boa e a albarda.*

[1435] O orixinal di *Pais porcos, fillos maraus.*

[1436] O orixinal di *Pan de hoje, carne de onte e viño de outono, manteñen o home sano.*

[1437] O orixinal di *Pan, xamón, touciño e queixo e o que enchen o pelexo.*

[1438] O orixinal di *Pan, Xamón, touziño e queiso son hos que enchen o pelexo.*

2917. **Papas e bolos, comida de tolos.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

2918. **Papas e pan unha casa desfán.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2919. **Para comer á mesa, barba texa.** (Francisco Canosa Quintáns [1439])

2920. **Para ir á misa fai falta ter camisa.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

2921. **Para mala feira corda baleira.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2922. **Para quen é burro, bastante é a albarda.** (Manuel Lago López [1440])

2923. **Para quen é meu pai, chega miña nai.** (M. González Fernández [1441])

2924. **Para quen non quer comer, hay pan abondo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1442])

2925. **Para tal besta abóndalle tal albarda.** (M. González Fernández)

2926. **Pasa, sarralleiro, pasa, en canto o demo bota a masa.** (Francisco Canosa Quintáns)

2927. **Páscoas molladas, anadas dobradas.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

2928. **Pascuas en marso, fame ou mortaso.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

2929. **Pascuas en marzo, fame e martazo [sic].** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2930. **Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.** (Francisco Canosa Quintáns / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C / M. González Fernández / Ríos Pereiro)

2931. **Pascuas marzales, ou famentas ou mortales.** (Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C / Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2932. **Pascuas marzales, ou famentos ou mortales.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

2933. **Pascuas milladas, manadas dobladas.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2934. **Pascuas molladas, anadas dobladas.** (Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

2935. **Pascuas molladas, boas anadas.** (Francisco Canosa Quintáns / Ríos Pereiro [1443])

2936. **Pascuas molladas, moitas dobladas; Pascuas enxoitas, nin moitas nin poucas.** (Francisco Luna Bande)

2937. **Pascuas no marzo, ou fame ou mortazo.** (Manuel Gómez Vilar / M. González Fernández)

2938. **Pasou o día, pasou a romería.** (Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO / Freire López: Padrón, C)

2939. **Pastora sin vara non ten vergonza na cara.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2940. **Patada de besta non mata cabalo.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

2941. **Patada de yegua non mata o caballo.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

2942. **Patrón mandare, mariñeiro traballare.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2943. **Patrón mandar, mariñeiro facer.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

2944. **Pau ca sartén, si non doi, tirma.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

2945. **Pau de coxo, pau do demo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

2946. **Pau do coxo, pau do demo.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [1444])

2947. **Paz na casa e guerra fóra.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1445])

[1439] O orixinal di *Para comer a mesa barba texa.*

[1440] O orixinal di *Para quen he burro bastante he a albarda.*

[1441] O orixinal di *Para quen e meu pai chega miña nai.*

[1442] O orixinal di *Para q'uen non q'uer comer hay pan abondo.*

[1443] O orixinal di *Pascuas molladas voas anadas.*

[1444] O orixinal di *Paú do coxo pa'u dó Demo.*

[1445] O orixinal di *Paz n'a casa, e guerra fora.*

2948. **Pedra pra baixo e muller pra romería, o demo a guía.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2949. **Pégase o cigarro ó tizón no mes de mayo ballón.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1446])

2950. **Peixe en xaneiro vale carneiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2951. **Pensa mal de todos e sobre ti estarás.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2952. **Pensa mal e acertarás.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

2953. **Pensa moito e fala pouco.** (Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / José Manuel Area Alonso / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2954. **Pensa o ladrón que todos son da misma condición.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

2955. **Pensa o ladrón que todos son da súa condición.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [1447])

2956. **Pensa o ladrón que todos son da súa condisión.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [1448])

2957. **Perdónolle o mal que me fai polo ben que me sabe.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1449])

2958. **Pescador que pes pesca, pescador é.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [1450])

2959. **Pescas rabudas da veira do mar, as de Muros.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

2960. **Pícame tarde e réndame cedo, que eu che darei do que teño.** (Fala o millo) (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2961. **Pícame tarde e réndame cedo, que eu che darei o que teño.** (fal'o millo) (Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO [1451])

2962. **Pito de xaneiro vai coa súa nai ao poleiro.** (Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)

2963. **Pito sorodio, tarde ou nunca fai capón.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

2964. **Pleito de probe na proba morre.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2965. **Pó preguiceiro non sirve ningún apeiro.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C [1452])

2966. **Pobre dun pobre, qu'o rico ben come.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [1453])

2967. **Pobres e muíños, andando ganan.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

2968. **Poda en marzo, vendima no regazo.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

2969. **Pola boca morre o peixe.** (Francisco Canosa Quintáns)

2970. **Pola Caldeirola, metá do inverno fóra.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1454] / Manuel Barrós Fachal [1455])

2971. **Pola Candeloria cásanse os paxariños e mais a galiñola.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

2972. **Pola Candeloria, medio inverno fóra.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1456])

[1446] O orixinal di *Pégase o cigarro o tizón nu mes de mayo vallón.*

[1447] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[1448] O orixinal di *Pensa u ladrón que todos son da sua condisión.*

[1449] O orixinal di *Perdónolle o mal que me fai, po lo ven que me sabe.*

[1450] O orixinal di *Pescador que pes pesca, pescador e.*

[1451] O orixinal di *Pícame tarde e réndame cedo, qu'eu che darei o que teño-fal'o millo.*

[1452] O orixinal di *Po pregiceiro non sirve ningún apeiro.*

[1453] O orixinal di *Pobre d'un pobre, c'o rico ben come.*

[1454] O orixinal di *Pola Caldeirola, metá do inverno fora.*

[1455] O orixinal di *Pola Caldeirola, metá do inverno fora.*

[1456] O orixinal di *Pola candeloria medio inverno fora.*

2973. **Pola Candeloria, mitá do inverno fóra, e se chove ou venta, aínda entra.** (José María García Vázquez: Dodro, C [1457])

2974. **Pola Candeloria, mitá do inverno fóra; se chove ou venta, aínda entra.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1458])

2975. **Pola Concección ningun[h]a galiña pon.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [1459])

2976. **Pola Conceición ningunha galiña pon.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

3285. **Quen moito cor[r]e, logo para.** (Manuel Camino Sánchez [1676])

3286. **Quen moito dorme, o seu e o axeno perde.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3287. **Quen muito ten, muito quer.** (Francisco Canosa Quintáns)

3288. **Quen non che me pareu non foi miña nai.** (M. González Fernández)

3289. **Quen non é reparado, dá co cu no ferrado.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1677])

3290. **Quen non fuma nin bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

3291. **Quen non goberna a leña, non goberna cousa que teña.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3292. **Quen non qu[e]ira aprender e non sepa confesarse, no inferno ha d'amolarse.** (Pedro Pontes García [1678])

3293. **Quen non sabe de abó, non sabe de bo.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

3294. **Quen non sepa as partes que ten a misa, a ninguén lle meta cobisa.** (Pedro Pontes García)

3295. **Quen non ten cabeza, non lle fai falta sombreiro.** (Seminarista anónimo: Carballo, C)

3296. **Quen non traballa, non ten mingalla.** (M. González Fernández)

3297. **Quen non veo Lisboa, non veo cousa boa.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

3298. **Quen non veo Sevilla, non veo marabilla.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

3299. **Quen o pouco desprecia, menos merece.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3300. **Quen o seu mal teña por moito, cóntello a outro.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3301. **Quen ós lóstregos non teme, a Deus ofende.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1679])

3302. **Quen ós lóstregos non teme, a Dios ofende.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1680] / José Manuel Area Alonso [1681])

3303. **Quen padece das moas, que acuda á dentuza.** (Francisco Luna Bande [1682])

3304. **Quen padeza das moas, que acuda á dentuza.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [1683])

3305. **Quen paga e mente, a bolsa llo sente.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [1684])

3306. **Quen pareu, que a[r]role, e se non, pasar sin home.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C [1685])

3307. **Quen perde o burro e topa albarda, non sufre perda tanta.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3308. **Quen pola mañán se ergue sin nada en Dios cavilar, mal o día ha de pasar.** (Pedro Pontes García)

[1676] O orixinal di *Quen moito core logo para.*

[1677] O orixinal di *Quén non é reparado, da'co cú n'o ferrado.*

[1678] O orixinal di *Quen non quira aprender e non sepa confesarse, no inferno ha da molarse.*

[1679] O orixinal di *Quen os lostregos non teme a Deus ofende.*

[1680] O orixinal di *Quen os lostregos non teme, a Dios ofende.*

[1681] O orixinal di *Quen os lóstregos no teme a Dios ofende.*

[1682] O orixinal di *Quen padece de as moas, que acuda o dentuza.*

[1683] O orixinal di *Quen padeza das moas que acuda a dentuza.*

[1684] O orixinal di *Quen paga e mente a bolsa ll'o sente.*

[1685] O orixinal di *Quen pareu que arole e senon pasar sin home.*

3309. **Quen por malos camiños anda, malos abrollos colle.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1686])

3310. **Quen queira ser un santo, rece con moito llanto.** (Pedro Pontes García)

3311. **Quen quere a Beltrán, quere o seu can.** (José María García Vázquez: Dodro, C)

3312. **Quen rouba a un ladrón, gana cen anos de perdón.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

3313. **Quen rouba ó ladrón, ten cen anos de perdón.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [1687])

3314. **Quen se laia e non come nin sonea, logo dá os fíos a tea.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1688])

3315. **Quen se salva, sabe; quen non se salva, non sabe nada.** (Francisco Canosa Quintáns)

3316. **Quen tal ve, tal quere.** (M. González Fernández)

3317. **Quen ten besta e vai a pé, máis besta el é.** (Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO [1689])

3318. **Quen ten gana de festa por lucir, nunca alma llega a subir.** (Pedro Pontes García)

3319. **Quen ten pan, non falta quen lle barra o chan.** (Francisco Canosa Quintáns [1690])

3320. **Quen ten trigo, róuballo o veciño.** (Francisco Canosa Quintáns)

3321. **Quen todo quere, todo perde.** (Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

3322. **Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou fai romeiría ou non.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

3323. **Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou fai romería ou non.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C [1691] / Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / J.M. Barral Sánchez / Francisco Canosa Quintáns)

3324. **Quen vai a Santiago e non vén por Padrón, ou fai romería ou non.** (José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C [1692])

3325. **Quen vai en carro, nin vai a pé nin a cabalo.** (Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C [1693])

3326. **Quen vai en carro, non vai a pé nin a cabalo.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1694])

3327. **Quen vive de recordos, vive entre mortos.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1695] / Francisco Luna Bande)

3328. **Quéntate co traballo e non co lume do carballo.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

3329. **Quérelle o corvo ós seus corviños como a pegha ós seus peghiños.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1696])

3330. **Quérenme mal meus compadres porque lle digo as verdades.** (Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro Muros, C)

[1686] O orixinal di *Quen por malos camiños anda malos abrollos coye.*

[1687] O orixinal di *Quen rouba o ladrón, ten cen anos de perdón.*

[1688] O orixinal di *Quen se laya e non come, nin sonea, logo da os fios a tea.*

[1689] O orixinal di *Quen ten besta e vai a pe mais besta el e.*

[1690] O orixinal di *Quen ten pan non falta quen llo barra o chan.*

[1691] O orixinal di *Quen vay a Santiago e non vay a Padrón, ou fai romería ou non.*

[1692] O orixinal di *Quen vai a Santiago e non ven por Padrón ou fai romería ou non.*

[1693] O refrán aparece dúas veces coas formas *Quen vai en carro nin vai a pe nin a cabalo* e *Quen vay en carro nin vay a pe nin a cabalo.*

[1694] O orixinal di *Quen vai en carro non vai en pe nin a cabalo.*

[1695] O orixinal di *Quen vide de recordos vive entre mortos.*

[1696] O orixinal di *Querelle o corvo oseus corviños, como e peja o seus pejiños.*

3331. **Quérenme mal os compadres porque lle digo as verdades.** (Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

3332. **Quérote moito polo tempo enxoito, e polo mollado tírote ó lado.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1697])

3333. **Que[n] non veu Sevilla, non veu cousa boa.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1698])

3334. **Que[n] teña boca, que non diga a outro "¡sopla!"** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C [1699])

3335. **Raiola de xaneiro pode co verde e co seco.** (Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / José A. Iglesias Ares / Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

3336. **Ramiño de souto, se non vós, será outro.** (M. González Fernández [1700])

3337. **Ramos mollado e Pascoas enxoitas, bo ano de froitas e troitas.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

3338. **Ramos mollado e Páscoas enxoitas, bo ano de froitas e troitas.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)

3339. **Ramos mollados e Pascuas enxoitas, bo ano ano de fruitas e truitas.** (Francisco Canosa Quintáns)

3340. **Raposo que moito dorme, galiña gorda nunca come.** (Eliseo López Varela)

3341. **Raposo que moito dorme, nunca galiña gorda come.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / José Manuel Area Alonso)

3342. **Regalo de monxa: cunca de leite por cunca de aceite.** (M. González Fernández)

3343. **Rei morto, rei posto.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3344. **Reinos e diñeiros non queren compañeiros.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

3345. **Réndame tarde e cávame cedo, e despois dareiche o que teño.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3346. **Reprendes as vacas e ceibas as cabras.** (Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C)

3347. **Rey morto, rey posto.** (Manuel Camino Sánchez)

3348. **Roibéns ó mar, vellas ó sollar.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1701])

3349. **Ron-ron, fagámo-lo que o rey mandou.** (M. González Fernández [1702])

3350. **Rosquilla de monxa, ferrado de trigo.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3351. **Roupa lavada polo sol agarda.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3352. **Rubiéns pá ribeira, vellas á parromeira.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1703])

3353. **Rubiéns pó mar, vellas a traballar.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1704])

3354. **Rubiés hacia o mar, vellas a asollar.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1705])

3355. **Rubio pró naciente, aghua de repente.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1706])

[1697] O orixinal di *Querote moito po lo tempo enxoito, e po lo mollado tirote o lado.*

[1698] O orixinal di *Que non veu Sevilla non veu cousa voa.*

[1699] O orixinal di *Que teña boca, que non diga a outro 'sopla'.*

[1700] O orixinal di *Ramiño de souto se non vos será outro.*

[1701] O orixinal di *Roibens o mar vellas o sollar.*

[1702] O orixinal di *Ron-ron fagamolo que o rey mandou.*

[1703] O orixinal di *Rubiens pa ribeira bellas a parromeira.*

[1704] O orixinal di *Rubiens po mar bellas a traballar.*

[1705] O orixinal di *Rubies hacia o mar bellas a asollar.*

[1706] O orixinal di *Rubio pro naciente ajua de repente.*

3356. **Ruín cadela roe a veces boa cadea.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1707])

3357. **Ruín cadela roe ás veces boa correa.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C [1708])

3358. **Sábado á noite, María colle a roca.** (Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C [1709])

3359. **Sábado á noite, María pilla a roca.** (Francisco Canosa Quintáns [1710])

3360. **Sábado á noite, Marica colle a roca.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1711] / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1712])

3361. **Sábado á noite, Mica colle o roco.** (Manuel Camino Sánchez [1713])

3362. **Sábado pola noite, Marica colle a roca.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1714] / Manuel Camino Sánchez)

3363. **Sabe un a donde chegou e non sabe a donde chegará.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)

3364. **Saben todos o que bebo e non a sede que teño.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Manuel Fresco Reboredo: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

3365. **Saben todos o que debo e non a sede que teño.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)

3366. **Sácame de marzo, si non pace o rasco.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1715])

3367. **Sacha ben, que por donde vas non volverás.** (Francisco Canosa Quintáns [1716])

3368. **Saio de un souto e métome noutro.** (M. González Fernández [1717])

3369. **San Antonio verdadeiro, o dezasete de xaneiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1718])

3370. **San Cristobo co seu covo.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1719] / Manuel Camino Sánchez / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3371. **San Lorenzo co seu caldeiro penzo.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951)/ Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

3372. **San Lourenzo co seu caldeiro penzo.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1720])

3373. **San Lourenzo sempre vén co seu caldeiriño penzo, san Cristobo co seu covo e santa Mariña coa súa regazadiña.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1721])

3374. **San Martiño sempre quere o seu graíño.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1722])

3375. **San Miguel das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.** (Seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C [1723])

[1707] O orixinal di *Ruin cadela roe a veces voa cadea.*

[1708] O orixinal di *Ruin cadela roe as veces boa correa.*

[1709] O orixinal di *Sabado a noite Maria colle a roca.*

[1710] O orixinal di *Sábado a noite, María pilla a roca.*

[1711] O orixinal di *Sabado a noite Marica colle a roca.*

[1712] O orixinal di *Sábado a noite Marica colle a roca.*

[1713] O orixinal di *Sabado a noite Mica colle o roco.*

[1714] O orixinal di *Sabado po la noite, marica colle a roca.*

[1715] O orixinal di *Sácame de Marzo, sin nón pace o rasco.*

[1716] O orixinal di *Sacha ven que por donde vas non volverás.*

[1717] O orixinal di *Salo de un souto e metome noutro.*

[1718] O orixinal di *San Antonio verdadeiro u 17 de xaneiro.*

[1719] O orixinal di *S. Cristobo, co seu cobo.*

[1720] O orixinal di *S. Lourenzo, co seu caldeiro penzo.*

[1721] O orixinal di *San Lourenzo sempre ven c'o seu caldeiriño penzo, san Cristobo c'o seu covo, e santa Mariña coa sua regazadiña.*

[1722] O orixinal di *S. Martiño sempre quere o' seu graiño.*

3376. **San Miguel das uvas, tarde vés e pouco duras.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1724] / Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1725] / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1726] / Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / José Porto Buceta: Portas, PO [1727])

3377. **San Miguel siempre trae o s[e]u tonel.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C [1728])

3378. **San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.** (Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C [1729])

3379. **San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco maduras.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C [1730])

3380. **San Migueliño das uvas, tarde vés e pouco duras.** (Laureano Moscoso Sabel: Berreo, Trazo, C [1731] / Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [1732] / Manuel Camino Sánchez [1733] / Francisco Canosa Quintáns)

3381. **San Migueliño siempre trae o seu airiño.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

3382. **Santa Cruz de Mayo, o lobo e o corvo, nado, e o raposo, criado.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

3383. **Santa Lucía quítalle á noite e auméntalle ó día.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) [1734])

3384. **Santa Lucía saca da noite e mete no día.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

3385. **Santa Lucía saca da nuite e mete no día.** (Francisco Canosa Quintáns)

3386. **Santa Lucía saca na noite e mete no día.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)

3387. **Santa Lucía sácalle á noite e auméntalle ó día.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1735])

3388. **Santa Lucía, auga ou sardiña.** (Juan Bello Valiña)

3389. **Santa Lusía saca na noite e mete no día.** (José Manuel Area Alonso [1736])

3390. **Santa Mariña ca súa regazadiña.** (Manuel Camino Sánchez)

3391. **Santa Mariña coa súa regazadiña.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1737] / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1738])

3392. **Santa Mariña nunca vén si[n] a súa regazadiña.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [1739])

3393. **Santa Mariña siempre vén ca súa regazadiña; santa Lucía ca súa regalía; san Lorenzo co seu caldeiro penzo.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C [1740])

[1723] O orixinal di *San Miguel das uvas maduras tarde ves e pouco duras.*

[1724] O orixinal di *S. Miguel das uvas tarde ves e pouco duras.*

[1725] O orixinal di *San Miguel das uvas, tarde ves e pouco duras.*

[1726] O orixinal di *San Miguel das uvas tarde ves e pouco duras.*

[1727] O orixinal di *San Miguel das uvas tarde ves epouco duras.*

[1728] O orixinal di *San Miguel siempre trae o su tonel.*

[1729] O orixinal di *San Migueliño das uvas maduras tarde ves e pouco duras.*

[1730] O orixinal di *San Migueliño das uvas maduras, tarde ves e pouco maduras.*

[1731] O orixinal di *San Migueliño das uvas, tarde ves e pouco duras.*

[1732] O orixinal di *San Migeliño das uvas tarde ves e pouco duras.*

[1733] O orixinal di *Sn Migueliño das uvas, tarde ves e pouco duras.*

[1734] O orixinal di *Sn. Lucia quitalle a noite, e aumentalle o dia.*

[1735] O orixinal di *Santa Lucia sacalle a noite e aumentalle o dia.*

[1736] O orixinal di *Santa Luxía saca na noite e mete no dia.*

[1737] O orixinal di *Santa Mariña co a sua regazadiña.*

[1738] O orixinal di *Sta. Mariña co a sua regazadiña.*

[1739] O orixinal di *Santa Mariña nunca ven si a sua regazadiña.*

[1740] O orixinal di *Sta. Mariña siempre ven ca sua regazadiña. / Sta. Lucia ca sua regalia. / San Lorenzo cu seu caldeiro penzo.*

3394. **Santa Mariña, fruto na arquiña.** (? López Baleato [1741])

3395. **Santa Marta de Ortigueira, a muller que come a nata non ten sorte co[a] manteiga.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1742])

3396. **Santa Marta de Ortigueira, a muller que come nata non ten sorte ca manteiga.** (Francisco Canosa Quintáns)

3397. **Santa Rita Rita, o que se dá non se quita.** (Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C [1743])

3398. **Santa Rita, o que se dá non se quita.** (Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C [1744] / José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1745])

3399. **Santa Rita, santa Rita, o que se dá non se quita.** (José María García Vázquez: Dodro, C [1746])

3400. **Santaballa o deo, Santaballa o comeo.** (Xestoso, C)

3401. **Santiago co seu canado.** (Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3402. **Santiago de chuvias, ano de alubias.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3403. **Santiagueses, picholeiros; as de Louro, vuleiras; as pesudas, de Lariño; as corbeiras de Lira.** (Seminarista anónimo: Louro, Muros, C [1747])

3404. **Santos e Nadal, inverno caroal.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO / Francisco Canosa Quintáns)

3405. **Sarna con gusto non pica.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C / Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)

3406. **Sarne con gusto non pica.** (Francisco Canosa Quintáns)

3407. **Se a misa che é pesada, cando a digas será apurada.** (Pedro Pontes García [1748])

3408. **Se a noite de Nadal está clara, ara, boi, ara; se está escura, ara, boi, no duro.** (José Lorenzo Viña [1749])

3409. **Se agora non es bo ¿como serás aló?** (Pedro Pontes García)

3410. **Se ben non rezas o rosario, tampouco o breveario.** (Pedro Pontes García [1750])

3411. **Se ben o rezo non fas, nunca bo crego serás.** (Pedro Pontes García [1751])

3412. **Se cazas, non te alabes; si non cazas, non te enfades.** (Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

3413. **Se comes mañán, non morres hoxe.** (Carballo, C)

3414. **Se che dan a ovella, colle a corda e vai por ela.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3415. **Se che don os dentes, recurre ó dentista.** (Francisco Canosa Quintáns [1752])

3416. **Se che pica o culebrón, colleranche o legón.** (Félix Rodríguez Vieites)

3417. **Se chove moito en Nadal, ano formal.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal)

[1741] O orixinal di *Santa Mariña fruto na Arquina.*

[1742] O orixinal di *Santa Marta de Ortigeira a muller que come a nata non ten sorte co manteiga.*

[1743] O orixinal di *Santa Rita Rita, o que se da non se quita.*

[1744] O orixinal di *Santa Rita o que se da non se quita.*

[1745] O orixinal di *Santa Rita o que se da non se quita.*

[1746] O orixinal di *Santa Rita, Santa Rita o que se da non se quita.*

[1747] O orixinal di *Santiagueses picholeiros / Os de Louro vuleiras / As pesudas de Lariño / as corbeiras de Lira.*

[1748] O orixinal di *Se a misa che he pesada, cando a digas será apurada.*

[1749] O orixinal di *Se a noite de nadal está clara, ara boi ara; se está obscura, ara boi no duro.*

[1750] O orixinal di *Se ben non rezas u rosario, tampouco u breveario.*

[1751] O orixinal di *Se ben u rezo non fas, nunca bo crego serás.*

[1752] O orixinal di *Se che don os dentes recurre o dentista.*

3418. **Se chove o día de san Antonio de xaneiro, xa podes botar as pipas ó fumeiro.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1753])

3419. **Se chove o domingo antes de misa, leva tod'a semana de risa.** (Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C [1754])

3420. **Se chove o domingo antes de misa, tod'a semana se vai de risa.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1755])

3421. **Se chove o sábado e dominco ante da misa, tod'a semana vai de risa.** (Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO [1756])

3422. **Se chove o sábado pola tarde e o domingo ó vir da misa, toda a semana é de risa.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO [1757])

3423. **Se chove por Nosa Señora, a anada non é boa.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C [1758])

3424. **Se deseas mal ó veciño, venche o teu polo camiño.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1759])

3425. **Se es bo, canto máis vas, máis peligros encontrarás.** (Pedro Pontes García [1760])

3426. **Se mal das costas, peor dos illargas.** (M. González Fernández)

3427. **Se no mes de marzo sintes tronar, colle as chaves do pallar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1761])

3428. **Se no mes de Santiago chove, neva no inverno.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)

3429. **Se no silencio es un riseiro, no púlpito serás un grileiro.** (Pedro Pontes García)

3430. **Se non chove o día da Candeloria, xa o inverno vai fóra, pro se chove e venta, inda o inverno entra.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1762])

3431. **Se non queres traballare, moita fame tes que pasare.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [1763])

3432. **Se non te casas antes de trinta, quedas solteira pra toda a vida.** (Carballo, C)

3433. **Se o Nadal nada, sinal de boa anada.** (Juan Bello Valiña)

3434. **Se queres andar á carreira, bebe auga da rateira.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951) [1764])

3435. **Se queres comer pouco, tes que traballar moito.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3436. **Se queres ir ó roupeiro, non te olvides do diñeiro.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1765])

3437. **Se queres ir pescar, tes que saber nadar.** (José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

[1753] O orixinal di *Se chove o día de San Antonio de xaneiro xa podes votar as pipas o fumeiro.*

[1754] O orixinal di *Se chove o dominco antes de misa leva toda semana de risa.*

[1755] O orixinal di *Se chove o domingo antes de misa toda semana se vai de risa.*

[1756] O orixinal di *Se chove o Sabado e Dominco ante da misa toda Semana vai de risa.*

[1757] O orixinal di *Se chove o sábado po la tarde e o domingo o vir da misa toda a semana e de risa.*

[1758] O orixinal di *Se chove por nosa Señora a anada no he voa.*

[1759] O orixinal di *Se deseas mal o veciño vende o teu po lo camiño.*

[1760] O orixinal di *Se es bó, canto mais vás, mais peligros encontrarás.*

[1761] O orixinal di *Se nu mes de marzo sintes tronar colle as chaves du pallar.*

[1762] O orixinal di *Se non chove o dia da Candeloria xa o inverno vay fora pre se chove e venta inda o inverno entra.*

[1763] Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[1764] O orixinal di *Se queres andar a carreira bebe auga da rateira.*

[1765] O orixinal di *Se queres ir o roupeiro non te olvides do diñeiro.*

3438. **Se queres pan, vaino buscar á terra do meu can.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1766])

3439. **Se queres que che siga o can, dálle pan.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO [1767])

3440. **Se queres que o carro cante, móllalle o eixe no río; despois de iso mollado, canta como un asubío.** (Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

3441. **Se queres que o carro cante, móllalle o eixo no río, e despois de ben mollado canta coma un asubío.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C [1768])

3442. **Se queres ser bo cristiano, reza de noite o rosario.** (Pedro Pontes García [1769])

3443. **Se queres ter a muller boa, dálle cerboa.** (R. Celso Rodríguez Rodríguez [1770])

3444. **Se queres ter bo banastro, corta os vimbios en marzo.** (Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

3445. **Se queres ter bo viño, enxerta de boa cepa.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

3446. **Se queres ter lo[m]bo, seba o porco desde agosto.** (Francisco Canosa Quintáns [1771])

3447. **Se queres ter o home san, dálle abelán.** (R. Celso Rodríguez Rodríguez [1772])

3448. **Se queres ter un fillo larpeiro, apréndeo a gaiteiro.** (José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)

3449. **Se queres ter un fillo pillabán, méteo sancristán.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [1773])

3450. **Se queres ter un fillo pillo, méteo monaguillo.** (Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C [1774])

3451. **Se ques comer, traballa.** (Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)

3452. **Se ques ter un fillo can, méteo sacristán.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

3453. **Se ques ter un fillo pillo, méteo monaguillo.** (Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

3454. **Se recolle aceituna, fai o labrador fortuna.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3455. **Se sábado chove e domingo ant'a misa, pola semana verás que risa.** (José María García Vázquez: Dodro, C [1775])

3456. **Se sábado chove e domingo ante misa, pola semana adiante verás que risa.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3457. **Se te morde un alacrán, busca viño e busca pan que mañá te enterrarán.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1776])

3458. **Se te morde unha gunicela, prepara a camisa prá terra.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1777])

3459. **Se te pica o escurpión, colle a pala e o ligón.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

[1766] O orixinal di *Se queres pan vaino buscar a terra do meu can.*

[1767] O refrán aparece dúas veces coas formas *Se queres que che siga o can dalle pan* e *Se queres que che siga o can, dalle pan.*

[1768] O orixinal di *Se queres que o carro cante mollalle o eixe no rio e despoes de ven mollado canta coma un asuvio.*

[1769] O orixinal di *Se queres ser bo Cristiano, reza de noite u rosario.*

[1770] O orixinal di *Se queres ter a muller boa, dalle cerboa.*

[1771] O orixinal di *Se queres ter lobo seba o porco desde Agosto.*

[1772] O orixinal di *Se queres ter o ome san, dalle abelán.*

[1773] O orixinal di *Xe queres ter un fillo pillaban meteo xancristan.*

[1774] O orixinal di *Xe queres ter un fillo pillo meteo monaguillo.*

[1775] O orixinal di *Se sabado chove e domingo anta misa pola semana veras que risa.*

[1776] O orixinal di *Se te morde un Alacrán busca viño et busca pan que mañá te enterraran.*

[1777] O orixinal di *Se te morde un'a gunicela prepara a camisa pra terra.*

3460. **Se tes a lengua aguda, ten a custilla dura.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3461. **Se tes frío, vaite pó río.** (Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO [1778])

3462. **Se tes gana, vaite pá cama.** (Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO [1779])

3463. **Se tes moitas galiñas, véndeas en septiembre e vólveas a comprar en *Navidá.** (Manuel Collazo Porto: Portas, PO)

3464. **Se tes sono, vaite pó forno.** (Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO [1780])

3465. **Se torce pra dentro é un patrenco.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C [1781])

3466. **Se torce pra fóra ten un andar que nemora.** (José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

3467. **Se trona do poniente, ceiba os bois e vente.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

3468. **Se trona do rayante, fala ós bois pa diante.** (Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C [1782])

3469. **Se (o caldo) está bo, come pouco; se está malo, come moito.** (Jesús García Villasenín: Niveiro, Val do Dubra, C)

3470. **Secreto entre tres non dura un mes.** (Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)

3471. **Según é a manta, estira o pé.** (Francisco Canosa Quintáns)

3472. **Según é o burro, esí se lle fan os aparrellos.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo [1783])

3473. **Según é o pai, así é o fillo.** (M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C [1784])

3474. **Según sea o burro, así se lle pon a albarda.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

3475. **Según sea o burro, así ten que se--la albarda.** (M. González Fernández [1785])

3476. **Sei que hei de morrer e sei dónde e cándo.** (Freire López: Padrón, C [1786])

3477. **Seitura de baixo i-outono de riba.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1787] / Seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1788])

3478. **Sembra cedo e collerás palla e gran.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3479. **Sembra cedo e recollerás cedo.** (José Lorenzo Viña)

3480. **Sementa a avea en febreiro si queres sacar diñeiro.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)

3481. **Sementar sin sazón, coller sin fouciño.** (José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C [1789])

3482. **Sempre porco ruín ha topar unha boa castaña.** (Francisco Canosa Quintáns)

3483. **Sempre santa Mariña vén ca súa regadiña.** (José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C [1790])

3484. **Sempre ten máis que falar o que mancha a cama que o que a limpa.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1791])

3485. **Señal de aghua cando a perdiz canta.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [1792])

3486. **Señora María, señor Manuel, castañas asadas e viño con mel.** (Ramón

[1778] O orixinal di *Se tes frio vaite po rio.*
[1779] O orixinal di *Se tes gana vaite pa cama.*
[1780] O orixinal di *Se tes sono vaite po forno.*
[1781] O orixinal di *Se torce pra dentro e un patrenco.*
[1782] O orixinal di *Se trona do rayante, fala os bois pa diante.*
[1783] O orixinal di *Según e u burro esi se lle fan us aparrellos.*
[1784] O orixinal di *Según e o pai, asi e o fillo.*

[1785] O orixinal di *Segun sea o burro asi ten que sela albarda.*
[1786] O orixinal di *Sei que ei de morrer e sei donde e cando.*
[1787] O orixinal di *Seitura de baixo, y'outono de riba.*
[1788] O orixinal di *Seitura de baixo i'outono de riba.*
[1789] O orixinal di *Sementar sin sazóne coller sin fouciño.*
[1790] O orixinal di *Sempre Sta. Mariña ven ca sua regadiña.*
[1791] O orixinal di *Sempre ten mais que falar o que mancha a cama que o que a limpa.*
[1792] O orixinal di *Señal de ajuan cando a perdiz canta.*

Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C [1793])

3487. **Señorita do pío, chea de fame e morta de frío.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

3488. **Setembro, deitoso mes, que entras con Santos i-acabas con san Andrés.** (Seminarista anónimo: algún lugar de Galicia [1794])

3489. **Si a Candea chora, inverno fóra.** (José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1795])

3490. **Si a envidia fora tiña, todo o mundo a tiña.** (Francisco Canosa Quintáns)

3491. **Si a muller che manda tirar don piso, procura que sea baixo.** (Manuel Gómez Vilar)

3492. **Si a noite de Navidad foi de escuro, sementa no terrón duro.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3493. **Si a noite de Navidad foi de luar, labra ben pra sementar; si a noite de Navidad foi d'escuro, sementa no terrón duro.** (Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO [1796])

3494. **Si a silveira ten amoras, come pan a poucas horas.** (Seminarista anónimo: San Xoán de Laíño, Dodro, C)

3495. **Si a vello queres chegar, bótate un neto a tragar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3496. **Si bebes pra olvidar, paga ante[s] de empezar.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [1797])

3497. **Si casaches, non te alabes, e si non casaches, non te enfades.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3498. **Si comes mañán, non morres hoxe.** (Carballo, C)

3499. **Si che dan unha ovella, colle a corda e vai por ela.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3500. **Si che doi a barrigha, rasca contra unha vigha.** (Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO [1798])

3501. **Si che doi as muelas, rascas con ortighas.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [1799])

3502. **Si che pica a denociña, vai preparando a caixiña.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1800])

3503. **Si che pica un alacrán, as campanas tocarán.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

3504. **Si che pica un alacrán, chama o cura e o sacristán.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

3505. **Si che pica un alacrán, podes chamar o cura e o sacristán.** (Luís Vázquez Veiga)

3506. **Si che pica un alacrán, vai buscando o sacristán.** (Emilio Segade Vidones [1801])

3507. **Si che pica uno, avisa ó cura e ó sacristán.** (Celestino López López: Brai, S. Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C [1802])

3508. **Si che pica un[h]a denucilla, vai buscando curillas.** (Emilio Segade Vidones [1803])

3509. **Si che [pica] unha colebra, hay rem[e]dio para ela.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [1804])

[1793] O orixinal di *Señora Maria Sr. Manuel castañas asadas e viño con mel.*

[1794] O orixinal di *Setembro, deitoso mes, que entras con Santos y'acabas con S. Andrés.*

[1795] O orixinal di *Si a candea chora inverno fora.*

[1796] O orixinal di *Si a noite de Navidad foi de luar, labra ben, pra sementar. Si a noite de Navidad foi descuro, sementa no terron duro.*

[1797] O orixinal di *Si bebes pra olvidar paga ante de empezar.*

[1798] O orixinal di *Si che doi a barrija rasca contra unha bija.*

[1799] O orixinal di *Si che doy as muelas rascas con ortijas.*

[1800] O orixinal di *Si che pica a denocíña vay preparando a caixiña.*

[1801] O orixinal di *Si che pica un alacran, vay buscando o sacristan.*

[1802] O orixinal di *Si che pica uno avisa o cura e o sacristan.* Tamén escribe na folla *Bray* - Brai é un lugar de Vilasantar.

[1803] O orixinal di *Si che pica una denucilla, bay buscando curillas.*

3510. **Si chove domingo antes da misa, toda semana de prigisa.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

3511. **Si chove en febreiro, pan no cementeiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3512. **Si chove en san Antonio de xaneiro, xa podes botar as pipas ó fumeiro.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1805])

3513. **Si chove en san Xuan, non hay auga nin pan.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

3514. **Si chove moito en agosto, non gastes diñeiro en mosto.** (Juan Bello Valiña)

3515. **Si chove o día de san Fins, castañas poucas e nabos ruíns.** (Carballo, C [1806])

3516. **Si chove o domingo antes de Misa, toda semana vai de risa.** (Eliseo López Varela [1807])

3517. **Si chove o sábado á noite o domingo á misa, é unha semana de risa.** (Carballo, C [1808])

3518. **Si chove o sábado toda a tarde o domingo antes da misa, toda a semana vai de risa.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3519. **Si chove por Nosa Señora, a anada ha de ser boa.** (Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO [1809])

3520. **Si chove por Nosa Señora, a anada non é boa.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C [1810])

3521. **Si Dios deixase de man a abril, moitos desfeitos tiñan que vir.** (M. González Fernández)

3522. **Si en xulio non vén treboada, teremos mala anada.** (Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO [1811])

3523. **Si está encarnado para o mar, colle os bois e vai labrar; si está encarnado pró monte, colle os bois e méteos na corte.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [1812])

3524. **Si levas o caruncho á feira, non o peses na caruncheira.** (Carballo, C [1813])

3525. **Si na túa casa non tes sardiña, na allea pide galiña.** (Félix Rodríguez Vieites)

3526. **Si no teu xardín hay rosas, no meu hay xazmíns.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [1814])

3527. **Si non che sobra pan, non críes can.** (José Porto Buceta: Portas, PO)

3528. **Si non hay que comer, de fame hay que morrer.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

3529. **Si non hay vento, non hay mal tempo.** (Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

3530. **Si non queres levar patadas, no[n] vayas á feira das bestas.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C [1815])

3531. **Si non queres ter os amigos do teu fillo á porta, deixa o teu salir.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C [1816])

[1804] O orixinal di *Si che unha colebra hay remdio para ela.*

[1805] O orixinal di *Si chove en S. Antonio de Xaneiro xa podes botar as pipas o fumeiro.*

[1806] O orixinal di *Si chove o día de S. Fins castañas poucas e nabos ruins.*

[1807] O orixinal di *Si chove o Domingo antes de Misa toda semana vay de risa.*

[1808] O orixinal di *Si chove o sábado a noite o domingo a Misa e unha semana de risa.*

[1809] O orixinal di *Si chove por Nosa Senhora a anada a de ser boa.*

[1810] O orixinal di *Si chove por nosa Señora a anada non e boa.*

[1811] O orixinal di *Si en xulio non ven treboada teremos mala anada.*

[1812] O orixinal di *Si esta encarnado para o mar colle os bois e vai labrar; si esta encarnado pro monte colle os bois e meteos na corte.*

[1813] O orixinal di *Si levas o caruncho a feira non o peses na caruncheira.*

[1814] O orixinal di *Si no teu sardín hay rosas, no meu hay jazmins.*

[1815] O orixinal di *Si non queres levar patadas no vayas a feira das vestas.*

[1816] O orixinal di *Si non queres ter os amigos do teu fillo a porta deisa o teu salir.*

3532. **Si novembro empeza ben, nada é de temer.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1817] / Manuel Barrós Fachal [1818])

3533. **Si no[n] regha san Xoán, non regha nin un santo do verán.** (Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C [1819])

3534. **Si o ano empeza o domingo, vende os bois e compra milliño.** (Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

3535. **Si o arco de vella está ó rayante, fala ós bois pra diante; si está ó puñente, ceiba os bois e vente.** (Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C [1820])

3536. **Si o avaro fose o sol, a nadie daría calore.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3537. **Si o cura canta ben, nada digamos o monaghillo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1821])

3538. **Si o mes d'agosto vén craro, bo magosto e bo nabo; se vén nubrado, poucas castañas e nabos furados.** (Juan Bello Valiña)

3539. **Si o Pico Sagro está coberto de neve, nenas de Lestedo poñer o mantelo.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [1822])

3540. **Si o que mandas o fai, excusas rapás.** (Francisco Canosa Quintáns)

3541. **Si o queres fillo de todo, meteu no coro.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

3542. **Si o río ronca, é porque agua leva.** (Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C [1823])

3543. **Si o río rouca é porque agua leva.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO [1824])

3544. **Si o viño che perxudica os negocios, deixa os negocios.** (Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO [1825] / M. González Fernández)

3545. **Si os hórreos están vacíos, mal inverno pós meus fillos.** (Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [1826])

3546. **Si pan has de ter, obedece a muller.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3547. **Si pola Candelaria plora, vai mitá do inverno fóra; e que plore ou deixe de plorar, o inverno está sin pasar.** (Seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO [1827])

3548. **Si queres ben, faimo ti tamén.** (Francisco Canosa Quintáns)

3549. **Si queres boa fama, non che de o sol na cama.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3550. **Si queres casar, teste que quedar, que as nenas da aquí non van para alá.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1828])

[1817] O orixinal di *Si novembro empeza ben, nada e de temer.*

[1818] O orixinal di *Si novembro empeza ben, nada e de temer.*

[1819] O orixinal di *Si no reja S. Xoán non reja nin un santo do verán.*

[1820] O orixinal di *Si o arco de vella está o rayante fala os bois pra diante si está o puñente ceiva os bois e vente.*

[1821] O orixinal di *Si o cura canta ben, nada digamos o monajillo.*

[1822] O orixinal di *Si u pico Sagro esta coberto de neve, nenas de Soutelo poñer u mantelo.* Corriximos *Soutelo* por *Lestedo* tal como xa fixera a lapis no ms. D. Manuel García, que era o profesor que gardaba estes exercicios de recolleita de refráns.

[1823] O orixinal di *Sio río ronca, e porque agua leva.*

[1824] O orixinal di *Si o rio rouca e porque agua leva.*

[1825] O orixinal di *Si u viño che perxudica os negocios, deixa os negocios.*

[1826] O orixinal di *Si os horreos están vacios mal invernos pos meus fillos.*

[1827] O orixinal di *Si pol'a Candelaria plora, vai mitá do inverno fora. E que plore ou deixe de plorar, o inverno está sin pasar.*

[1828] O orixinal di *Si queres casar tes te q'ue q'uedar, que as nenas da aquí non van para alá.*

3551. **Si queres coller trigo, sémbrao no seu siglo.** (Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO [1829])

3552. **Si queres comer pouco, tes que traballar moito.** (José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

3553. **Si queres dormir ben, que non che dea o sol na cama.** (Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

3554. **Si queres qu'o fillo sea pillo, méteo monaguillo.** (Seminarista anónimo: Rías Baixas, PO [1830])

3555. **Si queres que cante o carro, móllalle o eixe no río.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña [1831])

3556. **Si queres que che siga o can, dálle pan.** (Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / Freire López: Padrón, C [1832] / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C [1833])

3557. **Si queres que te siga o can, dálle pan.** (Seminarista anónimo: Narla, Friol, LU [1834])

3558. **Si queres que te veñan ver, hay que dar e ter.** (Eliseo López Varela)

3559. **Si queres ser ben servido, sírvete a ti mismo.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

3560. **Si queres ser carpinteiro, tes que aprender primeiro.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3561. **Si queres ser larpeiro, aprende a cura e a gaiteiro.** (Emilio Segade Vidones [1835])

3562. **Si queres ser larpeiro, aprende a gaiteiro.** (Manuel Camino Sánchez)

3563. **Si queres ter bo viño, inxerta de boa cepa.** (José Manuel Area Alonso [1836])

3564. **Si queres ter boa fama, non che dea o sol na cama.** (Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)

3565. **Si queres ter boa fama, que non che colla o sol na cama.** (Manuel Camino Sánchez)

3566. **Si queres ter boa fama, que non che dé o sol na cama.** (Julio Barreiro Fernández: S. Miguel de Vilar, Touro, C / José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C [1837] / Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / Emilio Segade Vidones / Manuel Lago López / José Castro López: Sobrado dos Monxes, C [1838] / José A. Iglesias Ares [1839])

3567. **Si queres ter boa fama, que non che dea o sol na cama.** (Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / Emilio Segade Vidones / Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)

3568. **Si queres ter fama, que non che colla o sol na cama.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3569. **Si queres ter un carto, vota a Brea que o estraperlo non está morto.** (Seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO [1840])

3570. **Si queres ter un fillo larpeiro, apréndeo a gaiteiro.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

3571. **Si queres ter un fillo larpeiro, méteo sacristán ou gaiteiro.** (M. González Fernández)

3572. **Si queres ter un fillo pillabán, méteo sacristán.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

[1829] O orixinal di *Si queres coller trigo sembraho no seu siglo.*

[1830] O orixinal di *Si queres c'o fillo sea pillo meteo monagillo.*

[1831] O orixinal di *Si q'ueres que cante o carro mollalle o eixe no río.*

[1832] O refrán aparece dúas veces coas formas *Si queres que che siga o can, dalle pan* e *Si queres que che siga o can dalle pan.*

[1833] O orixinal di *Si queres que che siga o can, dalle pan.*

[1834] O orixinal di *Si queres que te siga o can, dalle pan.*

[1835] O orixinal di *Si queres ser larpeiro, aprende a cura a a gaieteiro.*

[1836] O orixinal di *Si queres ter bo biño ingerta de boa cepa.*

[1837] O orixinal di *Si queres ter boa fama que non che de u sol na cama.*

[1838] O orixinal di *Si queres ter boa fama que non che de u sol na cama.*

[1839] Calviño, Crespo, Segade, Lago, Castro e Iglesias poñen *de* por *dé*, ou mellor, por *dea.*

[1840] O orixinal di *Si queres ter un carto vota a Brea que ó estraperlo non está morto.*

3573. **Si queres ter un fillo pillo, méteo fogueteiro ou monaguillo.** (Manuel Fernández Ferro)

3574. **Si queres ter un fillo pillo, méteo monaghillo; si o queres ter pillabán, méteo sacristán; si o queres ter pillo de todo, méteo neno do coro.** (Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C [1841])

3575. **Si queres ter un fillo pillo, méteo monaguillo; e si o queres ter pillabán, méteo sacristán.** (José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

3576. **Si queres ter un fillo pillo, méteo monaguillo.** (Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)

3577. **Si queres vivir sano, faite vello temprano.** (José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO [1842])

3578. **Si ques ter un fillo larpeiro, méteo ou cura ou gaiteiro.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

3579. **Si ques ter un fillo pillo, méteo monaguillo; si polo contrario ques que sea larpán, méteo, meu home de Dios, sacristán.** (Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

3580. **Si san Xoán chora, a silveira non dá mora.** (M. González Fernández [1843])

3581. **Si se recolle moita aceituna, pó labrador furtuna.** (Manuel Tojo Reboredo [1844])

3582. **Si te morde un alacrán, bebe viño e come pan que mañá te enterrarán.** (José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)

3583. **Si te morde un alacrán, busca viño e pan que mañán te enterrarán.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

3584. **Si te morde unha donicela, busca pan, busca codela, que mañán estarás sobre terra.** (Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)

3585. **Si te pica un alacrán, chama o cura e o sancristán.** (J.M. Barral Sánchez)

3586. **Si te queres casar, na casa non has de quedar.** (Seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3587. **Si tes calor, ponte ó sol.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [1845])

3588. **Si tes frío, métete no río.** (Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C [1846])

3589. **Si tes salú e queres comer, traballa.** (Francisco Canosa Quintáns)

3590. **Si ti te alabas ¿que dirán os demais?** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

3591. **Si unha porta se cerra, cen se abren.** (Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

No queremos decir que se deba despreciar la mano del prójimo cuando se nos tiende solícita, ni que no creamos en una cierta solidaridad y fraternidad humanas.

Muy al contrario. Creemos y queremos una y otra.

Lo que deseamos sentar es que se debe andar por la vida sin el *dolce far niente* de la ayuda ajena como única muleta en que apoyarnos, y que para toda clase de emergencias tengamos nuestros pies bien dispuestos.

Canta a rula, canta a rula,
canta a rula naquel souto;
probiño de aquel que agarda
polo que está na man de outro.

Lo confirma con toda claridad otra cántiga:

Non hay cántiga no mundo
que non teña o seu refrán.
Nunca ninguén faga conta
senón do que ten na man.

Toda carne come o lobo ménola súa que a lambe.

¡Cuánta verdad encierra esta paremia!

Si bien es cierto el *homo homini lupus* (el hombre es un lobo para el hombre) de Plauto, tan cierto es que no se comen entre sí los de la misma camada.

Hay que ver cómo se defienden unos a otros los de la misma ralea. Cómo buscan ansiosamente una cabeza de turco que pague las consecuencias de los defectos de cualquiera de ellos.

Cómo buscan los lobos una oveja propiciatoria a quien sacrificar, mientras ellos se siguen lamiendo entre sí.

Unha por outra non é pecado.

Eso dice el refrán. Pero la máxima es mala. Es, no lo dudéis, un mal consejo.

Se asegura que la venganza es el placer de los dioses. Quizá lo sea. Más nosotros somos, únicamente, hombres y solo hombres.

¿Para qué la justicia de Talión?

El resultado sería cerrarse en una rueda sin fin de venganzas. Vivir únicamente para devolver el mal. ¡Una triste vida!

Alguien, y no un dios, sino Dios, dictó leyes sobre el asunto. Son las más humanas y, al fin y al cabo, las únicas factibles de cumplir.

La moral del refrán es inmoral y, en resumidas cuentas, impracticable.

Cadernos de Fraseoloxía Galega 4,2002,363-379

Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos

Cristovo Ruíz Leivas
Juan-A. Eiroa García-Garabal[1]

1. Introdución

En España hai dúas zonas claramente micófagas (ou comedoras de fungos) que corresponden xeograficamente a Cataluña e o País Vasco. O resto do territorio é claramente micófobo (gran medo ós fungos) con pequenas excepcións. Galicia atopábase nestes últimos, aínda que nos derradeiros anos isto está a cambiar.

Cando nos preguntamos por que ese medo ancestral no noso país galego, tentamos explicalo con hipóteses para as que non temos documentación: sería o medo por ver veciños morrer ou enfermar e isto orixinaría desprezo e falta de interese. Ou quizais unha prohibición relixiosa fose a causante. De calquera maneira, nos últimos anos Galicia incorporouse claramente á cultura dos fungos ou cogomelos e, de non querer saber nada, na actualidade parece existir un verdadeiro descubrimento non só no coñecemento por parte

[1] Juan-A. Eiroa García-Garabal é autor unicamente deste primeiro apartado de introdución: o groso do traballo (apartado 2.) é da autoría de Cristovo Ruíz Leivas.

do pobo senón tamén por aqueles que se dedican a cociñalos, que son os verdadeiros beneficiados deste fenómeno. É a etnomicoloxía, termo acuñado por Gordon Wasson, banqueiro de New York dos anos cincuenta casado cunha dona rusa, ciencia que busca as raíces do uso de todo tipo de fungos nas distintas culturas, e que en Galicia nos proporciona poucos datos.

Se se revisan os diccionarios mais antigos (e eu mirei tódalas entradas da edición do *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina na súa edición de 2001, que xunta 17 publicados con máis de 222. 000 entradas) non se atopan senón folla e media de termos que teñan relación con cogomelos e moitos deles repítense nun e noutro. Case non hai nomes galegos de setas. Non obstante, os nomes galegos de plantas, árbores, etc. ocupan moitas páxinas e non hai ningunha que escape á súa denominación no país, teña ou non interese para comer ou usar como curativo ou noutra cousa.

Preguntei por moitos lugares da Galicia do interior e case só saben dicir que coñecían os fungos como *pan de sapo*, *pan de culebra* ou *de cobra*, *pan de raposo* e cando un pregunta se os comen, prodúcelles un evidente asombro e algunha muller aínda se persigna. Se isto o facemos na Galicia da costa, aínda menos: alí si que non dirán nin res. Por outra parte desde que no último tercio do século XIX empezaron a introducirse os eucaliptos, que producen unha menor fructificación de fungos, aínda peor.

Unicamente na metade sur da provincia de Ourense ofrecen algúns datos e aquí xa se poden atopar nomes de cogomelos con distintas variantes. Non sei se nesta parte da nosa terra puido ter influencia a proximidade de Castela, onde, a pesar de ser tamén en gran parte micofóbica, xa existía desde antes do XVII inxestión de dous fungos claramente coñecidos. Un, que recollían nos páramos na primavera e no outono, a seta de cardo (*Pleurotus eringii*); e outra, que apañaban na primavera nos prados das montañas, sobre todo nas provincias de León, Palencia e Burgos, que é a seta de San Xurxo *(Calocybe gambosa).*

Ademais, debeu ter algunha influencia desde a Idade Media o Camiño de Santiago, pois era natural que os peregrinos que viñan a Compostela trouxeran coñecementos tamén no tema que nos ocupa. Non hai máis que ve-lo libro *Viaggio in Ponente a S. Giacomo di Galitia, e Finis Terrae, per Francia, e Spagna* (1673) de Domenico Laffi [2], que nos conta no século XVII como na provincia de Burgos, ó pasa-los Montes de Oca, e na de León preto de Sahagún, colle uns fungos que logo lle preparan no mesón onde dormen, e di deles que eran grandes coma boinas, e estaban moi saborosos.

É lóxico pensar que a xente, vendo que estes estranxeiros os comían, matinase en por que non os ían comer eles. Aínda que Laffi non di que collera cogomelos en Galicia, era presumible pola época na que veu que os collese como fixera en Castela.

Neste último ano dedicouse o Día das Letras Galegas ó frade Martín Sarmiento, que aínda que naceu en Vilafranca do Bierzo, viviu os seus anos mozos na provincia de Pontevedra. Nel tamén se atopan dúas referencias ós fungos, que fan destacar quizais a súa micofobia, ó

[2] Publicou a traducción galega Leandro García Bugarín no libro de GARRIDO, Gustavo A (ed.): *Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros estranxeiros por Galicia. Séculos XV-XX* (Galaxia, Vigo 1994). Tamén hai traducción castelá de Clemente Crespo Caamaño (*Viaje a poniente / Domenico Laffi Boloñés.* Sildavia, Santiago de Compostela 1991).

mellor tamén obtida na nosa Galicia. Sobre unha carta que lle envía ó Duque de Medina Sidonia preguntándolle sobre duns fungos que saían moi abondosos no Escorial, dille

> *estoy firme en que jamás comeré hongos, setas y cáscaras de ajo, ni morilles* [unha variedade de fungos que se chaman colmenillas] *ni tampoco mousserones* [é a seta de San Xurxo] *aunque sean de primavera, aunque los guise Apicio el cocinero romano o Eschapi, el cocinero del Concilio de Trento.*

Despois de todas estas consideracións, cando un atopa alguén que foi capaz de recoller refráns e nomes de fungos na comarca de Valdeorras, coa dificultade que isto ten en Galicia, é lóxico sentir unha gran ledicia, que é a que eu sinto hoxe ó escribir estas liñas a modo de prólogo da publicación desta achega que fai o meu bo amigo Cristovo, que doutra maneira se perderían.

Para terminar, e isto vai para aqueles que collen fungos para xantar ¡moito coidadiño! que a única maneira de coñecer se un fungo é bo ou non, é coñece-las súas características botánicas e, se non, preguntar a quen sabe un pouco disto, como son os membros das Asociacións micolóxicas, das que hoxe hai moitas por toda Galicia, e van conseguindo que se vaia perdendo o medo a estes marabillosos seres da natureza, hoxe incluídos nun reino aparte, o dos Fungi. Lembremos: tódolos fungos se poden xantar pero algúns unha vez nada máis.

2. Micoloxía do oriente ourensán. Valdeorras, Trives e O Bolo. 1982-1994

Usarei as seguintes abreviaturas: na primeira columna **Com** (comestible) e **¿?** (dubidoso); na segunda **Tóx** (tóxico), **T** (tóxico), **M** (mortal), **¿-?** (dubidoso); **X** marca os cogomelos que, aínda sendo comestibles, poden ser perigosos ou que poden ser comestibles como ovos pero non cando xa están abertos; finalmente, na última columna, **V** (Valdeorras), **T** (Trives), **B** (O Bolo).

Com	Tóx	NOME CIENTÍFICO	NOME GALEGO	ZONA
			Fungo ***O amigo dos fungos, envita a comelos non a collelos.*** *Dun erro faise un enterro.* *Recordar e saber hai que ter, se fungos*	

			queres comer. *Se fungos queres comer, prudencia e experiencia tes que ter.* *Fungos que non has de coller, déixaos crecer.* *Fungo bo, pronto deixa de selo.* *Cando queiras comer fungos, acórdate dos difuntos.* *O fungo que che mereza dúbida, rexeitalo sin atariñar.* *Cos fungos, nin dudar nin acertar, o saber tenchos que aconsellar.* *O peor do erro é o enterro.* *Cando fales de fungos, fala dos malos e non terás pleitos cos aconsellados.* *Falar pouco e mal, se de fungos tes que parolar/falar.* *Fungos regalados, con discreción tiralos.* *Se queres morrer, a cegas fungos coller.* *Non envites a fungos, a parentes nin amigos.* *Vale máis fungo perdido que comido.* *Non lle des a gato a probar, o que a ti te pode envenenar.* *Máis vale o medo que poño, que o conocemento que tes.* *O que recolle sin sementar, de fungos hase fartar.* *Fungo / cugumelo taniscado, o que o fixo non o conta por estar amortaxado.* *Non hai fungo bon nin malo, todos os fixo Deus para o seu traballo.* *Carcaxía fungos cría, o vento os arrepía.* *Non hai fungo ruín que non asemelle a un bon.* *Fungo taniscado, xa rexeitado.* *Cando encontra fungos, o máis amigo engana.* *Non hai fungo malo, se sabes pra qué usalo.* *Non aconselles de fungos no mes de difuntos.* *Co fungo sanou ou estoupou, se non, antes o tirou.* *Se queres o teu marido matar, dálle fungos a fartar.*	

			A muller e o cugumelo, tu tes que escollelo. *O bon fungo o demo o leve e do malo se farte.* *Cando o seteiro se abraña, algo apaña.* *En tempo de fungos, os amigos non van ó monte xuntos.* ***Os fungos has de mirar e non sempre has acertar.*** *Inda non, xa pasou, contestáronlle ó que por fungos preguntou.* *Duro é non ter que comer pero fartarse de fungos pra morrer.*	
			Cogumelo *Veñan os cugumelos ó cesto, pero non mestos.* *Comer o cugumelo con aprensión faiche dano aunque sexa bon.* *Cogumelos murciados, xa rexeitados.* *O que dá consellos de cugumelos, que os dea para non comelos.* *Cugumelos calquera os atopa; os bos, o bon conocedor.* *O que sabe buscar, cugumelos ha de atopar.* *O que de cugumelos se farta, non lle ten medo á morte.* *Os cugumelos moito hai que conocelos pra comelos.* *Non lle preguntes de onde vén, se no cesto trae cugumelos ou mel.* *Moito tes que saber para cugumelos comer.*	
			Corro de bruxas *Redromeira, lar da meiga e da bruxa feiticeira.*	
			Cravo da nogueira *Cravos da nogueira dan cagaleira; os de choupo, boa xeira.*	
			Fungo do engano *Fungo do engano, recórdano ó cabo do ano.*	
			Mourón *A chuvia da semana da Ascensión cría no centeo mourón.*	
			Ovo de bubela *De ovo de bubela a prato de feiticeira.*	
			Ovo de pega	

			De ovo de pega a prato de meiga.	
			Pan do demo *Ó pan do demo e ó pan de broa non lle hai que facer carantoñas.*	
			Morrón *Morrón no patacal a todo o pobo fai mal.*	
Com		*Agaricus arvensis*	**Bola de neve**	V B T
		Agaricus augustus	**Bola de neve con lá**	
		Agaricus bisporus	**Champiñón**	
Com		*Agaricus bitorquis*	**Cogumelo das rapadoiras**	T B
Com		*Agaricus campestris*	**Fungo dos lameiros**	V B T
		Agaricus macrosporus	**Bola de neve dentada**	
Com		*Agaricus silvaticus*	**Bola de neve do bosque**	T
	T	*Agaricus xanthoderma*	**Bola de neve mareleante**	V B T
Com		*Agrocybe aegerita*	**Cogumelo dos choupos**	V B T
-	-	*Agrocybe dura*	**Fungo xesta**	T
Com		*Albatrellus pes-caprae*	**Pesuño**	V
Com		*Aleuria aurantia*	**Cunco anaranxado**	V B T
Com		*Amanita caesaria*	**Raíña** *Raiña nacida ó pe dos camiños descobre a todos os seus veciños.*	V
¿?	¿-?	*Amanita cetrina*	**Francesiña**	V B T
Com	¿-?	*Amanita crocea*	**Cacaforra sin anel**	V T
	T	*Amanita gemmata*	**Cacaforra dourada**	V B T
	T	*Amanita muscaria*	**Rebentabois. Brincabois. Atolamoscas** *Fungo pintarraxado, atola as moscas e mais o gando.*	V B T
	T	*Amanita muscaria v. aureola*	**Rebentabois. Brincabois**	T
	M	*Amanita pantherina*	**Cacaforra marxa**	V B T
	M	*Amanita phalloides*	**Cacaforra da morte** *Unha cacaforra no cesto fae perder o resto.* *Quen erra coas cacaforras pronto lle chega a hora.* *Cacaforra comida, nin herba nin manciña*	V B T
	M	*Amanita phalloides var. blanca*	**Cacaforra branca**	V
		Amanita rubescens	**Cacaforra viñosa**	
	M	*Amanita verna*	**Cacaforra branca**	T
Com	¿-?	*Armillariella mellia*	**Palote da madeira**	V B T
---	--	*Astraeus*	**Estrela do tempo. Estrela nubeira**	V B T

		hygrometricus		
--	--	*Auricularia mesenterica*	**Baxola**	V B T
--	---	*Auriscalpium vulgare*	**Irto das piñas**	V T
--	---	*Bjerkandera adusta*	**Orellón das cascas**	V B T
Com		*Boletus aerius*	**Madeirudo. Cogordo. Andoa. Andoa castaña** *Setembro mollado, cogordo no castaño.* *Cogordo do carballiño, canto máis zoncho, máis fino.*	V B T
Com		*Boletus appendiculatus*	**Madeirudo. Esqueiro. Bolouro**	V B T
Com		*Boletus edules*	**Madeirudo. Cogordo. Andoa. Alboxo**	V B T
Com	¿-?	*Boletus erythopus*	**Madeirudo de pé vermello. Andoa roxa**	V B T
		Boletus junquilleus	**Madeirudo das sobreiras**	
Com	¿-?	*Boletus luridus*	**Madeirudo das sogras**	V B T
Com		*Boletus pinophilus*	**Madeirudo** *Polo souto a modiño ollear, se madeirudos queres atopar.* *Fungo repoludo, ou cogordo ou madeirudo.*	V B T
Com	¿-?	*Boletus queletti*	**Madeirudo das sogras**	B T
Com		*Boletus regius*	**Madeirudo**	T
Com		*Boletus reticulatus*	**Madeirudo do vran. Cogordo. Pachán**	V B T
--	--	*Boletus strobilaceus*	**Andoa peluda**	T
Com	¿-?	*Boletus versicolor*	**Madeirudo. Cogordo**	B
Com	¿-?	*Bovista plumbea*	**Fungo do sapo. Peido de lobo**	V B T
--	--	*Calocera cornea*	**Corno das cachopas**	V B T
		Calocera viscosa	**Corno das cachopas**	
Com		*Calvatia excipuliformis*	**Falopo dos curandeiros**	V
Com		*Calvatia utriformis*	**Fungato. Falopo dos curandeiros. Panqueixo** *Pingoles, pingoles está pingando; fungoles, fungoles está pingando; se pingoles, pingoles non pingara, fungoles, fungales non fungaba* [3].	V B T
Com		*Camarophyllus niveos*	**Pan de aligacha**	B T
Com		*Cantharellus*	**Cacafina. Cacaviña. Pan de cabra.**	V B T

[3] Esta é unha adiviña de nunca acabar, porque, se un responde que é a pinga de auga que cae nun fungo (Calvatia, Lycoperdon, Geastrum ou outros) e que provoca que este ceibe as esporas, que é a resposta correcta, o interlocutor pode dicir que non; e, se outro di que é o ourizo da castaña que lle cae enriba ó xabarín, tamén pode dicir que non; e, se di que é a pinga de graxa de cura-los chorizos que lle cae enriba ó gato, aínda pode esixir máis respostas alternativas.

		cibarius	**Panchica. Perrachica. Carne de pita** *A cabra cega, as cacafinas come primeira.* *A boa cacafina ata a cabra cega a encontra.* *As cacafinas que comen as cabras, recollelas ás agachadas.*	
Com		*Cantharellus cinereus*	**Cacafina. Panchica** *Se ques ter bandullo de preñada, come panchica e castaña.* *Panchicas e pan quente fan doer o ventre.* *A castaña e a panchica fan estoupar a tripa.*	V B T
Com		*Cantharellus lutescens*	**Panchica. Trompeta amarela**	V B T
Com		*Cantharellus tubaeformis*	**Panchica. Trompeta con pregues**	V B T
		Chalciporus pipiratus	**Madeirudo fel**	V B T
--	--	*Chelymenia fimicola*	**Pencadas da bosta**	V B T
		Chlorophyllum molybdites	**Choupín verdoso**	
Com		*Chrogomphus rutilus*	**Choupín babuxa**	V B T
Com	¿-?	*Clathrus ruber*	**Ovo das meigas**	V B T
-	-	*Clavaria fumosa*	**Encrestada**	V B T
		Clavariadelphus ligula	**Moca**	
		Clavariadelphus pistillaris	**Moca. Xardolo**	
Com	¿-?	*Clavariadelphus trucatus*	**Moca. Mazola. Xardolo**	V B T
-	-	*Clavulina cineria*	**Ciru cinsu**	V B T
Com		*Clavulina rugosa*	**Ciro**	V B T
		Clitocybe alexandri	**Fungo con coroa**	
-	-	*Clitocybe clavipes*	**Cravo dos piñeiros**	T
Com		*Clitocybe geotropa*	**Fungo funil** *Fungo fonil, nin pra ti nin pra min.*	V B T
Com		*Clitocybe maxima*	**Fungo funil. Pomba**	V B T
		Clitocybe nebularis	**Aborrallado**	
Com		*Clitocybe odora*	**Chorume. Choupín fiollo**	V B T
Com		*Clitopilos prunulus*	**Fariñeira**	V T
-	-	*Collybia fusipes*	**Fuso dos castiñeiros**	V B T
Com	¿-?	*Coprinus atramentarius*	**Fungo das sogras. Fungo das meigas.**	V B T
Com		*Coprinus comatus*	**Pucho de meigas. Piocán. Matacandil**	V B T
-	-	*Coprinus disseminatus*	**Panligacha**	V B T

-	-	*Coprinus domesticus*	**Fungo dos pendellos**	V B T
-	-	*Coprinus micaceus*	**Pucho das cañotas**	V B T
-	-	*Coprinus phlyctidosporus*	**Pucho**	T
-	-	*Coprinus picaceus*	**Pucho de pega. Prato de meiga. Pega**	V B T
-	-	*Coprobia granulata*	**Penca da bosta. Lentella do esterco**	V B T
		Cortinarius praestans	**Pel de castaña**	
Com		*Cratarellus cornucopioides*	**Trompeta dos mortos**	V B T
-	-	*Crepidotus mollis*	**Niñal. Oveiro. Dedaleira**	V B T
-	-	*Crepidotus variabilis*	**Roseta dos guizos**	V B T
-	-	*Crucibulum laeve*	**Niñal. Oveiro. Escriño**	V B T
-	-	*Cyathus olla*	**Niñal. Oveiro. Dedaleira**	V B T
-	-	*Cyathus striatus*	**Oveiro. Dedil**	V B T
		Daedalea quercina	**Fungo lebirinto**	V T
		Daldinia concentrica	**Ril**	V
-	-	*Diatrype disciformis*	**Penca da faia**	T
Com		*Discina perlata*	**Cunco**	V T
-	-	*Entoloma incanum*	**Pe averdecado**	V B T
	M	*Entoloma lividum*	**Enganosa**	V
Com		*Fistulina hepatica*	**Fígado. Lingua de boi. Asadura.** Este é un dos cogomelos que se comía e come en cru. Os cazadores, pastores e os desaparecidos carboeiros mondábana e comíana en anacos pequenos e ben masticados cando tiñan sede. *Cando as caracochas empezan a pingar, os fígados podes atopar.* Cando os castiñeiros vellos dan as súas primeiras castañas é fácil atopar estes cogomelos.	V B T
-	-	*Fomes fomentarios*	**Caripocha. Esca**	V B T
-	-	*Fomitopsis pinicula*	**Caripocha dos piñeiros**	V T
-	-	*Fuligo cinario*	**Moco dos cascarolos. Mucus das coscas**	V B T
-	-	*Fuligo septico*	**Ovas de sapo**	V
		Fuserium sp (Choremia)	**Choremia**	
-	-	*Ganoderma applanatum*	**Caripocha. Esca**	V B T
-	-	*Ganoderma lucidum*	**Paipa**	V B T
-	-	*Geastrum campestre*	**Estreliña**	V B T
-	-	*Geastrum nanum*	**Estreliña. Estrela zanicouca**	V
-	-	*Geastrum pectinatun*	**Estreliña. Estrela con pescozo**	T
-	-	*Geastrum*	**Estreliña catro pés**	

		quadrifidum		
-	-	*Geastrum striatum*	**Estreliña**	V B T
-	-	*Geastrum triplex*	**Estrela babeiro**	
Com		*Gomphidios maculatus*	**Choupín dos felgos**	V B T
-	-	*Gymnopilos spectabilis*	**Fungo mergurento dos tacóns**	V B T
Com	X	*Gyromitra esculenta*	**Bonete**	T
Com		*Gyroporus cyanescens*	**Andoa azul**	V T
		Hapalopilus nidulans	**Bosta dos ramallos.**	
Com	X	*Helvella acetabulum*	**Cunco alorzo**	V
		Helvella costifera.	**Cunco con costelas**.	
Com	X	*Helvella crispa*	**Orellón do inverno. Orella de gato**	V B T
-	-	*Helvella fusco*	**Orellón (**pl. **orellós)** *Orellós, cuncos e patorras, escáldaos pra que non morras.* Isto quere dicir que xa se sabe de antigo que hai que tira-la primeira auga destes cogomelos, xa que en cru son tóxicos.	V
Com	X	*Helvella lacunosa*	**Orellón do outono. Orellón mouro**	V B T
Com	X	*Helvella monachela*	**Orellón da raña. Puchos dos frades. Orelleiro** *Abeiro con abidueiros enchen o canastral de orelleiros.*	V B T
-	-	*Helvella queletii*	**Orellón das caleiras**	V
		Helvella sulcata	**Orellón.**	
		Hydnum repandum	**Lingua**	
		Hydnum rufescens	**Lingua marela**	
		Hygrophorosis aurentiaca	**Falsa cacafina. Falsa cacaviña**	V B T
Com		*Hygrophorus limacinus*	**Limago**	V B T
-	-	*Inonotus dryadeus*	**Chancro dos carballos**	V T B
-	T	*Inonotus hispidus*	**Chancro das mazaeras/pumaregas**	V T B
Com		*Krombholziella negrescens*	**Madeirudo dos coores**	V T
		Krombholziella scabra	**Ala de mosca**	V T B
Com		*Kuehneromyces mutabilis*	**Pucho dos umeiros**	V T
-	-	*Lactarius aurentiacus*	**Latouro**	V T B
-	-	*Lactarius*	**Latouro**	V T B

		chrysorrheus		
-	-	*Lactarius cistophilus*	**Leitarego do xaral. Leitarego das estevas**	V
¿?	X	*Lactarius contraversus*	**Leitarego dos choupos**	V T B
Com		*Lactarius deliciosus*	**Fungo da muña. Carneira. Latouro.** *Cásate con il, se che deixa o anel.* Este cogomelo córtase polo pé e o corte debe te-la forma dun anel. Se se coloca sobre a man este corte deixa o seu *lactes*, un anel marcado, sinal este de que é un *lactarius deliciosus* comestible. *En tempo e no mesmo lugar, fungos da muña has atopar.* *Á beira do pino, o fungo da muña é veciño.* ***O que fungos da muña quere encontrar, cedo no piñeiro estará, pasiño a pasiño pisará e despaciño olleará.*** *Sombra de lateiro, fungos da muña no abeiro.* É un acerto, pois á sombra de todo piñeiro novo é fácil atopa-lo devandito cogomelo. O curioso é que actualmente case ninguén usa en galego o termo "lateiro". Cando se consomen estes *lactarius deliciosus* a micción soe tomar unha cor avermellada, sinal de que os riles funcionan ben. *Ollo á mexada, se fungos da muña van na empanada.* Dise por Valdeorras, curándose en saúde e para que ninguén se asuste ó ve-los ouriños.	V T B
		Lactarius fuliginosus	**Latouro**	
-	-	*Lactarius piperatus*	**Pimenteiro**	V T B
-	-	*Lactarius quietus*	**Leitarego**	V T B
Com		*Lactarius salmomicolor*	**Carneira**	T
Com		*Lactarius samguifluis*	**Carneira**	T
		Lactarius subsericatus	**Latouro**	
	T	*Lactarius torminosus*	**Falsa carneira**	V T B
-	-	*Lactarius villerreus*	**Leitarego**	T
	T	*Lactatius blumii*	**Falso nízcaro. Falsa carneira**	V T B
		Laetipotus sulphureus	**Carne de pita**	
Com		*Langermannia gigantea*	**Bomba**	T

Com		*Lentinellus cochleatus*	**Ostra anisada**	T
-	-	*Leocorpus fragilis*	**Ovo de sapo**	V T B
-	-	*Leotia lubrica*	**Limáchega. Lesma**	V T B
¿?	?	*Lepiota acutesquamosa*	**Choupín fedento**	V T B
	M	*Lepiota brunnio-incarnata*	**Fol de veleno** *Choupín pequeno, fol de veneno.*	V T
-	-	*Lepiota clypeolaria*	**Pé azul. Nazarena.**	T
		Lepiota gracilenta	**Choupín lampizo**	
Com	¿-?	*Lepiota ignivolvata*	**Choupín de montaña**	V T
Com		*Lepista inversa*	**Funil das carballeiras**	V T B
Com		*Lepista luscina*	**Funil manchado**	T
Com		*Lepista nubulares*	**Aborrallado**	V T B
Com		*Lepista nuda*	**Pé azul. Nazarena**	V T B
-	-	*Licogala epidendrom*	**Verruguenta**	V T B
Com	X	*Leucoagaricus pudicus*	**Choupín branco. Campocha**	V T B
Com		*Leucopaxillus candidus*	**Funil dos lameiros**	T
Com	X	*Lycoperdon foetidun*	**Fungo do sapo. Bufo de vella**	V T B
-	-	*Lycoperdon mammiforme*	**Fungacho. Peido de lobo.** *Meniño encetado, auga da fonte e po de peido de lobo.*	V T B
Com	X	*Lycoperdon molle*	**Fungo dos manciñeiros. Fungo do sapo**	V T B
Com	X	*Lycoperdon perlatum*	**Peido de lobo. Fungacho**	V T B
Com		*Lyophyllum decastes*	**Tortullo apiñado**	V T
Com		*Macrolepiota mostoidea*	**Frade. Matacandís. Pucho do sapo. Cogordo. Toupela** *Frade esmoleiro xa dixo misa e recorreu todo o sendeiro.* *O frade non dixo misa.*	V T B
Com		*Macrolepiota excoriota*	**Calaza. Cerrota. Cocomelo. Cachote**	V T B
Com		*Macrolepiota konradii*	**Choupiño lampo. Zarrota. Roco. Toupela. Cachote. Matacandís** ***Zarrota zarroteira, dime onde está a túa compañeira.*** *Zarrota zarroteira, en que mollas están as túas compañeiras.*	V T B

Com		*Macrolepiota procera*	**Monxo. Frade. Roco. Palote. Choupín. Cogordo. Toupela. Zarrota.** É o fungo que máis nomes ten en galego (máis de cincuenta). É o cogomelo máis popular e máis buscado tanto en Valdeorras coma en Trives e no Bolo. Cando alguén o atopa canta: *Choupín choupiñeiro, dime onde está o teu compañeiro*[4] ou *Zarrota zarroteira, dime ónde está a túa compañeira.* *Os palotes do rebusco teñen dobre gusto.* Este dito refírese a que uns días despois das vendimas se permitía que quen quixera fose rebuscar as uvas que quedaban nas viñas e se, ademais das uvas, atopaban palotes a satisfacción era dobre. *Chourizos a espeto, choupís na tixola, viño no cubeto e pan de broa fan amigos a todas horas.* *O que atopa un choupín, rebusca para encontrar outro.* *Choupín, choupiñeiro, di do teu compañeiro; que che dou unha cadela pra que merques un sombreiro.* *Choupín, choupiñeiro dime donde está o teu compañeiro.*	V T B
Com		*Macrolepiota rhacodes*	Cogomelo de máis nomes en galego: **Calaza. Cocomelo. Choupiño. Rouquiño. Choupín torgallo** *Choupín torgallo, á tixola con beluga e allo.* Esta é unha das moitas formas de preparalos.	V T B
		Macrolepiota venenata	**Choupín.** A *macrolepiota venenata* é coñecida por Santigoso, Soulecín e Vales, aínda que é escasa xa que non sae tódolos anos. Xa polo 1953 dicían: *Sete nun pé, choupín malo é.*	
	T	*Marasmius collinus*	**Falsa sendeiriña**	V T
Com		*Marasmius oreades*	**Sendeiriña. Cacavainas** *As sendeiriñas son pequeniñas pero enchen o cesto axiña.*	V T B
-	-	*Maripilus giganteus*	**Caripocha xigante. Alborelle xigante**	V T
-	-	*Melestiza miniata*	**Lentella das conetas**	V

[4] Taboada Chivite dá a seguinte variante: *Choupín, choupiñeiro, onde está teu compañeiro?* E explica que *cogordón, choupín, couqueiro* son *"Setas que aparecen juntas"*. (TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): "Refraneiro galego" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 2,2000,28).

Com		*Mitrophora hydrida*	**Pontorra dedil**	V
		Morchella conica var. Costata	**Pantorra. Fungo da coresma**	
		Morchella conica var. deliciosa	**Pantorra. Fungo da corresma**	
		Morchella conica var. distans	**Pantorra de pé longo**	
Com	X	*Morchella deliciosa*	**Pantorra. Seta do coresma. Cagarría**	V T B
		Morchella deliciosa var. valdeorensis	**Pantorra** *As pantorras sonche de Valdeorras.* *Con pantorras e pantrigo, o pastor quita a fame e o arrepío.* *Sol e auga de abril, pantorra e caracol hanche saír.*	V
		Morchella hortensis	**Pantorra pelexa**	
Com	X	*Morchella rotunda*	**Pantorra. Seta da coresma. Cagarría**	T
		Morchella valdeorrensis	**Pantorra. Seta da coresma. Cagarría**	
-	-	*Mycena seynii*	**Pucho das piñas**	V T B
		Omphalotus olearius.	**Cogumelo vacalume**	
		Panaeolus papilionaceus	**Choupís dos cagallóns**	
-	-	*Panaeolus semiovata*	**Choupís dos cagallóns**	V T B
-	-	*Panaeolus sfhinctrinus*	**Choupín da bula**	V T B
		Panaeolus subbalteatus.	**Cogumelo dos esterqueiros**	
-	-	*Panus rudis*	**Chapeo de pana. Alborelle coiracho**	V T B
-	-	*Paxillus atrotomentosus*	**Alborelle de polainas**	V T B
	M	*Paxillus involutus*	**Orellagacha dos castiñeiros**	V T B
Com	X	*Paxina acetabulum*	**Cunco**	V
-	-	*Paxina leucomelas*	**Alferga**	V T
Com		*Peckiella lateritia*	**Carneira caleada. Caleada**	V T B
Com	¿-?	*Peziza badia*	**Cunco**	V T B
Com	¿-?	*Peziza badioconfusa*	**Cunco**	T
-	-	*Peziza praetervisa*	**Cunco das rozas**	V T B
-	-	*Peziza repanda*	**Cunco das corredoiras**	V T B
-	-	*Peziza varia*	**Cunco**	V
-	-	*Phaeolus schweinitzii*	**Alborelle fonxe**	V T B
Com	¿-?	*Phallus hadriani*	**Carallo de ovos rosas**	V T B
Com	¿-?	*Phallus impudicus*	**Carallo** *Que carallo é, que fede que alcatrea.*	V T B
-	-	*Phelledon niger*	**Lingua**	T

		Phellinus negricans	**Alborelle das carballeiras. Carrocha** *Bencedeira con carrocha, en San Xuan trasnoita.*	V, T B
-	-	*Pholiota aurivella*	**Fungo das choupeiras**	V T
-	-	*Pholiota destruens*	**Alborelle**	V T
-	-	*Piptoporus betulinus*	**Cipocha dos bidueiros. Bido de San Xoán**	V T B
Com	¿-?	*Pisolithus arhizus*	**Patacas das meigas**	V T B
Com		*Pleurotus ostreatus*	**Ostras dos negrillos. Alborelle**	V T
Com	¿-?	*Pleurotus ostreatus v. Colubinus*	**Ostra**	V T
-	-	*Plutius atromarginatus*	**Alborelle dos piñeiros**	V
		Psilocybe semilanceata.	**Fungo do demo.**	
-	-	*Pyromema domesticum*	**Costrado das queimas**	V T B
-	-	*Resupintcus silvanus*	**Roseta**	V T B
-	-	*Rhodotus palmatus*	**Alborelle visgo. Visgo dos negrillos**	V
Com		*Rhozopogon roseolos*	**Feixo**	V T B
Com		*Russula aurata*	**Netorra raíña**	V
Com		*Russula cyanoxanta*	**Netorra das carballeiras**	V T B
Com	¿-?	*Russula delica*	**Netorra terrosa dos soutos**	V T B
	T	*Russula emetica*	**Netorra proer**	V T B
-	-	*Russula nigricans*	**Netorra moura**	V T
-	-	*Russula sanguinia*	**Netorra sangue**	V T B
-	-	*Russula sorodia*	**Netorra** *Netorra do carballo, por ela o crego perde o rosario.* *Netorra acelme, que non cha coma o verme.* *Os cregos e as lesmas das netorras fan festas.* *Tremer, netorras: aí vos vén a negrura de lesmas e curas.*	V T
Com		*Russula virescens*	**Netorra dos cregos**	V T B
-	-	*Rutstroemia echinophila*	**Alborello dos ourizos**	V T B
-	-	*Sarcodon colosseum*	**Lingua xigante**	T
Com	¿-?	*Sarcodon imbricatus*	**Lingua de boi mouro**	V T B
-	-	*Sarcodon scabrosus*	**Lingua marela**	T
Com	¿-?	*Sarcoscypha coccinea*	**Fror dos garabullos**	V T B
		Sarcosphaera coronaria	**Cunco**	
Com	M	*Sarcosphaera crassa*	**Cunco estrelado**	V

-	-	*Schizophyllum commune*	**Rosetas**	V T B
-	-	*Scleroderma citrinum*	**Feixo do demo**	V T B
-	-	*Scleroderma polyrhizum*	**Fungacho dos curandeiros**	V T B
-	-	*Scleroderma verrucosum*	**Baloca das meigas**	V T B
Com		*Sparassis crispa*	**Colifrol do monte**	T
-	-	*Sphaerobolus stellatus*	**Estralique das pinas**	V T B
-	-	*Strobilomyces strobilaceos*	**Madeirudo pina. Andoa peluda**	T
-	-	*Stropharia semiglobata*	**Ovos dos cagallos**	V T B
Com		*Suillus bellinii*	**Madeirudo da muña**	V T B
Com		*Suillus bovinus*	**Andoa miúda**	V T B
Com		*Suillus collinitus*	**Madeirudo amarelo**	V T B
-	-	*Suillus flavidus*	**Madeirudo de anel**	T
Com		*Suillus granulatus*	**Andoa de graos**	V T
Com		*Suillus luteus*	**Madeirudo con anel**	V T
-	-	*Thelephora terrestris*	**Roseta da terra**	V T B
-	-	*Trametes gibbosa*	**Alborelle**	V T B
-	-	*Trametes hirsuta*	**Alborelle peluda**	V T B
-	-	*Trametes versicolor*	**Alborelle de cores**	V T B
-	-	*Tremella mesenterica*	**Merexos das ramalleiras**	V T B
-	-	*Tricholoma albobrunneum*	**Tortullo** *Tortullo xabrón non é bon.* *Tortullo, nin pola boca nin polo cu.*	V T
Com	-	*Tricholoma auratum*	**Tortullo dos cabaleiros**	T B
Com	-	*Tricholoma columbetta*	**Tortullo branco**	V T B
Com	-	*Tricholoma equestre*	**Tortullo dos cabaleiros**	V T B
Com	-	*Tricholoma orirubens*	**Tortullo xaspeado**	V
Com	-	*Tricholoma sulphureum*	**Enxofre. Tortullo fedento**	V T B
Com	-	*Tricholoma terreum*	**Pel de rato**	V T B
		Tricholoma ustaloides.	**Tortullo**	
-	-	*Tricholoma viridifucatum*	**Tortullo dos érbedos**	V
-	-	*Tricholomopsis rutilans*	**Alborelle**	V T B

-	-	*Tylopilos felleos*	**Madeirudo fel. Cogordo margurento**	T B
Com	-	*Volvariella bombycina*	**Ovo das meigas**	V T B
-	-	*Volvariella volvacia*	**Cacaforra dos lindeiros**	V T B
Com	-	*Xerocomus badius*	**Madeirudo castaño**	T B
-	-	*Xilaria hypoxylon*	**Mans en pena**	V T B

Notas para a presentación de colaboracións a *Cadernos de Fraseoloxía Galega*

1. O obxectivo dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* é difundir materiais fraseolóxicos galegos inéditos e reflexións teóricas verbo do feito fraseolóxico. Neles ten cabida calquera asunto fraseolóxico, tanto se ten como obxecto o ámbito fraseolóxico galego coma se compara outras fraseoloxías coa galega ou se, aínda tocando outros temas fraseolóxicos, simplemente está redactado en galego.

2. Os traballos serán inéditos.

3. A lingua de publicación é a galega, seguindo as normas da Real Academia Galega.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que non afecten o contido. Nese caso solicitarase a autorización do autor ou autora.

5. O autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de texto máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor ou autora, e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións encabezaranse coa ficha bibliográfica completa do traballo comentado. O nome do autor ou autora do traballo poñerase ó final do traballo.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2...; 1.1., 1.2...; 1.1.1., 1.1.2., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a rodapé deben reducirse a explicacións complementarias imprescindibles e, ende podendo, evitaranse. As citas incluiranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou apelidos do autor ou autora, o ano de

publicación da obra (CORPAS 1996); se a referencia non for ó conxunto dun libro senón a unha páxina concreta, indicarase tamén esa páxina (CONDE 1998: 20). De seren necesarias, as notas a rodapé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas, co seguinte formato:

Referencias bibliográficas

BRAZÃO, José Ruivinho (1994): *Os provérbios nos cancioneiros medievais galego-portugueses: Estudo paremiológico e recolha de textos.* Dissertação de Mestrado em Literatura Portuguesa, Universidade de Lisboa, Departamento de Literaturas Românicas.

PENA ROMAY, Xosé Antonio (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas: castelán-galego*. Edicións do Cumio, Vigo.

CONDE TARRÍO, Germán (1998): "La verdad en el refranero: los refranes meteorológicos gallegos" en *Paremia* 7, 61-68.

LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, Mª do Rosario (1995): *Así falan os galegos: Fraseoloxía da lingua galega*. Galinova, A Coruña.

SANJURJO, Luís (2000): "Le vent et la mer à travers la parémiologie et les expressions idiomatiques françaises, espagnoles, galiciennes et bretonnes" en LAGO GARABATOS, Xesús e SANCHEZ, Jean-Pierre (eds.): *Galice - Bretagne - Amérique latine: Mélanges offerts à Bernard Le Gonidec*, Université Rennes 2, Laboratoire Interdisciplinaire de Recherche sur les Amériques / Centre d'Études Galiciennes, Rennes, 2000,151-160 (= Cahiers du Lira. Série Études et Documents; 5).

10. Os orixinais para publicación enviaranse a calquera destes dous enderezos:

1. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
   Estrada Santiago - Noia, Km. 3 - A Barcia
   15896 - Santiago de Compostela
   Galicia (España) Tf. (34) 981.542.684

2. paremias@cirp.es

11. Os traballos recibidos que se axusten a estas normas serán revisados por especialistas do Consello Científico e do Consello de Redacción.

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

1. Bases de datos en liña (accesibles en http://www.cirp.es)

BILEGA: Bibliografía informatizada da lingua galega
MedDB: Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa

2. Recursos en liña (accesibles en http://www.cirp.es/res/index.html)

Diccionario de termos literarios
CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual
Informes de literatura
Arrecada (TERMIGAL): Servicio de Terminoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega

3. Publicacións

Tipo	Título	Número de publicación
Lingüística	Euromosaïc. Producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE (edición en lingua galega). PETER NELDE, MIQUEL STRUBELL e GLYN WILLIAMS	22
	Repertorio bibliográfico da lingüística galega. Francisco García Gondar (Coord.)	11
Fraseoloxía	Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía	30
	Refraneiro galego da vaca. PEDRO BENAVENTE JAREÑO e XESÚS FERRO RUIBAL	6
	As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía. VALERII MOKIENKO (trad. de Ekaterina Lossik)	50
	Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas. VALERII MOKIENKO (trad. de Ekaterina Guerbek)	51
	Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa. PACO RIVAS	52
	Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego. XESÚS TABOADA CHIVITE	53
	Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego. Mª DO ROSARIO SOTO ARIAS	82
	Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadádivas. VARIOS	83
	Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. FRANCISCO VÁZQUEZ SACO	84
Terminoloxía	Formulario notarial (tamén en disquete) (TERMIGAL da Real Academia Galega). VICTORINO GUTIÉRREZ ALLER	39
	Regulamentos municipais I (tamén en disquete) (TERMIGAL do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega). XOAQUÍN MONTEAGUDO ROMERO	40
	Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos (TERMIGAL do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega). FERNANDO LAHUERTA MOURIÑO e FRANCISCO X. VÁZQUEZ ÁLVAREZ	62

	Vocabularibo multilingüe de acuicultura (TERMIGAL do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega). FERNANDO LAHUERTA MOURIÑO, FRANCISCO X. VÁZQUEZ ÁLVAREZ e XOSÉ L. RODRÍGUEZ VILLANUEVA	77
	Diccionario Italiano-Galego. Isabel González (Coord.)	63
Literatura	Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Luís Alonso Girgado (Coord.)	38
	Cantigas do mar de Vigo. ANTONIO FERNÁNDEZ GUIADANES, FERNANDO MAGÁN ABELLEIRA, IGNACIO RODIÑO CARAMÉS, MARÍA RODRÍGUEZ CASTAÑO, XOSÉ XABIER RON FERNÁNDEZ e MARÍA DEL CARMEN VÁZQUEZ PACHO	34
	Diccionario de termos literarios. EQUIPO GUILFO	37
	Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani. Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (Coord.)	4
	Informe de literatura 1995. Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)	14
	Informe de literatura 1996. Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)	25
	Informe de literatura 1997 (tamén en CD-ROM, contendo este e os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)	36
	Informe de literatura 1998 (tamén en CD-ROM, contendo este e mailos tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)	46
	Informe de literatura 1999 (tamén en CD-ROM, contendo este e mailos catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)	61
	Informe de literatura 1995-2000 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)	72
	Informe de literatura 1995-2001 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)	78
	Lírica profana galego-portuguesa. Mercedes Brea (Coord.)	19
	Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico. Mª DE LOS ÁNGELES RODRÍGUEZ FONTELA	18
	Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia. Úrsula Heinze de Lorenzo (Introducción, selección e traducción)	15
	Antoloxía do conto neozelandés. María Fe González Fernández (ed.)	57
	Livro de Tristán e Livro de Merlin. Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.)	71
	Orixes da Materia de Bretaña (*A Historia regum Britanniae* e o pensamento europeo do século XII). Santiago Gutiérrez García	74
Facsímiles	A gaita gallega (A Habana 1885-1889). Luís Alonso Girgado (ed.)	49
	Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 - Vigo 1956). Luís Alonso Girgado (ed.)	8
	Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol 1952-1960). Luís Alonso Girgado (ed.)	2
	Cristal (Pontevedra 1932-1933). Luís Alonso Girgado (ed.)	29
	Cultura Gallega (A Habana 1936-1940). (Edición dos anos 1936-1937). Luís Alonso Girgado (ed.)	43
	Galiza. (Mondoñedo 1930-1933). Luís Alonso Girgado (ed.)	41
	Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela 1945-1946). Luís Alonso Girgado (ed.)	12
	La Alborada (A Habana 1912). Luís Alonso Girgado (ed.)	42
	La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela 1949-1950). Luís Alonso Girgado (ed.)	20
	La Tierra Gallega (A Habana 1915). Luís Alonso Girgado (ed.)	42
	Plumas e Letras en *La Noche* (1946-1949). Luís Alonso Girgado (ed.)	13
	Posío (Ourense 1945-1946). Luís Alonso Girgado (ed.)	9
	Posío, Arte y Letras (Ourense 1951-1954). Luís Alonso Girgado (ed.)	17
	Resol (Galicia 1932-1936). Luís Alonso Girgado (ed.)	28
	Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal. VICENTE RISCO. Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)	54
	La Primera Luz. MANUEL MARTÍNEZ MURGUÍA. Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)	59
	A saudade nos poetas gallegos. RAMÓN CABANILLAS ENRIQUEZ e ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)	64
	Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña *El Noroeste*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)	68
	Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana 1885-1890). Luís Alonso Girgado (ed.)	75
	La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896). Luís Alonso Girgado (ed.)	79
	Aturuxos. RAMÓN ARMADA TEIXEIRO. Luís Alonso Girgado (ed.)	76
Narrativa e	A cruz do salgueiro. XESÚS RODRÍGUEZ LÓPEZ. Manuel González e María González (eds.)	23

poesía recuperada	Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos. MANUEL LOIS VÁZQUEZ. Manuel López Vázquez (ed.)	26
	Baixo do alpendre e outros relatos. M. P. AMOR MEILÁN. Mª Teresa Araújo García (ed.)	27
	Obra narrativa en galego. HERACLIO PÉREZ PLACER. Isabel Soto López (ed.)	33
	Paja bravade El Viejo Pancho e outras obras. JOSÉ A. Y TRELLES. Gustavo San Román (ed.)	31
	Salayos e outros poemas. MANUEL NÚÑEZ GONZÁLEZ. Amelia Rodrígues Esteves (ed.)	35
	Obra narrativa en galego. AURELIO RIBALTA Y COPETE. Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)	55
	A obra narrativa en galego. MANUEL LUGRÍS FREIRE. Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)	56
	Obra galega. XULIO SIGÜENZA. Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)	58
	Obra narrativa en galego. UXÍO CARRÉ ALDAO. Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)	65
	As noites no fogar e outros textos. ÁNGEL VÁZQUEZ TABOADA. Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)	69
	Relatos e outras prosas. ROQUE PESQUEIRA CRESPO. Mª Teresa Araújo García (ed.)	70
	Folla Bricia. Poesía galega Completa. XOSÉ CRECENTE VEGA. Ricardo Polín (ed.)	80
	O vento segrel. AUGUSTO Mª CASAS. Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)	81
Filosofía e Ensaio	A filosofía krausista en Galicia. RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ	3
	Castelao humorista. SIRO LÓPEZ	16
	Ética xeral. RAMÓN DEL PRADO. Ramón López Vázquez	47
	Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao. ANXO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	44
	Hamlet e a realidade cunqueirana. ANXO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	10
	Historia do pensamento antropolóxico en Galicia. ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ	48
	O Padre Feixoo, escolástico. RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ	7
	O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André. Do europeísmo ó galeguismo, RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ	21
	Suma da lóxica. GUILLERME DE OCKHAM. Xosé Calviño Pueyo (trad.)	45
Cine	Filmografía galega. Longametraxes de ficción. Ángel Luís hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (Coords.)	32
	Filmografía galega. Curtametraxes. Ángel Luís hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (Coords.)	73
Outros	Guía de alimentación. PEDRO BENAVENTE JAREÑO	5
	Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos. VV. AA.	1
	Ramón Piñeiro (video-libro). CARLOS CASARES MOURIÑO	24
	Epistolario galego de Miguel de Unamuno. ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA	66
	Escolma. MANUEL MARTÍNEZ MURGUÍA. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)	60
	Eladio Rodríguez González. Escolma. Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)	67